



DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE A CORUÑA

Acta da sesión ORDINARIA celebrada pola Excma. CORPORACIÓN
PROVINCIAL o 26 de xuño de 2026



RELACIÓN DE ASUNTOS TRATADOS NO PLENO ORDINARIO CELEBRADO O 26 DE XUÑO DE 2026.

***Declaración institucional Día Internacional da Muller no Sector Marítimo**

***Declaración Institucional de adhesión á declaración da FEMP con motivo do día internacional do orgullo LGTBI (28 de xuño de 2026)**

Información e actividade corporativa

1. Aprobación da acta da sesión anterior, número 5/2026, do 29 de maio.
2. Dación de conta das Resolucións da Presidencia desde o 25 de maio ata o 14 de xuño de 2026.
3. Proposta da Presidencia ao Pleno do 26 de xuño de 2026 sobre o cambio de data das sesións ordinarias do oitavo e noveno mes do ano 2026.

Comisión de Cultura, Igualdade, Lingua e Dereitos Cívís

4. Aprobación da concesión dunha subvención nominativa ao Consorcio para a Promoción da Música para cofinanciar o Programa de actividades da Orquestra Sinfónica de Galicia no ano 2026

Comisión de Política Social, Educación e Mocidade

5. Aprobación da concesión de subvención nominativa á Cruz Roja Española para financiar a Adquisición dunha ambulancia asistencial para servizos de emerxencias sociosanitarias e do correspondente convenio de colaboración.

Comisión de Contratación, Patrimonio e Equipamentos

6. Aprobación do texto e da formalización do Convenio de Cooperación entre a Excelentísima Deputación Provincial da Coruña e o Concello das Somozas polo que se instrumenta unha subvención nominativa para cofinanciar as "obras de mellora da capa de rodaxe pista a San Esteban e Agra (As Somozas)".
7. Aprobación do texto e da formalización do Convenio de Cooperación entre a Excelentísima Deputación Provincial da Coruña e o Concello de Betanzos polo que se instrumenta unha subvención nominativa para cofinanciar as obras de mellora do parque infantil Pasatempo.
8. Aprobación do texto e da formalización do Convenio de Cooperación entre a Excelentísima Deputación Provincial da Coruña e o Concello de Boqueixón polo que se instrumenta unha subvención nominativa para cofinanciar a adquisición de equipamento de desbroce.
9. Aprobación do texto e da formalización do Convenio de Cooperación entre a Excelentísima Deputación Provincial da Coruña e o Concello de Brión polo que se



instrumenta unha subvención nominativa para cofinanciar as obras de remodelación do campo de fútbol "José Pumar" de Bastavales.

10. Aprobación do texto e da formalización do Convenio de Cooperación entre a Excelentísima Deputación Provincial da Coruña e o Concello de Dumbría polo que se instrumenta unha subvención nominativa para cofinanciar as obras "do proxecto da obra punto de atención á infancia en Berdeogas, Dumbría".

11. Aprobación do texto e da formalización do Convenio de Cooperación entre a Excelentísima Deputación Provincial da Coruña e o Concello de Paderne polo que se instrumenta unha subvención nominativa para cofinanciar as obras "de mellora da pavimentación da estrada Brión-Vigo, Paderne".

12. Aprobación do texto e da formalización do Convenio de Cooperación entre a Excelentísima Deputación Provincial da Coruña e o Concello de Muros polo que se instrumenta unha subvención nominativa para cofinanciar as obras de construción e mellora de parque infantil e zona deportiva en Esteiro e Louro, Muros.

13. Aprobación do texto e da formalización do Convenio de Cooperación entre a Excelentísima Deputación Provincial da Coruña e o Concello de Fisterra polo que se instrumenta unha subvención nominativa para cofinanciar as obras da "mellora da capa de rodadura (recta de Anchoa a Hermedesuxo), Fisterra".

14. Aprobación do texto e da formalización do Convenio de Cooperación entre a Excelentísima Deputación Provincial da Coruña e o Concello de Cerdido polo que se instrumenta unha subvención nominativa para cofinanciar adquisición dun tractor con rozadoira e máquina escavadora miniretro.

15. Aprobación do texto e da formalización do Convenio de Cooperación entre a Excelentísima Deputación Provincial da Coruña e o Concello de Carballo polo que se instrumenta unha subvención nominativa para cofinanciar as obras "de remodelación na praza de Vigo na vila de Carballo".

16. Aprobación do texto e da formalización do convenio de colaboración entre Augas de Galicia, a Deputación Provincial da Coruña e os concellos de Cee e Corcubión para a execución da actuación de saneamento "nova estación depuradora de augas residuais de Cee e Corcubión. Cee (A Coruña)", cofinanciada pola Unión Europea a través do Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional (FEDER), no marco do programa Galicia Feder 2021-2027.

Comisión de Plans Provinciais e Asistencia a Municipios

17. Aprobación do proxecto modificado do investimento denominado "Mellora do firme en Sardiñeiro", do Concello de Fisterra incluído Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) POS+2024 co código 2024.2000.0163.0

18. Aprobación do proxecto modificado do investimento denominado "Saneamento en Agueira Norte. Parroquia de Nebra", do Concello do Porto do Son incluído na segunda e derradeira fase do Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) POS+Adicional 2/2024 co código 2024.2102.0591.0, levantamento das condicións ás que quedou sometido e aprobación definitiva deste investimento



19. Aprobación do proxecto modificado do investimento denominado "Mellora de camiños rurais nos núcleos de Remesquide, A Goleta, Tribás, Cillobre, Grixó, A Muiña, Obra, Turces e Quintás ", do Concello de Touro incluído na segunda fase do Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) POS+Adicional 2/2025 co código 2025.2102.0726.0, levantamento das condicións ás que quedou sometido e aprobación definitiva deste investimento

20. Aprobación da aceptación da solicitude efectuada polo Concello de Ponteceso para a encomenda de xestión da selección de arquitectos/as e arquitectos/as técnicos/as interinos/as.

21. Aprobación do proxecto modificado do investimento denominado "Abastecemento Area Recreativa O Castro", do Concello de Cerdido incluído no Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) POS+2024 co código 2024.2000.0144.0, levantamento das condicións ás que quedou sometido e aprobación definitiva deste investimento

Comisión de Facenda, Especial de Contas, Recursos Humanos e Avance Dixital

22. Aprobación da toma de coñecemento da información do período medio de pago a provedores (PMP) e da relación detallada das facturas pagadas pola Deputación Provincial da Coruña e polo Consorcio Provincial Contra Incendios e Salvamento da Coruña, correspondente a maio de 2026.

23. Aprobación inicial do expediente de modificación de créditos 3/2026 de aprobación polo Pleno.

24. Dación de conta do informe de Intervención sobre a acción de fomento da Deputación Provincial da Coruña no período comprendido entre o 1 de xaneiro de 2012 e o 31 de decembro de 2025.

25. Aprobación da aceptación da delegación de competencias do Concello de Betanzos sobre a inspección do Imposto sobre construcións, instalacións e obras e da Taxa por licenza de obras ou urbanística.

26. Aprobación da aceptación da delegación de competencias do Concello de Dodro sobre a inspección do Imposto sobre construcións, instalacións e obras e da Taxa por licenza de obras ou urbanística.

27. Dación de conta da liquidación provisional da recadación do 1º trimestre de 2026 dos conceptos entregables ás entidades públicas usuarias dos servizos tributarios.

28. Dación de conta da liquidación provisional da recadación do 1º trimestre de 2026 dos conceptos non entregables ás entidades públicas usuarias dos servizos tributarios.

29. Aprobación dos estados demostrativos da xestión recadatoria dos recursos doutros entes públicos e dos recursos propios do exercicio 2025.

Comisión de Promoción Turística, Artesanía, Comercio e Cadea Agroalimentaria

30. Aprobación do convenio de cooperación entre a Deputación da Coruña e o Club de Leones La Coruña Torre de Hércules, polo que se instrumenta unha subvención nominativa para o cofinanciamiento do proxecto "O vello Camiño", no ano 2026



Comisión de Industria, Emprego, Política Demográfica e Medio Ambiente

31. Aprobación da formalización dun convenio administrativo de colaboración entre a Deputación Provincial da Coruña e a Agencia Estatal Consejo Superior Investigaciones Científicas (CSIC) para cofinanciar o proxecto "Conservación Ex Situ de Solos e Microbioma asociado a Especies incluídas no Catálogo Galego de Especies Ameazadas da provincia da Coruña".

32. Aprobación da formalización dun convenio administrativo de colaboración entre a Deputación Provincial da Coruña e a Asociación de empresarios, comerciantes e traballadores autónomos da Pobra do Caramiñal, para financiar o proxecto de "Recuperación e Equipamento do Local da Asociación de Empresarios, Comerciantes e Autónomos da Pobra do Caramiñal".

33. Aprobación da formalización dun convenio administrativo de colaboración entre a Deputación Provincial da Coruña e o Concello de Boiro para financiar o proxecto "Encontros no Viveiro-Experiencias BoViño", no marco da Rede Provincial de Coworking do Plan de Emprego Local (PEL), anualidade 2026.

Comisión de Infraestruturas Viarias e Obras Provinciais

34. Aprobación do proxecto de obra Reforzo de firme na DP 6121 Mera a Cariño, pq 5+370 a 8+400 (Cariño)

35. Aprobación do proxecto da obra Mellora de firme con mestura bituminosa en quente na DP 6202 Outes por Valadares á AC-400 pq 5+000 a 10+375 (OUTES)

36. Aprobación do proxecto da obra Modificado nº 1 Actualización DP 3612 Aneiros a Cabana. 3ª Fase (Ferrol). Actualización do proxecto de construción de travesía

ACTUACIÓN DE CONTROL:

MOCIÓNS

Moción do Grupo Popular, para instar ao goberno de España a convocar Eleccións Xerais

ROGOS E PREGUNTAS



Acta da sesión ordinaria celebrada pola Excma. CORPORACIÓN PROVINCIAL o 26 de xuño de 2026.

No salón de sesións do Pazo provincial da Coruña, o día 26 de xuño de 2026, reúnese a Excma. Corporación provincial para celebrar sesión ordinaria.

Preside: Valentín González Formoso, presidente da Corporación Provincial

Deputados/as

Asistentes:

Dona Sol Agra Tuñas	BNG
Don José Ramón Amado De La Fuente	PP
Don Evaristo Ben Otero	PP
Don José Manuel Caamaño López	PP
Don José Carlos Calvelo Martínez	PP
Dona Cristina Capelán Cancelo	PSOE
Don Juan Domingo de Deus Fonticoba	PP
Don Bernardo Fernández Piñeiro	PSOE
Dona Izaskun García Gorostizu	PP
Dona Rosa Ana García López	PSOE
Don Juan Carlos García Pose	PP
Dona Cristina García Rey	BNG
Don Ángel García Seoane	AVV
Dona María Del Mar García Vidal	PSOE
Dona Natividad De Jesús González Rodríguez	BNG
Don José Manuel Lage Tuñas	PSOE
Don Antonio Leira Piñeiro	PSOE
Don Miguel Lorenzo Torres	PP
Dona Eudoxia María Neira Fernández	PSOE
Don Xosé Luis Penas Corral	BNG
Don Eduardo Antonio Pereiro Liñares	PP
Dona Diana Piñeiro Fernández	PP
Don Xosé Regueira Varela	BNG
Don José Ramón Rioboo Castro	PSOE
Don Ovidio Rodeiro Tato	PP
Dona Mónica Rodríguez Ordóñez	PSOE
Dona Susana María Sanjurjo Fraga	PP
Don Rubén Suárez Carballo	PP
Dona Yolanda Valiño Pena	PP
Dona Avia Veira González	BNG

Actúa como secretario: Miguel Iglesias Martínez, secretario xeral da Deputación Provincial da Coruña.

Está presente o interventor xeral, don José Manuel Pardellas Rivera.

Aberto o acto ás 12:08 horas, tratáronse os seguintes asuntos:



Sr. Presidente

Moi bo día. Benvidos a esta sesión ordinaria de Pleno. Antes de entrar na orde do día, temos dúas declaracións institucionais: a primeira, sobre o Día Internacional da Muller no Sector Marítimo.

Sr. Secretario

Bos días.

Declaración institucional Día Internacional da Muller no Sector Marítimo

O pasado 18 de maio celebrouse o **Día Internacional da Muller no Sector Marítimo**; unha data proclamada pola Organización Marítima Internacional en 2021 e celebrada oficialmente dende 2022. O seu obxectivo é recoñecer o papel fundamental das mulleres en tódolos ámbitos vencellados ao mar e promover a súa participación plena nun sector estratéxico para España.

No noso país e, especialmente en Galicia, as mulleres foron historicamente pouco visibilizadas, a pesar de constituír un pilar esencial da cadea mar-industria.

Mariscadoras, pescadoras, redeiras, traballadoras da industria transformadora, comercializadoras, técnicas, científicas, docentes, xestoras, emprendedoras e profesionais da economía azul contribúen cada día ao sostemento económico, social, cultural e territorial das comunidades vencelladas ao mar.

A provincia da Coruña conta cunha forte tradición marítimo-pesqueira e cunha ampla presenza de mulleres en toda a cadea de valor do mar. O seu traballo resulta esencial para a actividade do sector, para o mantemento do emprego, para a transmisión dos oficios tradicionais e para o futuro dos municipios costeiros.

O pasado luns, 18 de maio, conmemorouse o **Día Internacional da Muller no Sector Marítimo**. Sen embargo, dende ANMUPESCA e outras entidades entenden que esta data non debe limitarse a unha xornada puntual, senón que debe traducirse en compromisos reais durante todo o ano. Traballan os 365 días do ano pola visibilización, o recoñecemento e a defensa das mulleres do sector pesqueiro e marítimo.

Por isto, aínda que a data conmemorativa xa pasara, consideramos que agora comeza o traballo institucional necesario para que o vindeiro **18 de maio** sexa cada vez máis unha xornada de recoñecemento e celebración, e menos unha data de reivindicación de dereitos, presenza e visibilidade aínda pendentes.

A institucionalización desta data e a adopción de medidas concretas permitirán reforzar a igualdade, mellorar a gobernanza do sector e recoñecer a aporta económica, social e territorial das mulleres na mar.

As entidades vinculadas ao mar consideran necesario que a Deputación Provincial da Coruña reforce o seu compromiso coas mulleres do sector marítimo-pesqueiro e contribúa, dentro do seu ámbito competencial, a impulsar políticas públicas de visibilización, participación, apoio e adaptación do sector aos novos retos sociais, económicos e ambientais.

Polo isto, as deputadas e deputados da corporación declaramos

**Primeiro.**

Recoñecer oficialmente o 18 de maio como Día Internacional da Muller no Sector Marítimo, incorporándoo ao calendario institucional da Deputación da Coruña e promovendo a súa celebración anual mediante actos públicos, campañas de visibilidade e actividades educativas, culturais e de sensibilización.

Segundo.

Manifestar o compromiso da Deputación da Coruña coa igualdade real e efectiva no sector marítimo-pesqueiro, apoiando a participación plena das mulleres en tódolos ámbitos da cadea mar-industria.

Terceiro.

Establecer liñas de colaboración con ANMUPESCA e outras organizacións representativas das mulleres do mar, para impulsar accións de formación, profesionalización, liderado, saúde laboral, emprendemento, relevo xeracional e participación institucional.

Cuarto.

Impulsar a visibilización pública dos oficios desempeñados por mulleres, especialmente aqueles historicamente menos recoñecidos, como o marisqueo, a pesca artesanal, o traballo das redeiras, o traballo nas lonxas, a transformación, a comercialización e outras actividades vencelladas ao mar.

Quinto.

Promover estudos, diagnósticos e estatísticas desagregadas por sexo que permitan coñecer a realidade laboral, económica e social das mulleres do sector marítimo-pesqueiro e deseñar políticas públicas baseadas en datos e na realidade do territorio.

Sexto.

Fomentar a presenza e participación de mulleres en órganos de decisión, consellos sectoriais, confrarías, federacións, mesas de traballo e espazos de gobernanza vinculados á mar.

Sétimo.

Trasladar esta declaración institucional á Organización Marítima Internacional, á Xunta de Galicia, ás confrarías de pescadores da provincia da Coruña, ás federacións do sector, ás entidades representativas da cadea mar-industria e ás organizacións de mulleres do mar, para o seu coñecemento e colaboración.

Sr. Presidente

Moi ben. Hai unha segunda declaración institucional de adhesión á declaración da FEMP con motivo do Día Internacional do Orgullo

Sr. Secretario**Declaración Institucional de adhesión á declaración da FEMP con motivo do día internacional do orgullo LGTBI (28 de xuño de 2026)**

O pleno da Deputación da Coruña manifesta a súa adhesión á Declaración institucional promovida pola FEMP con motivo do Día internacional do Orgullo LGTBI, que se conmemora o vindeiro 28 de xuño, cuxo texto se reproduce a continuación:



“Como cada 28 de xuño, as entidades locais súmanse á conmemoración do Día internacional do Orgullo LGTBI. Esta data recorda a importancia de seguir defendendo a igualdade real e efectiva das persoas LGTBI e de fortalecer unha convivencia democrática baseada no respecto, na liberdade e na dignidade.

Con motivo desta conmemoración, as entidades locais subliñan o seu firme compromiso coa promoción dos dereitos de todas as persoas, coa creación de espazos seguros e coa prevención de calquera forma de discriminación. Os nosos pobos e cidades deben ser lugares nos que cada persoa poida desenvolver libremente o seu proxecto de vida.

Neste día, recoñecemos os avances alcanzados e reafirmamos o compromiso local para seguir traballando por unha sociedade máis xusta e igualitaria. A Federación Española de Municipios e Provincias (FEMP) reafirma, un ano máis, o seu compromiso cos valores de igualdade, respecto, liberdade e dignidade.

As entidades locais desempeñan un papel fundamental na promoción de contornas seguras e respectuosas, nas que se valora a diversidade. Seguiremos impulsando políticas públicas que fomenten a igualdade de trato e a protección dos dereitos humanos. Tamén resulta necesario seguir fortalecendo o papel das organizacións da sociedade civil, incluídas as entidades LGTBI, na elaboración de políticas públicas.

A pesar dos avances logrados, aínda persisten situacións de desigualdade e violencia que debemos abordar desde o respecto ao marco constitucional e aos principios de igualdade e liberdade.

Para acadalo, consideramos necesario:

- Desenvolver campañas educativas e de sensibilización que promovan a igualdade real e efectiva, a convivencia e o respecto á diversidade.
- Crear protocolos de atención ás vítimas de agresións motivadas pola intolerancia ou pola discriminación.
- Formar o persoal municipal en materia de diversidade sexual e de xénero.
- Poñer freo aos discursos de odio contra o colectivo LGTBI que en calquera ámbito lexitiman e fomentan a discriminación e as agresións.

A FEMP expresa o seu apoio ás políticas públicas que promovan a igualdade de oportunidades e o respecto mutuo. A educación, a sensibilización, o diálogo e a actuación coordinada das institucións son ferramentas clave para fortalecer a cohesión social e promover o rexeitamento a calquera manifestación de odio, intolerancia ou violencia.

O estado español avanzou de forma significativa en dereitos e liberdades grazas ao consenso democrático. A defensa dos dereitos das persoas LGTBI non responde a unha cuestión ideolóxica, senón ao compromiso democrático cos dereitos humanos e coa igualdade. Por iso, invitamos a todos os gobernos locais a unirse a esta conmemoración, que, tamén é un recoñecemento a quen, desde o activismo e os movementos sociais, loitaron durante décadas fronte á persecución, o silencio e a discriminación.

A dignidade, a liberdade e a igualdade deben seguir sendo principios fundamentais na construción de municipios e provincias máis xustos, libres e respectuosos”.



Sr. Presidente

Grazas.

Pasamos á orde do día. Primeiro punto?

Sr. Secretario

1.- Aprobación da acta da sesión anterior, número 5/2026, do 29 de maio.

VOTACIÓN

Votan a favor: 31 deputados/as (14 do PP, 10 do PSOE, 6 do BNG e 1 de Alternativa dos Veciños).

Votan en contra: ningún/ha deputado/a

Abstéñense: ningún/ha deputado/a

ACORDO

Apróbase por unanimidade a acta da sesión anterior, número 5/2026, do 29 de maio.

2.- Dación de conta das Resolucións da Presidencia desde o 25 de maio ata o 14 de xuño de 2026.

Dáse conta das Resolucións da Presidencia desde o 25 de maio ata o 14 de xuño de 2026.

3.- Proposta da Presidencia ao Pleno do 26 de xuño de 2026 sobre o cambio de data das sesións ordinarias do oitavo e noveno mes do ano 2026.

VOTACIÓN

Votan a favor: 31 deputados/as (14 do PP, 10 do PSOE, 6 do BNG e 1 de Alternativa dos Veciños).

Votan en contra: ningún/ha deputado/a

Abstéñense: ningún/ha deputado/a

ACORDO

O Pleno, por unanimidade, acorda:

“Don Valentín González Formoso, Presidente da Deputación Provincial da Coruña,

Visto que o artigo 46.2 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases de Réxime Local (LBRL) ordena que o Pleno das Deputacións Provinciais celebre sesión ordinaria como mínimo cada mes e que, por outra banda, o artigo 35 do Regulamento orgánico da Deputación Provincial da Coruña (RODC), concordante co artigo 58 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das entidades locais, aprobado polo Real decreto 2568/1986, do 28 de novembro (ROF), atribúe ao Pleno a decisión sobre o réxime de sesións da Corporación Provincial.



Tendo en conta que o mes de agosto coincide coas vacacións da maioría das/os Deputadas/os e persoal funcionario e que esta circunstancia non permite unha adecuada preparación dos asuntos que se terían que someter ao Pleno na data prefixada do día 28 de agosto, aconséllase atrasar esa data e, por extensión, a data da sesión plenaria correspondente ao noveno mes do ano 2026.

Polo tanto, como excepción singular do réxime ordinario establecido en sesión do 27 de xullo de 2023

PROPÓN AO PLENO a adopción do seguinte acordo:

"1. Trasladar a sesión ordinaria do Pleno da Deputación Provincial correspondente ao oitavo mes de 2026 ao día 18 de setembro, venres, a partir das doce horas.

2. Trasladar a sesión ordinaria do Pleno da Deputación Provincial correspondente ao noveno mes de 2026 ao día 2 de outubro, venres, a partir das doce horas."

4.- Aprobación da concesión dunha subvención nominativa ao Consorcio para a Promoción da Música para cofinanciar o Programa de actividades da Orquestra Sinfónica de Galicia no ano 2026

VOTACIÓN

Votan a favor: 31 deputados/as (14 do PP, 10 do PSOE, 6 do BNG e 1 de Alternativa dos Veciños).

Votan en contra: ningún/ha deputado/a

Abstéñense: ningún/ha deputado/a

ACORDO

O Pleno, por unanimidade, acorda:

"Logo de ver os informes e demais antecedentes no expediente número 2026000016200 sobre a proposta de formalización dun convenio de colaboración entre a Deputación Provincial da Coruña o Consorcio para a Promoción da Música da Coruña polo que se instrumenta unha subvención nominativa para cofinanciar o "Programa de actividades da Orquestra Sinfónica de Galicia no ano 2026", propónse, ao Pleno da Corporación, a adopción do seguinte acordo previo ditame da Comisión Informativa de Cultura, Igualdade, Lingua e Dereitos Cívís:

Primeiro.- Exceptuar para o presente convenio os principios de concorrencia, publicidade, igualdade e non discriminación na tramitación do presente expediente, dada a existencia de causas excepcionais que xustifican a concesión dunha subvención nominativa, por existir razóns suficientes de interese público, social, económico ou humanitario. Estes principios atópanse recollido nos artigos 22.2 da Lei xeral de subvencións e 65 a 67 do seu regulamento.

Segundo.- Aprobado a concesión dunha subvención nominativa al Consorcio para a Promoción da Música da Coruña, por importe de 1.560.000,00 €, concedida para cofinanciar o Programa de actividades da Orquestra Sinfónica de Galicia no ano 2026, cun

**RPT-6654235



orçamento subvencionado de 2.297.850,00 €, de acordo co texto do convenio que se achega.

Terceiro.- Imputar o gasto á aplicación orzamentaria 0612/3343/46701 do vixente orzamento xeral.

Cuarto.- Aprobar o texto do convenio que se recolle a continuación.

Quinto.- Publicar a concesión da subvención directa na BDNS e notificar ao interesado.

“Convenio de colaboración entre a Deputación Provincial da Coruña e Consorcio para a Promoción da Música polo que se instrumenta unha subvención nominativa para cofinanciar o *Programa de actividades da Orquesta Sinfónica de Galicia no ano 2026*.

Ante min, _____, Secretario Xeral da Deputación Provincial da Coruña, como fedatario actuante

Na Coruña, a

REUNIDOS

Don/a ----- en representación da Deputación Provincial da Coruña.

Don/a -----en representación do Consorcio para a Promoción da Música.

EXPOÑEN

1.- Que o Concello da Coruña, en sesión plenaria celebrada o día 19 de abril de 1991, aprobou a constitución do organismo denominado “Consortio para a Promoción da Música” que ten por obxecto a difusión da música e a promoción de toda clase de actividades musicais.

2.- Que o Consorcio para a Promoción da Música ten por obxecto, entre outros, a promoción da cultura a través da música, o aumento do número de sectores cidadáns que teñen acceso á música de calidade e a mellora do ensino musical e a formación das novas xeracións para a interpretación, o coñecemento e o acceso a esta modalidade artística nas súas distintas manifestacións.

3.- Que, para conseguir estes fins o Consorcio xestiona a Orquesta Sinfónica de Galicia, a Orquesta Nova, e dúas orquestras infantís: Orquesta Infantil Arcos e Orquesta Infantil Pizzicatos e tres coros: o Coro da OSG, o Coro Novo da OSG e o Coro Infantil da OSG cuxa sede está na cidade da Coruña.

Desenvolve un programa educativo de concertos didácticos que todos os anos chega a miles de escolares da provincia, desde educación infantil a bacharelato de toda a provincia.

4.- Que está a traballarse na ampliación das actividades fóra da cidade da Coruña. Ademais, seguirase traballando con concellos como Santiago de Compostela, Ferrol,

**RPT-6654235



Sobrado dos Monxes ou Ortigueira para organizar concertos en función da dispoñibilidade de espazos e auditorios.

5.- Que, de conformidade co art. 118.d) da Lei 5/1997, 22 de xullo, de Administración local de Galicia, é competencia das deputacións provinciais, entre outras, a organización de actividades que teñan por finalidade o fomento en materia de cultura.

6.- Que, en exercicio destas competencias, a Deputación da Coruña recoñece a labor cultural que ven desempeñando o Consorcio para a Promoción da Música e considera de interese as actividades que desenvolve e, en tal sentido, no Orzamento correspondente ao presente exercicio figura unha subvención nominativa destinada a financiar o programa de actividades da Orquesta Sinfónica de Galicia no ano 2025.

7.- Que, co obxecto de facer efectiva a súa colaboración, ambas institucións acordan suscribir o presente convenio, con arreglo ás seguintes

CLÁUSULAS

I.- Obxecto.

O presente convenio de colaboración ten por obxecto a fixación das bases de outorgamento dunha subvención nominativa por esta Deputación a prol do **Consorcio para a Promoción da Música**, con NIF: P6503001G, fixando as condicións que se impoñen por esta administración concedente e os compromisos asumidos pola entidade beneficiaria para o financiamento parcial do **Programa de actividades da Orquesta Sinfónica de Galicia no ano 2026**, que se indica deseguido:

As actividades obxecto da subvención que organizará o Consorcio para a Promoción da Música entre o 1 de xaneiro e o 31 de outubro de 2026, son as seguintes:

Actividades OSG xaneiro-outubro 2026

1. Actividades da OSG tempada e na provincia da Coruña

Concertos na Coruña:

18 concertos do abono venres: 16 e 23 de xaneiro, 6, 13 e 20 de febreiro, 6 e 13 de marzo, 1, 8, 15, 22 e 29 de maio, 5 e 12 de xuño, 25 de setembro, 1, 9 e 29 de outubro. 12 concertos do abono sábado: 10 e 24 de xaneiro, 14 de febreiro, 28 de marzo, 9, 23 e 30 de maio, 13 de xuño, 26 de setembro, 2, 10 e 30 de outubro.

Concertos extraordinarios na Coruña:

- 11 xaneiro Final Concurso Gaos no Coliseum.
- 27 de febreiro Tributo a John Williams.
- 5 de marzo Festival Música MúsiKa.
- 26 de xuño Eclipse total.
- 22 de agosto María Pita.
- 28 e 29 de agosto Música disco.
- 4 e 5 de setembro.

Concertos en Ferrol: 5 e 19 de febreiro, 30 de abril, 4 de xuño.



Concertos en Santiago de Compostela: 15 de xaneiro.

Concertos noutras cidades da provincia: 19 de xuño Mosteiro de Sobrado dos Monxes e 20 de xuño Auditorio de Vilagarcía de Arousa, e outros a determinar.

Orzamento: 1.882.250,00 EUR

2. Actividades da Orquestra Nova e da Orquestra de Nenos na provincia da Coruña

Actividades da Orquestra Nova: primeiro encontro do 6 ao 10 de xaneiro (concerto na Coruña 10 de xaneiro), segundo encontro do 28 de marzo ao 5 de abril (concerto na Coruña 5 de abril), datas do terceiro encontro en agosto a determinar.

Actividades da Orquestra de Nenos: 21 de marzo (Ortigueira), 28 de marzo (A Coruña), outras datas e cidades a determinar.

Orzamento: 175.900 EUR

3. Actividades dos Coros da OSG na provincia da Coruña

Coro infantil, Coro Novo da OSG, Orquesta Sinfónica de Galicia, Orchestra Nova, Coro Gaos e 500 nenos de escolas da provincia- 11 de xaneiro Concerto "Chorus" no Coliseum, 28 a 30 de xaneiro programa didáctico "A Viaxe de Walt" no Palacio da Ópera, 31 de marzo no Teatro Colón, 5 abril Palacio da Ópera, 8 de maio en Fonseca, 21 xuño Palacio da Ópera, outros concertos a determinar.

Coro novo-11 de xaneiro Concerto "Chorus" no Coliseum, 28 a 30 de xaneiro programa didáctico "A Viaxe de Walt" no Palacio da Ópera, 20, 23 a 27 marzo programa didáctico "Lúa", 31 de marzo no Teatro Colón, 8 de maio en Fonseca, 21 xuño Palacio da Ópera, outros concertos a determinar.

Coro da OSG- 23 e 24 de xaneiro no Palacio da Ópera (Conc. Abono), 19 de abril no Teatro Rosalía de Castro coa Banda Municipal de Música, 5 de abril no Palacio da Ópera, 19 e 20 de xuño no Palacio da Ópera, outros concertos a determinar.

Orzamento: 86.700 EUR

4. Proxecto didáctico

50 actividades entre sesións escolares, concertos en familia e concertos extraordinarios, ensaios xerais da OSG abertos a secundaria, oferta de prazas para colexios da provincia da Coruña (do 28 ao 30 xaneiro "A Viaxe de Walt", do 19 ao 23 e do 26 ao 31 de xaneiro "As Cores das Cordas", do 20 ao 27 de marzo "Lúa", ensaios xerais do 05.02, 13.02, 19.02, 13.03 e 30.04, outras actividades e datas a determinar).

Orzamento: 93.000 EUR

5. Promoción da música galega

Inclusión de obras de compositores galegos na programación da OSG, a súa proxección en xiras nacionais e internacionais, a posta en marcha da figura de compositor residente, o impulso a novos talentos a través de programas como o Premio Gaos, a creación

**RPT-6654235



dunha colección discográfica dedicada ao patrimonio musical galego e a organización de concertos sinfónicos con artistas galegos en grandes espazos, co obxectivo de achegar este repertorio ao conxunto da sociedade e reforzar a identidade cultural de Galicia.

Orzamento: 60.000 EUR

II.- Orzamento de gastos da actividade a realizar polo Consorcio para a Promoción da Música.

O Consorcio para a Promoción da Música desenvolverá as actividades programadas, segundo se definen na cláusula anterior, consonte ao seguinte orzamento:

Soldos e salarios: refuerzos, solistas e directores, músicos...	971.151,28
Seguridade Social	315.260,42
Aluguer palacio, escenarios, instrumentos, partituras, autobuses, taxis, dereitos de autor	393.100,00
Reparación e mantemento instrumentos, afinación pianos	1.000,00
Material oficina, programas man, publicidade, transporte instrumentos, hoteis, estudos e traballos técnicos -solistas e directores, gravacións vídeos, cintas e fotografías, iluminación e son, cargas e descargas	617.338,30
Total orzamento	2.297.850,00 €

III.- Financiamento provincial e outros ingresos que se obteñan ou aporten para a mesma finalidade.

1.- A Deputación Provincial da Coruña contribuirá ao financiamento da actividade, tal como se define na cláusula primeira, cunha achega máxima de **1.560.000 €**, o que representa unha porcentaxe do 67,88955 %.

A cantidade restante, ata alcanzar o importe total do orzamento da actividade, está financiada con cargo a recursos propios ou alleos, acreditando a entidade beneficiaria que ten consignado o crédito axeitado e suficiente para imputar a totalidade do gasto correspondente á entidade.

No caso de que a gasto xustificado non acadase o importe total previsto na cláusula segunda, a Deputación só achegará o importe que represente o 67,88955 % da cantidade efectivamente xustificada.

2.- Agora ben, se a cantidade xustificada resulta inferior ao 75 % do orzamento previsto na cláusula segunda, entenderase que a finalidade básica da subvención non foi cumprida e perderase o dereito ao seu cobro.

3.- O importe do financiamento provincial farase efectivo con cargo á aplicación orzamentaria 0612/3343/46701, na que a Intervención provincial ten certificado que existe crédito dabondo sobre a que se ten contabilizada a correspondente retención de crédito.

4.- A subvención da Deputación é compatible coa percepción doutras subvencións ou axudas, públicas ou privadas, que o Consorcio para a Promoción da Música obteña para

**RPT-6654235



a mesma finalidade, sempre que o seu importe, xuntamente co da subvención provincial, non supere en ningún caso o importe total do gasto efectivamente xustificado.

5.- No caso de que a concorrencia de axudas ou subvencións supere o importe do gasto efectivamente xusticado, minorarase a aportación provincial no importe necesario para darlle estrito cumprimento ao apartado anterior.

IV.- Contratación da execución.

1.- O outorgamento dos contratos de servizos, asistencia ou subministrados necesarios para a execución da actividade corresponderalle ao Consorcio para a Promoción da Música.

Non se poderá contratar a realización de prestacións con persoas ou entidades vinculadas ao Consorcio para a Promoción da Música, nin con calquera outra na que conorra algunha das circunstancias ás que se refire o artigo 29.7 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións.

2.- A contratación cos terceiros para a execución dos servizos, asistencias ou subministracións necesarios realizarase con suxeición ás normas de contratación do sector público, utilizando para tal fin os pregos de condicións tipo da Deputación Provincial para os procedementos abertos e garantindo, en todo caso, os principios de publicidade, concorrencia, igualdade e non discriminación. Procederá a utilización dos criterios e do prego provincial do procedemento negociado cando razóns de carácter científico, literario ou artístico dificulten ou impidan promover a concorrencia.

V.- Publicidade do financiamento provincial.

1.- Na publicidade pola que se dean a coñecer o *Programa de actividades da Orquesta Sinfónica de Galicia no ano 2026*, por medios escritos, radiofónicos, audiovisuais ou internet, deberase facer constar sempre o financiamento da Deputación Provincial da Coruña.

2.- Coa memoria e conta xustificativa achegaranse os documentos que acrediten o cumprimento desta obriga do Consorcio para a Promoción da Música.

VI.- A xustificación necesaria para recibir a achega provincial.

1.- A achega da Deputación seralle abonada ao Consorcio para a Promoción da Música do seguinte xeito:

Primeiro prazo, por importe do 50% da subvención, co carácter de anticipo prepagable a xustificar, unha vez asinado o convenio logo que se presente de xeito telemático, a través da plataforma subtel, a seguinte documentación:

* **Contas anuais** completas da entidade correspondentes ao exercicio 2024.

* **Orzamento da entidade para o Exercicio 2026**, plan de actuación ou o documento equivalente que corresponda, de acordo coas normas que resulten de xeral aplicación,

**RPT-6654235



segundo a natureza xurídica da entidade.

* **Certificacións** acreditativas dos acordos **da aprobación** dos documentos sinalados.

Segundo prazo, por importe do 50% da subvención ou, no seu caso, a cantidade pendente de pago, segundo o importe dos gastos xustificativos, logo que se presente de xeito telemático, a través da plataforma subtel, a seguinte documentación:

* **Memoria** de actuación, suscrita polo Xerente do Consorcio, xustificativa do cumprimento das condicións impostas neste convenio, coa indicación das actividades realizadas e dos resultados obtidos.

* **Relación** clasificada dos gastos realizados (con IVE e sen IVE), no que se indiquen os acredores co seu NIF, os documentos xustificativos, os importes e, no seu caso, datas de pago; tamén se indicarán as desviacións con respecto ao orzamento detallado na cláusula segunda.

* **Certificación** da aprobación das facturas e demais documentos xustificativos polo órgano competente.

Os gastos e as correspondentes facturas referiránse exclusivamente ás actividades realizadas durante o ano 2026.

* **Relación** detallada das subvencións ou axudas obtidas doutras administracións públicas ou entidades privadas para o mesmo obxecto ou, pola contra, declaración de non telas.

* **Acreditación** do cumprimento das obrigas tributarias e coa Seguridade Social, segundo o previsto na cláusula oitava.

* **Acreditación** do cumprimento da obriga de facer constar a colaboración da Deputación en toda a información (impresa, informática ou audiovisual) que se teña feito das actividades subvencionadas, establecida na cláusula quinta.

* **Acreditación** do pago efectivo aos terceiros do importe recibido como primeiro prazo prepagable.

2.- No prazo dun mes dende a recepción do segundo prazo, deberá acreditar o pago efectivo aos terceiros.

VII.- Termo para a realización da actividade e prazo de xustificación.

1.- As actividades que son obxecto de financiamento provincial, tal como están descritas na cláusula primeira realizaranse entre o **1 de xaneiro e o 31 de decembro de 2026**.

2.- Unha vez rematadas as actividades, o Consorcio para a Promoción da Música deberá presentar a xustificación documental á que se refire a cláusula sexta antes do **31 de marzo de 2027**.

3.- De conformidade co disposto no artigo 70.3 do Regulamento da Lei de subvencións (Real decreto 887/2006, do 21 de xullo), transcorrido este derradeiro prazo sen que se



teña recibido xustificación ningunha, a Unidade xestora remitiralle un requerimento ao Consorcio para a Promoción da Música para que a presente no prazo improrrogable de **quinze días**.

A falla de xustificación da subvención neste prazo excepcional conlevará a perda da subvención e demais responsabilidades previstas neste convenio e na lexislación aplicable ao respecto. Aínda así, a presentación da xustificación neste prazo adicional non eximirá ao Consorcio para a Promoción da Música da sanción que, de conformidade co disposto na Lei de subvencións e na ordenanza provincial de desenvolvemento que resulte aplicable lle poida corresponder.

4.- O abono da subvención materializarase mediante ingreso na conta da entidade financeira indicada polo Consorcio para a Promoción da Música.

VIII.- Acreditación do cumprimento das obrigas tributarias e coa Seguridade Social.

1.- O Consorcio para a Promoción da Música deberá acreditar, con carácter previo á sinatura deste convenio e logo, con carácter previo ao pago da subvención, que se atopa ao día no cumprimento das obrigas tributarias coa Administración do Estado, coa Comunidade Autónoma e coa Seguridade Social; e, para tal fin poderá autorizar á Deputación a que obteña telemáticamente os correspondentes certificados.

2.- A acreditación do cumprimento das obrigas tributarias coa Deputación Provincial determinarse de oficio por ésta.

IX.- Destino e manexo dos fondos recibidos.

1.- O Consorcio para a Promoción da Música destinará os fondos recibidos ao pagamento dos xustificantes de gasto presentados.

2.- Co fin de garantir un axeitado control da aplicación dos fondos, o pagamento deberá quedar acreditado documentalmente mediante a utilización de transferencia bancaria, tarxeta de débito ou crédito, cheque nominativo ou calquera outro medio que deixe constancia da data de pago e da identidade do perceptor; só excepcionalmente poderá realizarse o pago en metálico para gastos de ata 150 €, nos que non resulte posible a utilización dun dos medios anteriormente indicados.

3.- Sen prexuízo dos libros e rexistros contables que as normas xerais ou sectoriais lle poidan impor, o Consorcio para a Promoción da Música deberá contar alomenos cun rexistro cronolóxico de cobros e pagamentos no que se inclúan, entre outros, os relativos aos gastos xustificadas e aos ingresos declarados con respecto a esta subvención.

X.- Control financeiro da Deputación e dos órganos de control externo.

1.- Consonte ao disposto nos artigos 44 e seguintes da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións, e nos artigos 41 e seguintes da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia, o Consorcio para a Promoción da Música poderá ser escolleito pola Intervención provincial para a realización dun control financeiro sobre a subvención pagada, co fin de acreditar a efectiva aplicación dos fondos á finalidade para a que foron



concedidos, o correcto financiamento da actividade e o cumprimento de tódalas demais obrigas formais e materiais que lle impón o presente convenio de colaboración.

2.- Asemade, de acordo co previsto na lei 6/1985, de 24 de xuño, do Consello de Contas de Galicia, o Consorcio para a Promoción da Música queda sometido aos procedementos de fiscalización que leven a cabo o Consello de Contas de Galicia ou, no seu caso, segundo o previsto na Lei orgánica 2/1982, de 12 de maio, aos procedementos de enxuciamiento contable que poida incoar o Tribunal de Contas, e a calquera outro órgano de control, nacional ou europeo.

XI.- Reintegro, infraccións e sancións.

1.- O incumprimento dalgunha das cláusulas previstas no presente convenio de colaboración poderá implicar a obriga de reintegro parcial ou total dos fondos recibidos, así como ao pago dos xuros de demora que se perciban dende o día no que se realizou o pagamento ata o momento no que se acorde a procedencia do reintegro. O procedemento de reintegro iniciárase de oficio na súa tramitación seguirase o disposto nos artigos 41 e seguintes da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de subvencións e nos artigos 91 e seguintes do seu Regulamento (R.D. 887/2006, do 21 de xullo), dándolle en todo caso audiencia ao interesado.

2.- Sen prexuízo do anterior, o dito incumprimento tamén poderá ser constitutivo dalgunha das infraccións tipificadas na Lei 38/2003, de 17 de novembro, ou na Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia, séndolle de aplicación o cadro de sancións previstos nas normas citadas e na ordenanza provincial de desenvolvemento que resulte aplicable.

3.- Para os supostos de retraso na realización das actividades ou retraso na presentación da xustificación se estará ao disposto na ordenanza provincial de desenvolvemento que resulte aplicable.

XII.- Incorporación ao rexistro público de subvencións e publicación da subvención concedida.

1.- No cumprimento do disposto no artigo 20.1 da Lei 38/2003, xeral de subvencións, e demais normativa de desenvolvemento, os datos da subvención concedida e a identificación do Consorcio para a Promoción da Música serán remitidos á Intervención xeral do Estado, para que sexan incorporados á Base de Datos Nacional de Subvencións, coa exclusiva finalidade prevista no dito precepto e co debido respecto á protección dos datos de carácter persoal, segundo o previsto na Lei orgánica 3/2018, de 5 de decembro, de protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais.

2.- Asemade, no cumprimento do disposto no artigo 16.3 da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia, a Deputación remitiralle a mesma información á Consellería de Economía y Facenda, co fin de que a incorpore ao rexistro público de axudas, subvencións e convenios da Comunidade Autónoma de Galicia.

3.- Segundo o previsto no artigo 18 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións, a concesión da subvención ao Consorcio para a Promoción da Música será publicada no Boletín Oficial da Provincia da Coruña e na páxina web dacoruna.gal.



4.- Un exemplar deste convenio, debidamente asinado, será incorporado ao rexistro de convenios que depende do Servizo de Patrimonio e Contratación da Deputación.

XIII- Vixencia do convenio, prórroga ou modificación.

1.- O prazo de vixencia do presente convenio finalizará o **31 de maio de 2027** e terá efectos retroactivos, polo que as actividades contempladas nel poderán terse realizado dende o 1 de xaneiro de 2026.

Esta vixencia queda subordinada á existencia do crédito adecuado e suficiente que para o Exercicio de 2027, autorice o correspondente Orzamento.

2.- Previa solicitude do Consorcio para a Promoción da Música, realizada alomenos un mes antes da fin da vixencia do convenio, o convenio poderá ser prorrogado por acordo expreso de ambas as dúas partes e previos os informes preceptivos da Unidade xestora, do Servizo de Patrimonio e Contratación, da Secretaría e da Intervención da Deputación.

3.- Tamén por acordo expreso de ambas as dúas partes e por causa debidamente xustificada, e previos os mesmos informes indicados no apartado anterior, o convenio poderá ser obxecto de modificación.

XIV.- Natureza, interpretación, modificación e xurisdicción competente.

1.- O presente convenio ten natureza administrativa e para resolver as dúbidas que xurdan na interpretación das súas cláusulas aplicaranse as disposicións contidas na Lei 38/2003, de 18 de novembro, xeral de subvencións, e na Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia; supletoriamente aplicarase a lexislación de contratos do sector público.

2.- Para o seguimento coordinado da execución do presente convenio poderase crear unha comisión de seguimento formada por dúas persoas representantes de cada unha das institucións.

3.- Corresponderalle aos órganos da xurisdicción contencioso-administrativa, segundo a distribución de competencias prevista na Lei 29/1998, de 13 de xullo, reguladora de dita xurisdicción, o coñecemento das cuestións litixiosas que poidan xurdir como consecuencia do presente convenio.

Faise constar que o presente convenio foi aprobado por ---

E en proba de conformidade asinan por cuadruplicado exemplar o presente convenio no lugar e data indicados no encabezamento.””

5.- Aprobación da concesión de subvención nominativa á Cruz Roja Española para financiar a Adquisición dunha ambulancia asistencial para servizos de emerxencias sociosanitarias e do correspondente convenio de colaboración.



VOTACIÓN

Votan a favor: 31 deputados/as (14 do PP, 10 do PSOE, 6 do BNG e 1 de Alternativa dos Veciños).

Votan en contra: ningún/ha deputado/a

Abstéñense: ningún/ha deputado/a

ACORDO

O Pleno, por unanimidade, acorda:

“1.- Levantar o reparo emitido pola Intervención da Deputación da Coruña no seu informe de data 9 de xuño de 2026 conforme o artigo 217 do texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais aprobado polo Real Decreto 2/2004, de 5 de marzo.

2.- Exceptuar para o presente convenio os principios de concorrência, publicidade, igualdade e non discriminación na tramitación do presente expediente, dada a existencia de causas excepcionais que xustifican a concesión da subvención nominativa, por entender que se dan razóns suficientes de interese público no outorgamento da subvención. Estes principios atópanse recollidos nos artigos 22.2 da Lei xeral de subvencións e 65 a 67 do seu regulamento.

3.- Aprobar a concesión de subvención nominativa, por importe de 88.414,16 €, á Cruz Roja Española para financiar a Adquisición dunha ambulancia asistencial para servizos de emerxencias sociosanitarias, cun orzamento subvencionado de 110.517,70 €, de acordo co texto do convenio que se achega.

4.- Imputar o gasto á aplicación orzamentaria 0611/23121/781 do vixente Orzamento.

5.- Aprobar o texto do convenio.

6.- Publicar a concesión da subvención directa na BDNS e notificar ao interesado.

7.- Subordinar o presente acordo ao crédito que para o Exercicio de 2027, autorice o correspondente Orzamento.

Convenio de colaboración entre a Deputación Provincial da Coruña e Cruz Roja Española polo que se instrumenta unha subvención nominativa para cofinanciar a Adquisición dunha ambulancia asistencial para servizos de emerxencias sociosanitarias

Na Coruña, a __ de _____ de 2026

Ante min, _____, Secretario Xeral da Deputación Provincial da Coruña, como fedatario actuante

REUNIDOS



Dunha parte, D. _____ o/a representante da Excelentísima Deputación Provincial da Coruña

E doutra parte D. _____ o/a Presidente/a da Cruz Roja Española

Os comparecentes interveñen en uso das potestades que, por razón dos seus cargos, estanlles atribuídas

MANIFESTAN

Que ámbalas partes recoñécense plena capacidade para outorgar o presente convenio.

Que a Cruz Roja Española é unha entidade sen fin de lucro onde as ambulancias son imprescindibles para manter a capacidade operativa mínima da provincia, xa que a caducidade dos vehículos comprometería a continuidade dos seguintes servizos:

- Cobertura de dispositivos de risco previsible (DRP) realizados en toda a provincia garantindo asistencia sanitaria eficaz, inmediata e de calidade en eventos deportivos, culturais e festivos cun alto volume de persoas.
- Intervencións en emerxencias supramunicipais (incendios, inundacións, fenómenos meteorolóxicos adversos, accidentes múltiples...), nas que presta apoio permanente ás administracións públicas.
- Desprazamentos especializados.
- Mobilización e reforzo de dispositivos nacionais ou autonómicos.

En función das consideracións anteriores, a Deputación Provincial da Coruña e a Cruz Roja Española coa finalidade de fixar as condicións da súa colaboración, acordan formalizar o presente convenio de colaboración, de acordo coas seguintes

CLÁUSULAS

I.- Obxecto.

O presente convenio ten por obxecto establecer as bases de colaboración entre a Deputación da Coruña e Cruz Roja Española, NIF Q2866001G, para o cofinanciamento da Adquisición dunha ambulancia asistencial para servizos de emerxencias sociosanitarias.

II.- Orzamento do subministro do ben

Segundo o presuposto que achega a Cruz Roja Española, o orzamento máximo para a adquisición do equipamento ou ben ascende a 110.517,70 co seguinte desagregamento:



Número de unidades	Prezo unitario	
	Base imponible	
1	Base imponible	91.370,00
	IVE (%)	19.187,70
	TOTAL	110.517,70

III.- Colaboración da Deputación, financiamento provincial e outros ingresos que se obteñan ou aporten para a mesma finalidade.

1.- A Deputación Provincial da Coruña contribuirá ao financiamento da adquisición, tal como se define na cláusula anterior, cunha achega máxima de **88.414,16 €**, o que representa unha porcentaxe do 80 %.

A cantidade restante, ata alcanzar o importe total do orzamento da actividade, está financiada con cargo a recursos propios ou alleos, acreditando a entidade beneficiaria que ten consignado o crédito axeitado e suficiente para imputar a totalidade do gasto correspondente á entidade.

No caso de que o gasto xustificado non acadase o importe total previsto na cláusula segunda, a Deputación só achegará o importe que represente o 80 % da cantidade efectivamente xustificada.

2.- Agora ben, se a cantidade xustificada resulta inferior ao 75 % do orzamento previsto na cláusula segunda, entenderase que a finalidade básica da subvención non foi cumprida e perderase o dereito ao seu cobro.

3.- O importe do financiamento provincial farase efectivo con cargo á aplicación orzamentaria 0611/23121/781, na que a Intervención provincial ten certificado que existe crédito dabondo sobre a que se ten contabilizada a correspondente retención de crédito.

4.- A subvención da Deputación é compatible coa percepción doutras subvencións ou axudas, públicas ou privadas e doutros ingresos privados que o obteña para a mesma finalidade, sempre que o seu importe, xuntamente co da subvención provincial, non supere en ningún caso o importe total do gasto efectivamente xustificado.

5.- No caso de que a concorrencia de axudas, subvencións ou outros ingresos privados supere o importe do gasto efectivamente xustificado, minorarase a achega provincial no importe necesario para darlle estrito cumprimento ao apartado anterior.

IV.- Contratación da execución.-

1.- O outorgamento dos contratos de servizos, asistencia ou subministros necesarios para a execución da actividade corresponderalle á Cruz Roja Española.

Non se poderá contratar a realización de prestacións con persoas ou entidades vinculadas á Cruz Roja Española, nin con calquera outra na que concorra algunha das circunstancias ás que se refire o artigo 29.7 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións.



2.- Se o importe dalgunha das prestacións **supera 15.000 €**, con carácter previo á contratación, a Cruz Roja Española deberá solicitar polo menos tres orzamentos a distintos provedores; entre as ofertas recibidas, deberase elixir unha delas de acordo con criterios de eficiencia e economía, debendo xustificarse expresamente nunha memoria a elección cando non recaia sobre a oferta máis vantaxosa economicamente.

V.- Publicidade do financiamento provincial.

1.- A Cruz Roja Española deberá facer constar a colaboración da Deputación en calquera información ou material de promoción e, no seu caso, na páxina web/redes sociais da entidade.

2.- Adquirido o ben, a Cruz Roja Española deberá empregar o galego na rotulación do vehículo e engadir nun lugar visible o anagrama provincial nos catro costados do vehículo, segundo o Manual de identidade corporativa (<https://www.dacoruna.gal/files/2817/3382/0678/2024-49698-Resolucion-pola-que-se-modifica-o-Manual-de-identidade-Corporativa.pdf>), sendo esta obriga de obrigado cumprimento.

VI.- A xustificación necesaria para recibir a achega provincial.

A achega da Deputación seralle aboada á Cruz Roja Española unha vez que se presente de xeito **telemático** (a través da plataforma subtel) a seguinte documentación:

* **Certificación** do acordo polo que se aproba a adquisición do ben, expedida polo órgano competente.

* **Contrato** de compravenda, da factura, documentación técnica do vehículo e o permiso de circulación escaneados.

* **Acta de recepción** escaneada ou albará de entrega.

* **Certificación** da aprobación das facturas e demais documentos xustificativos polo órgano competente.

* **Certificación** do acordo da incorporación do ben ao inventario de bens da entidade e acreditación, no seu caso, da inscrición a prol da entidade no rexistro público correspondente, deixando constancia no asento de inscrición da afectación do ben á finalidade para a que foi concedida polo menos por un prazo de cinco anos.

* **Acreditación** do cumprimento das obrigas tributarias e coa Seguridade Social, segundo o previsto na cláusula oitava.

* **Declaración** de todos os ingresos de natureza pública ou privada para a mesma finalidade, con indicación do seu importe e procedencia así como dos propios ingresos que xere a actividade subvencionada ou, pola contra, manifestación de que non se obtiveron outros ingresos para a mesma finalidade, asinada polas persoas que exerzan as responsabilidades da tesourería e a representación legal da entidade.

* **Declaración** de si a entidade está ou non exenta do IVE.



* **Certificación** da conta bancaria, segundo o modelo aprobado pola Deputación.

* **Acreditación** do cumprimento das obrigas asumidas na cláusula quinta, mediante a achega de documentos nos que conste a publicidade do financiamento provincial, coa proba de rotulación dos catro costados do vehículo.

VII.- Termo para a realización da actividade e prazo de xustificación.

1.- A adquisición do que é obxecto de financiamento provincial, tal como están descritas na cláusula primeira deberá estar realizada o **31 de decembro de 2026**.

2.- Unha vez realizada a adquisición, a Cruz Roja Española deberá presentar a xustificación documental á que se refire a cláusula sexta antes do **31 de marzo de 2027**.

3.- De conformidade co disposto no artigo 70.3 do Regulamento da Lei de subvencións (Real decreto 887/2006, do 21 de xullo), transcorrido este derradeiro prazo sen que se teña recibido xustificación ningunha, a Unidade xestora remitiralle un requirimento á Cruz Roja Española para que a presente no prazo improrrogable de quince días.

A falla de xustificación da subvención neste prazo excepcional implicará a perda da subvención e demais responsabilidades previstas neste convenio e na lexislación aplicable ao respecto. Aínda así, a presentación da xustificación neste prazo adicional non eximirá á Cruz Roja Española da sanción que, de conformidade co disposto na Lei de subvencións e na ordenanza provincial de desenvolvemento que resulte aplicable, lle poida corresponder.

4.- O abono da subvención materializarase mediante ingreso na conta da entidade financeira indicada pola Cruz Roja Española.

VIII.- Acreditación do cumprimento das obrigas tributarias e coa Seguridade Social.

1.- A Cruz Roja Española deberá acreditar, con carácter previo á sinatura deste convenio e logo, con carácter previo ao pago da subvención, que se atopa ao día no cumprimento das obrigas tributarias e coa Seguridade Social; e, para tal fin poderá autorizar á Deputación a que obteña telematicamente os correspondentes certificados.

2.- A acreditación do cumprimento das obrigas tributarias coa Deputación Provincial determinarse de oficio por esta.

IX.- Destino e manexo dos fondos recibidos.

1.- A Cruz Roja Española destinará os fondos recibidos ao pagamento dos xustificantes de gasto presentados.

2.- Co fin de garantir un axeitado control da aplicación dos fondos, o pagamento deberá quedar acreditado documentalmente mediante a utilización de transferencia bancaria, tarxeta de débito ou crédito, cheque nominativo ou calquera outro medio que deixe constancia da data de pago e da identidade do perceptor; só excepcionalmente se poderá realizar o pago en metálico para gastos de ata 150 €, nos que non resulte posible a utilización dun dos medios anteriormente indicados.



3.- Sen prexuízo dos libros e rexistros contables que as normas xerais ou sectoriais lle poidan impor, á Cruz Roja Española deberá contar polo menos cun rexistro cronolóxico de cobros e pagamentos nos que se inclúan, entre outros, os relativos aos gastos xustificadas e aos ingresos declarados con respecto a esta subvención.

X.- Control financeiro da Deputación e dos órganos de control externo.

1.- Consonte ao disposto nos artigos 44 e seguintes da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións, e nos artigos 41 e seguintes da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia, á Cruz Roja Española poderá ser escolleita pola Intervención provincial para a realización dun control financeiro sobre a subvención pagada, co fin de acreditar a efectiva aplicación dos fondos á finalidade para a que foron concedidos, o correcto financiamento da actividade e o cumprimento de tódalas demais obrigas formais e materiais que lle impón o presente convenio de colaboración.

2.- Asemade, de acordo co previsto na lei 6/1985, de 24 de xuño, do Consello de Contas de Galicia, a Cruz Roja Española queda sometido aos procedementos de fiscalización que leven a cabo o Consello de Contas de Galicia ou, no seu caso, segundo o previsto na Lei orgánica 2/1982, de 12 de maio, aos procedementos de axuízamento contable que poida incoar o Tribunal de Contas, e a calquera outro órgano de control, nacional ou europeo.

XI.- Reintegro, infraccións e sancións.

1.- O incumprimento dalgunha das cláusulas previstas no presente convenio de colaboración poderá implicar a obriga de reintegro parcial ou total dos fondos recibidos, así como ao pago dos xuros de demora que se perciban dende o día no que se realizou o pagamento ata o momento no que se acorde a procedencia do reintegro. O procedemento de reintegro iniciárase de oficio na súa tramitación seguirase o disposto nos artigos 41 e seguintes da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de subvencións e nos artigos 91 e seguintes do seu Regulamento (R.D. 887/2006, do 21 de xullo), dándolle en todo caso audiencia ao interesado.

2.- Sen prexuízo do anterior, dito incumprimento tamén poderá ser constitutivo dalgunha das infraccións tipificadas na Lei 38/2003, de 17 de novembro, ou na Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia, séndolle de aplicación o cadro de sancións previstos nas normas citadas e na ordenanza provincial de desenvolvemento que resulte aplicable.

3.- Para os supostos de atraso na realización das actividades ou atraso na presentación da xustificación se estará ao disposto na ordenanza provincial de desenvolvemento que resulte aplicable.

XII.- Incorporación ao rexistro público de subvencións e publicación da subvención concedida.

1.- No cumprimento do disposto no artigo 20.1 da Lei 38/2003, xeral de subvencións, e demais normativa de desenvolvemento, os datos da subvención concedida e a identificación da Cruz Roja Española serán remitidos á Intervención xeral do Estado, para que sexan incorporados á Base de Datos Nacional de Subvencións, coa exclusiva finalidade prevista no dito precepto e co debido respecto á protección dos datos de carácter persoal, segundo o previsto na Lei orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de Protección de Datos Persoais e garantía dos dereitos dixitais.



2.- Asemade, no cumprimento do disposto no artigo 16.3 da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia, a Deputación remitiralle a mesma información á Consellería de Economía y Facenda, co fin de que a incorpore ao rexistro público de axudas, subvencións e convenios da Comunidade Autónoma de Galicia.

3.- Segundo o previsto no artigo 18 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións, a concesión da subvención á Cruz Roja Española será publicada no Boletín Oficial da Provincia da Coruña e na páxina web dacoruna.gal.

4.- Un exemplar deste convenio, debidamente asinado, será incorporado ao rexistro de convenios que depende do Servizo de Patrimonio e Contratación da Deputación.

XIII- Vixencia do convenio, prórroga ou modificación.

1.- O presente convenio de colaboración terá carácter retroactivo para os efectos de imputación de gastos e abranguerá os devengados dende o día 1 de xaneiro de 2026 e o 31 de decembro de 2026, sen que en ningún caso sexan subencionables os gastos devengados con anterioridade a dita data e conservará a súa VIXENCIA ata o 30 de xuño de 2027.

Esta vixencia queda subordinada á existencia de crédito adecuado e suficiente que para o Exercicio de 2027 autorice o correspondente Orzamento.

2.- Previa solicitude da Cruz Roja Española, antes do día 31 de marzo de 2027, poderá ser prorrogado o convenio por acordo expreso de ambas as dúas partes, previos os informes preceptivos da Unidade Xestora, do Servizo de Patrimonio e Contratación, da Secretaría e da Intervención da Deputación

3.- Tamén por acordo expreso de ambas as dúas partes e por causa debidamente xustificada, e previos os mesmos informes indicados no apartado anterior, o convenio poderá ser obxecto de modificación.

XIV.- Natureza, interpretación, modificación e xurisdición competente.

1.- O presente convenio ten natureza administrativa e para resolver as dúbidas que xurdan na interpretación das súas cláusulas aplicaranse as disposicións contidas na Lei 38/2003, de 18 de novembro, xeral de subvencións, e na Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia; supletoriamente aplicarase a lexislación de contratos do sector público.

2.- A interpretación das dúbidas e lagoas que poidan xurdir na aplicación do presente convenio corresponderalle ao Presidente da Deputación, previos os informes preceptivos da Unidade xestora, da Secretaría e da Intervención provincial.

3.- Corresponderalle aos órganos da xurisdición contencioso-administrativa, segundo a distribución de competencias prevista na Lei 29/1998, de 13 de xullo, reguladora de dita xurisdición, o coñecemento das cuestións litixiosas que poidan xurdir como consecuencia do presente convenio.



Faise constar que o presente convenio foi aprobado por ---

E en proba de conformidade asinan por duplicado exemplar o presente convenio no lugar e data indicados no encabezamento.”

6.- Aprobación do texto e da formalización do Convenio de Cooperación entre a Excelentísima Deputación Provincial da Coruña e o Concello das Somozas polo que se instrumenta unha subvención nominativa para cofinanciar as "obras de mellora da capa de rodaxe pista a San Esteban e Agra (As Somozas)".

VOTACIÓN

Votan a favor: 31 deputados/as (14 do PP, 10 do PSOE, 6 do BNG e 1 de Alternativa dos Veciños).

Votan en contra: ningún/ha deputado/a

Abstéñense: ningún/ha deputado/a

ACORDO

O Pleno, por unanimidade, acorda:

“1º.- Levantar o reparo interposto pola Intervención Provincial na tramitación do expediente de aprobación dun convenio de cooperación entre a Excm. Deputación provincial da Coruña e do **Concello das Somozas polo lo que se instrumenta unha subvención nominativa** para cofinanciar **as obras de mellora da capa de rodaxe pista a San Esteban e Agra (As Somozas)**, e instar a que o mesmo siga os trámites oportunos para proceder á súa aprobación e formalización.

2º.- Exceptuar para o presente convenio os principios de concorrencia, publicidade, igualdade e non discriminación na tramitación do presente expediente, dada la existencia de causas excepcionais que xustifican a concesión da subvención nominativa, por entender que se dan as razóns de interese público no outorgamento da subvención. Estes principios atópanse recollidos nos artigos 22.2 LXS e 65-67 do seu Regulamento.

3º.- Aprobar o texto e a formalización do Convenio de Cooperación entre a Excelentísima Deputación Provincial da Coruña e o Concello de As Somozas polo que se instrumenta unha subvención nominativa para cofinanciar as “obras de mellora da capa de rodaxe pista a San Esteban e Agra (As Somozas)” cunha achega provincial de 59.855,70 euros con cargo á aplicación orzamentaria 0112/4532/76201 o que representa un coeficiente de financiamento do 80,00 % respecto dun orzamento de 74.819,62 euros.

4º.- Condicionar o convenio á existencia de crédito adecuado e suficiente e ao cumprimento dos obxectivos de estabilidade orzamentaria, no próximo exercicio orzamentario, de acordo coa normativa vixente no momento.

ANEXO

CONVENIO DE COOPERACIÓN ENTRE A EXCELENTÍSIMA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA E O CONCELLO DE AS SOMOZAS PARA O



FINANCIAMENTO DA OBRA DENOMINADA MELLORA DA CAPA DE RODAXE PISTA A SAN ESTEBAN E AGRA (AS SOMOZAS)

Na Coruña, a _____

INTERVEÑEN

Dunha parte, a Deputación Provincial da Coruña con NIF P1500000C, representada polo seu Presidente, D. _____ (ou deputado/a no que delegue), (No caso de sinatura electrónica engadirase: identificado mediante o correspondente certificado de firma electrónica) asistido polo Secretario Xeral, D. _____ (ou quen legalmente lle substitúa) representante da Excelentísima Deputación Provincial da Coruña (No caso de sinatura electrónica engadirase: identificado mediante o correspondente certificado de firma electrónica), en exercicio das funcións reservadas previstas no artigo 3.2 i) do Real Decreto 128/2018, do 16 de marzo, polo que se regula o réxime xurídico dos funcionarios de Administración Local con habilitación de carácter nacional.

E **doutra parte**, o **Concello de As Somozas**, con CIF P1508200A, representado polo seu Alcalde/sa /Presidente D. _____ (ou concelleiro, concelleira ou persoa en quen delegue), segundo se acredita mediante certificación da Secretaría do Concello/ Entidade. (**en adiante ENTIDADE BENEFICIARIA**) (No caso de sinatura electrónica engadirase: identificado mediante o correspondente certificado de firma electrónica)

Interveñen cada un deles, en nome e representación da entidade respectiva e recoñécense mutuamente a capacidade legal necesaria para a sinatura do presente convenio a tal efecto,

ANTECEDENTES

A solicitude da presente subvención foi aprobada por Acordo do Pleno do **Concello de As Somozas**, no que se valora o impacto económico do obxecto do convenio nos seguintes termos:

“...O Concello de As Somozas considera de primeira necesidade as actuacións sobre a rede viaria local, especialmente aquelas que unen núcleos de poboacións entre si e que ademais do tráfico rodado de turismos para desprazamento das persoas soporta tráfico mais pesado como pode ser o transporte escolar, tractores e furgonetas para uso agrícola e gandeiro e todo tipo de tráfico que resulta necesario para o normal desenvolvemento da vida diaria dos usuarios. ...”

A concesión da subvención foi aprobada por Acordo do Pleno da Deputación celebrado o _____



COMPETENCIAS DAS ADMINISTRACIÓNS ACTUANTES

A ENTIDADE BENEFICIARIA levará a cabo a execución deste proxecto no exercicio da competencia en materia de Patrimonio e Contratación que lle atribúe o artigo 25.2, da Lei 7/85, de 2 de abril, das Bases de Réxime Local, así como os artigos 80 e seguintes da Lei 5/1997 de Administración Local de Galicia nos termos da lexislación sectorial do Estado e/ou da Comunidade Autónoma de Galicia.

Pola súa banda, consonte ao previsto no artigo 31.2 da devandita Lei 7/85 e 101.2 da referida Lei 5/1997, a Deputación, como órgano de goberno e administración da Provincia, compételle asegurar a prestación integral e axeitada en todo o territorio provincial dos servizos de competencia municipal, así como a cooperación no fomento no desenvolvemento económico e social e a planificación do territorio provincial (art.36.1, letra d).

MANIFESTAN

Que o **ENTIDADE** e a **DEPUTACIÓN** teñen interese coincidente na execución das obras obxecto deste convenio, polo que ambas as dúas

ACORDAN

Formalizar o presente CONVENIO DE COOPERACIÓN conforme ás seguintes cláusulas:

I.- OBXECTO

O presente convenio de cooperación ten por obxecto establecer as bases de cooperación entre a Deputación da Coruña e o Concello de **As Somozas** con CIF P1508200A para o financiamento da obra denominada “**mellora da capa de rodaxe pista a San Esteban e Agra (As Somozas)**”, tal e como aparece definida no proxecto técnico redactado por Don Pablo Blanco Ferreiro, en Agosto de 2024.

1.- **A ENTIDADE BENEFICIARIA**, na súa condición de promotor da obra, achega ao expediente un exemplar do proxecto, a certificación da súa aprobación polo órgano competente, así como a certificación de que conta e coa dispoñibilidade dos terreos necesarios para a súa execución, e achega todas as autorizacións administrativas preceptivas.

Dito proxecto foi supervisado polos Servizos Técnicos da Deputación e conta con informe favorable.

2- A obra está perfectamente definida nos planos de conxunto e de detalle e en todos os documentos que incorpora o proxecto, tal e como esixe o artigo 233 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público e a normativa de desenvolvemento, coa manifestación expresa realizada pola persoa redactora de que é unha obra completa ou unha fase susceptible de utilización ou aproveitamento separado. Xa que logo, unha vez rematada a obra, a **ENTIDADE BENEFICIARIA** comprométese a destinala ao uso público para o que está prevista a lo menos polo prazo de dez anos.



II.- ORZAMENTO DE EXECUCIÓN DAS OBRAS.

O orzamento de contrata da obra, segundo o proxecto técnico ao que se fai referencia na cláusula anterior, desagregase co seguinte detalle:

Orzamento Execución Material	51.961,68 euros
Gastos xerais 13,00%	6.755,02 euros
Beneficio Industrial 6,00 %	3.117,70 euros
IVE (21%)	12.985,22 euros
ORZAMENTO DE LICITACIÓN	74.819,62 euros

III.- FINANCIAMENTO PROVINCIAL E OUTROS INGRESOS QUE SE OBTENAN OU ACHEGUEN PARA A MESMA FINALIDADE.

1. A Deputación da Coruña financiará o orzamento das obras, tal como se define na cláusula anterior, cunha achega máxima de **59.855,70 euros** o que representa unha porcentaxe de **80,00 %**, que constitúe o “coeficiente de financiamento”. A contía restante, ata conseguir o importe total do orzamento da contrata, está financiado pola ENTIDADE BENEFICIARIA con cargo a recursos propios ou alleos, acreditando que ten consignado o crédito adecuado e suficiente para imputar a totalidade do gasto que lle corresponde financiar.

2. Entenderase que a finalidade básica da subvención estará cumprida cando se teña executado e recepcionado completamente a obra, polo importe de adxudicación. O importe da achega será o resultado de aplicación de coeficiente de financiamento sobre o importe adxudicado.

No caso de que se produxeran economías en execución ou diminución de gastos derivados de proxectos modificados, a achega provincial será o resultado da aplicación do coeficiente de financiamento sobre o total certificado e recepcionado.

3. A Deputación Provincial financiará exclusivamente os gastos derivados do contrato de execución das obras contempladas no proxecto técnico e, polo tanto, non serán subvencionables os gastos derivados de contratos conexos, tales como honorarios de redacción de proxectos ou dirección das obras, tributos reivindicados pola obtención de licenzas, coordinación de seguridade e saúde, control de calidade ou outros. Tampouco se financiarán os incrementos de gastos derivados de proxectos modificados ou liquidacións da obra.

A Deputación poderá realizar controis **adicionais** de calidade das obras. A **ENTIDADE BENEFICIARIA** deberá facilitar a información e os accesos ás obras que sexan necesarios para a realización da dita actividade.

4. O importe do financiamento provincial farase efectivo con cargo á aplicación **0112/4532/76201** do orzamento provincial para o ano 2026, na que a Intervención Provincial certificou que existe crédito suficiente e sobre a que se contabilizou a correspondente retención de crédito. No caso de que a vixencia deste convenio esténdase a exercicios futuros, a súa aprobación queda condicionada á existencia de crédito adecuado e suficiente nos exercicios orzamentarios correspondentes e ao

**RPT-6654235



cumprimento dos obxectivos da Lei orgánica 2/2012, de 27 de abril, de estabilidade orzamentaria.

5. A subvención da Deputación é compatíbel coa percepción doutras subvencións ou axudas, públicas ou privadas, que a **ENTIDADE BENEFICIARIA** obteña para a mesma finalidade, sempre que o seu importe, xuntamente co da subvención provincial, non supere en ningún caso o importe total do gasto efectivamente xustificado.

No caso de que a concorrencia de axudas ou subvencións supere o importe do gasto efectivamente xustificado, minorarase a achega provincial no importe necesario para darlle estrito cumprimento ao apartado anterior.

IV.- CONTRATACIÓN E EXECUCIÓN .

1. Na condición de promotor, corresponderalle á **ENTIDADE BENEFICIARIA** a tramitación do contrato de execución das obras descritas no proxecto ao que fai referencia a cláusula primeira.

2. No procedemento de contratación, a **ENTIDADE BENEFICIARIA** axustará toda a súa actuación ao disposto na lexislación de contratos do sector público.

3.- Deberá utilizar os pregos-tipo de contratación da Deputación para o procedemento aberto cun único criterio, ou múltiples criterios de valoración, garantindo en todo caso, os principios de publicidade, concorrencia, igualdade e non discriminación.

Unicamente procederá a utilización do procedemento negociado sen publicidade nos supostos previstos no artigo 168 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de contratos do sector público, o que deberá quedar motivado no expediente

Non poderán recoller o concepto de “melloras”.

4.- No caso de que o **ENTIDADE BENEFICIARIA** tramite e aprobe algunha **modificación do proxecto** inicialmente aprobado, por causas non imputables ao Concello e debidamente xustificadas, así como do contrato adxudicado, deberá **remitir á Deputación un exemplar do proxecto modificado, con anterioridade á aprobación** do mesmo polo órgano competente, achegando co mesmo os informes técnicos e xurídicos emitidos para a súa supervisión polos Servizos Técnicos Provinciais. Posteriormente, achegarase certificación da súa aprobación polo órgano competente. (Cláusulas III.3 e XIV.3)

V.- DIFUSIÓN DO FINANCIAMENTO PROVINCIAL.

1. Durante a execución das obras e ata o seu remate e recepción, a **ENTIDADE BENEFICIARIA** estará obrigada a colocar un cartel informativo da obra que sexa visible; polo menos, desde unha distancia de 25 metros, no que, sen prexuízo doutras indicacións, figure o a marca, símbolo ou logotipo da Deputación e o importe da subvención concedida.



2. Rematada a obra, e cando a súa natureza o permita, deberase colocar unha placa nun lugar visible na que se deixe constancia da data de inauguración da obra e do financiamento provincial. O texto estará redactado en galego.
3. Asemade, a entidade beneficiaria deberá cumprir coas obrigas de información que lle impón a Lei 19/2013, de 9 de decembro, de Transparencia, acceso á información pública e bo goberno, dándolle difusión a este convenio no Portal de Transparencia da súa páxina web ou sede electrónica.

VI.- A XUSTIFICACIÓN NECESARIA PARA RECIBIR A ACHEGA DA DEPUTACIÓN

1. Ata o 50 por cento da achega da Deputación ten carácter prepagable. A dita achega provincial calcularase aplicando o coeficiente de financiamento sobre o importe de adxudicación da obra. Polo tanto, a Deputación expedirá un primeiro pagamento do 50 % da achega provincial a prol da **ENTIDADE BENEFICIARIA**, unha vez que presente ou conste na Deputación provincial a seguinte documentación:
 - Xustificación da elección do procedemento de contratación utilizado, de acordo co previsto na cláusula IV.3.
 - Certificación do **acordo ou resolución de adxudicación** do contrato de obras, na que figuren polo menos o seguinte: datos da empresa adxudicataria, importe de adxudicación do contrato e prazo de execución.
 - **Acta de comprobación da implantación**, asinada pola dirección da obra, pola contratista adxudicataria e pola persoa funcionaria técnica designada pola Deputación ou, no seu caso, acreditación da imposibilidade de asistencia de dita persoa técnica provincial.
 - Certificación expedida polo órgano responsable da contabilidade das **axudas e outros ingresos afectados** á mesma finalidade ou obxecto desta subvención.
 - **Acreditación da colocación do cartel informativo** ao que se refire a cláusula V.1 mediante remisión dunha fotografía debidamente dilixenciada pola dirección da obra.
 - Acreditación fotográfica da situación da obra previamente ao seu inicio.
2. Rematada completamente a obra, procederase ao abono do 50 por cento ou resto da achega provincial, unha vez que se presente ou conste na Deputación provincial a seguinte documentación:
 - **Certificacións** de execución da obra cos datos a orixe, coa certificación da súa aprobación polo órgano competente, xunto co recoñecemento da obriga.
 - Informes de control de calidade da obra realizados por un técnico competente, de ser o caso.
 - **Acta de recepción da obra.** A dito acto deberá acudir unha persoa técnica designada pola Deputación, quen asinará tamén a correspondente acta. No caso de imposibilidade de asistencia da persoa técnica provincial, deberá acreditarse ter realizado a solicitude e a contestación da Deputación.



- Certificación expedida polo órgano responsable da contabilidade dos **ingresos** de natureza pública ou privada obtidos para a mesmo proxecto, con indicación do seu importe e procedencia ou, pola contra, manifestación de que non se obtiveron outros ingresos para o mesmo proxecto.
- Presentación de **fotografías**, dilixenciadas pola dirección da obra, acreditativas do **cumprimento das obrigas de difusión** previstas na cláusula V: cartel da obra e, no seu caso, colocación da placa e portal de transparencia da súa páxina web ou sede electrónica.
- Presentación de fotografías da obra realizada, dilixenciadas polo técnico-director.
- Certificación do acordo da incorporación do ben ao **inventario de bens** do **ENTIDADE BENEFICIARIA**, facendo constar nos correspondentes asentos que o ben queda afectado á finalidade pública para a que foi concedida a subvención polo menos durante un prazo de dez anos.
- Cando o ben sexa susceptible de inscrición no Rexistro da Propiedade, debe constar a adscrición ao uso e servizo público por un prazo de dez anos.
- Deberá acreditar o pago efectivo aos terceiros do importe aboado co primeiro pago prepagable.

3. Previamente a realización de calquera dos pagos anteditos, e de acordo co previsto na cláusula VIII, a Deputación comprobará de oficio se o concello está ao corrente nas súas obrigas tributarias, coa Seguridade Social e coa Deputación.

4.-Cando o gasto xustificado sexa inferior ao 50% da subvención provincial, e polo tano, a finalidade básica da subvención non se considere cumprida nos termos da cláusula III.2, o anticipo concedido non xustificado deberá reintegrarse xunto cos correspondentes intereses de demora.

5. **No caso de resolución de contrato** por causas debidamente xustificadas, non imputables ao Concello, poderá efectuarse o pago correspondente á aplicación do coeficiente de financiamento sobre o total certificado e pagado ao contratista .A tal efecto, deberán de aportarse as transferencias bancarias a favor do contratista. A estes efectos, o importe non aboado se considerará economía.

VII.- TERMO PARA A FINALIZACIÓN DAS OBRAS E PRAZO DE XUSTIFICACIÓN.

1. As obras que son obxecto de financiamento provincial, tal como están descritas no proxecto técnico indicado na cláusula I, deberán estar finalizadas e presentada a documentación xustificativa indicada na cláusula VI no prazo indicado na cláusula XIV.

2. No caso de non ter presentada a documentación xustificativa , ou a solicitude de prórroga dentro do prazo de vixencia do convenio, **implicará a perda da subvención** e demais responsabilidades previstas neste convenio e na lexislación aplicable respecto diso, tal e como se indica na cláusula XIV.

VIII.- CUMPRIMENTO DAS OBRIGAS TRIBUTARIAS E COA SEGURIDADE SOCIAL E A SÚA ACREDITACIÓN.



1. A **ENTIDADE BENEFICIARIA** deberá estar ao día, con carácter previo á sinatura deste convenio, e logo, con carácter previo ao pago da subvención, no cumprimento das obrigas tributarias coa Axencia Tributaria, coa Seguridade Social e con esta Deputación .
2. A tal efecto, a **ENTIDADE BENEFICIARIA** presentará as certificacións das administracións tributarias correspondentes e da Tesourería da Seguridade Social nas que se acredite que a entidade está ao corrente nas súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social.
3. Poderá omitirse a presentación desta documentación sempre que autorice expresamente á Deputación a realizar as consultas tributarias e non se opoña á consulta de datos da Seguridade Social . Neste caso, a acreditación do cumprimento das obrigas tributarias coa Deputación Provincial determinarase de oficio por esta.

IX.- DESTINO E MANEXO DOS FONDOS RECIBIDOS.

1. Consonte ao previsto nas Regras 25 e seguintes da Instrución de contabilidade para a administración local (Orde HAP 1781/2013, de 20 de setembro, Modelo normal), a ENTIDADE BENEFICIARIA deberá codificar este proxecto de gasto, co fin de facerlle un seguimento contábel específico, de xeito de que quede rexistrada unha pista de auditoría fiable pola que se poida verificar a afectación e aplicación efectiva dos fondos recibidos á execución do proxecto financiado.
2. A **ENTIDADE BENEFICIARIA** destinará os fondos recibidos ao pagamento dos xustificantes de gasto presentados.
3. O concello deberá acreditar ter aboado aos terceiros o importe dos gastos xustificadas, no prazo máximo **dun mes** dende a recepción dos fondos que constitúen o segundo pagamento. Esta obriga será comprobada pola Deputación e, no seu caso, no procedemento de control financeiro que se poida instruír para tal efecto, sen que teña que presentar documentación adicional algunha no expediente de xestión e pagamento da subvención.
4. Co fin de garantir un axeitado control da aplicación dos fondos, o pagamento deberá quedar acreditado documentalmente mediante a utilización de transferencia bancaria, cheque nominativo, cargo, ingreso en conta ou calquera outra modalidade de pagamento bancario, sempre que en todo caso quede identificada a persoa ordenante e a persoa preceptora.
5. No caso de que o ben subvencionado tivera como finalidade a posta en funcionamento dalgún servizo ou actividade, a ENTIDADE BENEFICIARIA, deberá acreditar nun prazo máximo de cinco meses dende a percepción da totalidade da subvención, de que o servizo ou actividade están funcionamento, ou, no seu caso, presentar un programa de posta en funcionamento. Esta circunstancia poderá ser verificada a través da inclusión da subvención no Plan de Control Financeiro da Intervención provincial.

X.- CONTROL FINANCEIRO DA DEPUTACIÓN E DOS ÓRGANOS DE CONTROL EXTERNO.



1. Consonte ao disposto nos artigos 44 e seguintes da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de subvencións, e nos artigos 41 e seguintes da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de Subvencións de Galicia, A **ENTIDADE BENEFICIARIA** poderá ser seleccionado pola Intervención provincial para a realización dun control financeiro sobre a subvención pagada, co fin de acreditar a efectiva aplicación dos fondos á finalidade para a que foron concedidos, o correcto financiamento da actividade e o cumprimento de tódalas demais obrigas formais e materiais que lle impón o presente convenio de cooperación e a lexislación citada anteriormente.
2. Asemade, de acordo co previsto na lei 6/1985, de 24 de xuño, do Consello de Contas de Galicia, A **ENTIDADE BENEFICIARIA** queda sometido aos procedementos de fiscalización que leven a cabo o Consello de Contas de Galicia ou, no seu caso, segundo o previsto na Lei orgánica 2/1982, de 12 de maio, aos procedementos de axuizamento contable que poida incoar o Tribunal de Contas, e a calquera outro órgano de control, nacional ou europeo.

XI.- REINTEGRO, INFRACCIÓNS E SANCIÓNS.

1. O incumprimento dalgunha das cláusulas previstas no presente convenio de cooperación poderá comportar a obriga de reintegro parcial ou total dos fondos recibidos, así como ao pago dos xuros de demora que se perciban desde o día no que se realizou o pago ata o momento no que se acorde a procedencia do reintegro. O procedemento de reintegro iniciárase de oficio na súa tramitación seguirase o disposto nos artigos 41 e seguintes da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións e nos artigos 91 e seguintes do seu Regulamento (R.D. 887/2006, de 21 de xullo), dándolle en todo caso audiencia ao interesado.
2. Sen prexuízo do anterior, dito incumprimento tamén poderá ser constitutivo dalgunha das infraccións tipificadas na Lei 38/2003, de 17 de novembro, ou na Lei 9/2007, de 13 de xuño, de Subvencións de Galicia, séndolle de aplicación o cadro de sancións previstos nas normas citadas e na Ordenanza xeral de subvencións e transferencias da Deputación Provincial da Coruña.
3. Nos supostos de demora na realización das obras ou na presentación da xustificación, estarase ao disposto na Ordenanza xeral de subvencións e transferencias da Deputación Provincial da Coruña.

XII.- INCORPORACIÓN AO REXISTRO PÚBLICO DE SUBVENCIÓNS E PUBLICACIÓN DA SUBVENCIÓN CONCEDIDA.

1. No cumprimento do disposto no artigo 20 da Lei 38/2003, xeral de subvencións, e demais normativa de desenvolvemento, os datos da subvención concedida e a identificación da **ENTIDADE BENEFICIARIA** serán remitidas á Intervención xeral do Estado, para que sexan incorporados á Base de Datos Nacional de Subvencións, coa exclusiva finalidade prevista en dito precepto e co debido respecto á protección dos datos de carácter persoal, segundo o previsto na Lei orgánica 3/2018, de 13 de decembro, de protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais.
2. Segundo o previsto no artigo 18 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de subvencións, e no artigo 8 da Lei 19/2013, de 9 de decembro, de transparencia, acceso a información pública e bo goberno, a concesión da subvención ao A



ENTIDADE BENEFICIARIA será publicada no portal de transparencia da sede electrónica da Deputación da Coruña.

3. Un exemplar deste convenio, debidamente asinado, será incorporado ao Rexistro de convenios que depende da Secretaría Provincial, xestionado polo Servizo de Contratación da Deputación.

XIII.- COMISIÓN DE SEGUIMIENTO

1. Para realizar o seguimento deste convenio e as incidencias que poidan xurdir do mesmo, queda constituída unha comisión integrada pola persoa titular da Presidencia da Deputación ou membro da Corporación no que delegue e a persoa titular da Alcaldía do **Concello de As Somozas** ou membro da Corporación en quen delegue. Actuarán como asesores de dita comisión as persoas titulares da Secretaría xeral e do órgano interventor da Deputación e da ENTIDADE BENEFICIARIA, ou persoas funcionarias en quen deleguen.
2. En todo caso, será preceptivo o ditame previo desta Comisión para os acordos de interpretación do presente convenio.

XIV.- VIXENCIA DO CONVENIO, PRÓRROGA OU MODIFICACIÓN.

1. O presente convenio de cooperación terá efectos desde a súa sinatura e conservará a súa vixencia ata o **30/10/2027**, o que representa un período de vixencia de _____ meses. No caso de que a vixencia deste convenio se estenda a exercicios futuros, a súa aprobación queda condicionada á existencia de crédito adecuado e suficiente nos exercicios orzamentarios correspondentes e ao cumprimento dos obxectivos da Lei de estabilidade orzamentaria.
2. **O dito prazo será improrrogable**, salvo que **A ENTIDADE BENEFICIARIA** non poida ter finalizadas as obras e presentada a xustificación antes do prazo establecido na cláusula VII. Nese caso, deberá solicitar antes desta data, a prórroga do prazo inicial, achegando coa solicitude un novo programa de traballo asinado polo Director da obra, co fin de que a Deputación poida acreditar a existencia de crédito adecuado e suficiente para o pago do importe pendente de xustificar.
3. A estes efectos, **a ENTIDADE BENEFICIARIA na solicitude deberá indicar as causas da demora na execución das obras, acreditar que as ditas causas non son imputables á ENTIDADE BENEFICIARIA, e xustificar** que implican a necesidade de prorrogar o presente convenio, **indicando o prazo imprescindible para a finalización das mesmas.**

De considerarse xustificadas os motivos aducidos, previos os informes preceptivos, a prórroga do prazo de vixencia do convenio aprobarase **por Resolución da Presidencia**, polo **prazo imprescindible para a finalización das obras.**

O dito prazo será máximo e, polo tanto, **non será susceptible dunha nova prórroga, nin de modificación**, polo que, a non presentación da xustificación no dito período, **implicará que** o convenio quedará definitivamente extinguido e comportará a perda do dereito á cobranza da subvención e, sen máis notificación, implicará a



iniciación do expediente de reintegro, no seu caso, do anticipo percibido mais os correspondentes xuros de demora.

4. En ningún caso, se poderá modificar o convenio variando substancialmente o obxecto da subvención concedida de forma excepcional e nominativamente por acordos plenarios das respectivas administracións.

A modificación do proxecto de obras non implicará un incremento da achega provincial senón que, no seu caso, o exceso de financiamento deberá ser soportado pola ENTIDADE BENEFICIARIA. No caso de que a modificación implique unha minoración do importe do proxecto, a mesma se imputará proporcionalmente as entidades asinantes en función de do coeficiente de financiamento contemplado na cláusula III.

5. No caso de que o **ENTIDADE BENEFICIARIA** tramite e aprobe algunha **modificación do proxecto** inicialmente aprobado, por causas non imputables ao Concello e debidamente xustificadas, así como do contrato adxudicado, deberá **remitir á Deputación un exemplar do proxecto modificado, con anterioridade á aprobación** do mesmo polo órgano competente, achegando co mesmo os informes técnicos e xurídicos emitidos para a súa supervisión polos Servizos Técnicos Provinciais. Posteriormente, achegarase certificación da súa aprobación polo órgano competente. (Cláusulas III.3 e XIV.4)
6. No caso de que a modificación implique unha minoración ou incremento do importe adxudicado, deberá tomar coñecemento o Pleno da Corporación Provincial e formalizarse en documento administrativo.

De manterse igual o importe, tomarase coñecemento mediante Resolución da Presidencia. En todo caso, non se formalizará a modificación, uníndose o acordo plenario ou resolución ao expediente para a súa constancia.

XV.- NATUREZA, INTERPRETACIÓN E XURISDICIÓN COMPETENTE.

1. O presente convenio ten natureza administrativa e para resolver as dúbidas que xurdan na interpretación das súas cláusulas aplicaranse as disposicións contidas na Lei 38/2003, de 18 de novembro, xeral de Subvencións, e na Lei 9/2007, de 13 de xuño, de Subvencións de Galicia e na Ordenanza xeral de Subvencións e Transferencias da Deputación. Supletoriamente aplicarase a lexislación de contratos do sector público.
2. Corresponderalle aos órganos da xurisdición contencioso-administrativa, segundo a distribución de competencias prevista na Lei 29/1998, de 13 de xullo, reguladora de dita xurisdición, o coñecemento das cuestións litixiosas que poidan xurdir como consecuencia do presente convenio.

E para que así conste e en proba de conformidade por ambas partes, asínase (No caso de sinatura electrónica engadirase: electronicamente) o presente convenio, dando fe de todo elo o Secretario xeral *(ou quen legalmente lle substitúa)*”



7.- Aprobación do texto e da formalización do Convenio de Cooperación entre a Excelentísima Deputación Provincial da Coruña e o Concello de Betanzos polo que se instrumenta unha subvención nominativa para cofinanciar as obras de mellora do parque infantil Pasatempo.

VOTACIÓN

Votan a favor: 31 deputados/as (14 do PP, 10 do PSOE, 6 do BNG e 1 de Alternativa dos Veciños).

Votan en contra: ningún/ha deputado/a

Abstéñense: ningún/ha deputado/a

ACORDO

O Pleno, por unanimidade, acorda:

“1º.- Levantar o reparo interposto pola Intervención Provincial na tramitación do expediente de aprobación dun convenio de cooperación entre a Excma. Deputación provincial da Coruña e do **Concello de Betanzos polo lo que se instrumenta unha subvención nominativa** para cofinanciar **as obras de mellora do parque infantil Pasatempo**, e instar a que o mesmo siga os trámites oportunos para proceder á súa aprobación e formalización.

2º.- Exceptuar para o presente convenio os principios de concorrencia, publicidade, igualdade e non discriminación na tramitación do presente expediente, dada la existencia de causas excepcionais que xustifican a concesión da subvención nominativa, por entender que se dan as razóns de interese público no outorgamento da subvención. Estes principios atópanse recollidos nos artigos 22.2 LXS e 65-67 do seu Regulamento.

3º.- Aprobar o texto e a formalización do Convenio de Cooperación entre a Excelentísima Deputación Provincial da Coruña e o Concello de Betanzos polo que se instrumenta unha subvención nominativa para cofinanciar as obras de mellora do parque infantil Pasatempo, cunha achega provincial de 239.999,90 euros con cargo á aplicación orzamentaria 0112/1711/76201 o que representa un coeficiente de financiamento do 80,00 % respecto dun orzamento de 299.999,87 euros.

4º.- Condicionar o convenio á existencia de crédito adecuado e suficiente e ao cumprimento dos obxectivos de estabilidade orzamentaria, no próximo exercicio orzamentario, de acordo coa normativa vixente no momento.

ANEXO

CONVENIO DE COOPERACIÓN ENTRE A EXCELENTÍSIMA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA E O CONCELLO DE BETANZOS POLO QUE SE INSTRUMENTA UNHA SUBVENCIÓN NOMINATIVA PARA O COFINANCIAMENTO DAS OBRAS DE MELLORA DO PARQUE INFANTIL PASATEMPO.

Na Coruña, a _____



INTERVEÑEN

Dunha parte, a Deputación Provincial da Coruña con NIF P1500000C, representada polo seu Presidente, D. _____ (ou deputado/a no que delegue), (No caso de sinatura electrónica engadirase: identificado mediante o correspondente certificado de firma electrónica) asistido polo Secretario Xeral, D. _____ (ou quen legalmente lle substitúa) representante da Excelentísima Deputación Provincial da Coruña (No caso de sinatura electrónica engadirase: identificado mediante o correspondente certificado de firma electrónica), en exercicio das funcións reservadas previstas no artigo 3.2 i) do Real Decreto 128/2018, do 16 de marzo, polo que se regula o réxime xurídico dos funcionarios de Administración Local con habilitación de carácter nacional.

E **doutra parte**, o **Concello de Betanzos**, con CIF P1500900D, representado polo seu Alcalde/sa /Presidente D. _____ (ou concelleiro, concelleira ou persoa en quen delegue), segundo se acredita mediante certificación da Secretaría do Concello/ Entidade. (**en adiante ENTIDADE BENEFICIARIA**) (No caso de sinatura electrónica engadirase: identificado mediante o correspondente certificado de firma electrónica)

Interveñen cada un deles, en nome e representación da entidade respectiva e recoñécense mutuamente a capacidade legal necesaria para a sinatura do presente convenio a tal efecto,

ANTECEDENTES

A solicitude da presente subvención foi aprobada por Acordo do Pleno do **Concello de Betanzos**, no que se valora o impacto económico do obxecto do convenio nos seguintes termos:

“... “... O parque está totalmente configurado no 1914 e o seu declive comenza despois da Guerra Civil. No ano 1986 o Concello de Betanzos adquire os terreos, comenzando en 1993, a través dunha escola-taller, unha serie de intervencións, mais o menos afortunadas, no parque.

O Parque do Pasatempo foi declarado Ben de Interese Cultural por Decreto 23/2020 do 6 de febreiro (DOGA Nº 35 DO 20.02.2020).

O parque, na actualidade, consta de dúas partes ben diferenciadas: -zona de parque infantil, xardíns, estanque, laberinto, templete e auditorio; todo elo de nova construción no ano 1993 e posteriores -zona do parque enciclopédico que se conserva con elementos arquitectónicos, escultóricos e botánicos.

O parque infantil é o mais visitado de todos os parques do Concello, tanto polos nenos e nenas da localidade como polos visitantes que se achega a Betanzos, xa que a zona verde colindante é perfecta para pasar o día.



Os xogos instalados no parque, aínda que o Concello realiza as correspondentes labores de mantemento, vense anticuados, polo que sería de moito interese dotar a zona duns xogos acorde co parque enciclopédico, inspirados na filosofía do creador do parque, ilustrar e divertir.

...ampliar as infraestructuras deportivas da zona do Carregal o pasatempo, pavillón, pistas anexas, campo de fútbol, piscinas, velódromo, nas que se engadirían: Pista de atletismo, zona de calistenia, circuito pump track e zona de skate e ... a restauración do muro “España monárquica e as súas 18 fillas republicanas”; para poder acometer a renovación dos xogos do parque infantil situado na parte de nova construción do parque Pasatempo. ...”

A concesión da subvención foi aprobada por Acordo do Pleno da Deputación celebrado o

COMPETENCIAS DAS ADMINISTRACIÓNS ACTUANTES

A ENTIDADE BENEFICIARIA levará a cabo a execución deste proxecto no exercicio da competencia en materia de Patrimonio e Contratación que lle atribúe o artigo 25.2, da Lei 7/85, de 2 de abril, das Bases de Réxime Local, así como os artigos 80 e seguintes da Lei 5/1997 de Administración Local de Galicia nos termos da lexislación sectorial do Estado e/ou da Comunidade Autónoma de Galicia.

Pola súa banda, consonte ao previsto no artigo 31.2 da devandita Lei 7/85 e 101.2 da referida Lei 5/1997, a Deputación, como órgano de goberno e administración da Provincia, compételle asegurar a prestación integral e axeitada en todo o territorio provincial dos servizos de competencia municipal, así como a cooperación no fomento do desenvolvemento económico e social e a planificación do territorio provincial (art.36.1, letra d).

MANIFESTAN

Que o **ENTIDADE** e a **DEPUTACIÓN** teñen interese coincidente na execución das obras obxecto deste convenio, polo que ambas as dúas

ACORDAN

Formalizar o presente CONVENIO DE COOPERACIÓN conforme ás seguintes cláusulas:

I.- OBXECTO

O presente convenio de cooperación ten por obxecto establecer as bases de cooperación entre a Deputación da Coruña e o Concello de **Betanzos** con CIF P1500900D para o financiamento da obra denominada **mellora do parque infantil Pasatempo**, tal e como aparece definida no proxecto técnico redactado polo enxeñeiro David Gómez Vázquez,



asinado en xullo de 2025.

1.- **A ENTIDADE BENEFICIARIA**, na súa condición de promotor da obra, achega ao expediente un exemplar do proxecto, a certificación da súa aprobación polo órgano competente, así como a certificación de que conta e coa dispoñibilidade dos terreos necesarios para a súa execución, e achega todas as autorizacións administrativas preceptivas.

Dito proxecto foi supervisado polos Servizos Técnicos da Deputación e conta con informe favorable.

2- A obra está perfectamente definida nos planos de conxunto e de detalle e en todos os documentos que incorpora o proxecto, tal e como esixe o artigo 233 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público e a normativa de desenvolvemento, coa manifestación expresa realizada pola persoa redactora de que é unha obra completa ou unha fase susceptible de utilización ou aproveitamento separado. Xa que logo, unha vez rematada a obra, a **ENTIDADE BENEFICIARIA** comprométese a destinala ao uso público para o que está prevista a lo menos polo prazo de dez anos.

II.- ORZAMENTO DE EXECUCIÓN DAS OBRAS.

O orzamento de contrata da obra, segundo o proxecto técnico ao que se fai referencia na cláusula anterior, desagregase co seguinte detalle:

Orzamento Execución Material	208.347,72 euros
Gastos xerais 13,00%	27.085,20 euros
Beneficio Industrial 6,00 %	12.500,86 euros
IVE (21%)	52.066,09 euros
ORZAMENTO DE LICITACIÓN	299.999,87 euros

III.- FINANCIAMENTO PROVINCIAL E OUTROS INGRESOS QUE SE OBTENAN OU ACHEGUEN PARA A MESMA FINALIDADE.

1. A Deputación da Coruña financiará o orzamento das obras, tal como se define na cláusula anterior, cunha achega máxima de **239.999,90 euros** o que representa unha porcentaxe de **80,00%**, que constitúe o “coeficiente de financiamento”. A contía restante, ata conseguir o importe total do orzamento da contrata, está financiado pola ENTIDADE BENEFICIARIA con cargo a recursos propios ou alleos, acreditando que ten consignado o crédito adecuado e suficiente para imputar a totalidade do gasto que lle corresponde financiar.

2. Entenderase que a finalidade básica da subvención estará cumprida cando se teña executado e recepcionado completamente a obra, polo importe de adxudicación. O importe da achega será o resultado de aplicación de coeficiente de financiamento sobre o importe adxudicado.

No caso de que se produxeran economías en execución ou diminución de gastos derivados de proxectos modificados, a achega provincial sería o resultado da aplicación do coeficiente de financiamento sobre o total certificado e recepcionado.



3. A Deputación Provincial financiará exclusivamente os gastos derivados do contrato de execución das obras contempladas no proxecto técnico e, polo tanto, non serán subvencionables os gastos derivados de contratos conexos, tales como honorarios de redacción de proxectos ou dirección das obras, tributos reivindicados pola obtención de licenzas, coordinación de seguridade e saúde, control de calidade ou outros. Tampouco se financiarán os incrementos de gastos derivados de proxectos modificados ou liquidacións da obra.

A Deputación poderá realizar controis **adicionais** de calidade das obras. A **ENTIDADE BENEFICIARIA** deberá facilitar a información e os accesos ás obras que sexan necesarios para a realización da dita actividade.

4. O importe do financiamento provincial farase efectivo con cargo á aplicación 0112/1711/76201 do orzamento provincial para o ano 2026, na que a Intervención Provincial certificou que existe crédito suficiente e sobre a que se contabilizou a correspondente retención de crédito. No caso de que a vixencia deste convenio esténdase a exercicios futuros, a súa aprobación queda condicionada á existencia de crédito adecuado e suficiente nos exercicios orzamentarios correspondentes e ao cumprimento dos obxectivos da Lei orgánica 2/2012, de 27 de abril, de estabilidade orzamentaria.

5. A subvención da Deputación é compatíbel coa percepción doutras subvencións ou axudas, públicas ou privadas, que a **ENTIDADE BENEFICIARIA** obteña para a mesma finalidade, sempre que o seu importe, xuntamente co da subvención provincial, non supere en ningún caso o importe total do gasto efectivamente xustificado.

No caso de que a concorrencia de axudas ou subvencións supere o importe do gasto efectivamente xustificado, minorarase a achega provincial no importe necesario para darlle estrito cumprimento ao apartado anterior.

IV.- CONTRATACIÓN E EXECUCIÓN .

1. Na condición de promotor, corresponderalle á **ENTIDADE BENEFICIARIA** a tramitación do contrato de execución das obras descritas no proxecto ao que fai referencia a cláusula primeira.

2. No procedemento de contratación, a **ENTIDADE BENEFICIARIA** axustará toda a súa actuación ao disposto na lexislación de contratos do sector público.

3.- Deberá utilizar os pregos-tipo de contratación da Deputación para o procedemento aberto cun único criterio, ou múltiples criterios de valoración, garantindo en todo caso, os principios de publicidade, concorrencia, igualdade e non discriminación.

Unicamente procederá a utilización do procedemento negociado sen publicidade nos supostos previstos no artigo 168 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de contratos do sector público, o que deberá quedar motivado no expediente

Non poderán recoller o concepto de “melloras”.

4.- No caso de que o **ENTIDADE BENEFICIARIA** tramite e aprobe algunha



modificación do proxecto inicialmente aprobado, por causas non imputables ao Concello e debidamente xustificadas, así como do contrato adxudicado, deberá **remitir á Deputación un exemplar do proxecto modificado, con anterioridade á aprobación** do mesmo polo órgano competente, achegando co mesmo os informes técnicos e xurídicos emitidos para a súa supervisión polos Servizos Técnicos Provinciais. Posteriormente, achegarase certificación da súa aprobación polo órgano competente. (Cláusulas III.3 e XIV.3)

V.- DIFUSIÓN DO FINANCIAMENTO PROVINCIAL.

- 1.Durante a execución das obras e ata o seu remate e recepción, a **ENTIDADE BENEFICIARIA** estará obrigada a colocar un cartel informativo da obra que sexa visible; polo menos, desde unha distancia de 25 metros, no que, sen prexuízo doutras indicacións, figure o a marca, símbolo ou logotipo da Deputación e o importe da subvención concedida.
- 2.Rematada a obra, e cando a súa natureza o permita, deberase colocar unha placa nun lugar visible na que se deixe constancia da data de inauguración da obra e do financiamento provincial. O texto estará redactado en galego.
- 3.Asemade, a entidade beneficiaria deberá cumprir coas obrigas de información que lle impón a Lei 19/2013, de 9 de decembro, de Transparencia, acceso á información pública e bo goberno, dándolle difusión a este convenio no Portal de Transparencia da súa páxina web ou sede electrónica.

VI.- A XUSTIFICACIÓN NECESARIA PARA RECIBIR A ACHEGA DA DEPUTACIÓN

1. Ata o 50 por cento da achega da Deputación ten carácter prepagable. A dita achega provincial calcularase aplicando o coeficiente de financiamento sobre o importe de adxudicación da obra. Polo tanto, a Deputación expedirá un primeiro pagamento do 50 % da achega provincial a prol da **ENTIDADE BENEFICIARIA** , unha vez que presente ou conste na Deputación provincial a seguinte documentación:
 - Xustificación da elección do procedemento de contratación utilizado, de acordo co previsto na cláusula IV.3.
 - Certificación do **acordo ou resolución de adxudicación** do contrato de obras, na que figuren polo menos o seguinte: datos da empresa adxudicataria, importe de adxudicación do contrato e prazo de execución.
 - **Acta de comprobación da implantación**, asinada pola dirección da obra, pola contratista adxudicataria e pola persoa funcionaria técnica designada pola Deputación ou, no seu caso, acreditación da imposibilidade de asistencia de dita persoa técnica provincial.
 - Certificación expedida polo órgano responsable da contabilidade das **axudas e outros ingresos afectados** á mesma finalidade ou obxecto desta subvención.
 - **Acreditación da colocación do cartel informativo** ao que se refire a cláusula V.1 mediante remisión dunha fotografía debidamente dilixenciada pola dirección da obra.



- Acreditación fotográfica da situación da obra previamente ao seu inicio.
2. Rematada completamente a obra, procederase ao abono do 50 por cento ou resto da achega provincial, unha vez que se presente ou conste na Deputación provincial a seguinte documentación:
- **Certificacións** de execución da obra cos datos a orixe, coa certificación da súa aprobación polo órgano competente, xunto co recoñecemento da obriga.
 - Informes de control de calidade da obra realizados por un técnico competente, de ser o caso.
 - **Acta de recepción da obra.** A dito acto deberá acudir unha persoa técnica designada pola Deputación, quen asinará tamén a correspondente acta. No caso de imposibilidade de asistencia da persoa técnica provincial, deberá acreditarse ter realizado a solicitude e a contestación da Deputación.
 - Certificación expedida polo órgano responsable da contabilidade dos **ingresos** de natureza pública ou privada obtidos para a mesmo proxecto, con indicación do seu importe e procedencia ou, pola contra, manifestación de que non se obtiveron outros ingresos para o mesmo proxecto.
 - Presentación de **fotografías**, dilixenciadas pola dirección da obra, acreditativas do **cumprimento das obrigas de difusión** previstas na cláusula V: cartel da obra e, no seu caso, colocación da placa e portal de transparencia da súa páxina web ou sede electrónica.
 - Presentación de fotografías da obra realizada, dilixenciadas polo técnico-director.
 - Certificación do acordo da incorporación do ben ao **inventario de bens** do **ENTIDADE BENEFICIARIA**, facendo constar nos correspondentes asentos que o ben queda afectado á finalidade pública para a que foi concedida a subvención polo menos durante un prazo de dez anos.
 - Cando o ben sexa susceptible de inscrición no Rexistro da Propiedade, debe constar a adscrición ao uso e servizo público por un prazo de dez anos.
 - Deberá acreditar o pago efectivo aos terceiros do importe aboado co primeiro pago prepagable.
3. Previamente a realización de calquera dos pagos anteditos, e de acordo co previsto na cláusula VIII, a Deputación comprobará de oficio se o concello está ao corrente nas súas obrigas tributarias, coa Seguridade Social e coa Deputación.
- 4.-Cando o gasto xustificado sexa inferior ao 50% da subvención provincial, e polo tano, a finalidade básica da subvención non se considere cumprida nos termos da cláusula III.2, o anticipo concedido non xustificado deberá reintegrarse xunto cos correspondentes intereses de demora.
5. **No caso de resolución de contrato** por causas debidamente xustificadas, non imputables ao Concello, poderá efectuarse o pago correspondente á aplicación do coeficiente de financiamento sobre o total certificado e pagado ao contratista .A tal efecto,



deberán de aportarse as transferencias bancarias a favor do contratista. A estes efectos, o importe non aboado se considerará economía.

VII.- TERMO PARA A FINALIZACIÓN DAS OBRAS E PRAZO DE XUSTIFICACIÓN.

1. As obras que son obxecto de financiamento provincial, tal como están descritas no proxecto técnico indicado na cláusula I, deberán estar finalizadas e presentada a documentación xustificativa indicada na cláusula VI no prazo indicado na cláusula XIV.
2. No caso de non ter presentada a documentación xustificativa , ou a solicitude de prórroga dentro do prazo de vixencia do convenio, **implicará a perda da subvención e** demais responsabilidades previstas neste convenio e na lexislación aplicable respecto diso, tal e como se indica na cláusula XIV.

VIII.- CUMPRIMENTO DAS OBRIGAS TRIBUTARIAS E COA SEGURIDADE SOCIAL E A SÚA ACREDITACIÓN.

- 1.A **ENTIDADE BENEFICIARIA** deberá estar ao día, con carácter previo á sinatura deste convenio, e logo, con carácter previo ao pago da subvención, no cumprimento das obrigas tributarias coa Axencia Tributaria, coa Seguridade Social e con esta Deputación .
- 2.A tal efecto, a **ENTIDADE BENEFICIARIA** presentará as certificacións das administracións tributarias correspondentes e da Tesourería da Seguridade Social nas que se acredite que a entidade está ao corrente nas súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social.
- 3.Poderá omitirse a presentación desta documentación sempre que autorice expresamente á Deputación a realizar as consultas tributarias e non se opoña á consulta de datos da Seguridade Social . Neste caso, a acreditación do cumprimento das obrigas tributarias coa Deputación Provincial determinarase de oficio por esta.

IX.- DESTINO E MANEXO DOS FONDOS RECIBIDOS.

- 1.Consonte ao previsto nas Regras 25 e seguintes da Instrución de contabilidade para a administración local (Orde HAP 1781/2013, de 20 de setembro, Modelo normal), a ENTIDADE BENEFICIARIA deberá codificar este proxecto de gasto, co fin de facerlle un seguimento contábel específico, de xeito de que quede rexistrada unha pista de auditoría fiable pola que se poida verificar a afectación e aplicación efectiva dos fondos recibidos á execución do proxecto financiado.
- 2.A **ENTIDADE BENEFICIARIA** destinará os fondos recibidos ao pagamento dos xustificantes de gasto presentados.
- 3.O concello deberá acreditar ter aboado aos terceiros o importe dos gastos xustificandos, no prazo máximo **dun mes** dende a recepción dos fondos que constitúen o segundo pagamento. Esta obriga será comprobada pola Deputación e, no seu caso, no procedemento de control financeiro que se poida instruír para tal efecto, sen que teña que presentar documentación adicional algunha no expediente de xestión e pagamento da subvención.



4.Co fin de garantir un axeitado control da aplicación dos fondos, o pagamento deberá quedar acreditado documentalmente mediante a utilización de transferencia bancaria, cheque nominativo, cargo, ingreso en conta ou calquera outra modalidade de pagamento bancario, sempre que en todo caso quede identificada a persoa ordenante e a persoa preceptora.

5.No caso de que o ben subvencionado tivera como finalidade a posta en funcionamento dalgún servizo ou actividade, a ENTIDADE BENEFICIARIA, deberá acreditar nun prazo máximo de cinco meses dende a percepción da totalidade da subvención, de que o servizo ou actividade están funcionamento, ou, no seu caso, presentar un programa de posta en funcionamento. Esta circunstancia poderá ser verificada a través da inclusión da subvención no Plan de Control Financeiro da Intervención provincial.

X.- CONTROL FINANCEIRO DA DEPUTACIÓN E DOS ÓRGANOS DE CONTROL EXTERNO.

1.Consonte ao disposto nos artigos 44 e seguintes da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de subvencións, e nos artigos 41 e seguintes da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de Subvencións de Galicia, A **ENTIDADE BENEFICIARIA** poderá ser seleccionado pola Intervención provincial para a realización dun control financeiro sobre a subvención pagada, co fin de acreditar a efectiva aplicación dos fondos á finalidade para a que foron concedidos, o correcto financiamento da actividade e o cumprimento de tódalas demais obrigas formais e materiais que lle impón o presente convenio de cooperación e a lexislación citada anteriormente.

2.Asemade, de acordo co previsto na lei 6/1985, de 24 de xuño, do Consello de Contas de Galicia, A **ENTIDADE BENEFICIARIA** queda sometido aos procedementos de fiscalización que leven a cabo o Consello de Contas de Galicia ou, no seu caso, segundo o previsto na Lei orgánica 2/1982, de 12 de maio, aos procedementos de axuízamento contable que poida incoar o Tribunal de Contas, e a calquera outro órgano de control, nacional ou europeo.

XI.- REINTEGRO, INFRACCIÓNS E SANCIÓN.

1.O incumprimento dalgunha das cláusulas previstas no presente convenio de cooperación poderá comportar a obriga de reintegro parcial ou total dos fondos recibidos, así como ao pago dos xuros de demora que se perciban desde o día no que se realizou o pago ata o momento no que se acorde a procedencia do reintegro. O procedemento de reintegro iniciárase de oficio na súa tramitación seguirase o disposto nos artigos 41 e seguintes da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeneral de Subvencións e nos artigos 91 e seguintes do seu Regulamento (R.D. 887/2006, de 21 de xullo), dándolle en todo caso audiencia ao interesado.

2.Sen prexuízo do anterior, dito incumprimento tamén poderá ser constitutivo dalgunha das infraccións tipificadas na Lei 38/2003, de 17 de novembro, ou na Lei 9/2007, de 13 de xuño, de Subvencións de Galicia, séndolle de aplicación o cadro de sancións previstos nas normas citadas e na Ordenanza xeral de subvencións e transferencias da Deputación Provincial da Coruña.

3.Nos supostos de demora na realización das obras ou na presentación da xustificación, estarase ao disposto na Ordenanza xeral de subvencións e transferencias da Deputación Provincial da Coruña.



XII.- INCORPORACIÓN AO REXISTRO PÚBLICO DE SUBVENCIÓNS E PUBLICACIÓN DA SUBVENCIÓN CONCEDIDA.

1.No cumprimento do disposto no artigo 20 da Lei 38/2003, xeral de subvencións, e demais normativa de desenvolvemento, os datos da subvención concedida e a identificación da **ENTIDADE BENEFICIARIA** serán remitidas á Intervención xeral do Estado, para que sexan incorporados á Base de Datos Nacional de Subvencións, coa exclusiva finalidade prevista en dito precepto e co debido respecto á protección dos datos de carácter persoal, segundo o previsto na Lei orgánica 3/2018, de 13 de decembro, de protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais.

2.Segundo o previsto no artigo 18 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de subvencións, e no artigo 8 da Lei 19/2013, de 9 de decembro, de transparencia, acceso a información pública e bo goberno, a concesión da subvención ao **A ENTIDADE BENEFICIARIA** será publicada no portal de transparencia da sede electrónica da Deputación da Coruña.

3.Un exemplar deste convenio, debidamente asinado, será incorporado ao Rexistro de convenios que depende da Secretaría Provincial, xestionado polo Servizo de Contratación da Deputación.

XIII.- COMISIÓN DE SEGUIMIENTO

1.Para realizar o seguimento deste convenio e as incidencias que poidan xurdir do mesmo, queda constituída unha comisión integrada pola persoa titular da Presidencia da Deputación ou membro da Corporación no que delegue e a persoa titular da Alcaldía do **Concello de Betanzos** ou membro da Corporación en quen delegue. Actuarán como asesores de dita comisión as persoas titulares da Secretaría xeral e do órgano interventor da Deputación e da ENTIDADE BENEFICIARIA, ou persoas funcionarias en quen deleguen.

2.En todo caso, será preceptivo o ditame previo desta Comisión para os acordos de interpretación do presente convenio.

XIV.- VIXENCIA DO CONVENIO, PRÓRROGA OU MODIFICACIÓN.

1.O presente convenio de cooperación terá efectos desde a súa sinatura e conservará a súa vixencia ata o **31/10/2027**, o que representa un período de vixencia de _____ meses. No caso de que a vixencia deste convenio se estenda a exercicios futuros, a súa aprobación queda condicionada á existencia de crédito adecuado e suficiente nos exercicios orzamentarios correspondentes e ao cumprimento dos obxectivos da Lei de estabilidade orzamentaria.

2.O dito prazo será improrrogable, salvo que **A ENTIDADE BENEFICIARIA** non poida ter finalizadas as obras e presentada a xustificación antes do prazo establecido na cláusula VII. Nese caso, deberá solicitar antes desta data, a prórroga do prazo inicial, achegando coa solicitude un novo programa de traballo asinado polo Director da obra, co fin de que a Deputación poida acreditar a existencia de crédito adecuado e suficiente para o pago do importe pendente de xustificar.



3.A estes efectos, a **ENTIDADE BENEFICIARIA** na solicitude deberá indicar as **causas da demora na execución das obras, acreditar que as ditas causas non son imputables á ENTIDADE BENEFICIARIA, e xustificar** que implican a necesidade de prorrogar o presente convenio, **indicando o prazo imprescindible para a finalización das mesmas.**

De considerarse xustificadas os motivos aducidos, previos os informes preceptivos, a prórroga do prazo de vixencia do convenio aprobarase **por Resolución da Presidencia,** polo **prazo imprescindible para a finalización das obras.**

O dito prazo será máximo e, polo tanto, **non será susceptible dunha nova prórroga, nin de modificación,** polo que, a non presentación da xustificación no dito período, **implicará que** o convenio quedará definitivamente extinguido e comportará a perda do dereito á cobranza da subvención e, sen máis notificación, implicará a iniciación do expediente de reintegro, no seu caso, do anticipo percibido mais os correspondentes xuros de demora.

4.En ningún caso, se poderá modificar o convenio variando substancialmente o obxecto da subvención concedida de forma excepcional e nominativamente por acordos plenarios das respectivas administracións.

A modificación do proxecto de obras non implicará un incremento da achega provincial senón que, no seu caso, o exceso de financiamento deberá ser soportado pola ENTIDADE BENEFICIARIA. No caso de que a modificación implique unha minoración do importe do proxecto, a mesma se imputará proporcionalmente as entidades asinantes en función de do coeficiente de financiamento contemplado na cláusula III.

5.No caso de que o **ENTIDADE BENEFICIARIA** tramite e aprobe algunha **modificación do proxecto** inicialmente aprobado, por causas non imputables ao Concello e debidamente xustificadas, así como do contrato adxudicado, deberá **remitir á Deputación un exemplar do proxecto modificado, con anterioridade á aprobación** do mesmo polo órgano competente, achegando co mesmo os informes técnicos e xurídicos emitidos para a súa supervisión polos Servizos Técnicos Provinciais. Posteriormente, achegarase certificación da súa aprobación polo órgano competente.(Cláusulas III.3 e XIV.4)

6.No caso de que a modificación implique unha minoración ou incremento do importe adxudicado, deberá tomar coñecemento o Pleno da Corporación Provincial e formalizarse en documento administrativo.

De manterse igual o importe, tomarase coñecemento mediante Resolución da Presidencia. En todo caso, non se formalizará a modificación, uníndose o acordo plenario ou resolución ao expediente para a súa constancia.

XV.- NATUREZA, INTERPRETACIÓN E XURISDICIÓN COMPETENTE.

1.O presente convenio ten natureza administrativa e para resolver as dúbidas que xurdan na interpretación das súas cláusulas aplicaranse as disposicións contidas na Lei 38/2003, de 18 de novembro, xeral de Subvencións, e na Lei 9/2007, de 13 de xuño, de Subvencións de Galicia e na Ordenanza xeral de Subvencións e



Transferencias da Deputación. Supletoriamente aplicárase a lexislación de contratos do sector público.

2. Corresponderalle aos órganos da xurisdición contencioso-administrativa, segundo a distribución de competencias prevista na Lei 29/1998, de 13 de xullo, reguladora de dita xurisdición, o coñecemento das cuestións litixiosas que poidan xurdir como consecuencia do presente convenio.

E para que así conste e en proba de conformidade por ambas partes, asínase (No caso de sinatura electrónica engadirase: electronicamente) o presente convenio, dando fe de todo elo o Secretario xeral (*ou quen legalmente lle substitúa*)”

8.- Aprobación do texto e da formalización do Convenio de Cooperación entre a Excelentísima Deputación Provincial da Coruña e o Concello de Boqueixón polo que se instrumenta unha subvención nominativa para cofinanciar a adquisición de equipamento de desbroce.

VOTACIÓN

Votan a favor: 31 deputados/as (14 do PP, 10 do PSOE, 6 do BNG e 1 de Alternativa dos Veciños).

Votan en contra: ningún/ha deputado/a

Abstéñense: ningún/ha deputado/a

ACORDO

O Pleno, por unanimidade, acorda:

“1º.- Levantar o reparo interposto pola Intervención Provincial na tramitación do expediente de aprobación dun convenio de cooperación entre a Excmá. Deputación provincial da Coruña e do **Concello de Boqueixón polo lo que se instrumenta unha subvención nominativa** para cofinanciar a **adquisición de equipamento de desbroce**, e instar a que o mesmo siga os trámites oportunos para proceder á súa aprobación e formalización.

2º.- Exceptuar para o presente convenio os principios de concorrencia, publicidade, igualdade e non discriminación na tramitación do presente expediente, dada la existencia de causas excepcionais que xustifican a concesión da subvención nominativa, por entender que se dan as razóns de interese público no outorgamento da subvención. Estes principios atópanse recollidos nos artigos 22.2 LXS e 65-67 do seu Regulamento.

3º.- Aprobar o texto e a formalización do Convenio de Cooperación entre a Excelentísima Deputación Provincial da Coruña e o Concello de Boqueixón polo que se instrumenta unha subvención nominativa para cofinanciar adquisición de equipamento de desbroce, cunha achega provincial de 215.417,66 euros con cargo á aplicación orzamentaria 0112/1531/76201 o que representa un coeficiente de financiamento do 80,00 % respecto dun orzamento de 269.272,07 euros.



4º.- Condicionar o convenio á existencia de crédito adecuado e suficiente e ao cumprimento dos obxectivos de estabilidade orzamentaria, no próximo exercicio orzamentario, de acordo coa normativa vixente no momento.

ANEXO

CONVENIO DE COOPERACIÓN ENTRE A EXCELENTÍSIMA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA E O CONCELLO DE BOQUEIXÓN POLO QUE SE INSTRUMENTA UNHA SUBVENCIÓN NOMINATIVA PARA O COFINANCIAMENTO DA ADQUISICIÓN DE EQUIPAMENTO DE DESBROCE.

Na Coruña, a ____ de _____ de 2026

Ante min, Miguel Iglesias Martínez, Secretario Xeral da Deputación Provincial da Coruña, como fedatario actuante

REUNIDOS

Dunha parte D. _____, representante da Deputación Provincial da Coruña,

Doutra parte D. _____ representante do Concello de **Boqueixón**

Os comparecentes interveñen en uso das potestades que, por razón dos seus cargos, estalles atribuídas

MANIFESTAN

Son competencias propias da Deputación Provincial de A Coruña, en virtude do establecido no artigo 36 Lei 7/1985, de 2 de abril, de Bases do Réxime Local, a asistencia e cooperación xurídica, económica e técnica aos Municipios, especialmente os de menor capacidade económica e de xestión.

A este efectos, a Deputación asegura o acceso da poboación da Provincia ao conxunto dos servizos mínimos de competencia municipal e á maior eficacia e economía na prestación destes mediante fórmulas de asistencia e cooperación municipal. Con esta finalidade, a Deputación poderá outorgar subvencións e axudas con cargo aos seus recursos propios para a realización e o mantemento de obras e servizos municipais, que se instrumentarán a través de plans especiais ou outros instrumentos específicos.

Así mesmo, o Municipio, para a xestión dos seus intereses e no ámbito das súas competencias, pode promover actividades e prestar os servizos públicos que contribúan a satisfacer as necesidades e aspiracións da comunidade veciñal nos termos previstos no artigo 25 da Lei 7/1985, de 2 de abril, de Bases do Réxime Local

O Municipio exercerá en todo caso como competencias propias, nos termos da lexislación do Estado e das Comunidades Autónomas, entre outras, as seguintes materias:

...b) Medio ambiente urbano: en particular, parques e xardíns públicos, xestión dos residuos sólidos urbanos e protección contra a contaminación acústica, lumínica e atmosférica nas zonas urbanas...

...d) Infraestrutura viaria e outros equipamentos da súa titularidade...



Neste sentido, o Concello de **Boqueixón** considera de primeira necesidade o subministro de **equipamento de desbroce**.

“... A concesión desta axuda en réxime excepcional e nominativo xustifícase polas seguintes razóns:

- Interese público e urxencia: A conservación e limpeza das vías municipais constitúe un servizo público esencial, directamente vinculado á seguridade cidadá, á accesibilidade dos núcleos rurais e á prevención de incendios forestais. A falta de maquinaria operativa compromete a continuidade deste servizo.*
- Carácter singular do proxecto: O investimento proposto é único e específico para o Concello de Boqueixón debido ás súas características territoriais e operativas. Cunha superficie de 73 km² e máis de 250 km de pistas municipais que dan acceso a núcleos de poboación dispersos, Boqueixón presenta unha das maiores densidades de rede viaria por habitante da provincia. Ademais, a orografía accidentada e o avanzado estado de desgaste da maquinaria municipal existente (tractores do ano 2010 con máis de 12.000 e 17.000 horas de uso) fan necesaria a incorporación dun equipamento especializado que non resulta substituíble por outros medios nin comparable á situación doutros concellos con menores necesidades de mantemento.*
- Imposibilidade de concorrencia competitiva: As necesidades técnicas, a urxencia da adquisición e a súa natureza de investimento municipal concreto impiden a súa inclusión nun procedemento xeral de concorrencia sen comprometer a eficacia e o interese público da actuación.*
- Impacto social e territorial: O equipamento solicitado terá un efecto inmediato e sostible na mellora dos servizos municipais, reducindo custos de mantemento, aumentando a seguridade viaria e contribuíndo á protección ambiental...”*

Que dado o interese coincidente da Deputación da Coruña e do Concello de **Boqueixón**, as dúas partes acordan subscribir un convenio conforme ás seguintes

CLÁUSULAS

I. - OBXECTO

1- O presente convenio de cooperación ten por obxecto a fixación das bases de outorgamento dunha subvención nominativa por esta Deputación a prol do **Concello de Boqueixón**, con **CIF P1501200H**, fixando as condicións que se impoñen por esta administración concedente e os compromisos asumidos pola entidade beneficiaria, para o financiamento da subministración que se describe de seguido: **“adquisición equipamento de desbroce”**, tal e como aparece definida no prego de prescricións técnicas redactado polo técnico do Concello.

2.A entidade beneficiaria, na súa condición de promotora achega ao expediente un exemplar do Prego de Prescricións, no que consta a súa aprobación polo órgano competente, así como a certificación de que conta coas autorizacións administrativas preceptivas. O dito Prego de Prescricións Técnicas foi supervisado polo Servizo de Arquitectura e Mantemento da Deputación e conta con informe favorable.

II.- ORZAMENTO DE GASTOS DA ACTIVIDADE QUE SE HA REALIZAR

Segundo o orzamento que achega o Concello o orzamento máximo para a subministración ascende a **269.272,07 euros**.



ORZAMENTO TOTAL ACTUACIÓN	IMPORTE
Equipo profesional de desbroce co seguinte equipamento: Brazo telescópico: con alcance mínimo de 6,75 metros, instalado na parte dianteira para permitir o traballo en dirección de avance, ventilador reversible e autolimpeza. Cabezal desbrozador: cabezal de corte cunha anchura mínima de 1,20 m. Pinza cortadora: corte mínimo 20 cm de diámetro Barra de discos de poda en altura Pinza para herba con kit rotador.	222.538,90 €
IVE 21 %	46.733,17€
ORZAMENTO TOTAL	269.272,07 €

III.- FINANCIAMENTO PROVINCIAL E OUTROS INGRESOS QUE SE OBTENAN OU APORTEN PARA A MESMA FINALIDADE

1. A Deputación da Coruña contribuirá ao financiamento da subministración, tal como se define na cláusula primeira, cunha achega máxima de **215.417,66 €**, o que representa unha porcentaxe de **80,00%**.

No caso de que o gasto xustificado non acadase o importe total previsto na cláusula segunda, a Deputación só achegará o importe que represente o **80,00 %** da cantidade efectivamente xustificada. A contía restante, ata acadar o importe total do orzamento da actividade, está financiado con cargo a recursos (propios ou alleos) acreditando a entidade beneficiaria que ten consignado o crédito adecuado e suficiente para imputar a totalidade do gasto imputable á entidade.

2. Agora ben, se a cantidade xustificada resulta inferior ao 75 por cento do orzamento previsto na cláusula segunda, entenderase que a finalidade básica da subvención non foi cumprida e perderase o dereito ao seu cobro.

A Deputación provincial financiará exclusivamente os gastos derivados da subministración e, polo tanto, non serán subvencionables os gastos de redacción do Prego, tributos percibidos pola obtención de licenzas, honorarios por dirección, control de calidade etc. Tampouco se financiarán os incrementos de gastos derivados da subministración.

3. O importe do financiamento provincial farase efectivo con cargo á aplicación orzamentaria **0112/1531/76201** na que a Intervención provincial ten certificado que existe crédito dabondo sobre a que se ten contabilizado a correspondente retención de crédito. Dado que a vixencia deste convenio se estende a exercicios futuros, a súa aprobación queda condicionada á existencia de crédito adecuado e suficiente nos exercicios orzamentarios correspondentes e ao cumprimento dos obxectivos da Lei de estabilidade orzamentaria.

4. A subvención da Deputación é compatible coa percepción doutras subvencións ou axudas, públicas ou privadas, que a entidade beneficiaria obteña para a mesma finalidade, sempre que o seu importe, xuntamente co da subvención provincial, non supere en ningún caso o importe total do gasto efectivamente xustificado.

5. No caso de que a concorrencia de axudas ou subvencións supere o importe do gasto efectivamente xustificado, minorarase a achega provincial no importe necesario para darlle estrito cumprimento ao apartado anterior.

IV.- CONTRATACIÓN E EXECUCIÓN

1. Na condición de adquirente, corresponderalle ao Concello o outorgamento dos correspondentes contratos de subministracións.

2. No procedemento de contratación o Concello axustará toda a súa actuación ao



disposto na lexislación de contratos do sector público.

3. Deberá utilizar os pregos-tipo de contratación da Deputación e non poderá recoller o concepto “melloras”.

4. No caso de que a entidade beneficiaria tramite e aprobe algunha modificación do Prego inicialmente aprobado, así como do contrato adxudicado, deberá remitirle á Deputación un exemplar do Prego modificado e achegar con el os informes emitidos e a certificación do correspondente acordo.

V.- PUBLICIDADE DO FINANCIAMENTO PROVINCIAL

1. No contrato e nos anuncios de licitación para adquisición, farase constar o importe do financiamento provincial.

2. Adquirido o ben, o Concello, deberá **rotular o ben en lugar visible** de xeito que se deixe constancia da data de adquisición e do financiamento provincial. O texto estará redactado en galego.

3. Asemade, a entidade beneficiaria deberá cumprir coas obrigas de información que lle impón a Lei 19/2013, de 9 de decembro, de Transparencia, acceso a información pública e bo goberno, **dándolle publicidade a este convenio no Portal de Transparencia da súa páxina web**

VI.- A XUSTIFICACIÓN NECESARIA PARA RECIBIR A ACHEGA PROVINCIAL

1. **Ata o 40 por cento** da achega da Deputación ten carácter prepagable, de xeito que se procederá a expedir un primeiro pagamento a prol do Concello, pola contía resultante de aplicar a dita porcentaxe sobre o importe de adxudicación do contrato de subministracións, unha vez que presente ou conste na Deputación provincial a seguinte documentación:

- a) Certificación do **acordo de adxudicación definitiva do contrato de subministracións**, na que se fagan constar polo menos os seguintes datos: Persoa adxudicataria, Importe do contrato E prazo de execución
- b) Acreditación do cumprimento das **obrigas tributarias e coa Seguridade Social**, segundo o disposto na cláusula OITAVA.
- c) **Certificación expedida polo órgano responsable da contabilidade das axudas e outros ingresos afectados a mesma finalidade ou obxecto desta subvención.**
- d) O Concello estará obrigado a colocar un cartel que sexa visible no que, sen prexuízo doutras indicacións, figure o disposto na cláusula V. de publicidade./**Acreditación da colocación da publicidade da deputación mediante a remisión de fotografías debidamente dilixenciadas pola dirección.**

2. Formalizado en documento público o contrato, procederase ao aboamento do 60 por cento restante, unha vez que se presente ou conste na Deputación provincial a seguinte documentación (só admisible por medios electrónicos a través do aplicativo SUBTEL):

- **Acta de recepción e fotografía** do subministro realizado
- **Factura e certificación acreditativa do pago do ben.**
- **Certificación do acordo de aprobación da factura e do recoñecemento da obriga**, expedida polo órgano competente.
- Acreditación do cumprimento das **obrigas tributarias e coa Seguridade Social**, segundo o disposto na cláusula OITAVA.



- Certificación expedida polo órgano responsable da contabilidade das **axudas e outros ingresos** afectados a mesma finalidade ou obxecto desta subvención.
- Acreditación do cumprimento das **obrigas de publicidade previstas na cláusula QUINTA** (mediante a presentación de fotografías dilixenciadas no reverso).
- **Certificación do acordo da incorporación do ben ao inventario** de bens da entidade beneficiaria, facendo constar nos correspondentes asentos que o ben queda afectado á finalidade pública para a que foi concedida a subvención alomenos durante un prazo de cinco anos.
- Deberá acreditar o **pago efectivo aos terceiros do importe aboado co primeiro pago prepagable**

3. O aboamento da contía restante da subvención materializarase mediante ingreso na conta da entidade financeira indicada pola entidade beneficiaria na documentación achegada.

4. Deberá acreditar ter aboado a os terceiros o importe xustificado do 60% no prazo máximo dun mes dende a recepción dos fondos que constitúen o segundo pagamento. Esta obriga será comprobada pola Deputación, no seu caso, no procedemento de control financeiro que se poida instruír para tal efecto, sen que se teña que presentar documentación adicional ningunha no expediente de xestión e pagamento da subvención.

VII. TERMO PARA A REALIZACIÓN DA ACTIVIDADE E PRAZO DE XUSTIFICACIÓN

1. As obras que son obxecto de financiamento provincial, tal e como están descritas no proxecto técnico indicado na cláusula I, deberán estar **rematadas e presentada a documentación xustificativa** indicada na cláusula VI **no prazo indicado na cláusula XIII.**

2. De conformidade co disposto no artigo 70.3 do Regulamento da Lei de subvencións (Real decreto 887/2006, do 21 de xullo), transcorrido este prazo sen que se teña recibido xustificación ningunha, a Unidade xestora remitiralle un requirimento á entidade beneficiaria para que a presente no prazo improrrogable de quince días.

3. A falla de xustificación da subvención neste prazo excepcional implicará a perda da subvencións e demais responsabilidades previstas neste convenio e na lexislación aplicábel ao respecto, tal e como se indica na cláusula XIII. Aínda así, a presentación da xustificación neste prazo adicional non eximirá á entidade beneficiaria da sanción que, de conformidade co disposto na Lei de subvencións e na ordenanza provincial de desenvolvemento que resulte aplicable, lle poida corresponder.

VIII.- CUMPRIMENTO DAS OBRIGAS TRIBUTARIAS E COA SEGURIDADE SOCIAL E A SÚA ACREDITACIÓN.

1. A entidade beneficiaria deberá estar ao día, con carácter previo á sinatura deste convenio, e logo, con carácter previo ao pago da subvención, no cumprimento das obrigas tributarias coa Administración do Estado, coa Comunidade autónoma, coa Deputación Provincial da Coruña, e coa Seguridade Social. A entidade beneficiaria autoriza á Deputación a que obteña telematicamente os correspondentes certificados.



2. A acreditación do cumprimento de ditas obrigas poderá realizarse mediante declaración responsábel expedida polo órgano competente, mediante a presentación dos correspondentes certificado ou ben autorizando á Deputación a que obteña telematicamente os correspondentes certificados.

3. A acreditación do cumprimento das obrigas tributarias coa Deputación Provincial determinarase de oficio por ésta

IX.- DESTINO E MANEXO DOS FONDOS RECIBIDOS.

1. A entidade beneficiaria destinará os fondos recibidos ao pagamento dos xustificantes de gasto presentados.

2. Co fin de garantir un axeitado control da aplicación dos fondos, o pagamento deberá quedar acreditado documentalmente mediante a utilización de transferencia bancaria, tarxeta de débito ou crédito, cheque nominativo ou calquera outro medio que deixe constancia da data de pago e da identidade do perceptor

X.- CONTROL FINANCEIRO DA DEPUTACIÓN E DOS ÓRGANOS DE CONTROL EXTERNO.

1. Consonte ao disposto nos artigos 44 e seguintes da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de subvencións, e nos artigos 41 e seguintes da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de Subvencións de Galicia, a entidade beneficiaria poderá ser escollida pola Intervención provincial para a realización dun control financeiro sobre a subvención pagada, co fin de acreditar a efectiva aplicación dos fondos á finalidade para a que foron concedidos, o correcto financiamento da actividade e o cumprimento de tódalas demais obrigas formais e materiais que lle impón o presente convenio de cooperación.

2. Asemade, de acordo co previsto na Lei 6/1985, de 24 de xuño, do Consello de Contas de Galicia, á entidade beneficiaria queda sometida aos procedementos de fiscalización que leven a cabo o Consello de Contas de Galicia ou, no seu caso, segundo o previsto na Lei orgánica 2/1982, de 12 de maio, aos procedementos de axuízamento contábel que poida incoar o Tribunal de Contas, e a calquera outro órgano de control, nacional ou europeo.

XI.- REINTEGRO, INFRACCIÓNS E SANCIÓNS.

1. O incumprimento dalgunha das cláusulas previstas no presente convenio de cooperación poderá implicar a obriga de reintegro parcial ou total dos fondos recibidos, así como ao pago dos xuros de demora que se perciban dende o día no que se realizou o pagamento ata o momento no que se acorde a procedencia do reintegro. O procedemento de reintegro iniciárase de oficio e na súa tramitación seguirase o disposto nos artigos 41 e seguintes da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de subvencións e nos artigos 91 e seguintes do seu Regulamento (R.D. 887/2006, do 21 de xullo), dándolle en todo caso audiencia ao interesado.

2. Sen prexuízo do anterior, dito incumprimento tamén poderá ser constitutivo dalgunha das infraccións tipificadas na Lei 38/2003, de 17 de novembro, ou na Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia, séndolle de aplicación o cadro de sancións previstos nas normas citadas e na ordenanza provincial de desenvolvemento que resulte aplicable.

3. Nos supostos de retraso na realización das obras ou retraso na presentación da



xustificación, estarase ao disposto na ordenanza provincial de desenvolvemento que resulte aplicable

.4. Se o retraso se produce no pago ao adxudicatario ou terceiros que teñan realizado o obxecto do convenio, se liquidará o xuro legal do diñeiro polo período que medie entre o prazo indicado na cláusula VI.3 e a data do pago efectivo ao terceiro

XII.- INCORPORACIÓN AO REXISTRO PÚBLICO DE SUBVENCÍONS E PUBLICACIÓN DA SUBVENCIÓN CONCEDIDA.

1. No cumprimento do disposto no artigo 20.1 da Lei 38/2003, xeral de subvencións, e demais normativa de desenvolvemento, os datos da subvención concedida e a identificación da entidade beneficiaria serán remitidas á Intervención xeral do Estado, para que sexan incorporados á Base de Datos Nacional de Subvencións, coa exclusiva finalidade prevista en dito precepto.

2. Asemade, no cumprimento do disposto no artigo 16.3 da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de Subvencións de Galicia, a Deputación remitiralle a mesma información á Consellería de Economía y Facenda, co fin de que a incorpore ao Rexistro público de axudas, subvencións e convenios da Comunidade autónoma de Galicia.

3. Segundo o previsto no artigo 18 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de subvencións, a concesión da subvención ao Concello será publicada no Boletín Oficial da Provincia da Coruña e na páxina web www.dacoruna.gal

4. Un exemplar deste convenio, debidamente asinado, será incorporado ao Rexistro de convenios que depende do Servizo de Patrimonio e Contratación da Deputación.

XIII.- VIXENCIA DO CONVENIO, PRÓRROGA OU MODIFICACIÓN

1.O presente convenio de cooperación producirá efectos dende a data da súa sinatura e conservará a súa **VIXENCIA** ata o día **31 de OUTUBRO do 2027**. Dado que a existencia deste convenio se estende a exercicios futuros, a súa aprobación queda condicionada á existencia de crédito adecuado e suficiente no exercicio orzamentario correspondente e ao cumprimento dos obxectivos da Lei de Estabilidade Orzamentaria.

2. Para o caso de que a entidade beneficiaria non poida ter rematada a adquisición e presentada a xustificación no prazo sinalado na cláusula VII, deberá solicitar **antes do 30 de SETEMBRO de 2027**, a **PRÓRROGA** do prazo inicial, achegando unha solicitude motivada, co fin de que a Deputación poida acreditar a existencia de crédito adecuado e suficiente para o pago que proceda, do importe correctamente xustificado. Acreditada esta circunstancia, a Deputación poderá conceder a prórroga solicitada, que **en ningún caso poderá exceder do 31 de outubro do 2028**, todo iso, igualmente condicionado á existencia de crédito axeitado e suficiente nos exercicios orzamentarios correspondentes e ao cumprimento dos obxectivos da Lei de estabilidade orzamentaria. A esta data, o convenio quedará definitivamente extinguido, de xeito que o Concello perderá o dereito ao cobro do importe correspondente á contía non xustificada a dita data.

De acordo co establecido na cláusula VII do presente convenio, unha vez finalizado o prazo de vixencia ou no seu caso, o das prórrogas efectivamente solicitadas en prazo, sen que se presentase a xustificación, a unidade xestora requirira a entidade beneficiaria para que presente a documentación no prazo improrrogable de 15 días. De non presentarse no devandito prazo, o convenio quedará definitivamente extinguido, comportará a perda do dereito ao cobramento da subvención e implicará a iniciación do expediente de reintegro, no seu caso, do anticipo percibido máis os correspondentes



xuros de mora.

3. Tamén, por acordo expreso de ambas as dúas partes e previos os informes da Unidade Xestora, do servizo de Patrimonio e Contratación, da Secretaría e da Intervención da Deputación, **o convenio poderá ser obxecto de modificación**. En ningún caso, se poderá modificar o convenio variando substancialmente o obxecto da subvención concedida e prevista nominativamente por acordo plenario.

XIV.- NATUREZA, INTERPRETACIÓN, MODIFICACIÓN E XURISDICIÓN COMPETENTE

1. O presente convenio ten natureza administrativa e para resolver as dúbidas que xurdan na interpretación das súas cláusulas aplicaranse as disposicións contidas na Lei 38/2003, de 18 de novembro, xeral de Subvencións, e na Lei 9/2007, de 13 de xuño, de Subvencións de Galicia. Supletoriamente aplicarase a lexislación de contratos do sector público.

2. Para o seguimento coordinado da execución do presente convenio poderá crearse unha **comisión de seguimento** formada por dous representantes de cada unha das institucións nomeados polo Presidente da Deputación e o Concello, respectivamente.

3. Corresponderalle aos órganos da xurisdición contencioso-administrativa, segundo a distribución de competencias disposta na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora de dita xurisdición, o coñecemento das cuestións litixiosas que poidan xurdir como consecuencia do presente convenio.

Faise constar que o presente convenio foi aprobado polo Pleno da Corporación o día

E, en proba de conformidade, as partes comparecentes asinan en **duplicado exemplar** o presente convenio, no lugar e data indicados no encabezamento."

9.- Aprobación do texto e da formalización do Convenio de Cooperación entre a Excelentísima Deputación Provincial da Coruña e o Concello de Brión polo que se instrumenta unha subvención nominativa para cofinanciar as obras de remodelación do campo de fútbol "José Pumar" de Bastavales.

VOTACIÓN

Votan a favor: 31 deputados/as (14 do PP, 10 do PSOE, 6 do BNG e 1 de Alternativa dos Veciños).

Votan en contra: ningún/ha deputado/a

Abstéñense: ningún/ha deputado/a

ACORDO

O Pleno, por unanimidade, acorda:

"1º.- Levantar o reparo interposto pola Intervención Provincial na tramitación do expediente de aprobación dun convenio de cooperación entre a Excma. Deputación provincial da Coruña e do **Concello de Brión polo lo que se instrumenta unha subvención nominativa** para cofinanciar as **obras de remodelación do campo de fútbol "José Pumar" de Bastavales, Brión**, e instar a que o mesmo siga os trámites oportunos para proceder á súa aprobación e formalización.



2º.- Exceptuar para o presente convenio os principios de concorrência, publicidade, igualdade e non discriminación na tramitación do presente expediente, dada la existencia de causas excepcionais que xustifican a concesión da subvención nominativa, por entender que se dan as razóns de interese público no outorgamento da subvención. Estes principios atópanse recollidos nos artigos 22.2 LXS e 65-67 do seu Regulamento.

3º.- Aprobar o texto e a formalización do Convenio de Cooperación entre a Excelentísima Deputación Provincial da Coruña e o Concello de Brión polo que se instrumenta unha subvención nominativa para cofinanciar as obras de remodelación do campo de fútbol “José Pumar” de Bastavales, Brión, cunha achega provincial de 350.000,00 euros con cargo á aplicación orzamentaria 0112/3420/76201 o que representa un coeficiente de financiamento do 65.06575 % respecto dun orzamento de 537.917,39 euros.

4º.- Condicionar o convenio á existencia de crédito adecuado e suficiente e ao cumprimento dos obxectivos de estabilidade orzamentaria, no próximo exercicio orzamentario, de acordo coa normativa vixente no momento.

ANEXO

CONVENIO DE COOPERACIÓN ENTRE A EXCELENTÍSIMA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA E O CONCELLO DE BRIÓN POLO QUE SE INSTRUMENTA UNHA SUBVENCIÓN NOMINATIVA PARA O COFINANCIAMENTO DAS OBRAS DE REMODELACIÓN DO CAMPO DE FÚTBOL “JOSÉ PUMAR” DE BASTAVALES, BRIÓN.

Na Coruña, a _____

INTERVEÑEN

Dunha parte, a Deputación Provincial da Coruña con NIF P1500000C, representada polo seu Presidente, D. _____ (ou deputado/a no que delegue), (No caso de signatura electrónica engadirase: identificado mediante o correspondente certificado de firma electrónica) asistido polo Secretario Xeral, D. _____ (ou quen legalmente lle substitúa) representante da Excelentísima Deputación Provincial da Coruña (No caso de signatura electrónica engadirase: identificado mediante o correspondente certificado de firma electrónica), en exercicio das funcións reservadas previstas no artigo 3.2 i) do Real Decreto 128/2018, do 16 de marzo, polo que se regula o réxime xurídico dos funcionarios de Administración Local con habilitación de carácter nacional.

E doutra parte, o Concello de Brión, con CIF P1501300F, representado polo seu Alcalde/sa /Presidente D. _____ (ou concelleiro, concelleira ou persoa en quen delegue), segundo se acredita mediante certificación da Secretaría do Concello/ Entidade. (**en adiante ENTIDADE BENEFICIARIA**) (No caso de sinatura electrónica engadirase: identificado mediante o correspondente certificado de firma electrónica)

Interveñen cada un deles, en nome e representación da entidade respectiva e recoñécense mutuamente a capacidade legal necesaria para a sinatura do presente convenio a tal efecto,



ANTECEDENTES

A solicitude da presente subvención foi aprobada por Acordo do Pleno do **Concello de Brión**, no que se valora o impacto económico do obxecto do convenio nos seguintes termos:

“...O proxecto de investimento consiste en esencia na ampliación da superficie do terreo de xogo e dotalo de céspede artificial.

O obxecto do proxecto é dotar ao Concello de Brión dun recinto adecuado na parroquia de San Salvador de Bastavales (aínda que evidentemente será para a práctica deportiva de todos os veciños do Concello), para a práctica do deporte, moi solicitado polos veciños posto que o campo de terra que existe na actualidade non reúne condicións axeitadas para a práctica do deporte do fútbol.

As razóns de interese público de carácter deportivo, resultan evidentes e redundan no fomento dos intereses da provincia, polo que se considera que a Deputación debe contribuír no seu financiamento, pois nesta instalación se levarán a cabo actuacións de interese público tanto municipal, como provincial, como son a práctica deportiva ...”

A concesión da subvención foi aprobada por Acordo do Pleno da Deputación celebrado o

COMPETENCIAS DAS ADMINISTRACIÓNS ACTUANTES

A ENTIDADE BENEFICIARIA levará a cabo a execución deste proxecto no exercicio da competencia en materia de Patrimonio e Contratación que lle atribúe o artigo 25.2, da Lei 7/85, de 2 de abril, das Bases de Réxime Local, así como os artigos 80 e seguintes da Lei 5/1997 de Administración Local de Galicia nos termos da lexislación sectorial do Estado e/ou da Comunidade Autónoma de Galicia.

Pola súa banda, consonte ao previsto no artigo 31.2 da devandita Lei 7/85 e 101.2 da referida Lei 5/1997, a Deputación, como órgano de goberno e administración da Provincia, compételle asegurar a prestación integral e axeitada en todo o territorio provincial dos servizos de competencia municipal, así como a cooperación no fomento no desenvolvemento económico e social e a planificación do territorio provincial (art.36.1, letra d).

MANIFESTAN

Que o **ENTIDADE** e a **DEPUTACIÓN** teñen interese coincidente na execución das obras obxecto deste convenio, polo que ambas as dúas

ACORDAN

Formalizar o presente CONVENIO DE COOPERACIÓN conforme ás seguintes cláusulas:



I.- OBXECTO

O presente convenio de cooperación ten por obxecto establecer as bases de cooperación entre a Deputación da Coruña e o Concello de **Brión** con CIF P1501300F para o financiamento da obra denominada **remodelación do campo de fútbol “José Pumar” de Bastavales, Brión**, tal e como aparece definida no proxecto técnico redactado polos arquitectos da empresa Naos 04 arquitectos, S.L.P., en xullo de 2023.

1.- **A ENTIDADE BENEFICIARIA**, na súa condición de promotor da obra, achega ao expediente un exemplar do proxecto, a certificación da súa aprobación polo órgano competente, así como a certificación de que conta e coa dispoñibilidade dos terreos necesarios para a súa execución, e achega todas as autorizacións administrativas preceptivas.

Dito proxecto foi supervisado polos Servizos Técnicos da Deputación e conta con informe favorable.

2- A obra está perfectamente definida nos planos de conxunto e de detalle e en todos os documentos que incorpora o proxecto, tal e como esixe o artigo 233 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público e a normativa de desenvolvemento, coa manifestación expresa realizada pola persoa redactora de que é unha obra completa ou unha fase susceptible de utilización ou aproveitamento separado. Xa que logo, unha vez rematada a obra, a **ENTIDADE BENEFICIARIA** comprométese a destinala ao uso público para o que está prevista a lo menos polo prazo de dez anos.

II.- ORZAMENTO DE EXECUCIÓN DAS OBRAS.

O orzamento de contrata da obra, segundo o proxecto técnico ao que se fai referencia na cláusula anterior, desagregase co seguinte detalle:

Orzamento Execución Material	373.579,69 euros
Gastos xerais 13,00%	48.565,36 euros
Beneficio Industrial 6,00 %	22.414,78 euros
IVE (21%)	93.357,56 euros
ORZAMENTO DE LICITACIÓN	537.917,39 euros

III.- FINANCIAMENTO PROVINCIAL E OUTROS INGRESOS QUE SE OBTENAN OU ACHEGUEN PARA A MESMA FINALIDADE.

1. A Deputación da Coruña financiará o orzamento das obras, tal como se define na cláusula anterior, cunha achega máxima de **350.000,00 euros** o que representa unha porcentaxe de **65.06575 %**, que constitúe o “coeficiente de financiamento”. A contía restante, ata conseguir o importe total do orzamento da contrata, está financiado pola ENTIDADE BENEFICIARIA con cargo a recursos propios ou alleos, acreditando que ten consignado o crédito adecuado e suficiente para imputar a totalidade do gasto que lle

**RPT-6654235



corresponde financiar.

2. Entenderase que a finalidade básica da subvención estará cumprida cando se teña executado e recepcionado completamente a obra, polo importe de adxudicación. O importe da achega será o resultado de aplicación de coeficiente de financiamento sobre o importe adxudicado.

No caso de que se produxeran economías en execución ou diminución de gastos derivados de proxectos modificados, a achega provincial sería o resultado da aplicación do coeficiente de financiamento sobre o total certificado e recepcionado.

3. A Deputación Provincial financiará exclusivamente os gastos derivados do contrato de execución das obras contempladas no proxecto técnico e, polo tanto, non serán subvencionables os gastos derivados de contratos conexos, tales como honorarios de redacción de proxectos ou dirección das obras, tributos reivindicados pola obtención de licenzas, coordinación de seguridade e saúde, control de calidade ou outros. Tampouco se financiarán os incrementos de gastos derivados de proxectos modificados ou liquidacións da obra.

A Deputación poderá realizar controis **adicionais** de calidade das obras. A **ENTIDADE BENEFICIARIA** deberá facilitar a información e os accesos ás obras que sexan necesarios para a realización da dita actividade.

4. O importe do financiamento provincial farase efectivo con cargo á aplicación **0112/3420/76201** do orzamento provincial para o ano 2026, na que a Intervención Provincial certificou que existe crédito suficiente e sobre a que se contabilizou a correspondente retención de crédito. No caso de que a vixencia deste convenio esténdase a exercicios futuros, a súa aprobación queda condicionada á existencia de crédito adecuado e suficiente nos exercicios orzamentarios correspondentes e ao cumprimento dos obxectivos da Lei orgánica 2/2012, de 27 de abril, de estabilidade orzamentaria.

5. A subvención da Deputación é compatíbel coa percepción doutras subvencións ou axudas, públicas ou privadas, que a **ENTIDADE BENEFICIARIA** obteña para a mesma finalidade, sempre que o seu importe, xuntamente co da subvención provincial, non supere en ningún caso o importe total do gasto efectivamente xustificado.

No caso de que a concorrencia de axudas ou subvencións supere o importe do gasto efectivamente xustificado, minorarase a achega provincial no importe necesario para darlle estrito cumprimento ao apartado anterior.

IV.- CONTRATACIÓN E EXECUCIÓN .

1. Na condición de promotor, corresponderalle á **ENTIDADE BENEFICIARIA** a tramitación do contrato de execución das obras descritas no proxecto ao que fai referencia a cláusula primeira.

2. No procedemento de contratación, a **ENTIDADE BENEFICIARIA** axustará toda a súa actuación ao disposto na lexislación de contratos do sector público.



3.- Deberá utilizar os pregos-tipo de contratación da Deputación para o procedemento aberto cun único criterio, ou múltiples criterios de valoración, garantindo en todo caso, os principios de publicidade, concorrência, igualdade e non discriminación.

Unicamente procederá a utilización do procedemento negociado sen publicidade nos supostos previstos no artigo 168 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de contratos do sector público, o que deberá quedar motivado no expediente

Non poderán recoller o concepto de “melloras”.

4.- No caso de que o **ENTIDADE BENEFICIARIA** tramite e aprobe algunha **modificación do proxecto** inicialmente aprobado, por causas non imputables ao Concello e debidamente xustificadas, así como do contrato adxudicado, deberá **remitir á Deputación un exemplar do proxecto modificado, con anterioridade á aprobación** do mesmo polo órgano competente, achegando co mesmo os informes técnicos e xurídicos emitidos para a súa supervisión polos Servizos Técnicos Provinciais. Posteriormente, achegarase certificación da súa aprobación polo órgano competente. (Cláusulas III.3 e XIV.3)

V.- DIFUSIÓN DO FINANCIAMENTO PROVINCIAL.

1.Durante a execución das obras e ata o seu remate e recepción, a **ENTIDADE BENEFICIARIA** estará obrigada a colocar un cartel informativo da obra que sexa visible; polo menos, desde unha distancia de 25 metros, no que, sen prexuízo doutras indicacións, figure o a marca, símbolo ou logotipo da Deputación e o importe da subvención concedida.

2.Rematada a obra, e cando a súa natureza o permita, deberase colocar unha placa nun lugar visible na que se deixe constancia da data de inauguración da obra e do financiamento provincial. O texto estará redactado en galego.

3.Asemade, a entidade beneficiaria deberá cumprir coas obrigas de información que lle impón a Lei 19/2013, de 9 de decembro, de Transparencia, acceso á información pública e bo goberno, dándolle difusión a este convenio no Portal de Transparencia da súa páxina web ou sede electrónica.

VI.- A XUSTIFICACIÓN NECESARIA PARA RECIBIR A ACHEGA DA DEPUTACIÓN

1. Ata o 50 por cento da achega da Deputación ten carácter prepagable. A dita achega provincial calcularase aplicando o coeficiente de financiamento sobre o importe de adxudicación da obra. Polo tanto, a Deputación expedirá un primeiro pagamento do 50 % da achega provincial a prol da **ENTIDADE BENEFICIARIA** , unha vez que presente ou conste na Deputación provincial a seguinte documentación:

- Xustificación da elección do procedemento de contratación utilizado, de acordo co previsto na cláusula IV.3.



- Certificación do **acordo ou resolución de adxudicación** do contrato de obras, na que figuren polo menos o seguinte: datos da empresa adxudicataria, importe de adxudicación do contrato e prazo de execución.
- **Acta de comprobación da implantación**, asinada pola dirección da obra, pola contratista adxudicataria e pola persoa funcionaria técnica designada pola Deputación ou, no seu caso, acreditación da imposibilidade de asistencia de dita persoa técnica provincial.
- Certificación expedida polo órgano responsable da contabilidade das **axudas e outros ingresos afectados** á mesma finalidade ou obxecto desta subvención.
- **Acreditación da colocación do cartel informativo** ao que se refire a cláusula V.1 mediante remisión dunha fotografía debidamente dilixenciada pola dirección da obra.
- Acreditación fotográfica da situación da obra previamente ao seu inicio.

2. Rematada completamente a obra, procederase ao abono do 50 por cento ou resto da achega provincial, unha vez que se presente ou conste na Deputación provincial a seguinte documentación:

- **Certificacións** de execución da obra cos datos a orixe, coa certificación da súa aprobación polo órgano competente, xunto co recoñecemento da obriga.
- Informes de control de calidade da obra realizados por un técnico competente, de ser o caso.
- **Acta de recepción da obra**. A dito acto deberá acudir unha persoa técnica designada pola Deputación, quen asinará tamén a correspondente acta. No caso de imposibilidade de asistencia da persoa técnica provincial, deberá acreditarse ter realizado a solicitude e a contestación da Deputación.
- Certificación expedida polo órgano responsable da contabilidade dos **ingresos** de natureza pública ou privada obtidos para a mesmo proxecto, con indicación do seu importe e procedencia ou, pola contra, manifestación de que non se obtiveron outros ingresos para o mesmo proxecto.
- Presentación de **fotografías**, dilixenciadas pola dirección da obra, acreditativas do **cumprimento das obrigas de difusión** previstas na cláusula V: cartel da obra e, no seu caso, colocación da placa e portal de transparencia da súa páxina web ou sede electrónica.
- Presentación de fotografías da obra realizada, dilixenciadas polo técnico-director.
- Certificación do acordo da incorporación do ben ao **inventario de bens** do **ENTIDADE BENEFICIARIA**, facendo constar nos correspondentes asentos que o ben queda afectado á finalidade pública para a que foi concedida a subvención polo menos durante un prazo de dez anos.
- Cando o ben sexa susceptible de inscrición no Rexistro da Propiedade, debe constar a adscrición ao uso e servizo público por un prazo de dez anos.



- Deberá acreditar o pago efectivo aos terceiros do importe aboado co primeiro pago prepagable.

3. Previamente a realización de calquera dos pagos anteditos, e de acordo co previsto na cláusula VIII, a Deputación comprobará de oficio se o concello está ao corrente nas súas obrigas tributarias, coa Seguridade Social e coa Deputación.

4.-Cando o gasto xustificado sexa inferior ao 50% da subvención provincial, e polo tano, a finalidade básica da subvención non se considere cumprida nos termos da cláusula III.2, o anticipo concedido non xustificado deberá reintegrarse xunto cos correspondentes intereses de demora.

5. **No caso de resolución de contrato** por causas debidamente xustificadas, non imputables ao Concello, poderá efectuarse o pago correspondente á aplicación do coeficiente de financiamento sobre o total certificado e pagado ao contratista .A tal efecto, deberán de aportarse as transferencias bancarias a favor do contratista. A estes efectos, o importe non aboado se considerará economía.

VII.- TERMO PARA A FINALIZACIÓN DAS OBRAS E PRAZO DE XUSTIFICACIÓN.

1. As obras que son obxecto de financiamento provincial, tal como están descritas no proxecto técnico indicado na cláusula I, deberán estar finalizadas e presentada a documentación xustificativa indicada na cláusula VI no prazo indicado na cláusula XIV.

2. No caso de non ter presentada a documentación xustificativa , ou a solicitude de prórroga dentro do prazo de vixencia do convenio, **implicará a perda da subvención e** demais responsabilidades previstas neste convenio e na lexislación aplicable respecto diso, tal e como se indica na cláusula XIV.

VIII.- CUMPRIMENTO DAS OBRIGAS TRIBUTARIAS E COA SEGURIDADE SOCIAL E A SÚA ACREDITACIÓN.

1.A **ENTIDADE BENEFICIARIA** deberá estar ao día, con carácter previo á sinatura deste convenio, e logo, con carácter previo ao pago da subvención, no cumprimento das obrigas tributarias coa Axencia Tributaria, coa Seguridade Social e con esta Deputación .

2.A tal efecto, a **ENTIDADE BENEFICIARIA** presentará as certificacións das administracións tributarias correspondentes e da Tesourería da Seguridade Social nas que se acredite que a entidade está ao corrente nas súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social.

3.Poderá omitirse a presentación desta documentación sempre que autorice expresamente á Deputación a realizar as consultas tributarias e non se opoña á consulta de datos da Seguridade Social . Neste caso, a acreditación do cumprimento das obrigas tributarias coa Deputación Provincial determinarase de oficio por esta.

IX.- DESTINO E MANEXO DOS FONDOS RECIBIDOS.



1. Consonte ao previsto nas Regras 25 e seguintes da Instrución de contabilidade para a administración local (Orde HAP 1781/2013, de 20 de setembro, Modelo normal), a ENTIDADE BENEFICIARIA deberá codificar este proxecto de gasto, co fin de facerlle un seguimento contábel específico, de xeito de que quede rexistrada unha pista de auditoría fiable pola que se poida verificar a afectación e aplicación efectiva dos fondos recibidos á execución do proxecto financiado.

2. A **ENTIDADE BENEFICIARIA** destinará os fondos recibidos ao pagamento dos xustificantes de gasto presentados.

3. O concello deberá acreditar ter aboado aos terceiros o importe dos gastos xustificadas, no prazo máximo **dun mes** dende a recepción dos fondos que constitúen o segundo pagamento. Esta obriga será comprobada pola Deputación e, no seu caso, no procedemento de control financeiro que se poida instruír para tal efecto, sen que teña que presentar documentación adicional algunha no expediente de xestión e pagamento da subvención.

4. Co fin de garantir un axeitado control da aplicación dos fondos, o pagamento deberá quedar acreditado documentalmente mediante a utilización de transferencia bancaria, cheque nominativo, cargo, ingreso en conta ou calquera outra modalidade de pagamento bancario, sempre que en todo caso quede identificada a persoa ordenante e a persoa preceptora.

5. No caso de que o ben subvencionado tivera como finalidade a posta en funcionamento dalgún servizo ou actividade, a ENTIDADE BENEFICIARIA, deberá acreditar nun prazo máximo de cinco meses dende a percepción da totalidade da subvención, de que o servizo ou actividade están funcionamento, ou, no seu caso, presentar un programa de posta en funcionamento. Esta circunstancia poderá ser verificada a través da inclusión da subvención no Plan de Control Financeiro da Intervención provincial.

X.- CONTROL FINANCIERO DA DEPUTACIÓN E DOS ÓRGANOS DE CONTROL EXTERNO.

1. Consonte ao disposto nos artigos 44 e seguintes da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de subvencións, e nos artigos 41 e seguintes da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de Subvencións de Galicia, A **ENTIDADE BENEFICIARIA** poderá ser seleccionado pola Intervención provincial para a realización dun control financeiro sobre a subvención pagada, co fin de acreditar a efectiva aplicación dos fondos á finalidade para a que foron concedidos, o correcto financiamento da actividade e o cumprimento de tódalas demais obrigas formais e materiais que lle impón o presente convenio de cooperación e a lexislación citada anteriormente.

2. Asemade, de acordo co previsto na lei 6/1985, de 24 de xuño, do Consello de Contas de Galicia, A **ENTIDADE BENEFICIARIA** queda sometido aos procedementos de fiscalización que leven a cabo o Consello de Contas de Galicia ou, no seu caso, segundo o previsto na Lei orgánica 2/1982, de 12 de maio, aos procedementos de axuízamento contable que poida incoar o Tribunal de Contas, e a calquera outro órgano de control, nacional ou europeo.

XI.- REINTEGRO, INFRACCIÓNS E SANCIÓNS.



1.O incumprimento dalgunha das cláusulas previstas no presente convenio de cooperación poderá comportar a obriga de reintegro parcial ou total dos fondos recibidos, así como ao pago dos xuros de demora que se perciban desde o día no que se realizou o pago ata o momento no que se acorde a procedencia do reintegro. O procedemento de reintegro iniciárase de oficio na súa tramitación seguirase o disposto nos artigos 41 e seguintes da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeneral de Subvencións e nos artigos 91 e seguintes do seu Regulamento (R.D. 887/2006, de 21 de xullo), dándolle en todo caso audiencia ao interesado.

2.Sen prexuízo do anterior, dito incumprimento tamén poderá ser constitutivo dalgunha das infraccións tipificadas na Lei 38/2003, de 17 de novembro, ou na Lei 9/2007, de 13 de xuño, de Subvencións de Galicia, séndolle de aplicación o cadro de sancións previstos nas normas citadas e na Ordenanza xeral de subvencións e transferencias da Deputación Provincial da Coruña.

3.Nos supostos de demora na realización das obras ou na presentación da xustificación, estarase ao disposto na Ordenanza xeral de subvencións e transferencias da Deputación Provincial da Coruña.

XII.- INCORPORACIÓN AO REXISTRO PÚBLICO DE SUBVENCÍONS E PUBLICACIÓN DA SUBVENCIÓN CONCEDIDA.

1..No cumprimento do disposto no artigo 20 da Lei 38/2003, xeral de subvencións, e demais normativa de desenvolvemento, os datos da subvención concedida e a identificación da **ENTIDADE BENEFICIARIA** serán remitidas á Intervención xeral do Estado, para que sexan incorporados á Base de Datos Nacional de Subvencións, coa exclusiva finalidade prevista en dito precepto e co debido respecto á protección dos datos de carácter persoal, segundo o previsto na Lei orgánica 3/2018, de 13 de decembro, de protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais.

2.Segundo o previsto no artigo 18 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de subvencións, e no artigo 8 da Lei 19/2013, de 9 de decembro, de transparencia, acceso a información pública e bo goberno, a concesión da subvención ao **A ENTIDADE BENEFICIARIA** será publicada no portal de transparencia da sede electrónica da Deputación da Coruña.

3.Un exemplar deste convenio, debidamente asinado, será incorporado ao Rexistro de convenios que depende da Secretaría Provincial, xestionado polo Servizo de Contratación da Deputación.

XIII.- COMISIÓN DE SEGUIMIENTO

1.Para realizar o seguimento deste convenio e as incidencias que poidan xurdir do mesmo, queda constituída unha comisión integrada pola persoa titular da Presidencia da Deputación ou membro da Corporación no que delegue e a persoa titular da Alcaldía do **Concello de Brión** ou membro da Corporación en quen delegue. Actuarán como asesores de dita comisión as persoas titulares da Secretaría xeral e do órgano interventor da Deputación e da ENTIDADE BENEFICIARIA, ou persoas funcionarias en quen deleguen.

2.En todo caso, será preceptivo o ditame previo desta Comisión para os acordos de interpretación do presente convenio.



XIV.- VIXENCIA DO CONVENIO, PRÓRROGA OU MODIFICACIÓN.

1.O presente convenio de cooperación terá efectos desde a súa sinatura e conservará a súa vixencia ata o **31/10/2027**, o que representa un período de vixencia de _____ meses. No caso de que a vixencia deste convenio se estenda a exercicios futuros, a súa aprobación queda condicionada á existencia de crédito adecuado e suficiente nos exercicios orzamentarios correspondentes e ao cumprimento dos obxectivos da Lei de estabilidade orzamentaria.

2.O dito prazo será improrrogable, salvo que **A ENTIDADE BENEFICIARIA** non poida ter finalizadas as obras e presentada a xustificación antes do prazo establecido na cláusula VII. Nese caso, deberá solicitar antes desta data, a prórroga do prazo inicial, achegando coa solicitude un novo programa de traballo asinado polo Director da obra, co fin de que a Deputación poida acreditar a existencia de crédito adecuado e suficiente para o pago do importe pendente de xustificar.

3.A estes efectos, **a ENTIDADE BENEFICIARIA na solicitude deberá indicar as causas da demora na execución das obras, acreditar que as ditas causas non son imputables á ENTIDADE BENEFICIARIA, e xustificar** que implican a necesidade de prorrogar o presente convenio, **indicando o prazo imprescindible para a finalización das mesmas.**

De considerarse xustificadas os motivos aducidos, previos os informes preceptivos, a prórroga do prazo de vixencia do convenio aprobarase **por Resolución da Presidencia**, polo **prazo imprescindible para a finalización das obras.**

O dito prazo será máximo e, polo tanto, **non será susceptible dunha nova prórroga, nin de modificación**, polo que, a non presentación da xustificación no dito período, **implicará que** o convenio quedará definitivamente extinguido e comportará a perda do dereito á cobranza da subvención e, sen máis notificación, implicará a iniciación do expediente de reintegro, no seu caso, do anticipo percibido mais os correspondentes xuros de demora.

4.En ningún caso, se poderá modificar o convenio variando substancialmente o obxecto da subvención concedida de forma excepcional e nominativamente por acordos plenarios das respectivas administracións.

A modificación do proxecto de obras non implicará un incremento da achega provincial senón que, no seu caso, o exceso de financiamento deberá ser soportado pola ENTIDADE BENEFICIARIA. No caso de que a modificación implique unha minoración do importe do proxecto, a mesma se imputará proporcionalmente as entidades asinantes en función de do coeficiente de financiamento contemplado na cláusula III.

5.No caso de que o **ENTIDADE BENEFICIARIA** tramite e aprobe algunha **modificación do proxecto** inicialmente aprobado, por causas non imputables ao Concello e debidamente xustificadas, así como do contrato adxudicado, deberá **remitir á Deputación un exemplar do proxecto modificado, con anterioridade á aprobación** do mesmo polo órgano competente, achegando co mesmo os informes técnicos e xurídicos emitidos para a súa supervisión polos Servizos Técnicos



Provinciais. Posteriormente, achegárase certificación da súa aprobación polo órgano competente.(Cláusulas III.3 e XIV.4)

6.No caso de que a modificación implique unha minoración ou incremento do importe adxudicado, deberá tomar coñecemento o Pleno da Corporación Provincial e formalizarse en documento administrativo.

De manterse igual o importe, tomarase coñecemento mediante Resolución da Presidencia. En todo caso, non se formalizará a modificación, uníndose o acordo plenario ou resolución ao expediente para a súa constancia.

XV.- NATUREZA, INTERPRETACIÓN E XURISDICIÓN COMPETENTE.

1.O presente convenio ten natureza administrativa e para resolver as dúbidas que xurdan na interpretación das súas cláusulas aplicaranse as disposicións contidas na Lei 38/2003, de 18 de novembro, xeral de Subvencións, e na Lei 9/2007, de 13 de xuño, de Subvencións de Galicia e na Ordenanza xeral de Subvencións e Transferencias da Deputación. Supletoriamente aplicarase a lexislación de contratos do sector público.

2.Corresponderalle aos órganos da xurisdición contencioso-administrativa, segundo a distribución de competencias prevista na Lei 29/1998, de 13 de xullo, reguladora de dita xurisdición, o coñecemento das cuestións litixiosas que poidan xurdir como consecuencia do presente convenio.

E para que así conste e en proba de conformidade por ambas partes, asínase (No caso de sinatura electrónica engadírase: electronicamente) o presente convenio, dando fe de todo elo o Secretario xeral (*ou quen legalmente lle substitúa*)”

10.- Aprobación do texto e da formalización do Convenio de Cooperación entre a Excelentísima Deputación Provincial da Coruña e o Concello de Dumbria polo que se instrumenta unha subvención nominativa para cofinanciar as obras "do proxecto da obra punto de atención á infancia en Berdeogas, Dumbria".

VOTACIÓN

Votan a favor: 31 deputados/as (14 do PP, 10 do PSOE, 6 do BNG e 1 de Alternativa dos Veciños).

Votan en contra: ningún/ha deputado/a

Abstéñense: ningún/ha deputado/a

ACORDO

O Pleno, por unanimidade, acorda:

“1º.- Levantar o reparo interposto pola Intervención Provincial na tramitación do expediente de aprobación dun convenio de cooperación entre a Excma. Deputación provincial da Coruña e do **Concello de Dumbria polo lo que se instrumenta unha**



subvención nominativa para cofinanciar **as obras “do proxecto da obra punto de atención á infancia en Berdeogas, Dumbria”**, e instar a que o mesmo siga os trámites oportunos para proceder á súa aprobación e formalización.

2º.- Exceptuar para o presente convenio os principios de concorrencia, publicidade, igualdade e non discriminación na tramitación do presente expediente, dada la existencia de causas excepcionais que xustifican a concesión da subvención nominativa, por entender que se dan as razóns de interese público no outorgamento da subvención. Estes principios atópanse recollidos nos artigos 22.2 LXS e 65-67 do seu Regulamento.

3º.- Aprobar o texto e a formalización do Convenio de Cooperación entre a Excelentísima Deputación Provincial da Coruña e o Concello de Dumbria polo que se instrumenta unha subvención nominativa para cofinanciar as obras “do proxecto da obra punto de atención á infancia en Berdeogas, Dumbria”, cunha achega provincial de 151.820,20 euros con cargo á aplicación 0112/23121/76201 o que representa un coeficiente de financiamento do 80,00 % respecto dun orzamento de 189.775,26 euros.

4º.- Condicionar o convenio á existencia de crédito adecuado e suficiente e ao cumprimento dos obxectivos de estabilidade orzamentaria, no próximo exercicio orzamentario, de acordo coa normativa vixente no momento.

ANEXO

CONVENIO DE COOPERACIÓN ENTRE A EXCELENTÍSIMA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA E O CONCELLO DE DUMBRÍA POLO QUE SE INSTRUMENTA UNHA SUBVENCIÓN NOMINATIVA PARA O COFINANCIAMENTO DAS OBRAS DO PROXECTO DA OBRA PUNTO DE ATENCIÓN Á INFANCIA EN BERDEOGAS, DUMBRÍA.

Na Coruña, a _____

INTERVEÑEN

Dunha parte, a Deputación Provincial da Coruña con NIF P1500000C, representada polo seu Presidente, D. _____ (ou deputado/a no que delegue), (No caso de sinatura electrónica engadirase: identificado mediante o correspondente certificado de firma electrónica) asistido polo Secretario Xeral, D. _____ (ou quen legalmente lle substitúa) representante da Excelentísima Deputación Provincial da Coruña (No caso de sinatura electrónica engadirase: identificado mediante o correspondente certificado de firma electrónica), en exercicio das funcións reservadas previstas no artigo 3.2 i) do Real Decreto 128/2018, do 16 de marzo, polo que se regula o réxime xurídico dos funcionarios de Administración Local con habilitación de carácter nacional.

E doutra parte, o **Concello de Dumbria**, con CIF P1503400B, representado polo seu Alcalde/sa /Presidente D. _____ (ou concelleiro, concelleira ou persoa en quen delegue), segundo se acredita mediante certificación da Secretaría do Concello/ Entidade. (**en adiante ENTIDADE BENEFICIARIA**) (No caso de sinatura electrónica engadirase: identificado mediante o correspondente certificado de



firma electrónica)

Interveñen cada un deles, en nome e representación da entidade respectiva e recoñécense mutuamente a capacidade legal necesaria para a sinatura do presente convenio a tal efecto,

ANTECEDENTES

A solicitude da presente subvención foi aprobada por Acordo do Pleno do **Concello de Dumbria**, no que se valora o impacto económico do obxecto do convenio nos seguintes termos:

“...O concello de Dumbria ten a consideración de concello rural coa problemática asociada a este tipo de concellos: dispersión, envellecemento e éxodo poboacional. Este concello considera prioritaria a vertebración do seu territorio e das súas xentes con servizos axeitados que permitan lograr o obxectivo prioritario de fixar poboación mediante a dotación de servizos que permitan a conciliación da vida laboral e familiar. O punto de atención á infancia (PAI) é un servizo municipal que ofrece o cuidado e apoio a nenos e nenas para facilitar a conciliación familiar e laboral nas zonas rurais, complementando as escolas infantís e ofrecendo unha asistencia diurna flexible e adaptada ás necesidades particulares das familias. O Punto de Atención á Infancia (PAI), cumpre cos requisitos normativos establecidos na lexislación vixente e asegura as condicións de localización, accesibilidade e está dotado de materiais seguros e adecuados para nenos, con instalacións funcionais, priorizando a arquitectura bioclimática e a seguridade. Tamén se avalía a adecuación do proxecto ás necesidades locais e o cumprimento de normativas específicas segundo o tipo de centro, con énfase na prevención e o benestar infantil.

O concello considera de interese xeral e estratéxico a creación deste servizo de atención á infancia polos motivos expostos. ...”

A concesión da subvención foi aprobada por Acordo do Pleno da Deputación celebrado o

COMPETENCIAS DAS ADMINISTRACIÓNS ACTUANTES

A ENTIDADE BENEFICIARIA levará a cabo a execución deste proxecto no exercicio da competencia en materia de Patrimonio e Contratación que lle atribúe o artigo 25.2, da Lei 7/85, de 2 de abril, das Bases de Réxime Local, así como os artigos 80 e seguintes da Lei 5/1997 de Administración Local de Galicia nos termos da lexislación sectorial do Estado e/ou da Comunidade Autónoma de Galicia.

Pola súa banda, consonte ao previsto no artigo 31.2 da devandita Lei 7/85 e 101.2 da referida Lei 5/1997, a Deputación, como órgano de goberno e administración da Provincia, compételle asegurar a prestación integral e axeitada en todo o territorio provincial dos servizos de competencia municipal, así como a cooperación no fomento no



desenvolvemento económico e social e a planificación do territorio provincial (art.36.1, letra d).

MANIFESTAN

Que o **ENTIDADE** e a **DEPUTACIÓN** teñen interese coincidente na execución das obras obxecto deste convenio, polo que ambas as dúas

ACORDAN

Formalizar o presente CONVENIO DE COOPERACIÓN conforme ás seguintes cláusulas:

I.- OBXECTO

O presente convenio de cooperación ten por obxecto establecer as bases de cooperación entre a Deputación da Coruña e o Concello de **Dumbría** con CIF P1503400B para o financiamento da obra denominada **proxecto da obra punto de atención á infancia en Berdeogas, Dumbría**, tal e como aparece definida no proxecto técnico redactado polo arquitecto Isidro López Yáñez, número de Colexiado número 2.261 do Colexio Oficial de Arquitectos de Galicia, asinado en decembro 2025..

1.- **A ENTIDADE BENEFICIARIA**, na súa condición de promotor da obra, achega ao expediente un exemplar do proxecto, a certificación da súa aprobación polo órgano competente, así como a certificación de que conta e coa dispoñibilidade dos terreos necesarios para a súa execución, e achega todas as autorizacións administrativas preceptivas.

Dito proxecto foi supervisado polos Servizos Técnicos da Deputación e conta con informe favorable.

2- A obra está perfectamente definida nos planos de conxunto e de detalle e en todos os documentos que incorpora o proxecto, tal e como esixe o artigo 233 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público e a normativa de desenvolvemento, coa manifestación expresa realizada pola persoa redactora de que é unha obra completa ou unha fase susceptible de utilización ou aproveitamento separado. Xa que logo, unha vez rematada a obra, a **ENTIDADE BENEFICIARIA** comprométese a destinala ao uso público para o que está prevista a lo menos polo prazo de dez anos.

II.- ORZAMENTO DE EXECUCIÓN DAS OBRAS.

O orzamento de contrata da obra, segundo o proxecto técnico ao que se fai referencia na cláusula anterior, desagregase co seguinte detalle:

Orzamento Execución Material	131.797,53 euros
Gastos xerais 13,00%	17.133,68 euros
Beneficio Industrial 6,00 %	7.907,85 euros

**RPT-6654235



IVE (21%)	32.936,20 euros
ORZAMENTO DE LICITACIÓN	189.775,26 euros

III.- FINANCIAMENTO PROVINCIAL E OUTROS INGRESOS QUE SE OBTENÑAN OU ACHEGUEN PARA A MESMA FINALIDADE.

1. A Deputación da Coruña financiará o orzamento das obras, tal como se define na cláusula anterior, cunha achega máxima de **151.820,20 euros** o que representa unha porcentaxe de **80,00%**, que constitúe o “coeficiente de financiamento”. A contía restante, ata conseguir o importe total do orzamento da contrata, está financiado pola ENTIDADE BENEFICIARIA con cargo a recursos propios ou alleos, acreditando que ten consignado o crédito adecuado e suficiente para imputar a totalidade do gasto que lle corresponde financiar.

2. Entenderase que a finalidade básica da subvención estará cumprida cando se teña executado e recepcionado completamente a obra, polo importe de adxudicación. O importe da achega será o resultado de aplicación de coeficiente de financiamento sobre o importe adxudicado.

No caso de que se produxeran economías en execución ou diminución de gastos derivados de proxectos modificados, a achega provincial será o resultado da aplicación do coeficiente de financiamento sobre o total certificado e recepcionado.

3. A Deputación Provincial financiará exclusivamente os gastos derivados do contrato de execución das obras contempladas no proxecto técnico e, polo tanto, non serán subvencionables os gastos derivados de contratos conexos, tales como honorarios de redacción de proxectos ou dirección das obras, tributos reivindicados pola obtención de licenzas, coordinación de seguridade e saúde, control de calidade ou outros. Tampouco se financiarán os incrementos de gastos derivados de proxectos modificados ou liquidacións da obra.

A Deputación poderá realizar controis **adicionais** de calidade das obras. A **ENTIDADE BENEFICIARIA** deberá facilitar a información e os accesos ás obras que sexan necesarios para a realizar da dita actividade.

4. O importe do financiamento provincial farase efectivo con cargo á aplicación **0112/23121/76201** do orzamento provincial para o ano 2026, na que a Intervención Provincial certificou que existe crédito suficiente e sobre a que se contabilizou a correspondente retención de crédito. No caso de que a vixencia deste convenio esténdase a exercicios futuros, a súa aprobación queda condicionada á existencia de crédito adecuado e suficiente nos exercicios orzamentarios correspondentes e ao cumprimento dos obxectivos da Lei orgánica 2/2012, de 27 de abril, de estabilidade orzamentaria.

5. A subvención da Deputación é compatíbel coa percepción doutras subvencións ou axudas, públicas ou privadas, que a **ENTIDADE BENEFICIARIA** obteña para a mesma finalidade, sempre que o seu importe, xuntamente co da subvención provincial, non supere en ningún caso o importe total do gasto efectivamente xustificado.

No caso de que a concorrencia de axudas ou subvencións supere o importe do gasto

**RPT-6654235



efectivamente xustificado, minorarase a achega provincial no importe necesario para darlle estrito cumprimento ao apartado anterior.

IV.- CONTRATACIÓN E EXECUCIÓN .

1. Na condición de promotor, corresponderalle á **ENTIDADE BENEFICIARIA** a tramitación do contrato de execución das obras descritas no proxecto ao que fai referencia a cláusula primeira.

2. No procedemento de contratación, a **ENTIDADE BENEFICIARIA** axustará toda a súa actuación ao disposto na lexislación de contratos do sector público.

3.- Deberá utilizar os pregos-tipo de contratación da Deputación para o procedemento aberto cun único criterio, ou múltiples criterios de valoración, garantindo en todo caso, os principios de publicidade, concorrência, igualdade e non discriminación.

Unicamente procederá a utilización do procedemento negociado sen publicidade nos supostos previstos no artigo 168 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de contratos do sector público, o que deberá quedar motivado no expediente

Non poderán recoller o concepto de “melloras”.

4.- No caso de que o **ENTIDADE BENEFICIARIA** tramite e aprobe algunha **modificación do proxecto** inicialmente aprobado, por causas non imputables ao Concello e debidamente xustificadas, así como do contrato adxudicado, deberá **remitir á Deputación un exemplar do proxecto modificado, con anterioridade á aprobación** do mesmo polo órgano competente, achegando co mesmo os informes técnicos e xurídicos emitidos para a súa supervisión polos Servizos Técnicos Provinciais. Posteriormente, achegarase certificación da súa aprobación polo órgano competente. (Cláusulas III.3 e XIV.3)

V.- DIFUSIÓN DO FINANCIAMENTO PROVINCIAL.

1.Durante a execución das obras e ata o seu remate e recepción, a **ENTIDADE BENEFICIARIA** estará obrigada a colocar un cartel informativo da obra que sexa visible, polo menos, desde unha distancia de 25 metros, no que, sen prexuízo doutras indicacións, figure o a marca, símbolo ou logotipo da Deputación e o importe da subvención concedida.

2.Rematada a obra, e cando a súa natureza o permita, deberase colocar unha placa nun lugar visible na que se deixe constancia da data de inauguración da obra e do financiamento provincial. O texto estará redactado en galego.

3.Asemade, a entidade beneficiaria deberá cumprir coas obrigas de información que lle impón a Lei 19/2013, de 9 de decembro, de Transparencia, acceso á información pública e bo goberno, dándolle difusión a este convenio no Portal de Transparencia da súa páxina web ou sede electrónica.



VI.- A XUSTIFICACIÓN NECESARIA PARA RECIBIR A ACHEGA DA DEPUTACIÓN

1. Ata o 50 por cento da achega da Deputación ten carácter prepagable. A dita achega provincial calcularase aplicando o coeficiente de financiamento sobre o importe de adxudicación da obra. Polo tanto, a Deputación expedirá un primeiro pagamento do 50 % da achega provincial a prol da **ENTIDADE BENEFICIARIA**, unha vez que presente ou conste na Deputación provincial a seguinte documentación:

- Xustificación da elección do procedemento de contratación utilizado, de acordo co previsto na cláusula IV.3.
- Certificación do **acordo ou resolución de adxudicación** do contrato de obras, na que figuren polo menos o seguinte: datos da empresa adxudicataria, importe de adxudicación do contrato e prazo de execución.
- **Acta de comprobación da implantación**, asinada pola dirección da obra, pola contratista adxudicataria e pola persoa funcionaria técnica designada pola Deputación ou, no seu caso, acreditación da imposibilidade de asistencia de dita persoa técnica provincial.
- Certificación expedida polo órgano responsable da contabilidade das **axudas e outros ingresos afectados** á mesma finalidade ou obxecto desta subvención.
- **Acreditación da colocación do cartel informativo** ao que se refire a cláusula V.1 mediante remisión dunha fotografía debidamente dilixenciada pola dirección da obra.
- Acreditación fotográfica da situación da obra previamente ao seu inicio.

2. Rematada completamente a obra, procederase ao abono do 50 por cento ou resto da achega provincial, unha vez que se presente ou conste na Deputación provincial a seguinte documentación:

- **Certificacións** de execución da obra cos datos a orixe, coa certificación da súa aprobación polo órgano competente, xunto co recoñecemento da obriga.
- Informes de control de calidade da obra realizados por un técnico competente, de ser o caso.
- **Acta de recepción da obra**. A dito acto deberá acudir unha persoa técnica designada pola Deputación, quen asinará tamén a correspondente acta. No caso de imposibilidade de asistencia da persoa técnica provincial, deberá acreditarse ter realizado a solicitude e a contestación da Deputación.
- Certificación expedida polo órgano responsable da contabilidade dos **ingresos** de natureza pública ou privada obtidos para a mesmo proxecto, con indicación do seu importe e procedencia ou, pola contra, manifestación de que non se obtiveron outros ingresos para o mesmo proxecto.
- Presentación de **fotografías**, dilixenciadas pola dirección da obra, acreditativas do **cumprimento das obrigas de difusión** previstas na cláusula V: cartel da obra e, no seu caso, colocación da placa e portal de transparencia da súa páxina web ou sede electrónica.



- Presentación de fotografías da obra realizada, dilixenciadas polo técnico-director.
- Certificación do acordo da incorporación do ben ao **inventario de bens** do **ENTIDADE BENEFICIARIA**, facendo constar nos correspondentes asentos que o ben queda afectado á finalidade pública para a que foi concedida a subvención polo menos durante un prazo de dez anos.
- Cando o ben sexa susceptible de inscrición no Rexistro da Propiedade, debe constar a adscrición ao uso e servizo público por un prazo de dez anos.
- Deberá acreditar o pago efectivo aos terceiros do importe aboado co primeiro pago prepagable.

3. Previamente a realización de calquera dos pagos anteditos, e de acordo co previsto na cláusula VIII, a Deputación comprobará de oficio se o concello está ao corrente nas súas obrigas tributarias, coa Seguridade Social e coa Deputación.

4.-Cando o gasto xustificado sexa inferior ao 50% da subvención provincial, e polo tano, a finalidade básica da subvención non se considere cumprida nos termos da cláusula III.2, o anticipo concedido non xustificado deberá reintegrarse xunto cos correspondentes intereses de demora.

5. **No caso de resolución de contrato** por causas debidamente xustificadas, non imputables ao Concello, poderá efectuarse o pago correspondente á aplicación do coeficiente de financiamento sobre o total certificado e pagado ao contratista .A tal efecto, deberán de aportarse as transferencias bancarias a favor do contratista. A estes efectos, o importe non aboado se considerará economía.

VII.- TERMO PARA A FINALIZACIÓN DAS OBRAS E PRAZO DE XUSTIFICACIÓN.

1. As obras que son obxecto de financiamento provincial, tal como están descritas no proxecto técnico indicado na cláusula I, deberán estar finalizadas e presentada a documentación xustificativa indicada na cláusula VI no prazo indicado na cláusula XIV.

2. No caso de non ter presentada a documentación xustificativa , ou a solicitude de prórroga dentro do prazo de vixencia do convenio, **implicará a perda da subvención** e demais responsabilidades previstas neste convenio e na lexislación aplicable respecto diso, tal e como se indica na cláusula XIV.

VIII.- CUMPRIMENTO DAS OBRIGAS TRIBUTARIAS E COA SEGURIDADE SOCIAL E A SÚA ACREDITACIÓN.

1.A **ENTIDADE BENEFICIARIA** deberá estar ao día, con carácter previo á sinatura deste convenio, e logo, con carácter previo ao pago da subvención, no cumprimento das obrigas tributarias coa Axencia Tributaria, coa Seguridade Social e con esta Deputación .

2.A tal efecto, a **ENTIDADE BENEFICIARIA** presentará as certificacións das administracións tributarias correspondentes e da Tesourería da Seguridade Social nas que se acredite que a entidade está ao corrente nas súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social.



3. Poderá omitirse a presentación desta documentación sempre que autorice expresamente á Deputación a realizar as consultas tributarias e non se opoña á consulta de datos da Seguridade Social. Neste caso, a acreditación do cumprimento das obrigas tributarias coa Deputación Provincial determinarase de oficio por esta.

IX.- DESTINO E MANEXO DOS FONDOS RECIBIDOS.

1. Consonte ao previsto nas Regras 25 e seguintes da Instrución de contabilidade para a administración local (Orde HAP 1781/2013, de 20 de setembro, Modelo normal), a ENTIDADE BENEFICIARIA deberá codificar este proxecto de gasto, co fin de facerlle un seguimento contábel específico, de xeito de que quede rexistrada unha pista de auditoría fiable pola que se poida verificar a afectación e aplicación efectiva dos fondos recibidos á execución do proxecto financiado.

2. A **ENTIDADE BENEFICIARIA** destinará os fondos recibidos ao pagamento dos xustificantes de gasto presentados.

3. O concello deberá acreditar ter aboado aos terceiros o importe dos gastos xustificadas, no prazo máximo **dun mes** dende a recepción dos fondos que constitúen o segundo pagamento. Esta obriga será comprobada pola Deputación e, no seu caso, no procedemento de control financeiro que se poida instruír para tal efecto, sen que teña que presentar documentación adicional algunha no expediente de xestión e pagamento da subvención.

4. Co fin de garantir un axeitado control da aplicación dos fondos, o pagamento deberá quedar acreditado documentalmente mediante a utilización de transferencia bancaria, cheque nominativo, cargo, ingreso en conta ou calquera outra modalidade de pagamento bancario, sempre que en todo caso quede identificada a persoa ordenante e a persoa preceptora.

5. No caso de que o ben subvencionado tivera como finalidade a posta en funcionamento dalgún servizo ou actividade, a ENTIDADE BENEFICIARIA, deberá acreditar nun prazo máximo de cinco meses dende a percepción da totalidade da subvención, de que o servizo ou actividade están funcionamento, ou, no seu caso, presentar un programa de posta en funcionamento. Esta circunstancia poderá ser verificada a través da inclusión da subvención no Plan de Control Financeiro da Intervención provincial.

X.- CONTROL FINANCEIRO DA DEPUTACIÓN E DOS ÓRGANOS DE CONTROL EXTERNO.

1. Consonte ao disposto nos artigos 44 e seguintes da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de subvencións, e nos artigos 41 e seguintes da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de Subvencións de Galicia, A **ENTIDADE BENEFICIARIA** poderá ser seleccionado pola Intervención provincial para a realización dun control financeiro sobre a subvención pagada, co fin de acreditar a efectiva aplicación dos fondos á finalidade para a que foron concedidos, o correcto financiamento da actividade e o cumprimento de todas as demais obrigas formais e materiais que lle impón o presente convenio de cooperación e a lexislación citada anteriormente.

2. Asemade, de acordo co previsto na lei 6/1985, de 24 de xuño, do Consello de Contas de Galicia, A **ENTIDADE BENEFICIARIA** queda sometido aos procedementos de fiscalización que leven a cabo o Consello de Contas de Galicia ou, no seu caso, segundo



o previsto na Lei orgánica 2/1982, de 12 de maio, aos procedementos de axuizamento contable que poida incoar o Tribunal de Contas, e a calquera outro órgano de control, nacional ou europeo.

XI.- REINTEGRO, INFRACCIÓNS E SANCIÓN.

1.O incumprimento dalgunha das cláusulas previstas no presente convenio de cooperación poderá comportar a obriga de reintegro parcial ou total dos fondos recibidos, así como ao pago dos xuros de demora que se perciban desde o día no que se realizou o pago ata o momento no que se acorde a procedencia do reintegro. O procedemento de reintegro iniciárase de oficio na súa tramitación seguirase o disposto nos artigos 41 e seguintes da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeneral de Subvencións e nos artigos 91 e seguintes do seu Regulamento (R.D. 887/2006, de 21 de xullo), dándolle en todo caso audiencia ao interesado.

2.Sen prexuízo do anterior, dito incumprimento tamén poderá ser constitutivo dalgunha das infraccións tipificadas na Lei 38/2003, de 17 de novembro, ou na Lei 9/2007, de 13 de xuño, de Subvencións de Galicia, séndolle de aplicación o cadro de sancións previstos nas normas citadas e na Ordenanza xeral de subvencións e transferencias da Deputación Provincial da Coruña.

3.Nos supostos de demora na realización das obras ou na presentación da xustificación, estarase ao disposto na Ordenanza xeral de subvencións e transferencias da Deputación Provincial da Coruña.

XII.- INCORPORACIÓN AO REXISTRO PÚBLICO DE SUBVENCÍONS E PUBLICACIÓN DA SUBVENCIÓN CONCEDIDA.

1.No cumprimento do disposto no artigo 20 da Lei 38/2003, xeral de subvencións, e demais normativa de desenvolvemento, os datos da subvención concedida e a identificación da **ENTIDADE BENEFICIARIA** serán remitidas á Intervención xeral do Estado, para que sexan incorporados á Base de Datos Nacional de Subvencións, coa exclusiva finalidade prevista en dito precepto e co debido respecto á protección dos datos de carácter persoal, segundo o previsto na Lei orgánica 3/2018, de 13 de decembro, de protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais.

2.Segundo o previsto no artigo 18 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de subvencións, e no artigo 8 da Lei 19/2013, de 9 de decembro, de transparencia, acceso a información pública e bo goberno, a concesión da subvención ao A **ENTIDADE BENEFICIARIA** será publicada no portal de transparencia da sede electrónica da Deputación da Coruña.

3.Un exemplar deste convenio, debidamente asinado, será incorporado ao Rexistro de convenios que depende da Secretaría Provincial, xestionado polo Servizo de Contratación da Deputación.

XIII.- COMISIÓN DE SEGUIMIENTO

1.Para realizar o seguimento deste convenio e as incidencias que poidan xurdir do mesmo, queda constituída unha comisión integrada pola persoa titular da Presidencia da Deputación ou membro da Corporación no que delegue e a persoa titular da



Alcaldía do **Concello de Dumbria** ou membro da Corporación en quen delegue. Actuarán como asesores de dita comisión as persoas titulares da Secretaría xeral e do órgano interventor da Deputación e da ENTIDADE BENEFICIARIA, ou persoas funcionarias en quen deleguen.

2.En todo caso, será preceptivo o ditame previo desta Comisión para os acordos de interpretación do presente convenio.

XIV.- VIXENCIA DO CONVENIO, PRÓRROGA OU MODIFICACIÓN.

1.O presente convenio de cooperación terá efectos desde a súa sinatura e conservará a súa vixencia ata o **31/10/2027**, o que representa un período de vixencia de _____ meses. No caso de que a vixencia deste convenio se estenda a exercicios futuros, a súa aprobación queda condicionada á existencia de crédito adecuado e suficiente nos exercicios orzamentarios correspondentes e ao cumprimento dos obxectivos da Lei de estabilidade orzamentaria.

2.O dito prazo será improrrogable, salvo que **A ENTIDADE BENEFICIARIA** non poida ter finalizadas as obras e presentada a xustificación antes do prazo establecido na cláusula VII. Nese caso, deberá solicitar antes desta data, a prórroga do prazo inicial, achegando coa solicitude un novo programa de traballo asinado polo Director da obra, co fin de que a Deputación poida acreditar a existencia de crédito adecuado e suficiente para o pago do importe pendente de xustificar.

3.A estes efectos, **a ENTIDADE BENEFICIARIA na solicitude deberá indicar as causas da demora na execución das obras, acreditar que as ditas causas non son imputables á ENTIDADE BENEFICIARIA, e xustificar** que implican a necesidade de prorrogar o presente convenio, **indicando o prazo imprescindible para a finalización das mesmas.**

De considerarse xustificadas os motivos aducidos, previos os informes preceptivos, a prórroga do prazo de vixencia do convenio aprobarase **por Resolución da Presidencia**, polo **prazo imprescindible para a finalización das obras.**

O dito prazo será máximo e, polo tanto, **non será susceptible dunha nova prórroga, nin de modificación**, polo que, a non presentación da xustificación no dito período, **implicará que** o convenio quedará definitivamente extinguido e comportará a perda do dereito á cobranza da subvención e, sen máis notificación, implicará a iniciación do expediente de reintegro, no seu caso, do anticipo percibido mais os correspondentes xuros de demora.

4.En ningún caso, se poderá modificar o convenio variando substancialmente o obxecto da subvención concedida de forma excepcional e nominativamente por acordos plenarios das respectivas administracións.

A modificación do proxecto de obras non implicará un incremento da achega provincial senón que, no seu caso, o exceso de financiamento deberá ser soportado pola ENTIDADE BENEFICIARIA. No caso de que a modificación implique unha minoración do importe do proxecto, a mesma se imputará proporcionalmente as entidades asinantes en función de do coeficiente de financiamento contemplado na cláusula III.



5.No caso de que o **ENTIDADE BENEFICIARIA** tramite e aprobe algunha **modificación do proxecto** inicialmente aprobado, por causas non imputables ao Concello e debidamente xustificadas, así como do contrato adxudicado, deberá **remitir á Deputación un exemplar do proxecto modificado, con anterioridade á aprobación** do mesmo polo órgano competente, achegando co mesmo os informes técnicos e xurídicos emitidos para a súa supervisión polos Servizos Técnicos Provinciais. Posteriormente, achegarase certificación da súa aprobación polo órgano competente.(Cláusulas III.3 e XIV.4)

6.No caso de que a modificación implique unha minoración ou incremento do importe adxudicado, deberá tomar coñecemento o Pleno da Corporación Provincial e formalizarse en documento administrativo.

De manterse igual o importe, tomarase coñecemento mediante Resolución da Presidencia. En todo caso, non se formalizará a modificación, uníndose o acordo plenario ou resolución ao expediente para a súa constancia.

XV.- NATUREZA, INTERPRETACIÓN E XURISDICCIÓN COMPETENTE.

1.O presente convenio ten natureza administrativa e para resolver as dúbidas que xurdan na interpretación das súas cláusulas aplicaranse as disposicións contidas na Lei 38/2003, de 18 de novembro, xeral de Subvencións, e na Lei 9/2007, de 13 de xuño, de Subvencións de Galicia e na Ordenanza xeral de Subvencións e Transferencias da Deputación. Supletoriamente aplicarase a lexislación de contratos do sector público.

2.Corresponderalle aos órganos da xurisdición contencioso-administrativa, segundo a distribución de competencias prevista na Lei 29/1998, de 13 de xullo, reguladora de dita xurisdición, o coñecemento das cuestións litixiosas que poidan xurdir como consecuencia do presente convenio.

E para que así conste e en proba de conformidade por ambas partes, asínase (No caso de sinatura electrónica engadirase: electronicamente) o presente convenio, dando fe de todo elo o Secretario xeral (*ou quen legalmente lle substitúa*)”

11.- Aprobación do texto e da formalización do Convenio de Cooperación entre a Excelentísima Deputación Provincial da Coruña e o Concello de Paderne polo que se instrumenta unha subvención nominativa para cofinanciar as obras "de mellora da pavimentación da estrada Brión-Vigo, Paderne".

VOTACIÓN

Votan a favor: 31 deputados/as (14 do PP, 10 do PSOE, 6 do BNG e 1 de Alternativa dos Veciños).

Votan en contra: ningún/ha deputado/a

Abstéñense: ningún/ha deputado/a

ACORDO



O Pleno, por unanimidade, acorda:

“1º.- Levantar o reparo interposto pola Intervención Provincial na tramitación do expediente de aprobación dun convenio de cooperación entre a Excm. Deputación provincial da Coruña e do **Concello de Paderne polo lo que se instrumenta unha subvención nominativa** para cofinanciar as obras **“de mellora da pavimentación da estrada Brión-Vigo, Paderne”**, e instar a que o mesmo siga os trámites oportunos para proceder á súa aprobación e formalización.

2º.- Exceptuar para o presente convenio os principios de concorrencia, publicidade, igualdade e non discriminación na tramitación do presente expediente, dada la existencia de causas excepcionais que xustifican a concesión da subvención nominativa, por entender que se dan as razóns de interese público no outorgamento da subvención. Estes principios atópanse recollidos nos artigos 22.2 LXS e 65-67 do seu Regulamento.

3º.- Aprobar o texto e a formalización do Convenio de Cooperación entre a Excelentísima Deputación Provincial da Coruña e o Concello de Paderne polo que se instrumenta unha subvención nominativa para cofinanciar as obras “de mellora da pavimentación da estrada Brión-Vigo, Paderne” cunha achega provincial de 90.072,70 euros con cargo á aplicación orzamentaria que indique o Servizo de Fiscalización o que representa un coeficiente de financiamento do 80,00 % respecto dun orzamento de 112.590,88 euros.

4º.- Condicionar o convenio á existencia de crédito adecuado e suficiente e ao cumprimento dos obxectivos de estabilidade orzamentaria, no próximo exercicio orzamentario, de acordo coa normativa vixente no momento.

ANEXO

CONVENIO DE COOPERACIÓN ENTRE A EXCELENTÍSIMA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA E O CONCELLO DE PADERNE POLO QUE SE INSTRUMENTA UNHA SUBVENCIÓN NOMINATIVA PARA O COFINANCIAMENTO DAS OBRAS DE MELLORA DE PAVIMENTACIÓN DA ESTRADA BRIÓN-VIGO, PADERNE”.

Na Coruña, a _____

INTERVEÑEN

Dunha parte, a Deputación Provincial da Coruña con NIF P1500000C , representada polo seu Presidente, D. _____(ou deputado/a no que delegue), (No caso de sinatura electrónica engadirase: identificado mediante o correspondente certificado de firma electrónica) asistido polo Secretario Xeral, D. _____(ou quen legalmente lle substitúa) representante da Excelentísima Deputación Provincial da Coruña (No caso de sinatura electrónica engadirase: identificado mediante o correspondente certificado de firma electrónica), en exercicio das funcións reservadas previstas no artigo 3.2 i) do Real Decreto 128/2018, do 16 de marzo, polo que se regula o réxime xurídico dos funcionarios de Administración Local con habilitación de carácter nacional.

E doutra parte, o **Concello de Paderne**, con CIF P1506500F, representado polo seu Alcalde/sa /Presidente D. _____(ou concelleiro,

**RPT-6654235



concelleira ou persoa en quen delegue), segundo se acredita mediante certificación da Secretaría do Concello/ Entidade. (**en adiante ENTIDADE BENEFICIARIA**) (No caso de sinatura electrónica engadirase: identificado mediante o correspondente certificado de firma electrónica)

Interveñen cada un deles, en nome e representación da entidade respectiva e recoñécense mutuamente a capacidade legal necesaria para a sinatura do presente convenio a tal efecto,

ANTECEDENTES

A solicitude da presente subvención foi aprobada por Acordo do Pleno do **Concello de Paderne**, no que se valora o impacto económico do obxecto do convenio nos seguintes termos:

*“...Declarar as razóns de interese público polas que a Deputación Provincial debe contribuír economicamente no desenvolvemento do proxecto, a pavimentación de vías públicas é un servizo mínimo obrigatorio recollido no artigo 26.1 .a) da Lei 7/85 Reguladora das Bases do Réxime Local, tendo en conta ademais que a estrada á que se refire o proxecto é unha vía moi transitada que presenta un firme en deficientes condicións para o tránsito con baches, badenes, mordientes, etc., presentando danos da capa de rodadura co conseguinte dano para os usuarios.
...”*

A concesión da subvención foi aprobada por Acordo do Pleno da Deputación celebrado o

COMPETENCIAS DAS ADMINISTRACIÓNS ACTUANTES

A ENTIDADE BENEFICIARIA levará a cabo a execución deste proxecto no exercicio da competencia en materia de Patrimonio e Contratación que lle atribúe o artigo 25.2, da Lei 7/85, de 2 de abril, das Bases de Réxime Local, así como os artigos 80 e seguintes da Lei 5/1997 de Administración Local de Galicia nos termos da lexislación sectorial do Estado e/ou da Comunidade Autónoma de Galicia.

Pola súa banda, consonte ao previsto no artigo 31.2 da devandita Lei 7/85 e 101.2 da referida Lei 5/1997, a Deputación, como órgano de goberno e administración da Provincia, compételle asegurar a prestación integral e axeitada en todo o territorio provincial dos servizos de competencia municipal, así como a cooperación no fomento no desenvolvemento económico e social e a planificación do territorio provincial (art.36.1, letra d).

MANIFESTAN

Que o **ENTIDADE** e a **DEPUTACIÓN** teñen interese coincidente na execución das obras obxecto deste convenio, polo que ambas as dúas

ACORDAN



Formalizar o presente CONVENIO DE COOPERACIÓN conforme ás seguintes cláusulas:

I.- OBXECTO

1.- O presente convenio de cooperación ten por obxecto establecer as bases de cooperación entre a Deputación da Coruña e o Concello de **Paderne** con CIF P1506500F, para o financiamento da obra denominada “**mellora da pavimentación da estrada Brión-Vigo, Paderne**”, tal e como aparece definida esta no proxecto técnico de execución subscrito polo arquitecto Antonio López Rodríguez, asinado en xaneiro 2025.

2.- **A ENTIDADE BENEFICIARIA**, na súa condición de promotor da obra, achega ao expediente un exemplar do proxecto, a certificación da súa aprobación polo órgano competente, así como a certificación de que conta e coa dispoñibilidade dos terreos necesarios para a súa execución, e achega todas as autorizacións administrativas preceptivas.

Dito proxecto foi supervisado polos Servizos Técnicos da Deputación e conta con informe favorable.

3.- A obra está perfectamente definida nos planos de conxunto e de detalle e en todos os documentos que incorpora o proxecto, tal e como esixe o artigo 233 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público e a normativa de desenvolvemento, coa manifestación expresa realizada pola persoa redactora de que é unha obra completa ou unha fase susceptible de utilización ou aproveitamento separado. Xa que logo, unha vez rematada a obra, a **ENTIDADE BENEFICIARIA** comprométese a destinala ao uso público para o que está prevista a lo menos polo prazo de dez anos.

II.- ORZAMENTO DE EXECUCIÓN DAS OBRAS.

O orzamento de contrata da obra, segundo o proxecto técnico ao que se fai referencia na cláusula anterior, desagregase co seguinte detalle:

Orzamento Execución Material	78.193,54	euros
Gastos xerais 13,00%	10.165,16	euros
Beneficio Industrial 6,00 %	4.691,61	euros
IVE (21%)	19.540,57	euros
ORZAMENTO DE LICITACIÓN	112.590,88	euros

III.- FINANCIAMENTO PROVINCIAL E OUTROS INGRESOS QUE SE OBTENAN OU ACHEGUEN PARA A MESMA FINALIDADE.

1. A Deputación da Coruña financiará o orzamento das obras, tal como se define na cláusula anterior, cunha achega máxima de **90.072,70** euros o que representa unha porcentaxe de **80,00 %**, que constitúe o “coeficiente de financiamento”. A contía restante, ata conseguir o importe total do orzamento da contrata, está financiado pola ENTIDADE BENEFICIARIA con cargo a recursos propios ou alleos, acreditando que ten consignado o crédito adecuado e suficiente para imputar a totalidade do gasto que lle corresponde financiar.



2. Entenderase que a finalidade básica da subvención estará cumprida cando se teña executado e recepcionado completamente a obra, polo importe de adxudicación. O importe da achega será o resultado de aplicación de coeficiente de financiamento sobre o importe adxudicado.

No caso de que se produxeran economías en execución ou diminución de gastos derivados de proxectos modificados, a achega provincial será o resultado da aplicación do coeficiente de financiamento sobre o total certificado e recepcionado.

3. A Deputación Provincial financiará exclusivamente os gastos derivados do contrato de execución das obras contempladas no proxecto técnico e, polo tanto, non serán subvencionables os gastos derivados de contratos conexos, tales como honorarios de redacción de proxectos ou dirección das obras, tributos reivindicados pola obtención de licenzas, coordinación de seguridade e saúde, control de calidade ou outros. Tampouco se financiarán os incrementos de gastos derivados de proxectos modificados ou liquidacións da obra.

A Deputación poderá realizar controis **adicionais** de calidade das obras. A **ENTIDADE BENEFICIARIA** deberá facilitar a información e os accesos ás obras que sexan necesarios para a realización da dita actividade.

4. O importe do financiamento provincial farase efectivo con cargo á aplicación **0112/1532/76201** do orzamento provincial para o ano 2026, na que a Intervención Provincial certificou que existe crédito suficiente e sobre a que se contabilizou a correspondente retención de crédito. No caso de que a vixencia deste convenio esténdase a exercicios futuros, a súa aprobación queda condicionada á existencia de crédito adecuado e suficiente nos exercicios orzamentarios correspondentes e ao cumprimento dos obxectivos da Lei orgánica 2/2012, de 27 de abril, de estabilidade orzamentaria.

5. A subvención da Deputación é compatíbel coa percepción doutras subvencións ou axudas, públicas ou privadas, que a **ENTIDADE BENEFICIARIA** obteña para a mesma finalidade, sempre que o seu importe, xuntamente co da subvención provincial, non supere en ningún caso o importe total do gasto efectivamente xustificado.

No caso de que a concorrencia de axudas ou subvencións supere o importe do gasto efectivamente xustificado, minorarase a achega provincial no importe necesario para darlle estrito cumprimento ao apartado anterior.

IV.- CONTRATACIÓN E EXECUCIÓN .

1. Na condición de promotor, corresponderalle á **ENTIDADE BENEFICIARIA** a tramitación do contrato de execución das obras descritas no proxecto ao que fai referencia a cláusula primeira.

2. No procedemento de contratación, a **ENTIDADE BENEFICIARIA** axustará toda a súa actuación ao disposto na lexislación de contratos do sector público.

3.- Deberá utilizar os pregos-tipo de contratación da Deputación para o procedemento aberto cun único criterio, ou múltiples criterios de valoración, garantindo en todo caso, os principios de publicidade, concorrencia, igualdade e non discriminación.



Unicamente procederá a utilización do procedemento negociado sen publicidade nos supostos previstos no artigo 168 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de contratos do sector público, o que deberá quedar motivado no expediente

Non poderán recoller o concepto de “melloras”.

4.- No caso de que o **ENTIDADE BENEFICIARIA** tramite e aprobe algunha **modificación do proxecto** inicialmente aprobado, por causas non imputables ao Concello e debidamente xustificadas, así como do contrato adxudicado, deberá **remitir á Deputación un exemplar do proxecto modificado, con anterioridade á aprobación** do mesmo polo órgano competente, achegando co mesmo os informes técnicos e xurídicos emitidos para a súa supervisión polos Servizos Técnicos Provinciais. Posteriormente, achegarase certificación da súa aprobación polo órgano competente. (Cláusulas III.3 e XIV.3)

V.- DIFUSIÓN DO FINANCIAMENTO PROVINCIAL.

1.Durante a execución das obras e ata o seu remate e recepción, a **ENTIDADE BENEFICIARIA** estará obrigada a colocar un cartel informativo da obra que sexa visible; polo menos, desde unha distancia de 25 metros, no que, sen prexuízo doutras indicacións, figure o a marca, símbolo ou logotipo da Deputación e o importe da subvención concedida.

2.Rematada a obra, e cando a súa natureza o permita, deberase colocar unha placa nun lugar visible na que se deixe constancia da data de inauguración da obra e do financiamento provincial. O texto estará redactado en galego.

3.Asemade, a entidade beneficiaria deberá cumprir coas obrigas de información que lle impón a Lei 19/2013, de 9 de decembro, de Transparencia, acceso á información pública e bo goberno, dándolle difusión a este convenio no Portal de Transparencia da súa páxina web ou sede electrónica.

VI.- A XUSTIFICACIÓN NECESARIA PARA RECIBIR A ACHEGA DA DEPUTACIÓN

1. Ata o 50 por cento da achega da Deputación ten carácter prepagable. A dita achega provincial calcularase aplicando o coeficiente de financiamento sobre o importe de adxudicación da obra. Polo tanto, a Deputación expedirá un primeiro pagamento do 50 % da achega provincial a prol da **ENTIDADE BENEFICIARIA** , unha vez que presente ou conste na Deputación provincial a seguinte documentación:

- Xustificación da elección do procedemento de contratación utilizado, de acordo co previsto na cláusula IV.3.
- Certificación do **acordo ou resolución de adxudicación** do contrato de obras, na que figuren polo menos o seguinte: datos da empresa adxudicataria, importe de adxudicación do contrato e prazo de execución.
- **Acta de comprobación da implantación**, asinada pola dirección da obra, pola contratista adxudicataria e pola persoa funcionaria técnica designada pola Deputación ou, no seu caso, acreditación da imposibilidade de asistencia de dita persoa técnica provincial.



- Certificación expedida polo órgano responsable da contabilidade das **axudas e outros ingresos afectados** á mesma finalidade ou obxecto desta subvención.
 - **Acreditación da colocación do cartel informativo** ao que se refire a cláusula V.1 mediante remisión dunha fotografía debidamente dilixenciada pola dirección da obra.
 - Acreditación fotográfica da situación da obra previamente ao seu inicio.
2. Rematada completamente a obra, procederase ao abono do 50 por cento ou resto da achega provincial, unha vez que se presente ou conste na Deputación provincial a seguinte documentación:
- **Certificacións** de execución da obra cos datos a orixe, coa certificación da súa aprobación polo órgano competente, xunto co recoñecemento da obriga.
 - Informes de control de calidade da obra realizados por un técnico competente, de ser o caso.
 - **Acta de recepción da obra.** A dito acto deberá acudir unha persoa técnica designada pola Deputación, quen asinará tamén a correspondente acta. No caso de imposibilidade de asistencia da persoa técnica provincial, deberá acreditarse ter realizado a solicitude e a contestación da Deputación.
 - Certificación expedida polo órgano responsable da contabilidade dos **ingresos** de natureza pública ou privada obtidos para a mesmo proxecto, con indicación do seu importe e procedencia ou, pola contra, manifestación de que non se obtiveron outros ingresos para o mesmo proxecto.
 - Presentación de **fotografías**, dilixenciadas pola dirección da obra, acreditativas do **cumprimento das obrigas de difusión** previstas na cláusula V: cartel da obra e, no seu caso, colocación da placa e portal de transparencia da súa páxina web ou sede electrónica.
 - Presentación de fotografías da obra realizada, dilixenciadas polo técnico-director.
 - Certificación do acordo da incorporación do ben ao **inventario de bens** do **ENTIDADE BENEFICIARIA**, facendo constar nos correspondentes asentos que o ben queda afectado á finalidade pública para a que foi concedida a subvención polo menos durante un prazo de dez anos.
 - Cando o ben sexa susceptible de inscrición no Rexistro da Propiedade, debe constar a adscrición ao uso e servizo público por un prazo de dez anos.
 - Deberá acreditar o pago efectivo aos terceiros do importe aboado co primeiro pago prepagable.
3. Previamente a realización de calquera dos pagos anteditos, e de acordo co previsto na cláusula VIII, a Deputación comprobará de oficio se o concello está ao corrente nas súas obrigas tributarias, coa Seguridade Social e coa Deputación.
- 4.-Cando o gasto xustificado sexa inferior ao 50% da subvención provincial, e polo tano, a finalidade básica da subvención non se considere cumprida nos termos da cláusula III.2,



o anticipo concedido non xustificado deberá reintegrarse xunto cos correspondentes intereses de demora.

5. **No caso de resolución de contrato** por causas debidamente xustificadas, non imputables ao Concello, poderá efectuarse o pago correspondente á aplicación do coeficiente de financiamento sobre o total certificado e pagado ao contratista .A tal efecto, deberán de aportarse as transferencias bancarias a favor do contratista. A estes efectos, o importe non aboado se considerará economía.

VII.- TERMO PARA A FINALIZACIÓN DAS OBRAS E PRAZO DE XUSTIFICACIÓN.

1. As obras que son obxecto de financiamento provincial, tal como están descritas no proxecto técnico indicado na cláusula I, deberán estar finalizadas e presentada a documentación xustificativa indicada na cláusula VI no prazo indicado na cláusula XIV.

2. No caso de non ter presentada a documentación xustificativa , ou a solicitude de prórroga dentro do prazo de vixencia do convenio, **implicará a perda da subvención** e demais responsabilidades previstas neste convenio e na lexislación aplicable respecto diso, tal e como se indica na cláusula XIV.

VIII.- CUMPRIMENTO DAS OBRIGAS TRIBUTARIAS E COA SEGURIDADE SOCIAL E A SÚA ACREDITACIÓN.

1.A **ENTIDADE BENEFICIARIA** deberá estar ao día, con carácter previo á sinatura deste convenio, e logo, con carácter previo ao pago da subvención, no cumprimento das obrigas tributarias coa Axencia Tributaria, coa Seguridade Social e con esta Deputación .

2.A tal efecto, a **ENTIDADE BENEFICIARIA** presentará as certificacións das administracións tributarias correspondentes e da Tesourería da Seguridade Social nas que se acredite que a entidade está ao corrente nas súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social.

3.Poderá omitirse a presentación desta documentación sempre que autorice expresamente á Deputación a realizar as consultas tributarias e non se opoña á consulta de datos da Seguridade Social . Neste caso, a acreditación do cumprimento das obrigas tributarias coa Deputación Provincial determinarase de oficio por esta.

IX.- DESTINO E MANEXO DOS FONDOS RECIBIDOS.

1.Consonte ao previsto nas Regras 25 e seguintes da Instrución de contabilidade para a administración local (Orde HAP 1781/2013, de 20 de setembro, Modelo normal), a ENTIDADE BENEFICIARIA deberá codificar este proxecto de gasto, co fin de facerlle un seguimento contábel específico, de xeito de que quede rexistrada unha pista de auditoría fiábel pola que se poida verificar a afectación e aplicación efectiva dos fondos recibidos á execución do proxecto financiado.

2.A **ENTIDADE BENEFICIARIA** destinará os fondos recibidos ao pagamento dos xustificantes de gasto presentados.



3.O concello deberá acreditar ter aboado aos terceiros o importe dos gastos xustificadas, no prazo máximo **dun mes** dende a recepción dos fondos que constitúen o segundo pagamento. Esta obriga será comprobada pola Deputación e, no seu caso, no procedemento de control financeiro que se poida instruír para tal efecto, sen que teña que presentar documentación adicional algunha no expediente de xestión e pagamento da subvención.

4.Co fin de garantir un axeitado control da aplicación dos fondos, o pagamento deberá quedar acreditado documentalmente mediante a utilización de transferencia bancaria, cheque nominativo, cargo, ingreso en conta ou calquera outra modalidade de pagamento bancario, sempre que en todo caso quede identificada a persoa ordenante e a persoa preceptora.

5.No caso de que o ben subvencionado tivera como finalidade a posta en funcionamento dalgún servizo ou actividade, a ENTIDADE BENEFICIARIA, deberá acreditar nun prazo máximo de cinco meses dende a percepción da totalidade da subvención, de que o servizo ou actividade están funcionamento, ou, no seu caso, presentar un programa de posta en funcionamento. Esta circunstancia poderá ser verificada a través da inclusión da subvención no Plan de Control Financeiro da Intervención provincial.

X.- CONTROL FINANCEIRO DA DEPUTACIÓN E DOS ÓRGANOS DE CONTROL EXTERNO.

1.Consonte ao disposto nos artigos 44 e seguintes da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de subvencións, e nos artigos 41 e seguintes da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de Subvencións de Galicia, A **ENTIDADE BENEFICIARIA** poderá ser seleccionado pola Intervención provincial para a realización dun control financeiro sobre a subvención pagada, co fin de acreditar a efectiva aplicación dos fondos á finalidade para a que foron concedidos, o correcto financiamento da actividade e o cumprimento de tódalas demais obrigas formais e materiais que lle impón o presente convenio de cooperación e a lexislación citada anteriormente.

2.Asemade, de acordo co previsto na lei 6/1985, de 24 de xuño, do Consello de Contas de Galicia, A **ENTIDADE BENEFICIARIA** queda sometido aos procedementos de fiscalización que leven a cabo o Consello de Contas de Galicia ou, no seu caso, segundo o previsto na Lei orgánica 2/1982, de 12 de maio, aos procedementos de axuizamento contable que poida incoar o Tribunal de Contas, e a calquera outro órgano de control, nacional ou europeo.

XI.- REINTEGRO, INFRACCIÓNS E SANCIÓNS.

1.O incumprimento dalgunha das cláusulas previstas no presente convenio de cooperación poderá comportar a obriga de reintegro parcial ou total dos fondos recibidos, así como ao pago dos xuros de demora que se perciban desde o día no que se realizou o pago ata o momento no que se acorde a procedencia do reintegro. O procedemento de reintegro iniciárase de oficio na súa tramitación seguirase o disposto nos artigos 41 e seguintes da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeneral de Subvencións e nos artigos 91 e seguintes do seu Regulamento (R.D. 887/2006, de 21 de xullo), dándolle en todo caso audiencia ao interesado.



2.Sen prexuízo do anterior, dito incumprimento tamén poderá ser constitutivo dalgunha das infraccións tipificadas na Lei 38/2003, de 17 de novembro, ou na Lei 9/2007, de 13 de xuño, de Subvencións de Galicia, séndolle de aplicación o cadro de sancións previstos nas normas citadas e na Ordenanza xeral de subvencións e transferencias da Deputación Provincial da Coruña.

3.Nos supostos de demora na realización das obras ou na presentación da xustificación, estarase ao disposto na Ordenanza xeral de subvencións e transferencias da Deputación Provincial da Coruña.

XII.- INCORPORACIÓN AO REXISTRO PÚBLICO DE SUBVENCÍONS E PUBLICACIÓN DA SUBVENCIÓN CONCEDIDA.

1.No cumprimento do disposto no artigo 20 da Lei 38/2003, xeral de subvencións, e demais normativa de desenvolvemento, os datos da subvención concedida e a identificación da **ENTIDADE BENEFICIARIA** serán remitidas á Intervención xeral do Estado, para que sexan incorporados á Base de Datos Nacional de Subvencións, coa exclusiva finalidade prevista en dito precepto e co debido respecto á protección dos datos de carácter persoal, segundo o previsto na Lei orgánica 3/2018, de 13 de decembro, de protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais.

2.Segundo o previsto no artigo 18 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de subvencións, e no artigo 8 da Lei 19/2013, de 9 de decembro, de transparencia, acceso a información pública e bo goberno, a concesión da subvención ao A **ENTIDADE BENEFICIARIA** será publicada no portal de transparencia da sede electrónica da Deputación da Coruña.

3.Un exemplar deste convenio, debidamente asinado, será incorporado ao Rexistro de convenios que depende da Secretaría Provincial, xestionado polo Servizo de Contratación da Deputación.

XIII.- COMISIÓN DE SEGUIMIENTO

1.Para realizar o seguimento deste convenio e as incidencias que poidan xurdir do mesmo, queda constituída unha comisión integrada pola persoa titular da Presidencia da Deputación ou membro da Corporación no que delegue e a persoa titular da Alcaldía do **Concello de Paderne** ou membro da Corporación en quen delegue. Actuarán como asesores de dita comisión as persoas titulares da Secretaría xeral e do órgano interventor da Deputación e da ENTIDADE BENEFICIARIA, ou persoas funcionarias en quen deleguen.

2.En todo caso, será preceptivo o ditame previo desta Comisión para os acordos de interpretación do presente convenio.

XIV.- VIXENCIA DO CONVENIO, PRÓRROGA OU MODIFICACIÓN.

1.O presente convenio de cooperación terá efectos desde a súa sinatura e conservará a súa vixencia ata o **31/10/2027**, o que representa un período de vixencia de _____ meses. No caso de que a vixencia deste convenio se estenda a exercicios futuros, a súa aprobación queda condicionada á existencia de crédito adecuado e suficiente nos



exercicios orzamentarios correspondentes e ao cumprimento dos obxectivos da Lei de estabilidade orzamentaria.

2.O dito prazo será improrrogable, salvo que **A ENTIDADE BENEFICIARIA** non poida ter finalizadas as obras e presentada a xustificación antes do prazo establecido na cláusula VII. Nese caso, deberá solicitar antes desta data, a prórroga do prazo inicial, achegando coa solicitude un novo programa de traballo asinado polo Director da obra, co fin de que a Deputación poida acreditar a existencia de crédito adecuado e suficiente para o pago do importe pendente de xustificar.

3.A estes efectos, **a ENTIDADE BENEFICIARIA na solicitude deberá indicar as causas da demora na execución das obras, acreditar que as ditas causas non son imputables á ENTIDADE BENEFICIARIA, e xustificar** que implican a necesidade de prorrogar o presente convenio, **indicando o prazo imprescindible para a finalización das mesmas.**

De considerarse xustificadas os motivos aducidos, previos os informes preceptivos, a prórroga do prazo de vixencia do convenio aprobarase **por Resolución da Presidencia**, polo **prazo imprescindible para a finalización das obras.**

O dito prazo será máximo e, polo tanto, **non será susceptible dunha nova prórroga, nin de modificación**, polo que, a non presentación da xustificación no dito período, **implicará que** o convenio quedará definitivamente extinguido e comportará a perda do dereito á cobranza da subvención e, sen máis notificación, implicará a iniciación do expediente de reintegro, no seu caso, do anticipo percibido mais os correspondentes xuros de demora.

4.En ningún caso, se poderá modificar o convenio variando substancialmente o obxecto da subvención concedida de forma excepcional e nominativamente por acordos plenarios das respectivas administracións.

A modificación do proxecto de obras non implicará un incremento da achega provincial senón que, no seu caso, o exceso de financiamento deberá ser soportado pola ENTIDADE BENEFICIARIA. No caso de que a modificación implique unha minoración do importe do proxecto, a mesma se imputará proporcionalmente as entidades asinantes en función de do coeficiente de financiamento contemplado na cláusula III.

5.No caso de que o **ENTIDADE BENEFICIARIA** tramite e aprobe algunha **modificación do proxecto** inicialmente aprobado, por causas non imputables ao Concello e debidamente xustificadas, así como do contrato adxudicado, deberá **remitir á Deputación un exemplar do proxecto modificado, con anterioridade á aprobación** do mesmo polo órgano competente, achegando co mesmo os informes técnicos e xurídicos emitidos para a súa supervisión polos Servizos Técnicos Provinciais. Posteriormente, chegarase certificación da súa aprobación polo órgano competente. (Cláusulas III.3 e XIV.4)

6.No caso de que a modificación implique unha minoración ou incremento do importe adxudicado, deberá tomar coñecemento o Pleno da Corporación Provincial e formalizarse en documento administrativo.



De manterse igual o importe, tomarase coñecemento mediante Resolución da Presidencia. En todo caso, non se formalizará a modificación, uníndose o acordo plenario ou resolución ao expediente para a súa constancia.

XV.- NATUREZA, INTERPRETACIÓN E XURISDICIÓN COMPETENTE.

1.O presente convenio ten natureza administrativa e para resolver as dúbidas que xurdan na interpretación das súas cláusulas aplicaranse as disposicións contidas na Lei 38/2003, de 18 de novembro, xeral de Subvencións, e na Lei 9/2007, de 13 de xuño, de Subvencións de Galicia e na Ordenanza xeral de Subvencións e Transferencias da Deputación. Supletoriamente aplicarase a lexislación de contratos do sector público.

2.Corresponderalle aos órganos da xurisdición contencioso-administrativa, segundo a distribución de competencias prevista na Lei 29/1998, de 13 de xullo, reguladora de dita xurisdición, o coñecemento das cuestións litixiosas que poidan xurdir como consecuencia do presente convenio.

E para que así conste e en proba de conformidade por ambas partes, asínase (No caso de sinatura electrónica engadirase: electronicamente) o presente convenio, dando fe de todo elo o Secretario xeral *(ou quen legalmente lle substitúa)*”

12.- Aprobación do texto e da formalización do Convenio de Cooperación entre a Excelentísima Deputación Provincial da Coruña e o Concello de Muros polo que se instrumenta unha subvención nominativa para cofinanciar as obras de construción e mellora de parque infantil e zona deportiva en Esteiro e Louro, Muros.

VOTACIÓN

Votan a favor: 31 deputados/as (14 do PP, 10 do PSOE, 6 do BNG e 1 de Alternativa dos Veciños).

Votan en contra: ningún/ha deputado/a

Abstéñense: ningún/ha deputado/a

ACORDO

O Pleno, por unanimidade, acorda:

“1º.- Levantar o reparo interposto pola Intervención Provincial na tramitación do expediente de aprobación dun convenio de cooperación entre a Excma. Deputación provincial da Coruña e do **Concello de Muros polo lo que se instrumenta unha subvención nominativa** para cofinanciar as **obras de construción e mellora de parque infantil e zona deportiva en Esteiro e Louro, Muros**, e instar a que o mesmo siga os trámites oportunos para proceder á súa aprobación e formalización.

2º.- Exceptuar para o presente convenio os principios de concorrencia, publicidade, igualdade e non discriminación na tramitación do presente expediente, dada la existencia de causas excepcionais que xustifican a concesión da subvención nominativa, por entender que se dan as razóns de interese público no outorgamento da subvención. Estes principios atópanse recollidos nos artigos 22.2 LXS e 65-67 do seu Regulamento.



3º.- Aprobar o texto e a formalización do Convenio de Cooperación entre a Excelentísima Deputación Provincial da Coruña e o Concello de Muros polo que se instrumenta unha subvención nominativa para cofinanciar as obras de construción e mellora de parque infantil e zona deportiva en Esteiro e Louro, Muros cunha achega provincial de 197.062,48 euros con cargo á aplicación orzamentaria 0112/1711/76201 o que representa un coeficiente de financiamento do 80,00 % respecto dun orzamento de 246.328,11 euros.

4º.- Condicionar o convenio á existencia de crédito adecuado e suficiente e ao cumprimento dos obxectivos de estabilidade orzamentaria, no próximo exercicio orzamentario, de acordo coa normativa vixente no momento.

ANEXO

CONVENIO DE COOPERACIÓN ENTRE A EXCELENTÍSIMA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA E O CONCELLO DE MUROS POLO QUE SE INSTRUMENTA UNHA SUBVENCIÓN NOMINATIVA PARA O COFINANCIAMENTO DAS OBRAS DE CONSTRUCCIÓN E MELLORA DE PARQUE INFANTIL E ZONA DEPORTIVA EN ESTEIRO E LOURO, MUROS.

Na Coruña, a _____

INTERVEÑEN

Dunha parte, a Deputación Provincial da Coruña con NIF P1500000C, representada polo seu Presidente, D. _____ (ou deputado/a no que delegue), (No caso de sinatura electrónica engadirase: identificado mediante o correspondente certificado de firma electrónica) asistido polo Secretario Xeral, D. _____ (ou quen legalmente lle substitúa) representante da Excelentísima Deputación Provincial da Coruña (No caso de sinatura electrónica engadirase: identificado mediante o correspondente certificado de firma electrónica), en exercicio das funcións reservadas previstas no artigo 3.2 i) do Real Decreto 128/2018, do 16 de marzo, polo que se regula o réxime xurídico dos funcionarios de Administración Local con habilitación de carácter nacional.

E doutra parte, o **Concello de Muros**, con CIF P1505400J, representado polo seu Alcalde/sa /Presidente D. _____ (ou concelleiro, concelleira ou persoa en quen delegue), segundo se acredita mediante certificación da Secretaría do Concello/ Entidade. (**en adiante ENTIDADE BENEFICIARIA**) (No caso de sinatura electrónica engadirase: identificado mediante o correspondente certificado de firma electrónica)

Interveñen cada un deles, en nome e representación da entidade respectiva e recoñécense mutuamente a capacidade legal necesaria para a sinatura do presente convenio a tal efecto,



ANTECEDENTES

A solicitude da presente subvención foi aprobada por Acordo do Pleno do **Concello de Muros**, no que se valora o impacto económico do obxecto do convenio nos seguintes termos:

“... A construción destes parques infantís en Esteiro e Louro non só responde a unha necesidade local, senón que tamén se presenta como unha actuación estratéxica de interese público de carácter cultural, deportivo, social, económico e humanitario. A súa realización beneficiará á poboación infantil, ás familias e á comunidade en xeral, mellorando a calidade de vida e promovendo o benestar de todos os veciños de Muros, ao mesmo tempo que fomenta o desenvolvemento dunha infraestrutura que dinamiza social e economicamente a estas parroquias ...”

A concesión da subvención foi aprobada por Acordo do Pleno da Deputación celebrado o

COMPETENCIAS DAS ADMINISTRACIÓNS ACTUANTES

A ENTIDADE BENEFICIARIA levará a cabo a execución deste proxecto no exercicio da competencia en materia de Patrimonio e Contratación que lle atribúe o artigo 25.2, da Lei 7/85, de 2 de abril, das Bases de Réxime Local, así como os artigos 80 e seguintes da Lei 5/1997 de Administración Local de Galicia nos termos da lexislación sectorial do Estado e/ou da Comunidade Autónoma de Galicia.

Pola súa banda, consonte ao previsto no artigo 31.2 da devandita Lei 7/85 e 101.2 da referida Lei 5/1997, a Deputación, como órgano de goberno e administración da Provincia, compételle asegurar a prestación integral e axeitada en todo o territorio provincial dos servizos de competencia municipal, así como a cooperación no fomento no desenvolvemento económico e social e a planificación do territorio provincial (art.36.1, letra d).

MANIFESTAN

Que o **ENTIDADE** e a **DEPUTACIÓN** teñen interese coincidente na execución das obras obxecto deste convenio, polo que ambas as dúas.

ACORDAN

Formalizar o presente CONVENIO DE COOPERACIÓN conforme ás seguintes cláusulas:



I.- OBXECTO

O presente convenio de cooperación ten por obxecto establecer as bases de cooperación entre a Deputación da Coruña e o Concello de **Muros** con CIF P1505400J, para o financiamento da obra denominada “**obras de construción e mellora de parque infantil e zona deportiva en Esteiro e Louro, Muros**”, tal e como aparece definida esta no proxecto técnico de execución subscrito polo arquitecta Rosario Parada Portas, en novembro de 2025.

1.- **A ENTIDADE BENEFICIARIA**, na súa condición de promotor da obra, achega ao expediente un exemplar do proxecto, a certificación da súa aprobación polo órgano competente, así como a certificación de que conta e coa dispoñibilidade dos terreos necesarios para a súa execución, e achega todas as autorizacións administrativas preceptivas.

Dito proxecto foi supervisado polos Servizos Técnicos da Deputación e conta con informe favorable.

2- A obra está perfectamente definida nos planos de conxunto e de detalle e en todos os documentos que incorpora o proxecto, tal e como esixe o artigo 233 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público e a normativa de desenvolvemento, coa manifestación expresa realizada pola persoa redactora de que é unha obra completa ou unha fase susceptible de utilización ou aproveitamento separado. Xa que logo, unha vez rematada a obra, a **ENTIDADE BENEFICIARIA** comprométese a destinala ao uso público para o que está prevista a lo menos polo prazo de dez anos.

II.- ORZAMENTO DE EXECUCIÓN DAS OBRAS.

O orzamento de contrata da obra, segundo o proxecto técnico ao que se fai referencia na cláusula anterior, desagregase co seguinte detalle:

Orzamento Execución Material	171.073,07 euros
Gastos xerais 13,00%	22.239,50 euros
Beneficio Industrial 6,00 %	10.264,38 euros
IVE (21%)	42.751,16 euros
ORZAMENTO DE LICITACIÓN	246.328,11 euros

III.- FINANCIAMENTO PROVINCIAL E OUTROS INGRESOS QUE SE OBTENHAN OU ACHEGUEN PARA A MESMA FINALIDADE.

1. A Deputación da Coruña financiará o orzamento das obras, tal como se define na cláusula anterior, cunha achega máxima de **197.062,48 euros** o que representa unha porcentaxe de **80,00 %**, que constitúe o “coeficiente de financiamento”. A contía restante, ata conseguir o importe total do orzamento da contrata, está financiado pola ENTIDADE BENEFICIARIA con cargo a recursos propios ou alleos, acreditando que ten consignado o crédito adecuado e suficiente para imputar a totalidade do gasto que lle corresponde financiar.

2. Entenderase que a finalidade básica da subvención estará cumprida cando se teña

**RPT-6654235



executado e recepcionado completamente a obra, polo importe de adxudicación. O importe da achega será o resultado de aplicación de coeficiente de financiamento sobre o importe adxudicado.

No caso de que se produxeran economías en execución ou diminución de gastos derivados de proxectos modificados, a achega provincial será o resultado da aplicación do coeficiente de financiamento sobre o total certificado e recepcionado.

3. A Deputación Provincial financiará exclusivamente os gastos derivados do contrato de execución das obras contempladas no proxecto técnico e, polo tanto, non serán subvencionables os gastos derivados de contratos conexos, tales como honorarios de redacción de proxectos ou dirección das obras, tributos reivindicados pola obtención de licenzas, coordinación de seguridade e saúde, control de calidade ou outros. Tampouco se financiarán os incrementos de gastos derivados de proxectos modificados ou liquidacións da obra.

A Deputación poderá realizar controis **adicionais** de calidade das obras. A **ENTIDADE BENEFICIARIA** deberá facilitar a información e os accesos ás obras que sexan necesarios para a realización da dita actividade.

4. O importe do financiamento provincial farase efectivo con cargo á aplicación orzamentaria **0112/1711/76201**, do orzamento provincial para o ano 2026, na que a Intervención Provincial certificou que existe crédito suficiente e sobre a que se contabilizou a correspondente retención de crédito. No caso de que a vixencia deste convenio esténdase a exercicios futuros, a súa aprobación queda condicionada á existencia de crédito adecuado e suficiente nos exercicios orzamentarios correspondentes e ao cumprimento dos obxectivos da Lei orgánica 2/2012, de 27 de abril, de estabilidade orzamentaria.

5. A subvención da Deputación é compatíbel coa percepción doutras subvencións ou axudas, públicas ou privadas, que a **ENTIDADE BENEFICIARIA** obteña para a mesma finalidade, sempre que o seu importe, xuntamente co da subvención provincial, non supere en ningún caso o importe total do gasto efectivamente xustificado.

No caso de que a concorrencia de axudas ou subvencións supere o importe do gasto efectivamente xustificado, minorarase a achega provincial no importe necesario para darlle estrito cumprimento ao apartado anterior.

IV.- CONTRATACIÓN E EXECUCIÓN .

1. Na condición de promotor, corresponderalle á **ENTIDADE BENEFICIARIA** a tramitación do contrato de execución das obras descritas no proxecto ao que fai referencia a cláusula primeira.

2. No procedemento de contratación, a **ENTIDADE BENEFICIARIA** axustará toda a súa actuación ao disposto na lexislación de contratos do sector público.

3.- Deberá utilizar os pregos-tipo de contratación da Deputación para o procedemento aberto cun único criterio, ou múltiples criterios de valoración, garantindo en todo caso, os principios de publicidade, concorrencia, igualdade e non discriminación.

Unicamente procederá a utilización do procedemento negociado sen publicidade nos



supostos previstos no artigo 168 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de contratos do sector público, o que deberá quedar motivado no expediente

Non poderán recoller o concepto de “melloras”.

4.- No caso de que o **ENTIDADE BENEFICIARIA** tramite e aprobe algunha **modificación do proxecto** inicialmente aprobado, por causas non imputables ao Concello e debidamente xustificadas, así como do contrato adxudicado, deberá **remitir á Deputación un exemplar do proxecto modificado, con anterioridade á aprobación** do mesmo polo órgano competente, achegando co mesmo os informes técnicos e xurídicos emitidos para a súa supervisión polos Servizos Técnicos Provinciais. Posteriormente, achegarase certificación da súa aprobación polo órgano competente. (Cláusulas III.3 e XIV.3)

V.- DIFUSIÓN DO FINANCIAMENTO PROVINCIAL.

1. Durante a execución das obras e ata o seu remate e recepción, a **ENTIDADE BENEFICIARIA** estará obrigada a colocar un cartel informativo da obra que sexa visible, polo menos, desde unha distancia de 25 metros, no que, sen prexuízo doutras indicacións, figure o a marca, símbolo ou logotipo da Deputación e o importe da subvención concedida.
2. Rematada a obra, e cando a súa natureza o permita, deberase colocar unha placa nun lugar visible na que se deixe constancia da data de inauguración da obra e do financiamento provincial. O texto estará redactado en galego.
3. Asemade, a entidade beneficiaria deberá cumprir coas obrigas de información que lle impón a Lei 19/2013, de 9 de decembro, de Transparencia, acceso á información pública e bo goberno, dándolle difusión a este convenio no Portal de Transparencia da súa páxina web ou sede electrónica.

VI.- A XUSTIFICACIÓN NECESARIA PARA RECIBIR A ACHEGA PROVINCIAL.

1. Ata o 50 por cento da achega da Deputación ten carácter prepagable. A dita achega provincial calcularase aplicando o coeficiente de financiamento sobre o importe de adxudicación da obra. Polo tanto, a Deputación expedirá un primeiro pagamento do 50 % da achega provincial a prol da **ENTIDADE BENEFICIARIA**, unha vez que presente ou conste na Deputación provincial a seguinte documentación:

- Xustificación da elección do procedemento de contratación utilizado, de acordo co previsto na cláusula IV.3.
- Certificación do **acordo ou resolución de adxudicación** do contrato de obras, na que figuren polo menos o seguinte: datos da empresa adxudicataria, importe de adxudicación do contrato e prazo de execución.
- **Acta de comprobación da implantación**, asinada pola dirección da obra, pola contratista adxudicataria e pola persoa funcionaria técnica designada pola Deputación ou, no seu caso, acreditación da imposibilidade de asistencia de dita persoa técnica provincial.



- Certificación expedida polo órgano responsable da contabilidade das **axudas e outros ingresos afectados** á mesma finalidade ou obxecto desta subvención.
- **Acreditación da colocación do cartel informativo** ao que se refire a cláusula V.1 mediante remisión dunha fotografía debidamente dilixenciada pola dirección da obra.
- Acreditación fotográfica da situación da obra previamente ao seu inicio.

2. Rematada completamente a obra, procederase ao abono do 50 por cento ou resto da achega provincial, unha vez que se presente ou conste na Deputación provincial a seguinte documentación:

- a **Certificacións** de execución da obra cos datos a orixe, coa certificación da súa aprobación polo órgano competente, xunto co recoñecemento da obriga.
- b Informes de control de calidade da obra realizados por un técnico competente, de ser o caso.
- c **Acta de recepción da obra.** A dito acto deberá acudir unha persoa técnica designada pola Deputación, quen asinará tamén a correspondente acta. No caso de imposibilidade de asistencia da persoa técnica provincial, deberá acreditarse ter realizado a solicitude e a contestación da Deputación.
- d Certificación expedida polo órgano responsable da contabilidade dos **ingresos** de natureza pública ou privada obtidos para a mesmo proxecto, con indicación do seu importe e procedencia ou, pola contra, manifestación de que non se obtiveron outros ingresos para o mesmo proxecto.
- e Presentación de **fotografías**, dilixenciadas pola dirección da obra, acreditativas do **cumprimento das obrigas de difusión** previstas na cláusula V: cartel da obra e, no seu caso, colocación da placa e portal de transparencia da súa páxina web ou sede electrónica.
- f Presentación de fotografías da obra realizada, dilixenciadas polo técnico-director.
- g Certificación do acordo da incorporación do ben ao **inventario de bens** do **ENTIDADE BENEFICIARIA**, facendo constar nos correspondentes asentos que o ben queda afectado á finalidade pública para a que foi concedida a subvención polo menos durante un prazo de dez anos.
- h Cando o ben sexa susceptible de inscrición no Rexistro da Propiedade, debe constar a adscrición ao uso e servizo público por un prazo de dez anos.
- i Deberá acreditar o pago efectivo aos terceiros do importe aboado co primeiro pago prepagable.

3. Previamente a realización de calquera dos pagos anteditos, e de acordo co previsto na cláusula VIII, a Deputación comprobará de oficio se o concello está ao corrente nas súas obrigas tributarias, coa Seguridade Social e coa Deputación.

4.-Cando o gasto xustificado sexa inferior ao 50% da subvención provincial, e polo tano, a finalidade básica da subvención non se considere cumprida nos termos da cláusula III.2, o anticipo concedido non xustificado deberá reintegrarse xunto cos correspondentes intereses de demora.



5. **No caso de resolución de contrato** por causas debidamente xustificadas, non imputables ao Concello, poderá efectuarse o pago correspondente á aplicación do coeficiente de financiamento sobre o total certificado e pagado ao contratista .A tal efecto, deberán de aportarse as transferencias bancarias a favor do contratista. A estes efectos, o importe non aboado se considerará economía.

VII.- TERMO PARA A FINALIZACIÓN DAS OBRAS E PRAZO DE XUSTIFICACIÓN.

1. As obras que son obxecto de financiamento provincial, tal como están descritas no proxecto técnico indicado na cláusula I, deberán estar finalizadas e presentada a documentación xustificativa indicada na cláusula VI no prazo indicado na cláusula XIV.

2. No caso de non ter presentada a documentación xustificativa , ou a solicitude de prórroga dentro do prazo de vixencia do convenio, **implicará a perda da subvención** e demais responsabilidades previstas neste convenio e na lexislación aplicable respecto diso, tal e como se indica na cláusula XIV.

VIII.- CUMPRIMENTO DAS OBRIGAS TRIBUTARIAS E COA SEGURIDADE SOCIAL E A SÚA ACREDITACIÓN.

1. A **ENTIDADE BENEFICIARIA** deberá estar ao día, con carácter previo á sinatura deste convenio, e logo, con carácter previo ao pago da subvención, no cumprimento das obrigas tributarias coa Axencia Tributaria, coa Seguridade Social e con esta Deputación.

2. A tal efecto, a **ENTIDADE BENEFICIARIA** presentará as certificacións das administracións tributarias correspondentes e da Tesourería da Seguridade Social nas que se acredite que a entidade está ao corrente nas súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social.

3. Poderá omitirse a presentación desta documentación sempre que autorice expresamente á Deputación a realizar as consultas tributarias e non se opoña á consulta de datos da Seguridade Social . Neste caso, a acreditación do cumprimento das obrigas tributarias coa Deputación Provincial determinarase de oficio por esta.

IX.- DESTINO E MANEXO DOS FONDOS RECIBIDOS.

1.Consonte ao previsto nas Regras 25 e seguintes da Instrución de contabilidade para a administración local (Orde HAP 1781/2013, de 20 de setembro, Modelo normal), a ENTIDADE BENEFICIARIA deberá codificar este proxecto de gasto, co fin de facerlle un seguimento contábel específico, de xeito de que quede rexistrada unha pista de auditoría fiábel pola que se poida verificar a afectación e aplicación efectiva dos fondos recibidos á execución do proxecto financiado.

2.A **ENTIDADE BENEFICIARIA** destinará os fondos recibidos ao pagamento dos xustificantes de gasto presentados.

3.O concello deberá acreditar ter aboado aos terceiros o importe dos gastos xustificadas, no prazo máximo **dun mes** dende a recepción dos fondos que constitúen o segundo pagamento. Esta obriga será comprobada pola Deputación e, no seu caso, no



procedemento de control financeiro que se poida instruír para tal efecto, sen que teña que presentar documentación adicional algunha no expediente de xestión e pagamento da subvención.

4.Co fin de garantir un axeitado control da aplicación dos fondos, o pagamento deberá quedar acreditado documentalmente mediante a utilización de transferencia bancaria, cheque nominativo, cargo, ingreso en conta ou calquera outra modalidade de pagamento bancario, sempre que en todo caso quede identificada a persoa ordenante e a persoa preceptora.

5.No caso de que o ben subvencionado tivera como finalidade a posta en funcionamento dalgún servizo ou actividade, a ENTIDADE BENEFICIARIA, deberá acreditar nun prazo máximo de cinco meses dende a percepción da totalidade da subvención, de que o servizo ou actividade están funcionamento, ou, no seu caso, presentar un programa de posta en funcionamento. Esta circunstancia poderá ser verificada a través da inclusión da subvención no Plan de Control Financeiro da Intervención provincial.

X.- CONTROL FINANCEIRO DA DEPUTACIÓN E DOS ÓRGANOS DE CONTROL EXTERNO.

1. Consonte ao disposto nos artigos 44 e seguintes da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de subvencións, e nos artigos 41 e seguintes da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de Subvencións de Galicia, A **ENTIDADE BENEFICIARIA** poderá ser seleccionado pola Intervención provincial para a realización dun control financeiro sobre a subvención pagada, co fin de acreditar a efectiva aplicación dos fondos á finalidade para a que foron concedidos, o correcto financiamento da actividade e o cumprimento de tódalas demais obrigas formais e materiais que lle impón o presente convenio de cooperación e a lexislación citada anteriormente.

2. Asemade, de acordo co previsto na lei 6/1985, de 24 de xuño, do Consello de Contas de Galicia, A **ENTIDADE BENEFICIARIA** queda sometido aos procedementos de fiscalización que leven a cabo o Consello de Contas de Galicia ou, no seu caso, segundo o previsto na Lei orgánica 2/1982, de 12 de maio, aos procedementos de axuizamento contable que poida incoar o Tribunal de Contas, e a calquera outro órgano de control, nacional ou europeo.

XI.- REINTEGRO, INFRACCIÓNS E SANCIÓNS.

1. O incumprimento dalgunha das cláusulas previstas no presente convenio de cooperación poderá implicar a obriga de reintegro parcial ou total dos fondos recibidos, así como ao pago dos xuros de demora que se perciban dende o día no que se realizou o pagamento ata o momento no que se acorde a procedencia do reintegro. O procedemento de reintegro iniciárase de oficio e na súa tramitación seguirase o disposto nos artigos 41 e seguintes da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de subvencións e nos artigos 91 e seguintes do seu Regulamento (R.D. 887/2006, do 21 de xullo), dándolle en todo caso audiencia ao interesado.

2. Sen prexuízo do anterior, dito incumprimento tamén poderá ser constitutivo dalgunha



das infraccións tipificadas na Lei 38/2003, de 17 de novembro, ou na Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia, séndolle de aplicación o cadro de sancións previstos nas normas citadas e na ordenanza provincial de desenvolvemento que resulte aplicable.

3. Nos supostos de retraso na realización das obras ou retraso na presentación da xustificación, estarase ao disposto na ordenanza provincial de desenvolvemento que resulte aplicable

4. Se o retraso se produce no pago ao adxudicatario ou terceiros que teñan realizado o obxecto do convenio, se liquidará o xuro legal do diñeiro polo período que medie entre o prazo indicado na cláusula VI.3 e a data do pago efectivo ao terceiro.

XII.- INCORPORACIÓN AO REXISTRO PÚBLICO DE SUBVENCIÓNS E PUBLICACIÓN DA SUBVENCIÓN CONCEDIDA.

1. No cumprimento do disposto no artigo 20 da Lei 38/2003, xeral de subvencións, e demais normativa de desenvolvemento, os datos da subvención concedida e a identificación da **ENTIDADE BENEFICIARIA** serán remitidas á Intervención xeral do Estado, para que sexan incorporados á Base de Datos Nacional de Subvencións, coa exclusiva finalidade prevista en dito precepto e co debido respecto á protección dos datos de carácter persoal, segundo o previsto na Lei orgánica 3/2018, de 13 de decembro, de protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais.

2. Segundo o previsto no artigo 18 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de subvencións, e no artigo 8 da Lei 19/2013, de 9 de decembro, de transparencia, acceso a información pública e bo goberno, a concesión da subvención ao A **ENTIDADE BENEFICIARIA** será publicada no portal de transparencia da sede electrónica da Deputación da Coruña.

3. Un exemplar deste convenio, debidamente asinado, será incorporado ao Rexistro de convenios que depende da Secretaría Provincial, xestionado polo Servizo de Contratación da Deputación.

XIII.- COMISIÓN DE SEGUIMIENTO

1. Para realizar o seguimento deste convenio e as incidencias que poidan xurdir do mesmo, queda constituída unha comisión integrada pola persoa titular da Presidencia da Deputación ou membro da Corporación no que delegue e a persoa titular da Alcaldía do **Concello de Muros** ou membro da Corporación en quen delegue. Actuarán como asesores de dita comisión as persoas titulares da Secretaría xeral e do órgano interventor da Deputación e da ENTIDADE BENEFICIARIA, ou persoas funcionarias en quen deleguen.

2. En todo caso, será preceptivo o ditame previo desta Comisión para os acordos de interpretación do presente convenio.

XIV.- VIXENCIA DO CONVENIO, PRÓRROGA OU MODIFICACIÓN.

1. O presente convenio de cooperación terá efectos desde a súa sinatura e conservará a



súa vixencia ata o **31/10/2027**, o que representa un período de vixencia de _____ meses. No caso de que a vixencia deste convenio se estenda a exercicios futuros, a súa aprobación queda condicionada á existencia de crédito adecuado e suficiente nos exercicios orzamentarios correspondentes e ao cumprimento dos obxectivos da Lei de estabilidade orzamentaria.

2. **O dito prazo será improrrogable**, salvo que **A ENTIDADE BENEFICIARIA** non poida ter finalizadas as obras e presentada a xustificación antes do prazo establecido na cláusula VII. Nese caso, deberá solicitar antes desta data, a prórroga do prazo inicial, achegando coa solicitude un novo programa de traballo asinado polo Director da obra, co fin de que a Deputación poida acreditar a existencia de crédito adecuado e suficiente para o pago do importe pendente de xustificar.

3. A estes efectos, **a ENTIDADE BENEFICIARIA na solicitude deberá indicar as causas da demora na execución das obras, acreditar que as ditas causas non son imputables á ENTIDADE BENEFICIARIA, e xustificar** que implican a necesidade de prorrogar o presente convenio, **indicando o prazo imprescindible para a finalización das mesmas.**

De considerarse xustificadas os motivos aducidos, previos os informes preceptivos, a prórroga do prazo de vixencia do convenio aprobarase **por Resolución da Presidencia**, polo **prazo imprescindible para a finalización das obras.**

O dito prazo será máximo e, polo tanto, **non será susceptible dunha nova prórroga, nin de modificación**, polo que, a non presentación da xustificación no dito período, **implicará que** o convenio quedará definitivamente extinguido e comportará a perda do dereito á cobranza da subvención e, sen máis notificación, implicará a iniciación do expediente de reintegro, no seu caso, do anticipo percibido mais os correspondentes xuros de demora.

4. En ningún caso, se poderá modificar o convenio variando substancialmente o obxecto da subvención concedida de forma excepcional e nominativamente por acordos plenarios das respectivas administracións.

A modificación do proxecto de obras non implicará un incremento da achega provincial senón que, no seu caso, o exceso de financiamento deberá ser soportado pola ENTIDADE BENEFICIARIA. No caso de que a modificación implique unha minoración do importe do proxecto, a mesma se imputará proporcionalmente as entidades asinantes en función de do coeficiente de financiamento contemplado na cláusula III.

5. No caso de que o **ENTIDADE BENEFICIARIA** tramite e aprobe algunha **modificación do proxecto** inicialmente aprobado, por causas non imputables ao Concello e debidamente xustificadas, así como do contrato adxudicado, deberá **remitir á Deputación un exemplar do proxecto modificado, con anterioridade á aprobación** do mesmo polo órgano competente, achegando co mesmo os informes técnicos e xurídicos emitidos para a súa supervisión polos Servizos Técnicos Provinciais. Posteriormente, achegarase certificación da súa aprobación polo órgano competente. (Cláusulas III.3 e XIV.4)

6. No caso de que a modificación implique unha minoración ou incremento do importe adxudicado, deberá tomar coñecemento o Pleno da Corporación Provincial e formalizarse en documento administrativo.



De manterse igual o importe, tomarase coñecemento mediante Resolución da Presidencia. En todo caso, non se formalizará a modificación, uníndose o acordo plenario ou resolución ao expediente para a súa constancia.

XV.- NATUREZA, INTERPRETACIÓN E XURISDICIÓN COMPETENTE.

1.O presente convenio ten natureza administrativa e para resolver as dúbidas que xurdan na interpretación das súas cláusulas aplicaranse as disposicións contidas na Lei 38/2003, de 18 de novembro, xeral de Subvencións, e na Lei 9/2007, de 13 de xuño, de Subvencións de Galicia e na Ordenanza xeral de Subvencións e Transferencias da Deputación. Supletoriamente aplicarase a lexislación de contratos do sector público.

2.Corresponderalle aos órganos da xurisdición contencioso-administrativa, segundo a distribución de competencias prevista na Lei 29/1998, de 13 de xullo, reguladora de dita xurisdición, o coñecemento das cuestións litixiosas que poidan xurdir como consecuencia do presente convenio.

E para que así conste e en proba de conformidade por ambas partes, asínase (No caso de sinatura electrónica engadirase: electronicamente) o presente convenio, dando fe de todo elo o Secretario xeral (*ou quen legalmente lle substitúa*)”

13.- Aprobación do texto e da formalización do Convenio de Cooperación entre a Excelentísima Deputación Provincial da Coruña e o Concello de Fisterra polo que se instrumenta unha subvención nominativa para cofinanciar as obras da "mellora da capa de rodadura (recta de Anchoa a Hermedesuxo), Fisterra".

VOTACIÓN

Votan a favor: 31 deputados/as (14 do PP, 10 do PSOE, 6 do BNG e 1 de Alternativa dos Veciños).

Votan en contra: ningún/ha deputado/a

Abstéñense: ningún/ha deputado/a

ACORDO

O Pleno, por unanimidade, acorda:

“1º.- Levantar o reparo interposto pola Intervención Provincial na tramitación do expediente de aprobación dun convenio de cooperación entre a Excma. Deputación provincial da Coruña e do **Concello de Fisterra polo lo que se instrumenta unha subvención nominativa** para cofinanciar as **obras** da **“mellora da capa de rodadura (recta de Anchoa a Hermedesuxo), Fisterra”**, e instar a que o mesmo siga os trámites oportunos para proceder á súa aprobación e formalización.

2º.- Exceptuar para o presente convenio os principios de concorrencia, publicidade, igualdade e non discriminación na tramitación do presente expediente, dada la existencia de causas excepcionais que xustifican a concesión da subvención nominativa, por entender que se dan as razóns de interese público no outorgamento da subvención. Estes principios atópanse recollidos nos artigos 22.2 LXS e 65-67 do seu Regulamento.



3º.- Aprobar o texto e a formalización do Convenio de Cooperación entre a Excelentísima Deputación Provincial da Coruña e o Concello de Fisterra polo que se instrumenta unha subvención nominativa para cofinanciar as obras da “mellora da capa de rodadura (recta de Anchoa a Hermedesuxo), Fisterra”, cunha achega provincial de 79.641,79 euros con cargo á aplicación orzamentaria 0112/4532/76201 o que representa un coeficiente de financiamento do 80,00 % respecto dun orzamento de 99.552,24 euros.

4º.- Condicionar o convenio á existencia de crédito adecuado e suficiente e ao cumprimento dos obxectivos de estabilidade orzamentaria, no próximo exercicio orzamentario, de acordo coa normativa vixente no momento.

ANEXO

CONVENIO DE COOPERACIÓN ENTRE A EXCELENTÍSIMA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA E O CONCELLO DE FISTERRA POLO QUE SE INSTRUMENTA UNHA SUBVENCIÓN NOMINATIVA PARA O COFINANCIAMENTO DAS OBRAS DA “MELLORA DA CAPA DE RODADURA (RECTA DE ANCHOA A HERMEDESUXO), FISTERRA”

Na Coruña, a _____

INTERVEÑEN

Dunha parte, a Deputación Provincial da Coruña con NIF P1500000C, representada polo seu Presidente, D. _____ (ou deputado/a no que delegue), (No caso de sinatura electrónica engadirase: identificado mediante o correspondente certificado de firma electrónica) asistido polo Secretario Xeral, D. _____ (ou quen legalmente lle substitúa) representante da Excelentísima Deputación Provincial da Coruña (No caso de sinatura electrónica engadirase: identificado mediante o correspondente certificado de firma electrónica), en exercicio das funcións reservadas previstas no artigo 3.2 i) do Real Decreto 128/2018, do 16 de marzo, polo que se regula o réxime xurídico dos funcionarios de Administración Local con habilitación de carácter nacional.

E **doutra parte**, o **Concello de Fisterra**, con CIF P1503800C, representado polo seu Alcalde/sa /Presidente D. _____ (ou concelleiro, concelleira ou persoa en quen delegue), segundo se acredita mediante certificación da Secretaría do Concello/ Entidade. (**en adiante ENTIDADE BENEFICIARIA**) (No caso de sinatura electrónica engadirase: identificado mediante o correspondente certificado de firma electrónica)

Interveñen cada un deles, en nome e representación da entidade respectiva e recoñécense mutuamente a capacidade legal necesaria para a sinatura do presente convenio a tal efecto,

ANTECEDENTES

A solicitude da presente subvención foi aprobada por Acordo do Pleno do **Concello de Fisterra**, no que se valora o impacto económico do obxecto do convenio nos seguintes termos:



“...levar a cabo unha actuación de pavimentación dun vial da zona rural do noso concello que se atopa en moi mal estado, sendo esta moi transitada e de necesidade urxente (Lugar de Hermedesuxo de Abaixo na súa conexión con Escaselas/Recta Anchoa AC-445)...

A actuación consistiría en pavimentar un vial dunha lonxitude aproximada dun quilómetro, polo que descorre na metade do percorrido a prolongación do Camiño de Santiago, na etapa final entre Muxía e Fisterra, polo que é un paso obrigado para numerosos peregrinos que realizan este último tramo da etapa.

Trátase dunha actuación moi necesaria para os/as veciños/as que viven nesa parte do rural do noso municipio e que ao mesmo tempo melloraría a seguridade dos/as viandantes. ...”

A concesión da subvención foi aprobada por Acordo do Pleno da Deputación celebrado o

COMPETENCIAS DAS ADMINISTRACIÓNS ACTUANTES

A ENTIDADE BENEFICIARIA levará a cabo a execución deste proxecto no exercicio da competencia en materia de Patrimonio e Contratación que lle atribúe o artigo 25.2, da Lei 7/85, de 2 de abril, das Bases de Réxime Local, así como os artigos 80 e seguintes da Lei 5/1997 de Administración Local de Galicia nos termos da lexislación sectorial do Estado e/ou da Comunidade Autónoma de Galicia.

Pola súa banda, consonte ao previsto no artigo 31.2 da devandita Lei 7/85 e 101.2 da referida Lei 5/1997, a Deputación, como órgano de goberno e administración da Provincia, compételle asegurar a prestación integral e axeitada en todo o territorio provincial dos servizos de competencia municipal, así como a cooperación no fomento no desenvolvemento económico e social e a planificación do territorio provincial (art.36.1, letra d).

MANIFESTAN

Que o **ENTIDADE** e a **DEPUTACIÓN** teñen interese coincidente na execución das obras obxecto deste convenio, polo que ambas as dúas

ACORDAN

Formalizar o presente CONVENIO DE COOPERACIÓN conforme ás seguintes cláusulas:

I.- OBXECTO

O presente convenio de cooperación ten por obxecto establecer as bases de cooperación entre a Deputación da Coruña e o Concello de **Fisterra** con CIF P1503800C para o financiamento da obra denominada **“mellora da capa de rodadura (recta de Anchoa a Hermedesuxo), Fisterra”**, tal e como aparece definida no proxecto técnico redactado polo arquitecto técnico, Carlos González García, asinado en outubro 2025.



1.- **A ENTIDADE BENEFICIARIA**, na súa condición de promotor da obra, achega ao expediente un exemplar do proxecto, a certificación da súa aprobación polo órgano competente, así como a certificación de que conta e coa dispoñibilidade dos terreos necesarios para a súa execución, e achega todas as autorizacións administrativas preceptivas.

Dito proxecto foi supervisado polos Servizos Técnicos da Deputación e conta con informe favorable.

2- A obra está perfectamente definida nos planos de conxunto e de detalle e en todos os documentos que incorpora o proxecto, tal e como esixe o artigo 233 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público e a normativa de desenvolvemento, coa manifestación expresa realizada pola persoa redactora de que é unha obra completa ou unha fase susceptible de utilización ou aproveitamento separado. Xa que logo, unha vez rematada a obra, a **ENTIDADE BENEFICIARIA** comprométese a destinala ao uso público para o que está prevista a lo menos polo prazo de dez anos.

II.- ORZAMENTO DE EXECUCIÓN DAS OBRAS.

O orzamento de contrata da obra, segundo o proxecto técnico ao que se fai referencia na cláusula anterior, desagregase co seguinte detalle:

Orzamento Execución Material	69.138,30 euros
Gastos xerais 13,00%	8.987,98 euros
Beneficio Industrial 6,00 %	4.148,30 euros
IVE (21%)	17.277,66 euros
ORZAMENTO DE LICITACIÓN	99.552,24 euros

III.- FINANCIAMENTO PROVINCIAL E OUTROS INGRESOS QUE SE OBTENAN OU ACHEGUEN PARA A MESMA FINALIDADE.

1. A Deputación da Coruña financiará o orzamento das obras, tal como se define na cláusula anterior, cunha achega máxima de **79.641,79 euros** o que representa unha porcentaxe de **80,00%**, que constitúe o “coeficiente de financiamento”. A contía restante, ata conseguir o importe total do orzamento da contrata, está financiado pola ENTIDADE BENEFICIARIA con cargo a recursos propios ou alleos, acreditando que ten consignado o crédito adecuado e suficiente para imputar a totalidade do gasto que lle corresponde financiar.

2. Entenderase que a finalidade básica da subvención estará cumprida cando se teña executado e recepcionado completamente a obra, polo importe de adxudicación. O importe da achega será o resultado de aplicación de coeficiente de financiamento sobre o importe adxudicado.

No caso de que se produxeran economías en execución ou diminución de gastos derivados de proxectos modificados, a achega provincial sería o resultado da aplicación do coeficiente de financiamento sobre o total certificado e recepcionado.

3. A Deputación Provincial financiará exclusivamente os gastos derivados do contrato de

**RPT-6654235



execución das obras contempladas no proxecto técnico e, polo tanto, non serán subvencionables os gastos derivados de contratos conexos, tales como honorarios de redacción de proxectos ou dirección das obras, tributos reivindicados pola obtención de licenzas, coordinación de seguridade e saúde, control de calidade ou outros. Tampouco se financiarán os incrementos de gastos derivados de proxectos modificados ou liquidacións da obra.

A Deputación poderá realizar controis **adicionais** de calidade das obras. A **ENTIDADE BENEFICIARIA** deberá facilitar a información e os accesos ás obras que sexan necesarios para a realización da dita actividade.

4. O importe do financiamento provincial farase efectivo con cargo á aplicación **0112/4532/76201** do orzamento provincial para o ano 2026, na que a Intervención Provincial certificou que existe crédito suficiente e sobre a que se contabilizou a correspondente retención de crédito. No caso de que a vixencia deste convenio esténdase a exercicios futuros, a súa aprobación queda condicionada á existencia de crédito adecuado e suficiente nos exercicios orzamentarios correspondentes e ao cumprimento dos obxectivos da Lei orgánica 2/2012, de 27 de abril, de estabilidade orzamentaria.

5. A subvención da Deputación é compatíbel coa percepción doutras subvencións ou axudas, públicas ou privadas, que a **ENTIDADE BENEFICIARIA** obteña para a mesma finalidade, sempre que o seu importe, xuntamente co da subvención provincial, non supere en ningún caso o importe total do gasto efectivamente xustificado.

No caso de que a concorrencia de axudas ou subvencións supere o importe do gasto efectivamente xustificado, minorarase a achega provincial no importe necesario para darlle estrito cumprimento ao apartado anterior.

IV.- CONTRATACIÓN E EXECUCIÓN .

1. Na condición de promotor, corresponderalle á **ENTIDADE BENEFICIARIA** a tramitación do contrato de execución das obras descritas no proxecto ao que fai referencia a cláusula primeira.

2. No procedemento de contratación, a **ENTIDADE BENEFICIARIA** axustará toda a súa actuación ao disposto na lexislación de contratos do sector público.

3.- Deberá utilizar os pregos-tipo de contratación da Deputación para o procedemento aberto cun único criterio, ou múltiples criterios de valoración, garantindo en todo caso, os principios de publicidade, concorrencia, igualdade e non discriminación.

Unicamente procederá a utilización do procedemento negociado sen publicidade nos supostos previstos no artigo 168 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de contratos do sector público, o que deberá quedar motivado no expediente

Non poderán recoller o concepto de “melloras”.

4.- No caso de que o **ENTIDADE BENEFICIARIA** tramite e aprobe algunha **modificación do proxecto** inicialmente aprobado, por causas non imputables ao Concello e debidamente xustificadas, así como do contrato adxudicado, deberá **remitir á Deputación un exemplar do proxecto modificado, con anterioridade á aprobación**



do mesmo polo órgano competente, achegando co mesmo os informes técnicos e xurídicos emitidos para a súa supervisión polos Servizos Técnicos Provinciais. Posteriormente, achegárase certificación da súa aprobación polo órgano competente. (Cláusulas III.3 e XIV.3)

V.- DIFUSIÓN DO FINANCIAMENTO PROVINCIAL.

1. Durante a execución das obras e ata o seu remate e recepción, a **ENTIDADE BENEFICIARIA** estará obrigada a colocar un cartel informativo da obra que sexa visible, polo menos, desde unha distancia de 25 metros, no que, sen prexuízo doutras indicacións, figure o a marca, símbolo ou logotipo da Deputación e o importe da subvención concedida.

2. Rematada a obra, e cando a súa natureza o permita, deberase colocar unha placa nun lugar visible na que se deixe constancia da data de inauguración da obra e do financiamento provincial. O texto estará redactado en galego.

3. Asemade, a entidade beneficiaria deberá cumprir coas obrigas de información que lle impón a Lei 19/2013, de 9 de decembro, de Transparencia, acceso á información pública e bo goberno, dándolle difusión a este convenio no Portal de Transparencia da súa páxina web ou sede electrónica.

VI.- A XUSTIFICACIÓN NECESARIA PARA RECIBIR A ACHEGA DA DEPUTACIÓN

1. Ata o 50 por cento da achega da Deputación ten carácter prepagable. A dita achega provincial calcularase aplicando o coeficiente de financiamento sobre o importe de adxudicación da obra. Polo tanto, a Deputación expedirá un primeiro pagamento do 50 % da achega provincial a prol da **ENTIDADE BENEFICIARIA**, unha vez que presente ou conste na Deputación provincial a seguinte documentación:

- Xustificación da elección do procedemento de contratación utilizado, de acordo co previsto na cláusula IV.3.
- Certificación do **acordo ou resolución de adxudicación** do contrato de obras, na que figuren polo menos o seguinte: datos da empresa adxudicataria, importe de adxudicación do contrato e prazo de execución.
- **Acta de comprobación da implantación**, asinada pola dirección da obra, pola contratista adxudicataria e pola persoa funcionaria técnica designada pola Deputación ou, no seu caso, acreditación da imposibilidade de asistencia de dita persoa técnica provincial.
- Certificación expedida polo órgano responsable da contabilidade das **axudas e outros ingresos afectados** á mesma finalidade ou obxecto desta subvención.
- **Acreditación da colocación do cartel informativo** ao que se refire a cláusula V.1 mediante remisión dunha fotografía debidamente dilixenciada pola dirección da obra.
- Acreditación fotográfica da situación da obra previamente ao seu inicio.

2. Rematada completamente a obra, procederase ao abono do 50 por cento ou resto da achega provincial, unha vez que se presente ou conste na Deputación provincial a seguinte documentación:



- **Certificacións** de execución da obra cos datos a orixe, coa certificación da súa aprobación polo órgano competente, xunto co recoñecemento da obriga.
- Informes de control de calidade da obra realizados por un técnico competente, de ser o caso.
- **Acta de recepción da obra.** A dito acto deberá acudir unha persoa técnica designada pola Deputación, quen asinará tamén a correspondente acta. No caso de imposibilidade de asistencia da persoa técnica provincial, deberá acreditarse ter realizado a solicitude e a contestación da Deputación.
- Certificación expedida polo órgano responsable da contabilidade dos **ingresos** de natureza pública ou privada obtidos para a mesmo proxecto, con indicación do seu importe e procedencia ou, pola contra, manifestación de que non se obtiveron outros ingresos para o mesmo proxecto.
- Presentación de **fotografías**, dilixenciadas pola dirección da obra, acreditativas do **cumprimento das obrigas de difusión** previstas na cláusula V: cartel da obra e, no seu caso, colocación da placa e portal de transparencia da súa páxina web ou sede electrónica.
- Presentación de fotografías da obra realizada, dilixenciadas polo técnico-director.
- Certificación do acordo da incorporación do ben ao **inventario de bens** do **ENTIDADE BENEFICIARIA**, facendo constar nos correspondentes asentos que o ben queda afectado á finalidade pública para a que foi concedida a subvención polo menos durante un prazo de dez anos.
- Cando o ben sexa susceptible de inscrición no Rexistro da Propiedade, debe constar a adscrición ao uso e servizo público por un prazo de dez anos.
- Deberá acreditar o pago efectivo aos terceiros do importe aboado co primeiro pago prepagable.

3. Previamente a realización de calquera dos pagos anteditos, e de acordo co previsto na cláusula VIII, a Deputación comprobará de oficio se o concello está ao corrente nas súas obrigas tributarias, coa Seguridade Social e coa Deputación.

4.-Cando o gasto xustificado sexa inferior ao 50% da subvención provincial, e polo tano, a finalidade básica da subvención non se considere cumprida nos termos da cláusula III.2, o anticipo concedido non xustificado deberá reintegrarse xunto cos correspondentes intereses de demora.

5. **No caso de resolución de contrato** por causas debidamente xustificadas, non imputables ao Concello, poderá efectuarse o pago correspondente á aplicación do coeficiente de financiamento sobre o total certificado e pagado ao contratista .A tal efecto, deberán de aportarse as transferencias bancarias a favor do contratista. A estes efectos, o importe non aboado se considerará economía.

VII.- TERMO PARA A FINALIZACIÓN DAS OBRAS E PRAZO DE XUSTIFICACIÓN.

1. As obras que son obxecto de financiamento provincial, tal como están descritas no



proxecto técnico indicado na cláusula I, deberán estar finalizadas e presentada a documentación xustificativa indicada na cláusula VI no prazo indicado na cláusula XIV.

2. No caso de non ter presentada a documentación xustificativa , ou a solicitude de prórroga dentro do prazo de vixencia do convenio, **implicará a perda da subvención** e demais responsabilidades previstas neste convenio e na lexislación aplicable respecto diso, tal e como se indica na cláusula XIV.

VIII.- CUMPRIMENTO DAS OBRIGAS TRIBUTARIAS E COA SEGURIDADE SOCIAL E A SÚA ACREDITACIÓN.

1.A **ENTIDADE BENEFICIARIA** deberá estar ao día, con carácter previo á sinatura deste convenio, e logo, con carácter previo ao pago da subvención, no cumprimento das obrigas tributarias coa Axencia Tributaria, coa Seguridade Social e con esta Deputación .

2.A tal efecto, a **ENTIDADE BENEFICIARIA** presentará as certificacións das administracións tributarias correspondentes e da Tesourería da Seguridade Social nas que se acredite que a entidade está ao corrente nas súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social.

3.Poderá omitirse a presentación desta documentación sempre que autorice expresamente á Deputación a realizar as consultas tributarias e non se opoña á consulta de datos da Seguridade Social . Neste caso, a acreditación do cumprimento das obrigas tributarias coa Deputación Provincial determinarase de oficio por esta.

IX.- DESTINO E MANEXO DOS FONDOS RECIBIDOS.

1.Consonte ao previsto nas Regras 25 e seguintes da Instrución de contabilidade para a administración local (Orde HAP 1781/2013, de 20 de setembro, Modelo normal), a ENTIDADE BENEFICIARIA deberá codificar este proxecto de gasto, co fin de facerlle un seguimento contábel específico, de xeito de que quede rexistrada unha pista de auditoría fiable pola que se poida verificar a afectación e aplicación efectiva dos fondos recibidos á execución do proxecto financiado.

2.A **ENTIDADE BENEFICIARIA** destinará os fondos recibidos ao pagamento dos xustificantes de gasto presentados.

3.O concello deberá acreditar ter aboado aos terceiros o importe dos gastos xustificadas, no prazo máximo **dun mes** dende a recepción dos fondos que constitúen o segundo pagamento. Esta obriga será comprobada pola Deputación e, no seu caso, no procedemento de control financeiro que se poida instruír para tal efecto, sen que teña que presentar documentación adicional algunha no expediente de xestión e pagamento da subvención.

4.Co fin de garantir un axeitado control da aplicación dos fondos, o pagamento deberá quedar acreditado documentalmente mediante a utilización de transferencia bancaria, cheque nominativo, cargo, ingreso en conta ou calquera outra modalidade de pagamento bancario, sempre que en todo caso quede identificada a persoa ordenante e a persoa preceptora.

5.No caso de que o ben subvencionado tivera como finalidade a posta en funcionamento dalgún servizo ou actividade, a ENTIDADE BENEFICIARIA, deberá acreditar nun prazo



máximo de cinco meses dende a percepción da totalidade da subvención, de que o servizo ou actividade están funcionamento, ou, no seu caso, presentar un programa de posta en funcionamento. Esta circunstancia poderá ser verificada a través da inclusión da subvención no Plan de Control Financeiro da Intervención provincial.

X.- CONTROL FINANCEIRO DA DEPUTACIÓN E DOS ÓRGANOS DE CONTROL EXTERNO.

1.Consonte ao disposto nos artigos 44 e seguintes da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de subvencións, e nos artigos 41 e seguintes da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de Subvencións de Galicia, A **ENTIDADE BENEFICIARIA** poderá ser seleccionado pola Intervención provincial para a realización dun control financeiro sobre a subvención pagada, co fin de acreditar a efectiva aplicación dos fondos á finalidade para a que foron concedidos, o correcto financiamento da actividade e o cumprimento de tódalas demais obrigas formais e materiais que lle impón o presente convenio de cooperación e a lexislación citada anteriormente.

2.Asemade, de acordo co previsto na lei 6/1985, de 24 de xuño, do Consello de Contas de Galicia, A **ENTIDADE BENEFICIARIA** queda sometido aos procedementos de fiscalización que leven a cabo o Consello de Contas de Galicia ou, no seu caso, segundo o previsto na Lei orgánica 2/1982, de 12 de maio, aos procedementos de axuizamento contable que poida incoar o Tribunal de Contas, e a calquera outro órgano de control, nacional ou europeo.

XI.- REINTEGRO, INFRACCIÓNS E SANCIÓNS.

1.O incumprimento dalgunha das cláusulas previstas no presente convenio de cooperación poderá comportar a obriga de reintegro parcial ou total dos fondos recibidos, así como ao pago dos xuros de demora que se perciban desde o día no que se realizou o pago ata o momento no que se acorde a procedencia do reintegro. O procedemento de reintegro iniciárase de oficio na súa tramitación seguirase o disposto nos artigos 41 e seguintes da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeneral de Subvencións e nos artigos 91 e seguintes do seu Regulamento (R.D. 887/2006, de 21 de xullo), dándolle en todo caso audiencia ao interesado.

2.Sen prexuízo do anterior, dito incumprimento tamén poderá ser constitutivo dalgunha das infraccións tipificadas na Lei 38/2003, de 17 de novembro, ou na Lei 9/2007, de 13 de xuño, de Subvencións de Galicia, séndolle de aplicación o cadro de sancións previstos nas normas citadas e na Ordenanza xeral de subvencións e transferencias da Deputación Provincial da Coruña.

3.Nos supostos de demora na realización das obras ou na presentación da xustificación, estarase ao disposto na Ordenanza xeral de subvencións e transferencias da Deputación Provincial da Coruña.

XII.- INCORPORACIÓN AO REXISTRO PÚBLICO DE SUBVENCIÓNS E PUBLICACIÓN DA SUBVENCIÓN CONCEDIDA.

1.No cumprimento do disposto no artigo 20 da Lei 38/2003, xeral de subvencións, e demais normativa de desenvolvemento, os datos da subvención concedida e a



identificación da **ENTIDADE BENEFICIARIA** serán remitidas á Intervención xeral do Estado, para que sexan incorporados á Base de Datos Nacional de Subvencións, coa exclusiva finalidade prevista en dito precepto e co debido respecto á protección dos datos de carácter persoal, segundo o previsto na Lei orgánica 3/2018, de 13 de decembro, de protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais.

2. Segundo o previsto no artigo 18 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de subvencións, e no artigo 8 da Lei 19/2013, de 9 de decembro, de transparencia, acceso a información pública e bo goberno, a concesión da subvención ao **A ENTIDADE BENEFICIARIA** será publicada no portal de transparencia da sede electrónica da Deputación da Coruña.

3. Un exemplar deste convenio, debidamente asinado, será incorporado ao Rexistro de convenios que depende da Secretaría Provincial, xestionado polo Servizo de Contratación da Deputación.

XIII.- COMISIÓN DE SEGUIMIENTO

1. Para realizar o seguimento deste convenio e as incidencias que poidan xurdir do mesmo, queda constituída unha comisión integrada pola persoa titular da Presidencia da Deputación ou membro da Corporación no que delegue e a persoa titular da Alcaldía do **Concello de Fisterra** ou membro da Corporación en quen delegue. Actuarán como asesores de dita comisión as persoas titulares da Secretaría xeral e do órgano interventor da Deputación e da ENTIDADE BENEFICIARIA, ou persoas funcionarias en quen deleguen.

2. En todo caso, será preceptivo o ditame previo desta Comisión para os acordos de interpretación do presente convenio.

XIV.- VIXENCIA DO CONVENIO, PRÓRROGA OU MODIFICACIÓN.

1. O presente convenio de cooperación terá efectos desde a súa sinatura e conservará a súa vixencia ata o **31/10/2027**, o que representa un período de vixencia de _____ meses. No caso de que a vixencia deste convenio se estenda a exercicios futuros, a súa aprobación queda condicionada á existencia de crédito adecuado e suficiente nos exercicios orzamentarios correspondentes e ao cumprimento dos obxectivos da Lei de estabilidade orzamentaria.

2. O dito prazo será improrrogable, salvo que **A ENTIDADE BENEFICIARIA** non poida ter finalizadas as obras e presentada a xustificación antes do prazo establecido na cláusula VII. Nese caso, deberá solicitar antes desta data, a prórroga do prazo inicial, achegando coa solicitude un novo programa de traballo asinado polo Director da obra, co fin de que a Deputación poida acreditar a existencia de crédito adecuado e suficiente para o pago do importe pendente de xustificar.

3. A estes efectos, **a ENTIDADE BENEFICIARIA na solicitude deberá indicar as causas da demora na execución das obras, acreditar que as ditas causas non son imputables á ENTIDADE BENEFICIARIA, e xustificar** que implican a necesidade de prorrogar o presente convenio; **indicando o prazo imprescindible para a finalización das mesmas.**



De considerarse xustificados os motivos aducidos, previos os informes preceptivos, a prórroga do prazo de vixencia do convenio aprobarase **por Resolución da Presidencia**, polo **prazo imprescindible para a finalización das obras**.

O dito prazo será máximo e, polo tanto, **non será susceptible dunha nova prórroga, nin de modificación**, polo que, a non presentación da xustificación no dito período, **implicará que** o convenio quedará definitivamente extinguido e comportará a perda do dereito á cobranza da subvención e, sen máis notificación, implicará a iniciación do expediente de reintegro, no seu caso, do anticipo percibido mais os correspondentes xuros de demora.

4. En ningún caso, se poderá modificar o convenio variando substancialmente o obxecto da subvención concedida de forma excepcional e nominativamente por acordos plenarios das respectivas administracións.

A modificación do proxecto de obras non implicará un incremento da achega provincial senón que, no seu caso, o exceso de financiamento deberá ser soportado pola ENTIDADE BENEFICIARIA. No caso de que a modificación implique unha minoración do importe do proxecto, a mesma se imputará proporcionalmente as entidades asinantes en función de do coeficiente de financiamento contemplado na cláusula III.

5. No caso de que o **ENTIDADE BENEFICIARIA** tramite e aprobe algunha **modificación do proxecto** inicialmente aprobado, por causas non imputables ao Concello e debidamente xustificadas, así como do contrato adxudicado, deberá **remitir á Deputación un exemplar do proxecto modificado, con anterioridade á aprobación** do mesmo polo órgano competente, achegando co mesmo os informes técnicos e xurídicos emitidos para a súa supervisión polos Servizos Técnicos Provinciais. Posteriormente, achegarase certificación da súa aprobación polo órgano competente. (Cláusulas III.3 e XIV.4)

6. No caso de que a modificación implique unha minoración ou incremento do importe adxudicado, deberá tomar coñecemento o Pleno da Corporación Provincial e formalizarse en documento administrativo.

De manterse igual o importe, tomarase coñecemento mediante Resolución da Presidencia. En todo caso, non se formalizará a modificación, uníndose o acordo plenario ou resolución ao expediente para a súa constancia.

XV.- NATUREZA, INTERPRETACIÓN E XURISDICIÓN COMPETENTE.

1. O presente convenio ten natureza administrativa e para resolver as dúbidas que xurdan na interpretación das súas cláusulas aplicaranse as disposicións contidas na Lei 38/2003, de 18 de novembro, xeral de Subvencións, e na Lei 9/2007, de 13 de xuño, de Subvencións de Galicia e na Ordenanza xeral de Subvencións e Transferencias da Deputación. Supletoriamente aplicarase a lexislación de contratos do sector público.

2. Corresponderalle aos órganos da xurisdición contencioso-administrativa, segundo a distribución de competencias prevista na Lei 29/1998, de 13 de xullo, reguladora de dita xurisdición, o coñecemento das cuestións litixiosas que poidan xurdir como consecuencia do presente convenio.



E para que así conste e en proba de conformidade por ambas partes, asínase (No caso de sinatura electrónica engadirase: electronicamente) o presente convenio, dando fe de todo elo o Secretario xeral (*ou quen legalmente lle substitúa*)”

14.- Aprobación do texto e da formalización do Convenio de Cooperación entre a Excelentísima Deputación Provincial da Coruña e o Concello de Cerdido polo que se instrumenta unha subvención nominativa para cofinanciar adquisición dun tractor con rozadoira e máquina escavadora miniretro.

VOTACIÓN

Votan a favor: 31 deputados/as (14 do PP, 10 do PSOE, 6 do BNG e 1 de Alternativa dos Veciños).

Votan en contra: ningún/ha deputado/a

Abstéñense: ningún/ha deputado/a

ACORDO

O Pleno, por unanimidade, acorda:

“1º.- Levantar o reparo interposto pola Intervención Provincial na tramitación do expediente de aprobación dun convenio de cooperación entre a Excma. Deputación provincial da Coruña e do **Concello de Cerdido polo lo que se instrumenta unha subvención nominativa** para cofinanciar **a adquisición dun tractor con rozadoira e máquina escavadora miniretro**, e instar a que o mesmo siga os trámites oportunos para proceder á súa aprobación e formalización.

2º.- Exceptuar para o presente convenio os principios de concorrencia, publicidade, igualdade e non discriminación na tramitación do presente expediente, dada la existencia de causas excepcionais que xustifican a concesión da subvención nominativa, por entender que se dan as razóns de interese público no outorgamento da subvención. Estes principios atópanse recollidos nos artigos 22.2 LXS e 65-67 do seu Regulamento.

3º.- Aprobar o texto e a formalización do Convenio de Cooperación entre a Excelentísima Deputación Provincial da Coruña e o Concello de Cerdido polo que se instrumenta unha subvención nominativa para cofinanciar a adquisición dun tractor con rozadoira e máquina escavadora miniretro, cunha achega provincial de 173.756,00 euros con cargo á aplicación orzamentaria 0112/1531/76201 o que representa un coeficiente de financiamento do 77,41240 % respecto dun orzamento de 224.455,00 euros.

4º.- Condicionar o convenio á existencia de crédito adecuado e suficiente e ao cumprimento dos obxectivos de estabilidade orzamentaria, no próximo exercicio orzamentario, de acordo coa normativa vixente no momento.

ANEXO

CONVENIO DE COOPERACIÓN ENTRE A EXCELENTÍSIMA DEPUTACIÓN



PROVINCIAL DA CORUÑA E O CONCELLO DE CERDIDO POLO QUE SE INSTRUMENTA UNHA SUBVENCIÓN NOMINATIVA PARA O COFINANCIAMENTO DA ADQUISICIÓN DUN TRACTOR CON ROZADOIRA E MÁQUINA ESCAVADORA MINIRETRO.

Na Coruña, a _____

Ante min, Miguel Iglesias Martínez, Secretario Xeral da Deputación Provincial da Coruña, como fedatario actuante

REUNIDOS

Dunha parte D. _____, representante da Deputación Provincial da Coruña,

Doutra parte D. _____ representante do Concello de **Cerdido**

Os comparecentes interveñen en uso das potestades que, por razón dos seus cargos, estalles atribuídas

MANIFESTAN

Son competencias propias da Deputación Provincial de A Coruña, en virtude do establecido no artigo 36 Lei 7/1985, de 2 de abril, de Bases do Réxime Local, a asistencia e cooperación xurídica, económica e técnica aos Municipios, especialmente os de menor capacidade económica e de xestión.

A este efectos, a Deputación asegura o acceso da poboación da Provincia ao conxunto dos servizos mínimos de competencia municipal e á maior eficacia e economía na prestación destes mediante fórmulas de asistencia e cooperación municipal. Con esta finalidade, a Deputación poderá outorgar subvencións e axudas con cargo aos seus recursos propios para a realización e o mantemento de obras e servizos municipais, que se instrumentarán a través de plans especiais ou outros instrumentos específicos.

Así mesmo, o Municipio, para a xestión dos seus intereses e no ámbito das súas competencias, pode promover actividades e prestar os servizos públicos que contribúan a satisfacer as necesidades e aspiracións da comunidade veciñal nos termos previstos no artigo 25 da Lei 7/1985, de 2 de abril, de Bases do Réxime Local

O Municipio exercerá en todo caso como competencias propias, nos termos da lexislación do Estado e das Comunidades Autónomas, entre outras, as seguintes materias:

...b) Medio ambiente urbano: en particular, parques e xardíns públicos, xestión dos residuos sólidos urbanos e protección contra a contaminación acústica, lumínica e atmosférica nas zonas urbanas...

...d) Infraestrutura viaria e outros equipamentos da súa titularidade...

Neste sentido, o Concello de **Cerdido** considera de primeira necesidade o subministro de **tractor con rozadoira e máquina escavadora miniretro**.

"... O Concello de Cerdido é un municipio eminentemente rural, con poboación dispersa en múltiples núcleos e unha extensa superficie forestal e agrícola. Esta configuración territorial fai que as pistas e camiños municipais sexan vías



fundamentais de comunicación, imprescindibles para o acceso ás vivendas, para o transporte de produtos agrícolas e forestais, e para o paso seguro de servizos de emerxencia, transporte escolar e sanitario.

A maquinaria municipal actual, con máis de 30 anos de antigüidade, atópase en estado de obsolescencia avanzada, xera custos elevados de reparación e non reúne as condicións de seguridade e ergonomía necesarias para o persoal que a utiliza. Por estas razóns, a súa substitución é prioritaria para garantir o mantemento das infraestruturas, a seguridade laboral e a prestación dun servizo esencial á veciñanza. ...

Os principais beneficiarios desta actuación son, en primeiro lugar, a veciñanza que utiliza diariamente as pistas para acceder ás súas vivendas e as explotacións agrícolas, gandeiras e forestais, que precisan destas vías para transportar produtos e realizar as súas actividades. Non podemos esquecer tampouco aos servizos de emerxencia, transporte escolar e sanitario, que requiren vías seguras e transitables. Sen dúbida, é un proxecto cun impacto directo e indirecto na totalidade da poboación municipal, garantindo a prestación dun servizo esencial para todo o territorio...”

Que dado o interese coincidente da Deputación da Coruña e do Concello de **Cerdido**, as dúas partes acordan subscribir un convenio conforme ás seguintes

CLÁUSULAS

I. - OBXECTO

1- O presente convenio de cooperación ten por obxecto a fixación das bases de outorgamento dunha subvención nominativa por esta Deputación a prol do **Concello de Cerdido**, con **CIF P1502500J**, fixando as condicións que se impoñen por esta administración concedente e os compromisos asumidos pola entidade beneficiaria, para o financiamento da subministración que se describe de seguido: **“tractor con rozadoira e máquina escavadora miniretro”**, tal e como aparece definida no prego de prescricións técnicas redactado polo técnico do Concello.

2.A entidade beneficiaria, na súa condición de promotora achega ao expediente un exemplar do Prego de Prescricións, no que consta a súa aprobación polo órgano competente, así como a certificación de que conta coas autorizacións administrativas preceptivas. O dito Prego de Prescricións Técnicas foi supervisado polo Servizo de Arquitectura e Mantemento da Deputación e conta con informe favorable.

II.- ORZAMENTO DE GASTOS DA ACTIVIDADE QUE SE HA REALIZAR

Segundo o orzamento que achega o Concello o orzamento máximo para a subministración ascende a **224.455,00 euros**.

ORZAMENTO TOTAL ACTUACIÓN	IMPORTE
Tractor con rozadoira	108.000,00 €
Desbrozadora	46.000,00 €
Escavadora Miniretro	31.500,00
TOTAL	185.500,00 €
IVE 21 %	38.955,00 €
ORZAMENTO TOTAL	224.455,00 €

III.- FINANCIAMENTO PROVINCIAL E OUTROS INGRESOS QUE SE OBTENAN OU APORTEN PARA A MESMA FINALIDADE

1. A Deputación da Coruña contribuirá ao financiamento da subministración, tal como se



define na cláusula primeira, cunha achega máxima de **173.756,00 €**, o que representa unha porcentaxe de **77.41240%**

No caso de que o gasto xustificado non acadase o importe total previsto na cláusula segunda, a Deputación só achegará o importe que represente o **77.41240 %** da cantidade efectivamente xustificada. A contía restante, ata acadar o importe total do orzamento da actividade, está financiado con cargo a recursos (proprios ou alleos) acreditando a entidade beneficiaria que ten consignado o crédito adecuado e suficiente para imputar a totalidade do gasto imputable á entidade.

2. Agora ben, se a cantidade xustificada resulta inferior ao 75 por cento do orzamento previsto na cláusula segunda, entenderase que a finalidade básica da subvención non foi cumprida e perderase o dereito ao seu cobro.

A Deputación provincial financiará exclusivamente os gastos derivados da subministración e, polo tanto, non serán subvencionables os gastos de redacción do Prego, tributos percibidos pola obtención de licenzas, honorarios por dirección, control de calidade etc. Tampouco se financiarán os incrementos de gastos derivados da subministración.

3. O importe do financiamento provincial farase efectivo con cargo á aplicación orzamentaria **0112/1531/76201** na que a Intervención provincial ten certificado que existe crédito dabondo sobre a que se ten contabilizado a correspondente retención de crédito. Dado que a vixencia deste convenio se estende a exercicios futuros, a súa aprobación queda condicionada á existencia de crédito adecuado e suficiente nos exercicios orzamentarios correspondentes e ao cumprimento dos obxectivos da Lei de estabilidade orzamentaria.

4. A subvención da Deputación é compatible coa percepción doutras subvencións ou axudas, públicas ou privadas, que a entidade beneficiaria obteña para a mesma finalidade, sempre que o seu importe, xuntamente co da subvención provincial, non supere en ningún caso o importe total do gasto efectivamente xustificado.

5. No caso de que a concorrencia de axudas ou subvencións supere o importe do gasto efectivamente xustificado, minorarase a achega provincial no importe necesario para darlle estrito cumprimento ao apartado anterior.

IV.- CONTRATACIÓN E EXECUCIÓN

1. Na condición de adquirente, corresponderalle ao Concello o outorgamento dos correspondentes contratos de subministracións.

2. No procedemento de contratación o Concello axustará toda a súa actuación ao disposto na lexislación de contratos do sector público.

3. Deberá utilizar os pregos-tipo de contratación da Deputación e non poderá recoller o concepto "melloras".

4. No caso de que a entidade beneficiaria tramite e aprobe algunha modificación do Prego inicialmente aprobado, así como do contrato adxudicado, deberá remitirle á Deputación un exemplar do Prego modificado e achegar con el os informes emitidos e a certificación do correspondente acordo.

V.- PUBLICIDADE DO FINANCIAMENTO PROVINCIAL

1. No contrato e nos anuncios de licitación para adquisición, farase constar o importe do financiamento provincial.

2. Adquirido o ben, o Concello, deberá **rotular o ben en lugar visible** de xeito que se deixe constancia da data de adquisición e do financiamento provincial. O texto estará redactado en galego.

3. Asemade, a entidade beneficiaria deberá cumprir coas obrigas de información que lle impón a Lei 19/2013, de 9 de decembro, de Transparencia, acceso a información pública e bo goberno, **dándolle publicidade a este convenio no Portal de Transparencia da súa páxina web**



VI.- A XUSTIFICACIÓN NECESARIA PARA RECIBIR A ACHEGA PROVINCIAL

1. **Ata o 40 por cento** da achega da Deputación ten carácter prepagable, de xeito que se procederá a expedir un primeiro pagamento a prol do Concello, pola contía resultante de aplicar a dita porcentaxe sobre o importe de adxudicación do contrato de subministracións, unha vez que presente ou conste na Deputación provincial a seguinte documentación:

- a. Certificación do **acordo de adxudicación definitiva do contrato de subministracións**, na que se fagan constar polo menos os seguintes datos: Persoa adxudicataria, Importe do contrato E prazo de execución
- b. Acreditación do cumprimento das **obrigas tributarias e coa Seguridade Social**, segundo o disposto na cláusula OITAVA.
- c. **Certificación expedida polo órgano responsable da contabilidade das axudas e outros ingresos afectados a mesma finalidade ou obxecto desta subvención.**
- d. O Concello estará obrigado a colocar un cartel que sexa visible no que, sen prexuízo doutras indicacións, figure o disposto na cláusula V. de publicidade./**Acreditación da colocación da publicidade da deputación mediante a remisión de fotografías debidamente dilixenciadas pola dirección.**

2. Formalizado en documento público o contrato, procederase ao aboamento do 60 por cento restante, unha vez que se presente ou conste na Deputación provincial a seguinte documentación (só admisible por medios electrónicos a través do aplicativo SUBTEL):

- **Acta de recepción e fotografía** do subministro realizado
- **Factura e certificación acreditativa do pago do ben.**
- **Certificación do acordo de aprobación da factura e do recoñecemento da obriga**, expedida polo órgano competente.
- Acreditación do cumprimento das **obrigas tributarias e coa Seguridade Social**, segundo o disposto na cláusula OITAVA.
- Certificación expedida polo órgano responsable da contabilidade das **axudas e outros ingresos** afectados a mesma finalidade ou obxecto desta subvención.
- Acreditación do cumprimento das **obrigas de publicidade previstas na cláusula QUINTA** (mediante a presentación de fotografías dilixenciadas no reverso).
- **Certificación do acordo da incorporación do ben ao inventario** de bens da a entidade beneficiaria, facendo constar nos correspondentes asentos que o ben queda afectado á finalidade pública para a que foi concedida a subvención alomenos durante un prazo de cinco anos.
- Deberá acreditar o **pago efectivo aos terceiros do importe aboado co primeiro pago prepagable**

3. O aboamento da contía restante da subvención materializarase mediante ingreso na conta da entidade financeira indicada pola entidade beneficiaria na documentación achegada.



4. Deberá acreditar ter aboado a os terceiros o importe xustificado do 60% no prazo máximo dun mes dende a recepción dos fondos que constitúen o segundo pagamento. Esta obriga será comprobada pola Deputación, no seu caso, no procedemento de control financeiro que se poida instruír para tal efecto, sen que se teña que presentar documentación adicional ningunha no expediente de xestión e pagamento da subvención.

VII. TERMO PARA A REALIZACIÓN DA ACTIVIDADE E PRAZO DE XUSTIFICACIÓN

1. As obras que son obxecto de financiamento provincial, tal e como están descritas no proxecto técnico indicado na cláusula I, deberán estar **rematadas e presentada a documentación xustificativa** indicada na cláusula VI **no prazo indicado na cláusula XIII.**

2. De conformidade co disposto no artigo 70.3 do Regulamento da Lei de subvencións (Real decreto 887/2006, do 21 de xullo), transcorrido este prazo sen que se teña recibido xustificación ningunha, a Unidade xestora remitiralle un requirimento á entidade beneficiaria para que a presente no prazo improrrogable de quince días.

3. A falla de xustificación da subvención neste prazo excepcional implicará a perda da subvencións e demais responsabilidades previstas neste convenio e na lexislación aplicábel ao respecto, tal e como se indica na cláusula XIII. Aínda así, a presentación da xustificación neste prazo adicional non eximirá á a entidade beneficiaria da sanción que, de conformidade co disposto na Lei de subvencións e na ordenanza provincial de desenvolvemento que resulte aplicable, lle poida corresponder.

VIII.- CUMPRIMENTO DAS OBRIGAS TRIBUTARIAS E COA SEGURIDADE SOCIAL E A SÚA ACREDITACIÓN.

1. A entidade beneficiaria deberá estar ao día, con carácter previo á sinatura deste convenio, e logo, con carácter previo ao pago da subvención, no cumprimento das obrigas tributarias coa Administración do Estado, coa Comunidade autónoma, coa Deputación Provincial da Coruña, e coa Seguridade Social. A entidade beneficiaria autoriza á Deputación a que obteña telematicamente os correspondentes certificados.

2. A acreditación do cumprimento de ditas obrigas poderá realizarse mediante declaración responsábel expedida polo órgano competente, mediante a presentación dos correspondentes certificado ou ben autorizando á Deputación a que obteña telematicamente os correspondentes certificados.

3. A acreditación do cumprimento das obrigas tributarias coa Deputación Provincial determinarase de oficio por ésta.

IX.- DESTINO E MANEXO DOS FONDOS RECIBIDOS.

1. A entidade beneficiaria destinará os fondos recibidos ao pagamento dos xustificantes de gasto presentados.

2. Co fin de garantir un axeitado control da aplicación dos fondos, o pagamento deberá quedar acreditado documentalmente mediante a utilización de transferencia bancaria, tarxeta de débito ou crédito, cheque nominativo ou calquera outro medio que deixe constancia da data de pago e da identidade do perceptor



X.- CONTROL FINANCEIRO DA DEPUTACIÓN E DOS ÓRGANOS DE CONTROL EXTERNO.

1. Consonte ao disposto nos artigos 44 e seguintes da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de subvencións, e nos artigos 41 e seguintes da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de Subvencións de Galicia, a entidade beneficiaria poderá ser escollida pola Intervención provincial para a realización dun control financeiro sobre a subvención pagada, co fin de acreditar a efectiva aplicación dos fondos á finalidade para a que foron concedidos, o correcto financiamento da actividade e o cumprimento de tódalas demais obrigas formais e materiais que lle impón o presente convenio de cooperación.

2. Asemade, de acordo co previsto na Lei 6/1985, de 24 de xuño, do Consello de Contas de Galicia, á entidade beneficiaria queda sometida aos procedementos de fiscalización que leven a cabo o Consello de Contas de Galicia ou, no seu caso, segundo o previsto na Lei orgánica 2/1982, de 12 de maio, aos procedementos de axuízamento contábel que poida incoar o Tribunal de Contas, e a calquera outro órgano de control, nacional ou europeo.

XI.- REINTEGRO, INFRACCIÓNS E SANCIÓNS.

1. O incumprimento dalgunha das cláusulas previstas no presente convenio de cooperación poderá implicar a obriga de reintegro parcial ou total dos fondos recibidos, así como ao pago dos xuros de demora que se perciban dende o día no que se realizou o pagamento ata o momento no que se acorde a procedencia do reintegro. O procedemento de reintegro iniciárase de oficio e na súa tramitación seguirase o disposto nos artigos 41 e seguintes da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de subvencións e nos artigos 91 e seguintes do seu Regulamento (R.D. 887/2006, do 21 de xullo), dándolle en todo caso audiencia ao interesado.

2. Sen prexuízo do anterior, dito incumprimento tamén poderá ser constitutivo dalgunha das infraccións tipificadas na Lei 38/2003, de 17 de novembro, ou na Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia, séndolle de aplicación o cadro de sancións previstos nas normas citadas e na ordenanza provincial de desenvolvemento que resulte aplicable.

3. Nos supostos de retraso na realización das obras ou retraso na presentación da xustificación, estarase ao disposto na ordenanza provincial de desenvolvemento que resulte aplicable

4. Se o retraso se produce no pago ao adxudicatario ou terceiros que teñan realizado o obxecto do convenio, se liquidará o xuro legal do diñeiro polo período que medie entre o prazo indicado na cláusula VI.3 e a data do pago efectivo ao terceiro

XII.- INCORPORACIÓN AO REXISTRO PÚBLICO DE SUBVENCIONS E PUBLICACIÓN DA SUBVENCIÓN CONCEDIDA.

1. No cumprimento do disposto no artigo 20.1 da Lei 38/2003, xeral de subvencións, e demais normativa de desenvolvemento, os datos da subvención concedida e a identificación da entidade beneficiaria serán remitidas á Intervención xeral do Estado, para que sexan incorporados á Base de Datos Nacional de Subvencións, coa exclusiva finalidade prevista en dito precepto.



2. Asemade, no cumprimento do disposto no artigo 16.3 da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de Subvencións de Galicia, a Deputación remitiralle a mesma información á Consellería de Economía y Facenda, co fin de que a incorpore ao Rexistro público de axudas, subvencións e convenios da Comunidade autónoma de Galicia.

3. Segundo o previsto no artigo 18 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de subvencións, a concesión da subvención ao Concello será publicada no Boletín Oficial da Provincia da Coruña e na páxina web www.dacoruna.gal

4. Un exemplar deste convenio, debidamente asinado, será incorporado ao Rexistro de convenios que depende do Servizo de Patrimonio e Contratación da Deputación.

XIII.- VIXENCIA DO CONVENIO, PRÓRROGA OU MODIFICACIÓN

1.O presente convenio de cooperación producirá efectos dende a data da súa sinatura e conservará a súa **VIXENCIA** ata o día **31 de OUTUBRO do 2027**. Dado que a existencia deste convenio se estende a exercicios futuros, a súa aprobación queda condicionada á existencia de crédito adecuado e suficiente no exercicio orzamentario correspondente e ao cumprimento dos obxectivos da Lei de Estabilidade Orzamentaria.

2. Para o caso de que a entidade beneficiaria non poida ter rematada a adquisición e presentada a xustificación no prazo sinalado na cláusula VII, deberá solicitar **antes do 30 de SETEMBRO de 2027**, a **PRÓRROGA** do prazo inicial, achegando unha solicitude motivada, co fin de que a Deputación poida acreditar a existencia de crédito adecuado e suficiente para o pago que proceda, do importe correctamente xustificado. Acreditada esta circunstancia, a Deputación poderá conceder a prórroga solicitada, que **en ningún caso poderá exceder do 31 de outubro do 2028**, todo iso, igualmente condicionado á existencia de crédito axeitado e suficiente nos exercicios orzamentarios correspondentes e ao cumprimento dos obxectivos da Lei de estabilidade orzamentaria. A esta data, o convenio quedará definitivamente extinguido, de xeito que o Concello perderá o dereito ao cobro do importe correspondente á contía non xustificada a dita data.

De acordo co establecido na cláusula VII do presente convenio, unha vez finalizado o prazo de vixencia ou no seu caso, o das prórrogas efectivamente solicitadas en prazo, sen que se presentase a xustificación, a unidade xestora requirira a entidade beneficiaria para que presente a documentación no prazo improrrogable de 15 días. De non presentarse no devandito prazo, o convenio quedará definitivamente extinguido, comportará a perda do dereito ao cobramento da subvención e implicará a iniciación do expediente de reintegro, no seu caso, do anticipo percibido máis os correspondentes xuros de mora.

3. Tamén, por acordo expreso de ambas as dúas partes e previos os informes da Unidade Xestora, do servizo de Patrimonio e Contratación, da Secretaría e da Intervención da Deputación, **o convenio poderá ser obxecto de modificación**. En ningún caso, se poderá modificar o convenio variando substancialmente o obxecto da subvención concedida e prevista nominativamente por acordo plenario.

XIV.- NATUREZA, INTERPRETACIÓN, MODIFICACIÓN E XURISDICIÓN COMPETENTE

1. O presente convenio ten natureza administrativa e para resolver as dúbidas que xurdan na interpretación das súas cláusulas aplicaranse as disposicións contidas na Lei 38/2003, de 18 de novembro, xeral de Subvencións, e na Lei 9/2007, de 13 de xuño, de Subvencións de Galicia. Supletoriamente aplicárase a lexislación de contratos do sector público.

2. Para o seguimento coordinado da execución do presente convenio poderá crearse unha **comisión de seguimento** formada por dous representantes de cada unha das



institucións nomeados polo Presidente da Deputación e o Concello, respectivamente.

3. Corresponderalle aos órganos da xurisdición contencioso-administrativa, segundo a distribución de competencias disposta na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora de dita xurisdición, o coñecemento das cuestións litixiosas que poidan xurdir como consecuencia do presente convenio.

Faise constar que o presente convenio foi aprobado polo Pleno da Corporación o día

E, en proba de conformidade, as partes comparecentes asinan en duplicado exemplar o presente convenio, no lugar e data indicados no encabezamento.”

15.- Aprobación do texto e da formalización do Convenio de Cooperación entre a Excelentísima Deputación Provincial da Coruña e o Concello de Carballo polo que se instrumenta unha subvención nominativa para cofinanciar as obras "de remodelación na praza de Vigo na vila de Carballo".

VOTACIÓN

Votan a favor: 31 deputados/as (14 do PP, 10 do PSOE, 6 do BNG e 1 de Alternativa dos Veciños).

Votan en contra: ningún/ha deputado/a

Abstéñense: ningún/ha deputado/a

ACORDO

O Pleno, por unanimidade, acorda:

“1º.- Levantar o reparo interposto pola Intervención Provincial na tramitación do expediente de aprobación dun convenio de cooperación entre a Excma. Deputación provincial da Coruña e do **Concello de Carballo polo lo que se instrumenta unha subvención nominativa** para cofinanciar as obras **“de remodelación na praza de Vigo na vila de Carballo”**, e instar a que o mesmo siga os trámites oportunos para proceder á súa aprobación e formalización.

2º.- Exceptuar para o presente convenio os principios de concorrencia, publicidade, igualdade e non discriminación na tramitación do presente expediente, dada la existencia de causas excepcionais que xustifican a concesión da subvención nominativa, por entender que se dan as razóns de interese público no outorgamento da subvención. Estes principios atópanse recollidos nos artigos 22.2 LXS e 65-67 do seu Regulamento.

3º.- Aprobar o texto e a formalización do Convenio de Cooperación entre a Excelentísima Deputación Provincial da Coruña e o Concello de Carballo polo que se instrumenta unha subvención nominativa para cofinanciar as obras “de remodelación na praza de Vigo na vila de Carballo”, cunha achega provincial de 270.000,00 euros con cargo á aplicación orzamentaria 0112/1532/76201 o que representa un coeficiente de financiamento do 80,00 % respecto dun orzamento de 337.500,00 euros.

4º.- Condicionar o convenio á existencia de crédito adecuado e suficiente e ao cumprimento dos obxectivos de estabilidade orzamentaria, no próximo exercicio

**RPT-6654235



orxamentario, de acordo coa normativa vixente no momento.

ANEXO

CONVENIO DE COOPERACIÓN ENTRE A EXCELENTÍSIMA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA E O CONCELLO DE CARBALLO PARA O FINANCIAMENTO DA OBRA DENOMINADA REMODELACIÓN DA PRAZA DE VIGO NA VILA DE CARBALLO.

Na Coruña, a _____

INTERVEÑEN

Dunha parte, a Deputación Provincial da Coruña con NIF P1500000C, representada polo seu Presidente, Don _____ (ou deputado/a no que delegue), (No caso de sinatura electrónica engadirase: identificado mediante o correspondente certificado de firma electrónica) asistido polo Secretario Xeral, Don _____ (ou quen legalmente lle substitúa) representante da Excelentísima Deputación Provincial da Coruña (No caso de sinatura electrónica engadirase: identificado mediante o correspondente certificado de firma electrónica), en exercicio das funcións reservadas previstas no artigo 3.2 i) do Real Decreto 128/2018, do 16 de marzo, polo que se regula o réxime xurídico dos funcionarios de Administración Local con habilitación de carácter nacional.

E **doutra parte**, o **Concello de Carballo**, con CIF P1501900C, representado polo seu Alcalde/sa /Presidente D. _____ (ou concelleiro, concelleira ou persoa en quen delegue), segundo se acredita mediante certificación da Secretaría do Concello/ Entidade. (**en adiante ENTIDADE BENEFICIARIA**) (No caso de sinatura electrónica engadirase: identificado mediante o correspondente certificado de firma electrónica)

Interveñen cada un deles, en nome e representación da entidade respectiva e recoñécense mutuamente a capacidade legal necesaria para a sinatura do presente convenio a tal efecto,

ANTECEDENTES

A solicitude da presente subvención foi aprobada por Acordo do Pleno do **Concello de Carballo**, no que se valora o impacto económico do obxecto do convenio nos seguintes termos:

“...A Praza de Vigo defínese coma un ámbito singular que está composto na actualidade por unha praza central con circulación de vehículos ao seu redor e, no perímetro da mesma, equipamentos tales como unha residencia de maiores e un centro de día ademais de varios edificios residenciais. Polo que a maior parte dos usuarios da praza son persoas maiores e con problemas de mobilidade.

Cómpre pois a actuación urxente para eliminar as barreiras arquitectónicas existentes tanto nas beirarrúas exteriores da praza como na propia praza en si, que se ergue a modo de meseta con bordo elevado no centro do espazo, con

**RPT-6654235



escaseza de mobiliario e de arborado adecuado que achegue a sombra necesaria.

A eliminación do tráfico de paso, en busca de estacionamento e acceso a garaxes con percorrido continuo que separa aos edificios do espazo central adicado aos peóns, faise imprescindible para a mellora da seguridade viaria nun punto frecuentado por persoas que en moitos casos teñen as súas facultades físicas e sensoriais minguadas.

O deseño da praza existente tampouco incluíu no seu momento unha iluminación adecuada aos usos actuais da mesma, polo que é moi necesaria unha reforma integral que inclúa unha plataforma única que garanta accesibilidade universal, plantación de arborado, instalación de mobiliario apropiado aos usuarios potenciais da praza e a mellora da iluminación pública ademais da conseguinte renovación de servizos, entre outros, a recollida de pluviais.

O proxecto «Carballo inclusivo – Remodelación da Praza de Vigo da vila de Carballo» resulta de interese público de carácter social, dadas as melloras de accesibilidade e habitabilidade do espazo público, fomentando o seu uso entre as persoas maiores que en moitas ocasións deben quedar recluídas por non contar cun espazo amable e accesible adaptado ás súas circunstancias vitais.

A maior presenza de persoas maiores nas nosas vilas tamén supón unha maior interacción social e vínculos emocionais entre xeracións, logrando que o espazo público sexa máis inclusivo. ...”

A concesión da subvención foi aprobada por Acordo do Pleno da Deputación celebrado o

COMPETENCIAS DAS ADMINISTRACIÓNS ACTUANTES

A ENTIDADE BENEFICIARIA levará a cabo a execución deste proxecto no exercicio da competencia en materia de Patrimonio e Contratación que lle atribúe o artigo 25.2, da Lei 7/85, de 2 de abril, das Bases de Réxime Local, así como os artigos 80 e seguintes da Lei 5/1997 de Administración Local de Galicia nos termos da lexislación sectorial do Estado e/ou da Comunidade Autónoma de Galicia.

Pola súa banda, consonte ao previsto no artigo 31.2 da devandita Lei 7/85 e 101.2 da referida Lei 5/1997, a Deputación, como órgano de goberno e administración da Provincia, compételle asegurar a prestación integral e axeitada en todo o territorio provincial dos servizos de competencia municipal, así como a cooperación no fomento no desenvolvemento económico e social e a planificación do territorio provincial (art.36.1, letra d).

MANIFESTAN

Que o **ENTIDADE** e a **DEPUTACIÓN** teñen interese coincidente na execución das obras obxecto deste convenio, polo que ambas as dúas



ACORDAN

Formalizar o presente CONVENIO DE COOPERACIÓN conforme ás seguintes cláusulas:

I.- OBXECTO

O presente convenio de cooperación ten por obxecto establecer as bases de cooperación entre a Deputación da Coruña e o Concello de **Carballo** con CIF P1501900C para o financiamento da obra denominada obras “**de remodelación na praza de Vigo na vila de Carballo**”, tal e como aparece definida no proxecto técnico redactado polo arquitecto Don José Carlos Seoane González, asinado en Marzo 2025.

1.- **A ENTIDADE BENEFICIARIA**, na súa condición de promotor da obra, achega ao expediente un exemplar do proxecto, a certificación da súa aprobación polo órgano competente, así como a certificación de que conta e coa dispoñibilidade dos terreos necesarios para a súa execución, e achega todas as autorizacións administrativas preceptivas.

Dito proxecto foi supervisado polos Servizos Técnicos da Deputación e conta con informe favorable.

2- A obra está perfectamente definida nos planos de conxunto e de detalle e en todos os documentos que incorpora o proxecto, tal e como esixe o artigo 233 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público e a normativa de desenvolvemento, coa manifestación expresa realizada pola persoa redactora de que é unha obra completa ou unha fase susceptible de utilización ou aproveitamento separado. Xa que logo, unha vez rematada a obra, a **ENTIDADE BENEFICIARIA** comprométese a destinala ao uso público para o que está prevista a lo menos polo prazo de dez anos.

II.- ORZAMENTO DE EXECUCIÓN DAS OBRAS.

O orzamento de contrata da obra, segundo o proxecto técnico ao que se fai referencia na cláusula anterior, desagregase co seguinte detalle:

Orzamento Execución Material	234.391,27 euros
Gastos xerais 13,00%	30.470,87 euros
Beneficio Industrial 6,00 %	14.063,48 euros
IVE (21%)	58.574,38 euros
ORZAMENTO DE LICITACIÓN	337.500,00 euros

III.- FINANCIAMENTO PROVINCIAL E OUTROS INGRESOS QUE SE OBTENAN OU ACHEGUEN PARA A MESMA FINALIDADE.

1. A Deputación da Coruña financiará o orzamento das obras, tal como se define na cláusula anterior, cunha achega máxima de **270.000,00 euros** o que representa unha porcentaxe de **80,00 %**, que constitúe o “coeficiente de financiamento”. A contía restante,



ata conseguir o importe total do orzamento da contrata, está financiado pola ENTIDADE BENEFICIARIA con cargo a recursos propios ou alleos, acreditando que ten consignado o crédito adecuado e suficiente para imputar a totalidade do gasto que lle corresponde financiar.

2. Entenderase que a finalidade básica da subvención estará cumprida cando se teña executado e recepcionado completamente a obra, polo importe de adxudicación. O importe da achega será o resultado de aplicación de coeficiente de financiamento sobre o importe adxudicado.

No caso de que se produxeran economías en execución ou diminución de gastos derivados de proxectos modificados, a achega provincial será o resultado da aplicación do coeficiente de financiamento sobre o total certificado e recepcionado.

3. A Deputación Provincial financiará exclusivamente os gastos derivados do contrato de execución das obras contempladas no proxecto técnico e, polo tanto, non serán subvencionables os gastos derivados de contratos conexos, tales como honorarios de redacción de proxectos ou dirección das obras, tributos reivindicados pola obtención de licenzas, coordinación de seguridade e saúde, control de calidade ou outros. Tampouco se financiarán os incrementos de gastos derivados de proxectos modificados ou liquidacións da obra.

A Deputación poderá realizar controis **adicionais** de calidade das obras. A **ENTIDADE BENEFICIARIA** deberá facilitar a información e os accesos ás obras que sexan necesarios para a realización da dita actividade.

4. O importe do financiamento provincial farase efectivo con cargo á aplicación **0112/1532/76201** do orzamento provincial para o ano 2026, na que a Intervención Provincial certificou que existe crédito suficiente e sobre a que se contabilizou a correspondente retención de crédito. No caso de que a vixencia deste convenio esténdase a exercicios futuros, a súa aprobación queda condicionada á existencia de crédito adecuado e suficiente nos exercicios orzamentarios correspondentes e ao cumprimento dos obxectivos da Lei orgánica 2/2012, de 27 de abril, de estabilidade orzamentaria.

5. A subvención da Deputación é compatíbel coa percepción doutras subvencións ou axudas, públicas ou privadas, que a **ENTIDADE BENEFICIARIA** obteña para a mesma finalidade, sempre que o seu importe, xuntamente co da subvención provincial, non supere en ningún caso o importe total do gasto efectivamente xustificado.

No caso de que a concorrencia de axudas ou subvencións supere o importe do gasto efectivamente xustificado, minorarase a achega provincial no importe necesario para darlle estrito cumprimento ao apartado anterior.

IV.- CONTRATACIÓN E EXECUCIÓN .

1. Na condición de promotor, corresponderalle á **ENTIDADE BENEFICIARIA** a tramitación do contrato de execución das obras descritas no proxecto ao que fai referencia a cláusula primeira.

2. No procedemento de contratación, a **ENTIDADE BENEFICIARIA** axustará toda a súa actuación ao disposto na lexislación de contratos do sector público.



3.- Deberá utilizar os pregos-tipo de contratación da Deputación para o procedemento aberto cun único criterio, ou múltiples criterios de valoración, garantindo en todo caso, os principios de publicidade, concorrência, igualdade e non discriminación.

Unicamente procederá a utilización do procedemento negociado sen publicidade nos supostos previstos no artigo 168 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de contratos do sector público, o que deberá quedar motivado no expediente

Non poderán recoller o concepto de “melloras”.

4.- No caso de que o **ENTIDADE BENEFICIARIA** tramite e aprobe algunha **modificación do proxecto** inicialmente aprobado, por causas non imputables ao Concello e debidamente xustificadas, así como do contrato adxudicado, deberá **remitir á Deputación un exemplar do proxecto modificado, con anterioridade á aprobación** do mesmo polo órgano competente, achegando co mesmo os informes técnicos e xurídicos emitidos para a súa supervisión polos Servizos Técnicos Provinciais. Posteriormente, achegarase certificación da súa aprobación polo órgano competente. (Cláusulas III.3 e XIV.3)

V.- DIFUSIÓN DO FINANCIAMENTO PROVINCIAL.

1.Durante a execución das obras e ata o seu remate e recepción, a **ENTIDADE BENEFICIARIA** estará obrigada a colocar un cartel informativo da obra que sexa visible, polo menos, desde unha distancia de 25 metros, no que, sen prexuízo doutras indicacións, figure o a marca, símbolo ou logotipo da Deputación e o importe da subvención concedida.

2.Rematada a obra, e cando a súa natureza o permita, deberase colocar unha placa nun lugar visible na que se deixe constancia da data de inauguración da obra e do financiamento provincial. O texto estará redactado en galego.

3.Asemade, a entidade beneficiaria deberá cumprir coas obrigas de información que lle impón a Lei 19/2013, de 9 de decembro, de Transparencia, acceso á información pública e bo goberno, dándolle difusión a este convenio no Portal de Transparencia da súa páxina web ou sede electrónica.

VI.- A XUSTIFICACIÓN NECESARIA PARA RECIBIR A ACHEGA DA DEPUTACIÓN

1. Ata o 50 por cento da achega da Deputación ten carácter prepagable. A dita achega provincial calcularase aplicando o coeficiente de financiamento sobre o importe de adxudicación da obra. Polo tanto, a Deputación expedirá un primeiro pagamento do 50 % da achega provincial a prol da **ENTIDADE BENEFICIARIA** , unha vez que presente ou conste na Deputación provincial a seguinte documentación:

- Xustificación da elección do procedemento de contratación utilizado, de acordo co previsto na cláusula IV.3.
- Certificación do **acordo ou resolución de adxudicación** do contrato de obras, na que figuren polo menos o seguinte: datos da empresa adxudicataria, importe de adxudicación do contrato e prazo de execución.
- **Acta de comprobación da implantación**, asinada pola dirección da obra, pola contratista adxudicataria e pola persoa funcionaria técnica designada pola



Deputación ou, no seu caso, acreditación da imposibilidade de asistencia de dita persoa técnica provincial.

- Certificación expedida polo órgano responsable da contabilidade das **axudas e outros ingresos afectados** á mesma finalidade ou obxecto desta subvención.
 - **Acreditación da colocación do cartel informativo** ao que se refire a cláusula V.1 mediante remisión dunha fotografía debidamente dilixenciada pola dirección da obra.
 - Acreditación fotográfica da situación da obra previamente ao seu inicio.
2. Rematada completamente a obra, procederase ao abono do 50 por cento ou resto da achega provincial, unha vez que se presente ou conste na Deputación provincial a seguinte documentación:
- **Certificacións** de execución da obra cos datos a orixe, coa certificación da súa aprobación polo órgano competente, xunto co recoñecemento da obriga.
 - Informes de control de calidade da obra realizados por un técnico competente, de ser o caso.
 - **Acta de recepción da obra.** A dito acto deberá acudir unha persoa técnica designada pola Deputación, quen asinará tamén a correspondente acta. No caso de imposibilidade de asistencia da persoa técnica provincial, deberá acreditarse ter realizado a solicitude e a contestación da Deputación.
 - Certificación expedida polo órgano responsable da contabilidade dos **ingresos** de natureza pública ou privada obtidos para a mesmo proxecto, con indicación do seu importe e procedencia ou, pola contra, manifestación de que non se obtiveron outros ingresos para o mesmo proxecto.
 - Presentación de **fotografías**, dilixenciadas pola dirección da obra, acreditativas do **cumprimento das obrigas de difusión** previstas na cláusula V: cartel da obra e, no seu caso, colocación da placa e portal de transparencia da súa páxina web ou sede electrónica.
 - Presentación de fotografías da obra realizada, dilixenciadas polo técnico-director.
 - Certificación do acordo da incorporación do ben ao **inventario de bens** do **ENTIDADE BENEFICIARIA**, facendo constar nos correspondentes asentos que o ben queda afectado á finalidade pública para a que foi concedida a subvención polo menos durante un prazo de dez anos.
 - Cando o ben sexa susceptible de inscrición no Rexistro da Propiedade, debe constar a adscrición ao uso e servizo público por un prazo de dez anos.
 - Deberá acreditar o pago efectivo aos terceiros do importe aboado co primeiro pago prepagable.
3. Previamente a realización de calquera dos pagos anteditos, e de acordo co previsto na cláusula VIII, a Deputación comprobará de oficio se o concello está ao corrente nas súas obrigas tributarias, coa Seguridade Social e coa Deputación.



4.-Cando o gasto xustificado sexa inferior ao 50% da subvención provincial, e polo tano, a finalidade básica da subvención non se considere cumprida nos termos da cláusula III.2, o anticipo concedido non xustificado deberá reintegrarse xunto cos correspondentes intereses de demora.

5. **No caso de resolución de contrato** por causas debidamente xustificadas, non imputables ao Concello, poderá efectuarse o pago correspondente á aplicación do coeficiente de financiamento sobre o total certificado e pagado ao contratista .A tal efecto, deberán de aportarse as transferencias bancarias a favor do contratista. A estes efectos, o importe non aboado se considerará economía.

VII.- TERMO PARA A FINALIZACIÓN DAS OBRAS E PRAZO DE XUSTIFICACIÓN.

1. As obras que son obxecto de financiamento provincial, tal como están descritas no proxecto técnico indicado na cláusula I, deberán estar finalizadas e presentada a documentación xustificativa indicada na cláusula VI no prazo indicado na cláusula XIV.

2. No caso de non ter presentada a documentación xustificativa , ou a solicitude de prórroga dentro do prazo de vixencia do convenio, **implicará a perda da subvención** e demais responsabilidades previstas neste convenio e na lexislación aplicable respecto diso, tal e como se indica na cláusula XIV.

VIII.- CUMPRIMENTO DAS OBRIGAS TRIBUTARIAS E COA SEGURIDADE SOCIAL E A SÚA ACREDITACIÓN.

1.A **ENTIDADE BENEFICIARIA** deberá estar ao día, con carácter previo á sinatura deste convenio, e logo, con carácter previo ao pago da subvención, no cumprimento das obrigas tributarias coa Axencia Tributaria, coa Seguridade Social e con esta Deputación .

2.A tal efecto, a **ENTIDADE BENEFICIARIA** presentará as certificacións das administracións tributarias correspondentes e da Tesourería da Seguridade Social nas que se acredite que a entidade está ao corrente nas súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social.

3.Poderá omitirse a presentación desta documentación sempre que autorice expresamente á Deputación a realizar as consultas tributarias e non se opoña á consulta de datos da Seguridade Social . Neste caso, a acreditación do cumprimento das obrigas tributarias coa Deputación Provincial determinarase de oficio por esta.

IX.- DESTINO E MANEXO DOS FONDOS RECIBIDOS.

1.Consonte ao previsto nas Regras 25 e seguintes da Instrución de contabilidade para a administración local (Orde HAP 1781/2013, de 20 de setembro, Modelo normal), a ENTIDADE BENEFICIARIA deberá codificar este proxecto de gasto, co fin de facerlle un seguimento contábel específico, de xeito de que quede rexistrada unha pista de auditoría fiable pola que se poida verificar a afectación e aplicación efectiva dos fondos recibidos á execución do proxecto financiado.

2.A **ENTIDADE BENEFICIARIA** destinará os fondos recibidos ao pagamento dos xustificantes de gasto presentados.



3.O concello deberá acreditar ter aboado aos terceiros o importe dos gastos xustificadas, no prazo máximo **dun mes** dende a recepción dos fondos que constitúen o segundo pagamento. Esta obriga será comprobada pola Deputación e, no seu caso, no procedemento de control financeiro que se poida instruír para tal efecto, sen que teña que presentar documentación adicional algunha no expediente de xestión e pagamento da subvención.

4.Co fin de garantir un axeitado control da aplicación dos fondos, o pagamento deberá quedar acreditado documentalmente mediante a utilización de transferencia bancaria, cheque nominativo, cargo, ingreso en conta ou calquera outra modalidade de pagamento bancario, sempre que en todo caso quede identificada a persoa ordenante e a persoa preceptora.

5.No caso de que o ben subvencionado tivera como finalidade a posta en funcionamento dalgún servizo ou actividade, a ENTIDADE BENEFICIARIA, deberá acreditar nun prazo máximo de cinco meses dende a percepción da totalidade da subvención, de que o servizo ou actividade están funcionamento, ou, no seu caso, presentar un programa de posta en funcionamento. Esta circunstancia poderá ser verificada a través da inclusión da subvención no Plan de Control Financeiro da Intervención provincial.

X.- CONTROL FINANCEIRO DA DEPUTACIÓN E DOS ÓRGANOS DE CONTROL EXTERNO.

1.Consonte ao disposto nos artigos 44 e seguintes da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de subvencións, e nos artigos 41 e seguintes da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de Subvencións de Galicia, A **ENTIDADE BENEFICIARIA** poderá ser seleccionado pola Intervención provincial para a realización dun control financeiro sobre a subvención pagada, co fin de acreditar a efectiva aplicación dos fondos á finalidade para a que foron concedidos, o correcto financiamento da actividade e o cumprimento de tódalas demais obrigas formais e materiais que lle impón o presente convenio de cooperación e a lexislación citada anteriormente.

2.Asemade, de acordo co previsto na lei 6/1985, de 24 de xuño, do Consello de Contas de Galicia, A **ENTIDADE BENEFICIARIA** queda sometido aos procedementos de fiscalización que leven a cabo o Consello de Contas de Galicia ou, no seu caso, segundo o previsto na Lei orgánica 2/1982, de 12 de maio, aos procedementos de axuizamento contable que poida incoar o Tribunal de Contas, e a calquera outro órgano de control, nacional ou europeo.

XI.- REINTEGRO, INFRACCIÓNS E SANCIÓNS.

1.O incumprimento dalgunha das cláusulas previstas no presente convenio de cooperación poderá comportar a obriga de reintegro parcial ou total dos fondos recibidos, así como ao pago dos xuros de demora que se perciban desde o día no que se realizou o pago ata o momento no que se acorde a procedencia do reintegro. O procedemento de reintegro iniciárase de oficio na súa tramitación seguirase o disposto nos artigos 41 e seguintes da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións e nos artigos 91 e seguintes do seu Regulamento (R.D. 887/2006, de 21 de xullo), dándolle en todo caso audiencia ao interesado.



2.Sen prexuízo do anterior, dito incumprimento tamén poderá ser constitutivo dalgunha das infraccións tipificadas na Lei 38/2003, de 17 de novembro, ou na Lei 9/2007, de 13 de xuño, de Subvencións de Galicia, séndolle de aplicación o cadro de sancións previstos nas normas citadas e na Ordenanza xeral de subvencións e transferencias da Deputación Provincial da Coruña.

3.Nos supostos de demora na realización das obras ou na presentación da xustificación, estarase ao disposto na Ordenanza xeral de subvencións e transferencias da Deputación Provincial da Coruña.

XII.- INCORPORACIÓN AO REXISTRO PÚBLICO DE SUBVENCÍONS E PUBLICACIÓN DA SUBVENCIÓN CONCEDIDA.

1.No cumprimento do disposto no artigo 20 da Lei 38/2003, xeral de subvencións, e demais normativa de desenvolvemento, os datos da subvención concedida e a identificación da **ENTIDADE BENEFICIARIA** serán remitidas á Intervención xeral do Estado, para que sexan incorporados á Base de Datos Nacional de Subvencións, coa exclusiva finalidade prevista en dito precepto e co debido respecto á protección dos datos de carácter persoal, segundo o previsto na Lei orgánica 3/2018, de 13 de decembro, de protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais.

2.Segundo o previsto no artigo 18 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de subvencións, e no artigo 8 da Lei 19/2013, de 9 de decembro, de transparencia, acceso a información pública e bo goberno, a concesión da subvención ao **A ENTIDADE BENEFICIARIA** será publicada no portal de transparencia da sede electrónica da Deputación da Coruña.

3.Un exemplar deste convenio, debidamente asinado, será incorporado ao Rexistro de convenios que depende da Secretaría Provincial, xestionado polo Servizo de Contratación da Deputación.

XIII.- COMISIÓN DE SEGUIMIENTO

1.Para realizar o seguimento deste convenio e as incidencias que poidan xurdir do mesmo, queda constituída unha comisión integrada pola persoa titular da Presidencia da Deputación ou membro da Corporación no que delegue e a persoa titular da Alcaldía do **Concello de Carballo** ou membro da Corporación en quen delegue. Actuarán como asesores de dita comisión as persoas titulares da Secretaría xeral e do órgano interventor da Deputación e da ENTIDADE BENEFICIARIA, ou persoas funcionarias en quen deleguen.

1.En todo caso, será preceptivo o ditame previo desta Comisión para os acordos de interpretación do presente convenio.

XIV.- VIXENCIA DO CONVENIO, PRÓRROGA OU MODIFICACIÓN.

1.O presente convenio de cooperación terá efectos desde a súa sinatura e conservará a súa vixencia ata o **31/10/2027**, o que representa un período de vixencia de _____ meses. No caso de que a vixencia deste convenio se estenda a exercicios futuros, a súa aprobación queda condicionada á existencia de crédito adecuado e suficiente nos



exercicios orzamentarios correspondentes e ao cumprimento dos obxectivos da Lei de estabilidade orzamentaria.

2.O dito prazo será improrrogable, salvo que **A ENTIDADE BENEFICIARIA** non poida ter finalizadas as obras e presentada a xustificación antes do prazo establecido na cláusula VII. Nese caso, deberá solicitar antes desta data, a prórroga do prazo inicial, achegando coa solicitude un novo programa de traballo asinado polo Director da obra, co fin de que a Deputación poida acreditar a existencia de crédito adecuado e suficiente para o pago do importe pendente de xustificar.

3.A estes efectos, **a ENTIDADE BENEFICIARIA na solicitude deberá indicar as causas da demora na execución das obras, acreditar que as ditas causas non son imputables á ENTIDADE BENEFICIARIA, e xustificar** que implican a necesidade de prorrogar o presente convenio, **indicando o prazo imprescindible para a finalización das mesmas.**

De considerarse xustificadas os motivos aducidos, previos os informes preceptivos, a prórroga do prazo de vixencia do convenio aprobarase **por Resolución da Presidencia**, polo **prazo imprescindible para a finalización das obras.**

O dito prazo será máximo e, polo tanto, **non será susceptible dunha nova prórroga, nin de modificación**, polo que, a non presentación da xustificación no dito período, **implicará que** o convenio quedará definitivamente extinguido e comportará a perda do dereito á cobranza da subvención e, sen máis notificación, implicará a iniciación do expediente de reintegro, no seu caso, do anticipo percibido mais os correspondentes xuros de demora.

4.En ningún caso, se poderá modificar o convenio variando substancialmente o obxecto da subvención concedida de forma excepcional e nominativamente por acordos plenarios das respectivas administracións.

A modificación do proxecto de obras non implicará un incremento da achega provincial senón que, no seu caso, o exceso de financiamento deberá ser soportado pola ENTIDADE BENEFICIARIA. No caso de que a modificación implique unha minoración do importe do proxecto, a mesma se imputará proporcionalmente as entidades asinantes en función de do coeficiente de financiamento contemplado na cláusula III.

5.No caso de que o **ENTIDADE BENEFICIARIA** tramite e aprobe algunha **modificación do proxecto** inicialmente aprobado, por causas non imputables ao Concello e debidamente xustificadas, así como do contrato adxudicado, deberá **remitir á Deputación un exemplar do proxecto modificado, con anterioridade á aprobación** do mesmo polo órgano competente, achegando co mesmo os informes técnicos e xurídicos emitidos para a súa supervisión polos Servizos Técnicos Provinciais. Posteriormente, chegarase certificación da súa aprobación polo órgano competente. (Cláusulas III.3 e XIV.4)

6.No caso de que a modificación implique unha minoración ou incremento do importe adxudicado, deberá tomar coñecemento o Pleno da Corporación Provincial e formalizarse en documento administrativo.



De manterse igual o importe, tomarase coñecemento mediante Resolución da Presidencia. En todo caso, non se formalizará a modificación, uníndose o acordo plenario ou resolución ao expediente para a súa constancia.

XV.- NATUREZA, INTERPRETACIÓN E XURISDICIÓN COMPETENTE.

1.O presente convenio ten natureza administrativa e para resolver as dúbidas que xurdan na interpretación das súas cláusulas aplicaranse as disposicións contidas na Lei 38/2003, de 18 de novembro, xeral de Subvencións, e na Lei 9/2007, de 13 de xuño, de Subvencións de Galicia e na Ordenanza xeral de Subvencións e Transferencias da Deputación. Supletoriamente aplicárase a lexislación de contratos do sector público.

2.Corresponderalle aos órganos da xurisdición contencioso-administrativa, segundo a distribución de competencias prevista na Lei 29/1998, de 13 de xullo, reguladora de dita xurisdición, o coñecemento das cuestións litixiosas que poidan xurdir como consecuencia do presente convenio.

E para que así conste e en proba de conformidade por ambas partes, asínase (No caso de sinatura electrónica engadírase: electronicamente) o presente convenio, dando fe de todo elo o Secretario xeral (*ou quen legalmente lle substitúa*)”

16.- Aprobación do texto e da formalización do convenio de colaboración entre Augas de Galicia, a Deputación Provincial da Coruña e os concellos de Cee e Corcubión para a execución da actuación de saneamento "nova estación depuradora de augas residuais de Cee e Corcubión. Cee (A Coruña)", cofinanciada pola Unión Europea a través do Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional (FEDER), no marco do programa Galicia Feder 2021-2027.

VOTACIÓN

Votan a favor: 31 deputados/as (14 do PP, 10 do PSOE, 6 do BNG e 1 de Alternativa dos Veciños).

Votan en contra: ningún/ha deputado/a

Abstéñense: ningún/ha deputado/a

ACORDO

O Pleno, por unanimidade, acorda:

“1º.- Aprobar o texto e a formalización do convenio de colaboración entre Augas de Galicia, a Deputación Provincial da Coruña e os concellos de Cee e Corcubión para a execución da actuación de saneamento “nova estación depuradora de augas residuais de Cee e Corcubión. Cee (A Coruña)”, cofinanciada pola Unión Europea a través do Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional (FEDER), no marco do programa Galicia Feder 2021-2027 (ANEXO).

Sobre un orzamento total de 13.870.999,70 a aportación provincial é de 1.400.000,00 euros (700.000,00 euros ano 2028 e 700.000,00 euros ano 2029) o que supón unha



porcentaxe de financiación do 10,09300%, con cargo á aplicación orzamentaria que indique o Servizo de Fiscalización no seu informe.

A Intervención Provincial deberá de emitir os oportunos documentos contables a futuros por importe total de 1.400.000,00 euros (que é a aportación provincial para os anos 2028 e 2029, para a tramitación do convenio), **importe que pode ser incrementado** segundo recolle a cláusula 7.3 do texto do convenio, co 20% do gasto definitivo.

Como consecuencia os datos a ter en conta son os seguintes:


Anualidade 2028	700.000,00 euros	840.000,00 euros
Posible incremento do 20% na anualidade 2028	140.000,00 euros	
Anualidade 2029	700.000,00 euros	840.000,00 euros
Posible incremento do 20% na anualidade 2028	140.000,00 euros	
TOTAL		1.680.000,00 EUROS

2º.- Instar aos concellos de Cee e Corcubión a que realicen as actuacións necesarias para que á data de recepción das obras teñan aprobados os seguintes acordos:

- Determinación da forma de xestión do servizo de saneamento e depuración na ría de Cee - Corcubión e das achegas municipais requiridas no seu caso.
- Ordenanza reguladora da taxa ou da prestación patrimonial pública do servizo de saneamento e depuración.
- Regulamento do servizo de saneamento e depuración.
- Contratos requiridos para a xestión do servizo de saneamento e depuración.

3º.- Condicionar o convenio á existencia de crédito adecuado e suficiente e ao cumprimento dos obxectivos de estabilidade orzamentaria, no próximo exercicio orzamentario, de acordo coa normativa vixente no momento.

4º.- Ver ANEXO



CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A ENTIDADE PÚBLICA EMPRESARIAL AUGAS DE GALICIA, A DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA E OS CONCELLOS DE CEE E CORCUBIÓN PARA A EXECUCIÓN DA ACTUACIÓN DE SANEAMENTO "NOVA ESTACIÓN DEPURADORA DE AUGAS RESIDUAIS DE CEE E CORCUBIÓN. CEE (A CORUÑA)", COFINANCIADA POLA UNIÓN EUROPEA A TRAVÉS DO FONDO EUROPEO DE DESENVOLVEMENTO REXIONAL (FEDER), NO MARCO DO PROGRAMA GALICIA FEDER 2021-2027

Ángeles Vázquez Mejuto, conselleira de Medio Ambiente e Cambio Climático, nomeada polo Decreto 44/2024, do 14 de abril, en nome e representación da entidade pública empresarial Augas de Galicia, na súa condición de Presidenta de Augas de Galicia, no exercicio das funcións atribuídas polos artigos 13 da Lei 9/2010, do 4 de novembro, de augas de Galicia e 6 do Estatuto da entidade pública empresarial Augas de Galicia, aprobado polo Decreto 32/2012, do 12 de xaneiro, en relación co artigo 2.b.1 do Decreto 49/2024, do 22 de abril, polo que se fixa a estrutura orgánica das consellerías da Xunta de Galicia.

Valentín González Formoso, presidente da Deputación Provincial da Coruña, nomeado en Pleno extraordinario o 18.07.2023, no exercicio das atribucións conferidas polo artigo 34.1 da Lei 7/1985, de 2 de abril, de bases do réxime local.

Margarita Lamela Louzán, alcaldesa do concello de Cee, no exercicio das atribucións atribuídas polo artigo 21 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local.

Francisco Javier Domínguez Traba, alcalde do concello de Corcubión, no exercicio das atribucións atribuídas polo artigo 21 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local.

EXPOÑEN

Primeiro. Os concellos de Cee e Corcubión teñen atribuídas competencias en materia de saneamento, con base na Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, que nos seus artigos 25.2 c) e 86.2 configura o saneamento e a depuración de augas



Cofinanciado pola
Unión Europea



Fondos Europeos



Concello de Cee



CONCELLO DE
CORCUBIÓN


residuais como un servizo de competencia local, nos termos establecidos pola lexislación da Comunidade Autónoma.

Neste senso, o artigo 80.2 l) da Lei 5/1997, do 22 de xullo, reguladora da Administración local de Galicia, sinala como competencia atribuída ás entidades locais o tratamento de augas residuais, delimitando a Lei 9/2010, do 4 de novembro, de augas de Galicia o reparto competencial neste eido, resultando competencia das entidades locais, en materia de execución de obras, as que teñan por obxecto a rede de sumidoiros (artigo 5.1 b)), redes de distribución (artigo 27.2 c)), a execución de calquera obra no eido do saneamento e/ou a depuración que non teña sido declarada de interese público por algún dos medios do artigo 28 da Lei 9/2010, do 4 de novembro, de augas de Galicia (artigos 27.2 a)) en relación co artigo 5.1 c)).

Ademais, en materia de prestación do servizo, atribúese a competencia ás entidades locais para a prestación do servizo respecto de instalacións non comprendidas no artigo 32 da Lei 9/2010, do 4 de novembro, de augas de Galicia, respecto daquelas instalacións das que non se solicite a súa asunción do servizo pola Xunta de Galicia de acordo co establecido na disposición transitoria quinta, así como a prestación do servizo de saneamento (artigo 5.1.c)).

Segundo. Augas de Galicia é unha entidade pública empresarial do sector público autonómico de Galicia creada pola Lei 9/2010, do 4 de novembro, de augas de Galicia e regulada polo Decreto 32/2012, do 12 de xaneiro, polo que se aproba o Estatuto da entidade pública empresarial Augas de Galicia. Está adscrita á Consellería de Medio Ambiente e Cambio Climático, conta con personalidade xurídica propia e plena capacidade de obrar para o cumprimento dos seus fins e constitúe o medio, xunto co resto de órganos que integran a Administración hidráulica de Galicia, a través do que a Comunidade Autónoma de Galicia exerce as súas competencias en materia de augas e obras hidráulicas.

Entre estas competencias atópanse, con carácter xeral, e de acordo co establecido na Lei 9/2010, do 4 de novembro, de augas de Galicia, a ordenación administrativa e a planificación das obras hidráulicas non declaradas de interese xeral (artigo 4.1 a)) e, de xeito concreto, no ámbito do saneamento e a depuración, correspóndelle a ordenación dos



servizos de saneamento en alta (artigo 11.5 a)) e a elaboración dos criterios de coordinación das actuacións das entidades locais (artigo 11.5 b) e 26.2d)), entre outras.


Terceiro. Tanto a Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora de bases do réxime local, no seu artigo 36, como a Lei 5/1997, do 22 de xullo, da Administración local de Galicia, no seu artigo 109, establecen como competencias propias das Deputacións Provinciais a asistencia e a cooperación xurídica, económica e técnica aos municipios integrantes das mesmas. No exercicio de tales competencias de asistencia económica aos concellos de Cee e Corcubión, a Deputación Provincial da Coruña cofinanciarán as actuacións obxecto deste convenio.

De acordo co exposto, a Deputación Provincial da Coruña asumirá o compromiso de financiar ao Concello de Cee cun importe de un millón de euros (1.000.000 €) e ao Concello de Corcubión coa cantidade de catrocentos mil euros (400.000 €), a pagar nas anualidades 2028 e 2029 segundo o calendario de pagos establecido no convenio.

Cuarto. O artigo 57 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local e o artigo 194 da Lei 5/1997, do 22 de xullo, da Administración local de Galicia determinan que a cooperación económica, técnica e administrativa entre a Administración local e as Administracións do Estado e das Comunidades Autónomas, tanto en servizos locais como en asuntos de interese común, desenvolverase con carácter voluntario, baixo as formas e nos termos previstos nas leis, podendo ter lugar, en todo caso, mediante os convenios administrativos que subscriban.

Quinto. A actuación da Comunidade Autónoma de Galicia e das entidades locais no ámbito do saneamento e depuración de augas residuais terá por finalidade contribuír á execución do bo estado ecolóxico das augas e dos ecosistemas asociados mediante o cumprimento dos obxectivos establecidos na lexislación aplicable, fomentándose a reutilización das augas depuradas cando isto sexa viable.

Para a consecución destes e dos restantes fins e obxectivos establecidos en materia de saneamento, a Lei 9/2010, do 4 de novembro, de augas de Galicia, establece un mandato de colaboración entre as entidades locais, que ostentan competencias na materia e a Comunidade Autónoma de Galicia. A natureza da colaboración pode ser técnica e/ou financeira e articularase a través de diversos mecanismos como son, a participación de Augas de Galicia na construción e explotación de obras que sexan competencia das




entidades locais galegas (artigo 11.3 d), e a regulación ou outorgamento de auxilios económicos ás entidades locais en materias da súa competencia (artigo 26.3).

O artigo 17 da Lei 1/2022, do 12 de xullo, de mellora da xestión do ciclo integral da auga, establece que as administracións públicas titulares de infraestruturas e as administracións públicas responsables dos servizos relacionados coa xestión do ciclo integral da auga traballarán para conseguir, entre outros obxectivos xerais, os seguintes: a mellora e a innovación na xestión do ciclo integral da auga e nas tecnoloxías aplicables para incrementar a eficiencia no uso e na protección dos recursos hídricos, coa utilización das mellores técnicas dispoñibles; a realización dos labores de mantemento e reparación axeitados para protexer as infraestruturas existentes e conservarlas nas condicións óptimas para a prestación dos servizos; ou a reposición das infraestruturas vinculadas á xestión do ciclo integral da auga cando esgoten a súa vida útil.

Sexto. A Administración Hidráulica de Galicia, no marco xeral do Plan de Saneamento de Galicia, decidiu redactar os Plans de Saneamento Local que permiten realizar un estudio máis exhaustivo e detallado da problemática existente a nivel local en materia de saneamento e drenaxe, optimizan as inversións e unifican criterios técnicos.

En setembro de 2013, Augas de Galicia redactou o plan de saneamento da ría de Corcubión e Cee, que comprende os concellos de Cee e Corcubión, ten como obxectivo definir, valorar e priorizar as actuacións necesarias para a mellora da rede de saneamento existentes nestes concellos. Dentro deste plan realizouse un estudio detallado do sistema de saneamento co obxecto de facer un diagnóstico do sistema e definir as actuacións necesarias para o seu correcto funcionamento. Unha das actuacións priorizadas foi a construción dunha nova estación depuradora de augas residuais capaz de tratar todas as augas recollidas conforme as prescricións da Directiva 91/271/CEE sobre o tratamento de augas residuais urbanas.

Augas de Galicia ten redactado un proxecto, denominado "Nova estación depuradora de augas residuais de Cee e Corcubión. Cee (A Coruña)", actualmente en tramitación, que consiste na construción dunha nova depuradora que se localizará no concello de Cee, aínda que nela se tratarán as augas residuais de ámbolos dous concellos.



Este convenio ten como finalidade executar o antedito proxecto co obxectivo de solucionar as súas carencias e garantir o cumprimento de límites de vertedura para os caudais e cargas de deseño realmente recibidos.

A presente operación contribúe ao cumprimento dos obxectivos da Directiva 2000/60/CE pola que se establece un marco comunitario de actuación no ámbito da política de augas, da Directiva 91/271/CEE sobre o tratamento das augas residuais urbanas, da Lei 9/2010, do 4 de novembro, de augas de Galicia en canto á calidade das augas nas rías, e está aliñada co Plan Hidrolóxico da demarcación hidrográfica de Galicia-Costa, aprobado polo Real Decreto 48/2023, do 24 de xaneiro, dentro "Programa de Medidas", medida ES014.02.0208.01, mellora dos sistemas de saneamento e depuración na ría de Cee-Corcubión, co Plan de Saneamento de Galicia e coa estratexia da Xunta de Galicia para mellorar a calidade dos ecosistemas acuáticos a través dos Plans de Saneamento Locais.

Sobre a base do ata aquí exposto, as partes acordan outorgar o presente convenio de colaboración de acordo coas seguintes:

CLÁUSULAS

PRIMEIRA. OBXECTO DO CONVENIO

É obxecto deste convenio establecer as condicións básicas para a colaboración entre Augas de Galicia, a Deputación Provincial da Coruña e os concellos de Cee e Corcubión, que permitan acometer e incorporar ao patrimonio público municipal de Cee as obras consistentes na "Nova estación depuradora de augas residuais de Cee e Corcubión. Cee (A Coruña)", a súa posta en servizo, a súa explotación e a súa conservación e mantemento nos termos establecidos nas cláusulas seguintes.

SEGUNDA. OBRIGAS XERAIS DE AUGAS DE GALICIA

Para o cumprimento do obxecto deste convenio, Augas de Galicia obrígase a:

1. Levar a cabo as actuacións consistentes na contratación da execución, comunicación, dirección das obras e labores de coordinación de seguridade e saúde na fase de construción,



Cofinanciado pola
Unión Europea



Fondos Europeos



Concello de Cee




CONCELLO DE
CORCUBIÓN

a xestión delas ata completar a súa finalización e formalizar os actos de recepción de conformidade co estipulado na lexislación vixente en materia de contratos, e cos efectos sinalados na cláusula novena.

As actuacións expresadas abarcan, se fose o caso, as execucións de modificacións xustificadas das obras ata que as construcións merezan a plena conformidade de Augas de Galicia para producirse o acto formal de recepción e atoparse en condicións de ser entregadas ao concello para a súa incorporación ao servizo e uso público.

Se durante a execución das obras de referencia fora necesario modificar o proxecto, estes proxectos serán redactados, supervisados e aprobados por Augas de Galicia.

2. Financiar as actuacións nos termos estipulados na cláusula sétima.
3. Controlar a calidade e a seguridade e saúde das obras de referencia durante a súa execución.
4. Durante o prazo de garantía das obras de referencia, realizar os trámites necesarios para que o contratista repare aqueles defectos imputables á súa execución e que se manifesten con posterioridade ao acto de recepción, de conformidade co disposto na lexislación vixente en materia de contratos. Esta garantía non cubrirá os danos por un uso inadecuado das instalacións, nin os debidos a actos vandálicos, nin as deterioracións debidas ao paso do tempo, nin defectos ou danos por incumprimentos da normativa sanitaria ou en materia de vertidos.
5. Comunicar ao concello a data a partir da que comeza a contar o prazo de cinco anos para a posta en servizo, explotación, mantemento e conservación das obras ao abeiro do artigo 65.1 do Regulamento (UE) 2021/1060 do Parlamento Europeo e do Consello, do 24 de xuño de 2021, polo que se establecen as disposicións comúns relativas ao Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional, ao Fondo Social Europeo Plus, ao Fondo de Cohesión, ao Fondo de Transición Xusta e ao Fondo Europeo Marítimo, de Pesca e de Acuicultura, así como as normas financeiras para os devanditos Fondos e para o Fondo de Asilo, Migración e Integración, o Fondo de Seguridade Interior e o Instrumento de Apoio Financeiro á Xestión de Fronteiras e a Política de Visados.
6. No ámbito das súas facultades, colaborar coa outra parte no desempeño das súas obrigas e afrontar e intentar resolver, conforme aos principios de boa fe e lealdade, as



dificultades ou problemas que poidan xurdir no desenvolvemento das actuacións, tendo como único criterio da súa xestión, o logro dos obxectivos que se pretenden alcanzar con esta obra hidráulica.

TERCEIRA. OBRIGAS XERAIS DO CONCELLO DE CEE

Para o cumprimento do obxecto deste convenio, o concello obrígase a:

1. Someter a documentación técnica obxecto da licitación a información pública no suposto de que a normativa sectorial aplicable o esixa. Neste caso emitirase unha certificación acreditativa de telo sometido a este trámite, á que se xuntará, no seu caso, un informe onde se dea contestación ás alegacións presentadas. No caso de que debido ao alcance das actuacións, ás afeccións que produza, ou a terse sometido a información pública con anterioridade á sinatura deste convenio de colaboración o concello entenda que non procede este trámite de información pública emitirá certificación neste sentido.

2. Prestar, con carácter previo á licitación das obras de referencia por parte de Augas de Galicia, conformidade co proxecto redactado. Noutro caso, Augas de Galicia poderá deixar sen efecto os compromisos adquiridos neste convenio, sen máis trámites que a comunicación deste feito ás entidades locais.

No caso de que durante a execución das obras de referencia fora necesario modificar o proxecto, estes proxectos serán redactados, supervisados e aprobados por Augas de Galicia. O concello deberá remitir a Augas de Galicia a documentación que a entidade considere necesaria para a súa redacción, previo requirimento. Noutro caso, Augas de Galicia poderá deixar sen efecto os compromisos adquiridos neste convenio sen máis trámites que a comunicación ás entidades locais.

3. Financiar as actuacións nos termos estipulados na cláusula oitava.

4. A efectiva posta a disposición de Augas de Galicia, antes do inicio das obras, dos terreos necesarios para a execución das obras obxecto deste convenio, libres de cargas e gravames e co réxime urbanístico adecuado e a reposición de servizos e servidumes. Se os terreos non foran propiedade da entidade local, esta deberá tramitar o correspondente procedemento de expropiación forzosa. Neste suposto, con carácter previo ao inicio das



Cofinanciado pola
Unión Europea



Fondos Europeos



Concello de Cee



CONCELLO DE
CORCUBIÓN

obras e en relación con todos os bens afectados, o concello deberá remitir a Augas de Galicia unha certificación da persoa titular da secretaría do concello co visto e prace da persoa titular da alcaldía no que conste que a entidade local dispón dos terreos necesarios para a execución das obras libres de cargas e gravames e co réxime urbanístico adecuado e que os pon a disposición de Augas de Galicia.


5. Asumir a realización das xestións pertinentes, ante os organismos que correspondan, para a obtención dos permisos, licencias e autorizacións regulamentarias, correndo cos custos que se xeren, entre os que non haberá liquidación ningunha de tributo municipal a que puidera dar lugar a execución das obras, ao ser o concello o titular destas; asumindo tamén o pagamento de calquera taxa, canon ou imposto derivado da construción ou explotación das obras de referencia.

6. No caso de que o proxecto das obras de referencia requira o seu sometemento a trámites de avaliación ambiental, asumir a condición de órgano promotor e substantivo ante o órgano ambiental competente, realizándose de xeito simultáneo ao trámite de información pública. No caso de que a tramitación ambiental xa fose realizada, o concello asumirá as obrigas ambientais posteriores á entrega da obra.

7. Recibir as obras e, como titular delas, asumir a súa posta en servizo, explotación, mantemento e conservación durante un prazo mínimo de cinco anos desde o pagamento final ao beneficiario, o que será comunicado por Augas de Galicia ao concello, de acordo co artigo 65.1 do Regulamento (UE) 2021/1060 do Parlamento Europeo e do Consello, do 24 de xuño de 2021, polo que se establecen as disposicións comúns relativas ao Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional, ao Fondo Social Europeo Plus, ao Fondo de Cohesión, ao Fondo de Transición Xusta e ao Fondo Europeo Marítimo, de Pesca e de Acuicultura, así como as normas financeiras para os devanditos Fondos e para o Fondo de Asilo, Migración e Integración, o Fondo de Seguridade Interior e o Instrumento de Apoio Financeiro á Xestión de Fronteiras e a Política de Visados.

Todo isto sen prexuízo de que o concello poida solicitar a colaboración de Augas de Galicia para a xestión das infraestruturas de saneamento e depuración nos termos establecidos na Lei 1/ 2022, do 12 de xullo, de mellora da xestión do ciclo integral da auga.

8. Utilizar as instalacións executadas de acordo coa finalidade prevista.



9. No ámbito das súas facultades, colaborar coas outras partes no desempeño das súas obrigas e afrontar e intentar resolver, conforme aos principios de boa fe e lealdade, as dificultades ou problemas que poidan xurdir no desenvolvemento das actuacións, tendo como único criterio da súa xestión, o logro dos obxectivos que se pretenden alcanzar coa obra hidráulica obxecto deste convenio.

CUARTA. OBRIGAS XERAIS DO CONCELLO DE CORCUBIÓN

Para o cumprimento do obxecto deste convenio, o concello obrígase a:

1. Prestar, con carácter previo á licitación das obras de referencia por parte de Augas de Galicia, conformidade co proxecto redactado. Noutro caso, Augas de Galicia poderá deixar sen efecto os compromisos adquiridos neste convenio, sen máis trámites que a comunicación deste feito ás entidades locais.

No caso de que durante a execución das obras de referencia fora necesario modificar o proxecto, estes proxectos serán redactados, supervisados e aprobados por Augas de Galicia. O concello deberá remitir a Augas de Galicia a documentación que a entidade considere necesaria para a súa redacción, previo requirimento. Noutro caso, Augas de Galicia poderá deixar sen efecto os compromisos adquiridos neste convenio sen máis trámites que a comunicación ás entidades locais.

2. Financiar as actuacións nos termos estipulados na cláusula oitava.

3. Asumir a realización das xestións pertinentes, ante os organismos que correspondan, para a obtención dos permisos, licencias e autorizacións regulamentarias, correndo cos custos que se xeren, entre os que non haberá liquidación ningunha de tributo municipal a que puidera dar lugar a execución das obras, ao ser o concello o titular destas; asumindo tamén o pagamento de calquera taxa, canon ou imposto derivado da construción ou explotación das obras de referencia.

4. No ámbito das súas facultades, colaborar coas outras partes no desempeño das súas obrigas e afrontar e intentar resolver, conforme aos principios de boa fe e lealdade, as dificultades ou problemas que poidan xurdir no desenvolvemento das actuacións, tendo



Cofinanciado pola
Unión Europea



Fondos Europeos



Concello de Cee



CONCELLO DE
CORCUBIÓN

como único criterio da súa xestión, o logro dos obxectivos que se pretenden alcanzar coa obra hidráulica obxecto deste convenio.


QUINTA. OBRIGAS XERAIS DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA

Para o cumprimento do obxecto deste convenio, a Deputación Provincial da Coruña, no ámbito das súas competencias e facultades, obrígase a:

1. Financiar as actuacións nos termos estipulados na cláusula oitava.
2. Prestar, con carácter previo á licitación das obras de referencia por parte de Augas de Galicia, conformidade co proxecto redactado. Noutro caso, Augas de Galicia poderá deixar sen efecto os compromisos adquiridos neste convenio sen máis trámites que a comunicación ás entidades locais.
3. Autorizar, de ser o caso, dentro das competencias da Deputación Provincial, os permisos, as licencias e as autorizacións necesarias para a execución das actuacións, correndo cos custos que se xeren, entre os que non haberá liquidación ningunha de tributo a que puidera dar lugar a execución das obras.
4. No ámbito das súas facultades, colaborar coas outras partes no desempeño das súas obrigas e afrontar e intentar resolver, conforme aos principios de boa fe e lealdade, as dificultades ou problemas que poidan xurdir no desenvolvemento das actuacións, tendo como único criterio da súa xestión, o logro dos obxectivos que se pretenden alcanzar coa obra hidráulica obxecto deste convenio.

SEXTA. FINANCIACIÓN EUROPEA

A execución das obras de referencia será cofinanciada pola Unión Europea a través do Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional (FEDER) nun 60% do gasto elixible no marco do Programa Galicia FEDER 2021-2027. A actuación enmárcase dentro do Programa Operativo no Obxectivo Político 2 "Unha Europa máis verde, hipocarbónica e en transición cara a unha economía con cero emisións netas de carbono e resiliente, promovendo unha transición enerxética limpa e equitativa, o investimento verde e azul, a economía circular, a mitigación do cambio climático e a adaptación a el, a prevención e xestión de riscos e a



movilidade urbana sostible”; Prioridade 2A “Transición verde”; Obxectivo Específico RSO2.5. Promover o acceso a auga e unha xestión hídrica sostible; Liña de Actuación 2.5.03 “Inversións en materia de saneamento e depuración necesarias para o cumprimento das Directivas en materia de augas”, Ámbito de intervención TI0066 “Recollida e tratamento de augas residuais de acordo cos criterios de eficiencia enerxética”; Operación “Mellora dos sistemas de saneamento e depuración na ría de Cee - Corcubión”. Polo que, se deberán observar os criterios de elixibilidade, xestión, publicidade e control propios dos documentos de programación e da normativa comunitaria de aplicación ao FEDER.

Respectaranse, polo tanto, as normas de subvencionabilidade do gasto dos programas do citado fondo europeo, así como as obrigas en materia de información, visibilidade, transparencia e comunicación establecidas no documento “O uso do emblema europeo no contexto dos programas da UE 2021-2027” publicado pola Comisión Europea, na normativa comunitaria de aplicación e nas guías de comunicación elaboradas polo organismo intermedio, co obxectivo de recoñecer a axuda dos fondos comunitarios ao presente convenio.

No caso de que a Comisión Europea adoite decisións que impliquen correccións financeiras e/ou descertificacións de fondos europeos, consecuencia de causas imputables á entidade local, o concello obrígase a asumir os ditos importes económicos.

SÉTIMA. OBRIGAS DE CARÁCTER ECONÓMICO E RÉXIME DE FINANCIAMENTO

1. O investimento total das actuacións obxecto deste convenio ascende a trece millóns oitocentos setenta mil novecentos noventa e nove euros con setenta céntimos (13.870.999,70€), coa seguinte previsión inicial de anualidades de gasto:

Exercicio	Importe
2027	703.153,60
2028	4.218.921,57
2029	4.922.075,16
2030	4.026.849,37
Total	13.870.999,70

2. Os gastos que se xeren en execución deste convenio terán o seguinte financiamento:



Cofinanciado pola
Unión Europea



Fondos Europeos



Concello de Cee



CONCELLO DE
CORCUBIÓN

a) As entidades locais achegarán o 20% do custo total das actuacións obxecto deste convenio que ascende a dous millóns setecentos setenta e catro mil cento noventa e nove euros con noventa e tres céntimos (2.774.199,93 €), segundo o calendario de pagos previsto nos apartados 1, 2 e 3 da cláusula oitava.

b) Augas de Galicia achegará o 80% do custo total das actuacións obxecto deste convenio, que ascende a once millóns noventa e seis mil setecentos noventa e nove euros con setenta e sete céntimos (11.096.799,77 €), distribuído entre as modalidades 1510 (gasto non elixible), 1020/1520 e 4140 (gasto elixible), tal e como se indica nos apartados c) e d) seguintes.


c) O gasto non elixible será a suma dos gastos en concepto de imposto sobre o valor engadido (IVE), de taxa de dirección e inspección de obra e de taxa de dirección dos contratos de servizo en materia de augas e infraestruturas dos contratos e das actuacións de comunicación, e financiarase da seguinte forma:

Transferencias finalistas das EELL	2.774.199,93
FCA, canon de auga (1510)	18.495,96
Total do gasto non elixible	2.792.695,89

d) O gasto elixible supón un total de once millóns setenta e oito mil trescentos tres euros con oitenta e un céntimos (11.078.303,81 €). Deste gasto elixible o custo total subvencionable neto, tras aplicación da porcentaxe de ingresos netos do sector da auga, será de nove millóns catrocentos dezaseis mil cincocentos cincuenta e oito euros con vinte e catro céntimos (9.416.558,24 €). O elixible será financiado pola Unión Europea e pola Xunta de Galicia mediante transferencia de capital da consellería á que estea adscrita Augas de Galicia, do seguinte xeito:

- Pola Unión Europea a través do Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional (FEDER) no marco do Programa Galicia FEDER 2021-2027 nun 60% do custo total subvencionable neto.
- Pola Xunta de Galicia nun 40% do custo total subvencionable neto máis o resto do gasto elixible, de acordo co seguinte reparto:

EXERCICIO	MOD 1020/1520	MOD. 4140	CUSTO SUBVENCIONABLE NETO	ELIXIBLE
2027	275.176,79	286.408,49	477.347,49	561.585,28



2028	1.651.060,70	1.718.450,94	2.864.084,89	3.369.511,64
2029	1.926.237,48	2.004.859,42	3.341.432,37	3.931.096,90
2030	1.575.893,90	1.640.216,09	2.733.693,49	3.216.109,99
Total	5.428.368,87	5.649.934,94	9.416.558,24	11.078.303,81

• Na modalidade 1020/1520 recóllese o importe cofinanciado pola Xunta de Galicia do gasto elixible.

• Na modalidade 4140 recóllese o importe cofinanciado pola Unión Europea a través do Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional (FEDER).

3. En todo caso, as entidades locais asumirán, en proporción a súa achega, o 20% do gasto definitivo, non financiado pola Unión Europea, derivado da execución dos contratos tramitados para a correcta execución das actuacións conveniadas (obra, asistencia técnica á dirección de obra, seguridade e saúde e todos aqueles que a dirección de obra nomeada considere necesarios para a súa correcta execución).

Tamén se poderán financiar outras variacións económicas, á alza ou á baixa orixinadas por:

a) Modificacións do proxecto, previa tramitación do preceptivo procedemento que comprende autorización, redacción do proxecto modificado, supervisión técnica, aprobación do proxecto modificado por Augas de Galicia. b) Revisións de prezos, previa tramitación do correspondente procedemento por parte de Augas de Galicia.

c) Liquidacións dos contratos

d) Posibles indemnizacións aos contratistas derivadas do cumprimento da vixente normativa sobre contratos do sector público, sempre que non sexan imputables a Administración encargada da contratación e execución da obra.

Todas estas variacións a alza ou baixa enumeradas deberán ser comunicadas previamente as entidades locais asinantes do convenio para a súa aprobación se procede, e, no seu caso, aprobación do gasto.

En todo caso o gasto total derivado destas variacións non poderá exceder do 20% do importe das achegas de cada unha das entidades locais asinantes recollidas na cláusula 8 apartados 1, 2 e 3.



Cofinanciado pola
Unión Europea



Fondos Europeos



Concello de Cee



CONCELLO DE
CORCUBIÓN

4. Na contabilidade de Augas de Galicia deberán diferenciarse as distintas modalidades de gasto para poder realizar un adecuado seguimento contable das fontes de financiamento do convenio.

5. Unha vez adxudicados todos os contratos necesarios para cumprir co obxecto deste convenio, Augas de Galicia poderá liberar o saldo non comprometido para a execución dos ditos contratos.

6. Durante a execución do gasto, Augas de Galicia contabilizará o gasto na conta financeira 230 investimentos xestionados para outros entes públicos. Unha vez se entregue a infraestrutura ás entidades locais, a efectos da súa baixa no inventario de Augas de Galicia, trasladarase o gasto acumulado mediante asiento contable á conta financeira 6556 transferencias de capital a corporacións locais.

7. Augas de Galicia asume os compromisos económicos que se deriven da execución das obras segundo a previsión inicial de anualidades de gasto, sen prexuízo dos pagos que deben realizar as entidades locais consonte ao indicado na cláusula seguinte.

8. En función das súas dispoñibilidades, Augas de Galicia poderá substituír total ou parcialmente o financiamento da Xunta de Galicia por fondos propios da entidade.

OITAVA. COMPROMISO DE FINANCIAMENTO DAS ENTIDADES LOCAIS

1. O concello de Cee asume o compromiso económico de pagar 1.030.724,93 €, de acordo co seguinte calendario de pagos:

Exercicio	Importe
2027	171.787,49
2028	171.787,49
2029	171.787,49
2030	171.787,49
2031	171.787,49
2032	171.737,48
TOTAL	1.030.674,93



2. O concello de Corcubión asume o compromiso económico de pagar 343.575,00 €, de acordo co seguinte calendario de pagos:

Exercicio	Importe
2027	57.262,50
2028	57.262,50
2029	57.262,50
2030	57.262,50
2031	57.262,50
2032	57.212,50
TOTAL	343.525,00

3. A Deputación da Coruña asume o compromiso económico de pagar 1.400.000,00 €, de acordo co seguinte calendario de pagos:

Exercicio	Importe
2028	700.000,00
2029	700.000,00
TOTAL	1.400.000,00

4. Para o financiamento deste convenio, as entidades locais achegarán a Augas de Galicia a documentación contable que acredita a disposición de crédito adecuado e suficiente das anualidades futuras. Unha vez asinado o convenio, e como requisito previo á licitación do contrato de obra, as entidades locais achegarán a Augas de Galicia a documentación contable en fase de disposición de gasto (fase D), de anualidades futuras, que recolla a súa achega económica.

5. As entidades locais realizarán o pagamento das anualidades previstas nos cadros dos puntos 1, 2 e 3 no último trimestre de cada exercicio. No suposto de incumprimento dos compromisos financeiros asumidos polas entidades locais, os importes non satisfeitos consideraranse débedas vencidas, líquidas e exixibles para os efectos de compensación con cargo ao Fondo de Cooperación Local, de conformidade co establecido na disposición adicional décimo novena da Lei 9/2010, do 4 de novembro, de augas de Galicia.



Cofinanciado pola
Unión Europea



Fondos Europeos



Deputación
DA CORUÑA



Concello de Cee



CONCELLO DE
CORCUBIÓN

6. Augas de Galicia comprométese, ao final de cada exercicio, a remitir ás entidades locais a documentación xustificativa do gasto efectuado que incluírá as certificacións, os xustificantes de pagamento e o certificado do gasto non elixible executado.

NOVENA. TITULARIDADE E ENTREGA DAS OBRAS

O concello de Cee adquirirá a titularidade das obras obxecto deste convenio de colaboración e asumirá xunto co de Corcubión o seu mantemento e explotación nos termos que se pacten entre as partes, xa que a súa execución trae causa, en definitiva, do exercicio dunha competencia de carácter local e da súa vinculación á prestación dun servizo tamén de competencia local, sendo a actividade desenvolvida por Augas de Galicia de cooperación técnica e económica, de acordo co establecido neste convenio.

Augas de Galicia comunicará ás entidades locais o remate das obras e a súa recepción en conformidade e as porá á súa disposición para o efectivo cumprimento dos compromisos de explotación, conservación e mantemento asumidos neste convenio.

As entidades locais serán convocadas previamente ao acto de posta a disposición, que terá lugar seguidamente ao da recepción das obras por Augas de Galicia, e a entrega documentarase na acta que se emita a tal efecto asinada polos representantes das administracións.

No suposto de que as entidades locais non asistan ao acto de posta a disposición Augas de Galicia poderá cursar notificacións ás entidades locais nas que se deixe constancia do remate das obras e da súa recepción en conformidade, poñéndolas á súa disposición. A recepción desta notificación equivalerá á entrega das obras e os concellos de Cee e Corcubión resultarán responsables da súa explotación, conservación e mantemento a partir da dita data.

O anterior será de aplicación igualmente no caso de que se produzan recepcións parciais das obras.

Así mesmo, a xestión, explotación e mantemento das infraestruturas executadas para a prestación dos servizos de saneamento e depuración require que os concellos dispoñan non só de capacidade técnica senón tamén de capacidade económica para levalos a cabo. Neste



Cofinanciado pola
Unión Europea



Fondos Europeos



Concello de Cee



sentido a Lei 1/2022, do 12 de xullo, de mellora da xestión do ciclo integral da auga, contempla a posibilidade de que Augas de Galicia poida asumir a xestión das infraestruturas de saneamento e depuración que formen parte do ciclo integral da auga e prestar os servizos asociados á súa explotación, colaborando coas administracións públicas responsables dos servizos, previa solicitude das entidades locais e logo da tramitación do correspondente procedemento regulado no artigo 26 da Lei 1/2022, do 12 de xullo.

O alcance da xestión das infraestruturas, no que se refire aos aspectos técnicos, administrativos e financeiros articularase a través da subscrición de convenios de colaboración coas administracións públicas implicadas.

DÉCIMA. INEXISTENCIA DE RELACIÓN LABORAL

A subscrición deste convenio non implica relación laboral entre os profesionais que desenvolvan as actividades e a entidade pública empresarial Augas de Galicia, de tal xeito que non se lle poderá esixir responsabilidade ningunha como empregador, nin directa, nin subsidiaria, polos actos ou feitos ocorridos no desenvolvemento deste.

UNDÉCIMA. COMISIÓN DE SEGUIMIENTO

Constituirase, a iniciativa de calquera das partes, unha comisión formada por tres representantes de Augas de Galicia e un de cada unha das entidades locais para desenvolver as seguintes actuacións:

- a) Impulsar e avaliar o cumprimento deste convenio, propoñendo as actuacións que se consideren precisas.
- b) Interpretar, en caso de dúbida, o contido do convenio.
- c) Propoñer ás partes a resolución das posibles controversias que puideran xurdir na aplicación do convenio.

Actuará como presidente un dos representantes de Augas de Galicia, con voto de calidade.

Esta comisión reunirse as veces que se estimen oportunas para o cumprimento do convenio.



Cofinanciado pola
Unión Europea



Fondos Europeos



Deputación
DA CORUÑA



Concello de Cee



CONCELLO DE
CORCUBIÓN

Os membros desta comisión de seguimento poderán asistir ás reunións acompañados do persoal técnico que consideren oportuno. Ademais, cando se considere oportuno, a comisión de seguimento poderá requirir a asistencia técnica necesaria para a avaliación e análise das distintas cuestións sobre as que deban adoptarse acordos.

DUODÉCIMA. NATUREZA DO CONVENIO

Este convenio de colaboración ten natureza administrativa, rexendo na súa interpretación e desenvolvemento o ordenamento xurídico-administrativo.

Todo litixio, controversia ou reclamación resultantes deste convenio ou relativo a este, á súa interpretación ou execución, ao seu incumprimento, resolución ou nulidade, resolverase polos órganos da xurisdición contencioso-administrativa.

DÉCIMO TERCEIRA. VIXENCIA DO CONVENIO


O convenio terá efectos desde a data da súa sinatura e estenderá a súa vixencia ata o 31 de decembro de 2032. O convenio poderá ser prorrogado previo acordo expreso das partes adoptado con anterioridade a súa finalización de acordo co establecido no artigo 49 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público.

DÉCIMO CUARTA. MODIFICACIÓN DO CONVENIO

Calquera modificación no contido deste convenio, requirirá acordo entre Augas de Galicia e as entidades locais e tramitarase a través dunha addenda ao convenio.

Non obstante, non se considerará modificación deste convenio a redistribución das anualidades de crédito inicialmente previstas no apartado 1 da cláusula sétima, sempre que non se incremente o seu importe global nin afecte ao calendario de pagos que asumen asumen os concellos e deputación, previstos nos puntos 1, 2 e 3 da cláusula oitava. Neste suposto estarase ao disposto no punto 6 da cláusula oitava.

DÉCIMO QUINTA. EXTINCIÓN DO CONVENIO



Serán causas de extinción automática do convenio:

- a) o cumprimento do seu obxecto
- b) o transcurso do seu prazo de vixencia

Ese convenio tamén poderá extinguirse por incorrer nalgunha das seguintes causas de resolución:

- a) o mutuo acordo entre as partes asinantes
- b) a inviabilidade da realización das actuacións descritas neste convenio, por causas non imputables ás partes
- c) e a inviabilidade financeira da actuación como consecuencia de atrasos na licitación e/ou adxudicación das obras
- d) a necesidade de acadar os obxectivos de estabilidade orzamentaria e sustentabilidade financeira, de acordo coa Lei 14/2013, de 26 de decembro, de racionalización do sector público autonómico.

A resolución con causa nalgún dos supostos anteriores non levará asociada indemnización a ningunha das partes.

Ademais, será causa de extinción por resolución o incumprimento do contido do convenio ou das obrigas establecidas para cada unha das partes, sen prexuízo da esixibilidade dos danos e responsabilidades imputables ao causante, que, no seu caso, incluíra a indemnización que lle corresponda ao contratista como consecuencia da resolución do contrato ou demora no inicio ou execución das obras. Neste suposto, antes da resolución do convenio, a parte que considera que se está producindo un incumprimento deberá notificar á parte incumpridora un requirimento cun prazo máximo para que leve a cabo os compromisos que se consideran incumplidos e informará, achegando copia do citado requirimento, á comisión de seguimento do convenio. Unha vez transcorrido ese prazo, se persiste o incumprimento, a parte que dirixiu o requirimento notificará á outra parte a concorrencia da causa de resolución e entenderase resolto o convenio.

No suposto de que o convenio se extinga por causas imputables ás entidades locais, as instalacións executadas ata ese momento poñeranse á disposición do concello de Cee, considerándose para todos os efectos entregadas ao concello titular delas, con efectos liberatorios para Augas de Galicia.



Cofinanciado pola
Unión Europea



Fondos Europeos



Concello de Cee



CONCELLO DE
CORCUBIÓN

Así mesmo, será causa de extinción do convenio o suposto no que Augas de Galicia non poida licitar ou executar as obras e os seus modificados, de ser o caso, pola non concorrencia de todos os requisitos esixibles pola normativa. Neste caso Augas de Galicia poderá deixar sen efecto os compromisos adquiridos no convenio, sen máis trámites que a comunicación ao concello e sen prexuízo da imputación das responsabilidades que poida ter lugar.


Non obstante todo o anterior, se cando concorra calquera das causas de resolución do convenio existen actuacións en execución, as partes, a proposta da comisión de seguimento, poderán acordar a continuación e finalización das actuacións en curso que se consideren oportunas, establecendo un prazo improrrogable para a súa finalización. Neste caso, durante o transcurso deste prazo, as cuestións relativas á titularidade das obras e a cesión da posesión rexeranse polo disposto na cláusula novena deste convenio.

DÉCIMO SEXTA. RESPONSABILIDADE POR INCUMPRIMENTO DO DEREITO DA UNIÓN EUROPEA

De acordo co previsto no artigo 5.4 do Real decreto 515/2013, do 5 de xullo, polo que se regulan os criterios e o procedemento para determinar e repercutir as responsabilidades por incumprimento do Dereito da Unión Europea, o réxime de obrigas e responsabilidades por incumprimentos que contén este convenio considerase instrumento axeitado para a determinación das correspondentes responsabilidades.

DÉCIMO SÉTIMA. PROTECCIÓN DE DATOS DE CARÁCTER PERSOAL

As partes asinantes obríganse ao cumprimento do Regulamento (UE) 2016/679 do Parlamento Europeo e do Consello, do 27 de abril de 2016, relativo á protección das persoas físicas no que respecta ao tratamento de datos persoais e á libre circulación destes datos e polo que se derroga a Directiva 95/46/CE (Regulamento xeral de protección de datos), da Lei Orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais e demais normativa vixente de aplicación en cada momento en materia de protección de datos.



DÉCIMO OITAVA. PUBLICIDADE

A sinatura deste convenio suporá o consentimento expreso das partes asinantes para incluír e facer públicos os datos persoais que consten no convenio e mailo resto de especificacións contidas nel, de conformidade co artigo 15 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno e o Decreto 126/2006, do 20 de xullo, polo que se regula o rexistro de convenios da Xunta de Galicia.

Os beneficiarios dos fondos FEDER deberán cumprir coas esixencias de información e publicidade reguladas no Anexo IX e nos artigos 47 e 50 do Regulamento (UE) 2021/1060 do Parlamento Europeo e do Consello, do 24 de xuño de 2021, polo que se establecen as disposicións comúns relativas ao Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional, ao Fondo Social Europeo Plus, ao Fondo de Cohesión, ao Fondo de Transición Xusta e ao Fondo Europeo Marítimo, de Pesca e de Acuicultura, así como as normas financeiras para os devanditos Fondos e para o Fondo de Asilo, Migración e Integración, o Fondo de Seguridade Interior e o Instrumento de Apoio Financeiro á Xestión de Fronteiras e a Política de Visados.

DÉCIMO NOVENA. PRINCIPIO DE NON CAUSAR DANO SIGNIFICATIVO

De acordo co disposto no artigo 9.4 do Regulamento (UE) 2021/1060 do Parlamento Europeo e do Consello, de 24 de xuño de 2021 polo que se establecen as disposicións comúns relativas ao Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional, ao Fondo Social Europeo Plus, ao Fondo de Cohesión, ao Fondo de Transición Xusta e ao Fondo Europeo Marítimo, de Pesca e de Acuicultura, así como as normas financeiras para os ditos Fondos e para o Fondo de Asilo, Migración e Integración, o Fondo de Seguridade Interior e o Instrumento de Apoio Financeiro á Xestión de Fronteiras e a Política de Visados, as actuacións que se leven a cabo respectarán o principio de «non causar un prexuízo significativo ao medio ambiente» (principio "do no significant harm" - DNSH). En atención ao considerando 10 do citado Regulamento o principio de non causar un prexuízo significativo ao medio ambiente debe interpretarse no sentido do artigo 17 do Regulamento (UE) 2020/852, relativo ao establecemento dun marco para facilitar os investimentos sostibles.



Cofinanciado pola
Unión Europea



Fondos Europeos



Concello de Cee



Por tanto, todas as actuacións obxecto deste convenio deben cumprir o principio de non causar un prexuízo significativo aos seguintes obxectivos ambientais recollidos no artigo 17 do Regulamento (UE) 2020/852, relativo ao establecemento dun marco para facilitar os investimentos sostíbeis:

1. Mitigación do cambio climático
2. Adaptación ao cambio climático
3. Uso sostíbel e protección dos recursos hídricos e mariños
4. Transición cara a unha economía circular
5. Prevención e control da contaminación
6. Protección e recuperación da biodiversidade e os ecosistemas

A liña de actuación na que se inclúe o presente convenio avalíase como compatible co principio de non causar un prexuízo significativo ao medio ambiente no marco do Programa Galicia FEDER 2021-2027.

VIXÉSIMA. MEDIDAS ANTIFRAUDE

1. É de aplicación a este convenio o Plan específico de prevención de riscos de xestión e medidas antifraude da entidade pública empresarial Augas de Galicia, que pode consultarse na seguinte ligazón:

<https://transparencia.xunta.gal/integridade-institucional/plans-antifraude>

2. Augas de Galicia empregará como canle de denuncias o sistema posto en funcionamento, a disposición da cidadanía, a partir do 1 de xaneiro de 2022, no Sistema Integrado de Atención á Cidadanía (SIACI) (https://www.xunta.gal/sistema-integrado-de-atencion-a-cidadania?langId=gl_ES), onde os cidadáns poden denunciar calquera irregularidades ou condutas de fraude. A presentación de denuncias nesta canle, que precisará da identificación electrónica da persoa denunciante para evitar suplantacións ou denuncias automatizadas, será tratada pola administración autonómica garantindo o anonimato da persoa denunciante, de xeito que os órganos que deban investigar a denuncia non coñezan a identidade do denunciante.



Cofinanciado pola
Unión Europea



Fondos Europeos



Deputación
DA CORUÑA



Concello de Cee



CONCELLO DE
CORCUBIÓN

Así mesmo, calquera persoa que teña coñecemento de feitos que puidesen ser constitutivos de fraude ou irregularidade en relación con proxectos ou operacións financiados total ou parcialmente con cargo a fondos procedentes da Unión Europea no marco do presente convenio de colaboración poderá poñer os devanditos feitos en coñecemento do Servizo Nacional de Coordinación Antifraude da Intervención Xeral da Administración do Estado, por medios electrónicos a través da canle habilitada para o efecto polo devandito Servizo na dirección web <https://www.igae.pap.hacienda.gob.es/sitios/igae/es-ES/Paginas/denan.aspx>

A canle, ademais da cidadanía, poderá ser utilizada polos empregados públicos para presentar medidas de mellora dos procedementos ou das accións antifraude. Tamén na canle poderanse denunciar incidencias que sexan realizadas por empresas ou por beneficiarios de subvencións.

No punto de acceso electrónico á canle de denuncias, situado en SIACI, figurará unha declaración da Xunta na que constará expresamente que, con independencia da necesaria identificación electrónica para a presentación da denuncia, os datos serán tratados anonimadamente mediante tecnoloxías de información para garantir a indemnidade da persoa denunciante e evitar calquera tipo de eventual represalia sobre ela, en termos semellantes aos establecidos na directiva europea.

A xestión da canle de denuncias corresponderá á Dirección Xeral de Simplificación Administrativa e do Patrimonio.

3. A investigación e tratamento das denuncias presentadas axustarase ao disposto nos puntos 2.3.2 e 2.3.3 do Plan Xeral de Prevención de Riscos de Xestión e Medidas Antifraude da Xunta de Galicia.

Será de obrigado cumprimento a Declaración de Ausencia de Conflito de Intereses (DACI). Esta obriga débese aplicar nas diferentes fases do convenio a todas as persoas que interveñen no mesmo.

E para que así conste, en proba de conformidade coas cláusulas deste convenio, as partes asinan electronicamente este documento



17.- Aprobación do proxecto modificado do investimento denominado "Mellora do firme en Sardiñeiro", do Concello de Fistera incluído Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) POS+2024 co código 2024.2000.0163.0

VOTACIÓN

Votan a favor: 31 deputados/as (14 do PP, 10 do PSOE, 6 do BNG e 1 de Alternativa dos Veciños).
Votan en contra: ningún/ha deputado/a
Abstéñense: ningún/ha deputado/a

ACORDO

O Pleno, por unanimidade, acorda:

“Logo de ver o acordo que adoptou o Pleno desta deputación na sesión ordinaria do 31 de maio do 2024, que aprobou o Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) POS+2024 e o seu Plan Complementario no que se inclúe este investimento do Concello de Fistera.

Tendo en conta que no apartado 2 do citado acordo plenario se indica que algúns dos investimentos que se detallan nos anexo IV e V teñen condicións singulares suspensivas, e quedará condicionada a súa aprobación definitiva ao cumprimento das condicións sinaladas, entre as que se encontra o seguinte investimento do Concello de Fistera; e que mediante Resolución de Presidencia número 41944 do 15 de outubro de 2024 foron levantadas estas condicións aprobándose definitivamente este investimento:

CONCELLO	CÓDIGO	DENOMINACIÓN	ACHEGA DEPUTACIÓN	ACHEGA MUNICIPAL	TOTAL	CONDICIÓN CUMPRIDAS
Fistera	2024.2000.0163.0	Mellora do firme en Sardiñeiro	58.719,90	19.407,61	78.127,51	-Autorización Demarcación Costas do Estado en Galicia -Autorización Servizo Urbanismo-Costas- Xunta -Autorización Axencia Galega Infraestruturas (AXI) -Autorización Patrimonio Cultural

Logo de achegar o Concello de Fistera un proxecto técnico modificado deste investimento asinado dixitalmente o 5 de febreiro de 2026 polo técnico Juan Alfonso Botana Castelo, que xa redactara o proxecto inicialmente presentado, cun orzamento de contrata de 107.181,81 €, que supón un incremento de 29.054,30 € con respecto ao proxecto inicialmente presentado, redactado para modificar o tipo de acabado final do formigón previsto no proxecto, asumindo o concello o financiamento do incremento experimentado, segundo figura nos documentos contables RC presentados polo concello por importes de 48.461,91 € e 58.719,90 €, o que fai un total de 107.181,81 € que



coincide co orzamento deste proxecto modificado.

Logo de ver que consta no expediente un informe de supervisión favorable emitido o 17 de abril de 2026 polo Servizo de Asistencia Técnica a Municipios desta deputación con respecto deste proxecto modificado.

FUNDAMENTOS DE DEREITO

Bases reguladoras do Plan, aprobadas mediante acordo plenario provincial adoptado na sesión realizada o 24 de novembro do 2023 e publicadas no Boletín Oficial da Provincia (BOP) número 227, do 28 de novembro de 2023, que tiveron unha primeira modificación aprobada mediante acordo plenario do día 22 de decembro de 2023 e publicadas no Boletín Oficial da Provincia (BOP) número 20245, do 27 de decembro de 2023 para rectificar a base 12.4 do POS+Adicional 1/2024 para gastos sociais extraordinarios; e unha segunda modificación, aprobada mediante acordo plenario do día 31 de maio de 2024 e publicadas no Boletín Oficial da Provincia (BOP) número 108, do 5 de xuño de 2024, para engadir as bases 13 e 14 para regular o POS+Adicional 2/2024 e 3/2024.

De acordo coa normativa vixente, o Pleno da Deputación Provincial da Coruña **ACORDA:**

1.- Aprobar o proxecto modificado do investimento denominado “Mellora do firme en Sardiñeiro”, do Concello de Fisterra, incluído no Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) POS+2024, co código 2024.2000.0163.0, que aínda non está adxudicado. Este proxecto foi redactado para modificar o tipo de acabado final do formigón previsto no proxecto; e conta coa aprobación do órgano competente do concello e máis co informe de supervisión favorable emitido o 17 de abril de 2026 polo dito Servizo de Asistencia Técnica, e aínda que non supón unha variación nin do seu obxecto nin da súa finalidade, supón un incremento do orzamento total de contrata respecto do proxecto inicial que é asumido integramente polo Concello de Fisterra tal e como se indica na seguinte táboa:

Concello de Fisterra Mellora do firme en Sardiñeiro 2024.2000.0163.0	PROXECTO INICIAL	PROXECTO MODIFICADO	DIFERENZA
Deputación	58.719,90	58.719,90	0,00
Concello	19.407,61	48.461,91	29.054,30
Total	78.127,51	107.181,81	29.054,30

2.- A achega provincial a este investimento financiarase con cargo á partida 2026 / 0430 - 4592 - 76201 do vixente orzamento provincial.

3.- Notificarlle este acordo ao Concello de Fisterra para os efectos de que poida iniciar a contratación e execución deste investimento.”

18.- Aprobación do proxecto modificado do investimento denominado



"Saneamento en Aguieira Norte. Parroquia de Nebra", do Concello do Porto do Son incluído na segunda e derradeira fase do Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) POS+Adicional 2/2024 co código 2024.2102.0591.0, levantamento das condicións ás que quedou sometido e aprobación definitiva deste investimento

VOTACIÓN

Votan a favor: 31 deputados/as (14 do PP, 10 do PSOE, 6 do BNG e 1 de Alternativa dos Veciños).
Votan en contra: ningún/ha deputado/a
Abstéñense: ningún/ha deputado/a

ACORDO

O Pleno, por unanimidade, acorda:

“Logo de ver o expediente relativo á aprobación do proxecto modificado do investimento denominado “Saneamento en Aguieira Norte. Parroquia de Nebra”, do Concello do Porto do Son, incluído no Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) POS+ Adicional 2/2024 co código 2024.2102.0591.0 no que se acreditan os seguintes

ANTECEDENTES

Logo de ver o acordo que adoptou o Pleno desta deputación na sesión ordinaria do 31 de maio do 2024, que aprobou o Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) POS+2024 e o seu Plan Complementario no que se inclúe, entre outros, este investimento do Concello do Porto do Son cos seguintes datos:

CONCELLO	CÓDIGO	DENOMINACIÓN	ACHEGA DEPUTACIÓN	ACHEGA MUNICIPAL	TOTAL	CONDICIÓN PENDINGES
O Porto do Son	2024.2102.0591.0	Saneamento en Aguieira Norte. Parroquia de Nebra	227,915,64	0,00	227,915,64	-Autorización Servizo Urbanismo-CostasXunta -Autorización Axencia Galega Infraestruturas (AXI) -Autorización Augas de Galicia - Vertidos -Acreditación da dispoñibilidade dos terreos -Supervisión favorable do proxecto corrixido e aprobación polo concello

Logo de presentar o Concello do Porto do Son un proxecto modificado asinado dixitalmente o 20 de novembro de 2025, polo enxeñeiro de camiños, canles e portos, Vicente Lourido Vázquez, que xa redactara o proxecto inicial, cun orzamento de contrata de 227.915,64 €, idéntico ao do primeiro proxecto e que foi redactado para cambiar a



ubicación da estación de bombeo prevista no proxecto inicial á vista do requirimento feito ao concello polo Servizo do Litoral da Consellería de Medio Ambiente e Cambio Climático en data 7 de novembro de 2025, (Organismo que asumiu as funcións que no momento de aprobación do proxecto inicial correspondíanlle ao Servizo Provincial de Urbanismo da Xunta de Galicia) en base ao informe vinculante da Demarcación de Costas do Estado en Galicia, que en data 12 de novembro de 2024 informou desfavorablemente as actuacións solicitadas no proxecto inicial esixindo un cambio no emprazamento da estación de bombeo co fin de situala fora dos primeiros vinte metros da zona de servidume de protección do dominio público marítimo-terrestre.

Logo de ver as resolucións de autorizacións da Axencia Galega de Infraestruturas (AXI), do Servizo do Litoral da Consellería de Medio Ambiente e Cambio Climático, así coma a comunicación do Xefe de Área de Calidade das Augas (Augas de Galicia- Vertidos) no que informa que os vertidos accidentais (como é o caso do eventual alivio do novo pozo de bombeo proxectado), non son susceptibles de autorización por parte desa entidade, polo que se procede ao arquivo da solicitude, xunto co informe do arquitecto técnico municipal de adecuación deste proxecto modificado ás condicións esixidas nas anteditas autorizacións.

Logo de ver o informe xurídico, asinado dixitalmente o 14 de abril de 2026 pola secretaria do concello, no que conclúe que, en base ao exposto no informe técnico e ao contido do proxecto, poderíase concluír a dispoñibilidade dos terreos necesarios para a execución do investimento.

Tendo en conta que consta no expediente un informe de supervisión favorable emitido o 14 de abril de 2026 polo Servizo de Asistencia Técnica a Municipios desta deputación con respecto deste proxecto modificado.

FUNDAMENTOS DE DEREITO

Bases reguladoras do POS+2024, aprobadas mediante acordo plenario provincial adoptado na sesión realizada o día 24 de novembro de 2023 e publicadas no Boletín Oficial da Provincia (BOP) número 227, do 28 de novembro de 2023, que tiveron unha primeira modificación aprobada mediante acordo plenario do día 22 de decembro de 2023 e publicadas no Boletín Oficial da Provincia (BOP) número 245, do 27 de decembro de 2023 para rectificar a base 12.4 do POS+Adicional 1/2024 para gastos sociais extraordinarios; e unha segunda modificación, aprobada mediante acordo plenario do día 31 de maio de 2024 e publicadas no Boletín Oficial da Provincia (BOP) número 108, do 5 de xuño de 2024, para engadir as bases 13 e 14 para regular o POS+Adicional 2/2024 e 3/2024.

De acordo coa normativa vixente, o Pleno da Deputación Provincial da Coruña
ACORDA:

1.- Aprobar o proxecto modificado do investimento denominado Saneamento en Aguieira Norte. Parroquia de Nebra ", do Concello do Porto do Son, incluído na segunda e derradeira fase do Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) POS+Adicional 2/2024 co código 2024.2102.0591.0, e que está sen adxudicar ao estar condicionado ao cumprimento das condicións suspensivas, que se aprobou polo concello previos os correspondentes informes técnicos e xurídicos favorables, que non supón unha variación do seu orzamento, nin do seu obxecto, nin da súa finalidade, pero que implica unha serie de correccións en cuestións

**RPT-6654235



técnicas e unha cambio do emprazamento da estación de bombeo respecto ao proxecto inicialmente aprobado.

CONCELLO	CÓDIGO	DENOMINACIÓN	ACHEGA DEPUTACIÓN	ACHEGA MUNICIPAL	TOTAL	CONDICIÓNS CUMPRIDAS
O Porto do Son	2024.2102.0591.0	Saneamento en Agueira Norte. Parroquia de Nebra	227,915,64	0,00	227,915,64	-Autorización Servizo Urbanismo- CostasXunta -Autorización Axencia Galega Infraestruturas (AXI) -Autorización Augas de Galicia - Vertidos -Acreditación da dispoñibilidade dos terreos -Supervisión favorable do proxecto corrixido e aprobación polo concello

2.- Coa aprobación deste proxecto modificado por parte do concello, a obtención das autorizacións da Axencia Galega de Infraestruturas, do Servizo do Litoral da Consellería de Medio Ambiente e Cambio Climático, a acreditación da dispoñibilidade de terreos, a comunicación de non requirirse a autorización de Augas de Galicia (vertidos), e a supervisión favorable do Servizo de Asistencia Técnica a Municipios considerar cumpridas as condicións ás que fora sometido e, en consecuencia, aprobalo definitivamente dentro do Plan.

3.- A achega provincial a este investimento farase efectiva con cargo á aplicación orzamentaria 0430/1606/76201 do vixente orzamento provincial.

4.- Notificarlle este acordo ao Concello do Porto do Son para os efectos oportunos.”

19.- Aprobación do proxecto modificado do investimento denominado "Mellora de camiños rurais nos núcleos de Remesquide, A Goleta, Tribás, Cillobre, Grixó, A Muiña, Obra, Turces e Quintás ", do Concello de Touro incluído na segunda fase do Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) POS+Adicional 2/2025 co código 2025.2102.0726.0, levantamento das condicións ás que quedou sometido e aprobación definitiva deste investimento

VOTACIÓN

Votan a favor: 31 deputados/as (14 do PP, 10 do PSOE, 6 do BNG e 1 de Alternativa dos Veciños).

Votan en contra: ningún/ha deputado/a

Abstéñense: ningún/ha deputado/a

ACORDO

O Pleno, por unanimidade, acorda:



“Logo de ver o expediente relativo á aprobación do proxecto modificado do investimento denominado “Mellora de camiños rurais nos núcleos de Remesquide, A Goleta, Tribás, Cillobre, Grixó, A Muiña, Obra, Turces e Quintás”, do Concello de Touro, incluído na segunda fase do Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) POS+Adicional 2/2025 co código 2025.2102.0726.0, no que se acreditan os seguintes:

ANTECEDENTES

Logo de ver que o Pleno desta deputación, na sesión ordinaria realizada o 22 de decembro de 2025, aprobou a segunda fase do Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) POS+Adicional 2/2025, elaborada no marco das súas Bases reguladoras, aprobadas polo Pleno desta deputación na sesión realizada o 29 de novembro de 2024, en relación co acordo plenario do 31 de xaneiro do 2025, e publicadas no Boletín Oficial da Provincia (BOP) número 233 do 3 de decembro de 2024, que tiveron unha modificación aprobada mediante acordo plenario do 3 de outubro de 2025, en relación coa Resolución de Presidencia número 51389 de 3 de novembro de 2025, coa finalidade de engadir a base 15 para regular o POS+Adicional 4/2025, cuxo texto íntegro foi publicado no Boletín Oficial da Provincia (BOP) número 192 do 8 de outubro de 2025.

Tendo en conta que a aprobación definitiva dos investimentos dalgúns concellos quedaba condicionada á realización das condicións suspensivas que se detallan para cada un deles, entre os que figura este investimento do Concello de Touro cos seguintes datos:

CONCELLO	CÓDIGO	DENOMINACIÓN	ACHEGA DEPUTACIÓN	ACHEGA MUNICIPAL	TOTAL	CONDICIÓNS PENDENTES
Touro	2025.2102.0726.0	Mellora de camiños rurais nos núcleos de Remesquide, A Goleta, Tribás, Cillobre, Grixó, A Muiña, Obra, Turces e Quintás	227.260,09	0,00	227.260,09	- Supervisión favorable do proxecto corrixido e aprobación polo concello - Autorización Patrimonio Cultural -Xunta (1) - Autorización Axencia Galega Infraestruturas (AXI) (1)

Logo de aprobar o Concello de Touro un proxecto modificado deste investimento, asinado dixitalmente o 28 de abril de 2026 polo enxeñeiro de camiños, canles e portos Gustavo Vázquez Herrero, que xa redactara o proxecto inicial, cun orzamento de contrata de 226.968,87€, o que supón unha diminución con respecto ao proxecto inicial de 291,22 €, xa que o primeiro proxecto presentado ascendía a 227.260,09 €, e que foi redactado para corrixir os erros sinalados polo Servizo de Asistencia Técnica a Municipios (ATM) no seu informe asinado dixitalmente o 26 de setembro de 2025.

Logo de presentar o concello as autorizacións da Dirección Xeral de Patrimonio Cultural e da Axencia Galega Infraestruturas (AXI) xunto co informe técnico de cumprimento de condicións correspondente.

Logo de ver que consta no expediente o informe de supervisión favorable emitido o 29 de abril de 2026 polo Servizo de Asistencia Técnica a Municipios desta deputación respecto deste proxecto modificado

FUNDAMENTOS DE DEREITO



Bases reguladoras do Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) POS+2025 aprobadas polo Pleno desta deputación na sesión realizada o 29 de novembro de 2024 en relación co acordo plenario do 31 de xaneiro do 2025 e publicadas no Boletín Oficial da Provincia (BOP) número 233 do 3 de decembro de 2024, que tiveron unha modificación aprobada mediante acordo plenario do 3 de outubro de 2025, en relación coa Resolución de Presidencia número 51389 de 3 de novembro de 2025, coa finalidade de engadir a base 15 para regular o POS+Adicional 4/2025, cuxo texto íntegro foi publicado no Boletín Oficial da Provincia (BOP) número 192 do 8 de outubro de 2025.

De acordo coa normativa vixente, o Pleno da Deputación Provincial da Coruña **ACORDA:**

1.- Aprobar o proxecto modificado do investimento denominado “Mellora de camiños rurais nos núcleos de Remesquide, A Goleta, Tribás, Cillobre, Grixó, A Muiña, Obra, Turces e Quintás”, do Concello de Touro, incluído na segunda fase do Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) POS+Adicional 2/2025, co código 2025.2102.0726.0, que foi redactado para corrixir os erros sinalados polo Servizo de Asistencia Técnica a Municipios (ATM) no seu informe asinado dixitalmente o 26 de setembro de 2025, cun orzamento de contrata de 226.968,87 €, aprobado polo órgano competente do concello, que conta co informe de supervisión favorable de data 29 de abril de 2026 do Servizo de Asistencia Técnica a Municipios desta deputación e cos correspondentes informes técnicos e xurídicos favorables. Este proxecto modificado implica unha diminución do orzamento total de contrata respecto do proxecto inicial de 291,22 € tal e como se indica na seguinte táboa:

Proxecto modificado Concello de Touro “Mellora de camiños rurais nos núcleos de Remesquide, A Goleta, Tribás, Cillobre, Grixó, A Muiña, Obra, Turces e Quintás ” Código 2025.2102.0726.0	PROXECTO INICIAL	PROXECTO MODIFICADO	DIFERENZA
Deputación	227.260,09	226.968,87	-291,22
Concello	0,00	0,00	0,00
Total	227.260,09	226.968,87	-291,22

2.- Coa aprobación deste proxecto modificado e coa presentación das autorizacións da Dirección Xeral de Patrimonio Cultural e da Axencia Galega Infraestruturas (AXI) xunto co informe técnico de cumprimento das súas condicións, considerar cumpridas as condicións ás que foi sometido, toda vez que o concello presentou a documentación xustificativa do seu cumprimento, sendo os datos os seguintes:

CONCELLO	CÓDIGO	DENOMINACIÓN	ACHEGA DEPUTACIÓN	ACHEGA MUNICIPAL	TOTAL	CONDICIÓN CUMPRIDAS
Touro	2025.2102.0726.0	Mellora de camiños rurais nos núcleos de Remesquide, A Goleta, Tribás, Cillobre, Grixó, A Muiña, Obra, Turces e Quintás	226.968,87	0,00	226.968,87	- Supervisión favorable do proxecto corrixido e aprobación polo concello - Autorización Patrimonio Cultural -Xunta (1) - Autorización Axencia Galega Infraestruturas (AXI) (1)



3.- A achega provincial a este investimento financiarase con cargo ao crédito consignado na aplicación orzamentaria 2026 / 0430 - 4547 - 76201 do vixente orzamento provincial.

4.- Notificarlle este acordo ao Concello de Touro para os efectos oportunos.”

20.- Aprobación da aceptación da solicitude efectuada polo Concello de Ponteceso para a encomenda de xestión da selección de arquitectos/as e arquitectos/as técnicos/as interinos/as.

VOTACIÓN

Votan a favor: 31 deputados/as (14 do PP, 10 do PSOE, 6 do BNG e 1 de Alternativa dos Veciños).

Votan en contra: ningún/ha deputado/a

Abstéñense: ningún/ha deputado/a

ACORDO

O Pleno, por unanimidade dos trinta e un membros presentes, que representan a maioría absoluta da Corporación, acorda:

“No expediente relativo á aceptación da solicitude efectuada polo Concello de Ponteceso para a encomenda da xestión material da selección do seu persoal funcionario interino para postos de arquitecto/a e arquitecto/a técnico/a a esta Deputación consta que:

1. O Pleno da Deputación da Coruña, na sesión ordinaria celebrada o 3 de outubro de 2025 adoptou o acordo de aprobación dun convenio tipo para a encomenda de xestión da selección de arquitectos/as e arquitectos/as técnicos interinos/as para concellos de menos de 20.000 habitantes na provincia da Coruña.

2. O Pleno do Concello de Ponteceso, en sesión ordinaria de data 15 de decembro de 2025 acadou por maioría absoluta o acordo de aprobar a adhesión ao dito convenio tipo.

3. Segundo o indicado nos artigos 33.2 e 47. 2 da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, corresponde ao Pleno, co voto favorable da maioría absoluta do número legal do seus membros, a aprobación da adopción de acordos na "transferencia de funcións ou actividades a outras Administracións públicas, así como a aceptación das delegacións ou encomendas de xestión realizadas por outras administracións, salvo que por lei se impoñan obrigatoriamente".

4. O futuro convenio de encomenda de xestión axustarase ao modelo tipo informado previamente, polo que, segundo as determinacións do artigo 50 da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público, non é necesario solicitar novos informes.

5. A encomenda de xestión entrará en vigor unha vez asinado o correspondente convenio e o seu exercicio levárase a cabo nos termos deste.

6. Segundo o artigo 11 da citada Lei 40/2015, cómpre a publicación no Boletín Oficial da Provincia do acordo de aceptación da encomenda da xestión para xeral coñecemento e, no seu caso, para que as persoas interesadas poidan presentar recurso potestativo de reposición ou ben directamente recurso contencioso administrativo ante os xulgados do



contencioso-administrativo da Coruña.

Conforme ao anteriormente exposto, o Pleno da Deputación provincial da Coruña

ACORDA

1.-Aprobar a aceptación da solicitude efectuada polo Concello de Ponteceso mediante acordo plenario de data 15 de decembro de 2025 para encomendar a xestión material da selección do seu persoal funcionario interino para postos de arquitecto/a e arquitecto/a técnico/a a esta Deputación

2.-Aprobar a formalización da dita encomenda de xestión mediante a sinatura do correspondente convenio, segundo o modelo aprobado polo Pleno da Deputación Provincial da Coruña, aprobado en sesión do día 3 de outubro de 2025.

3.-Publicar no Boletín Oficial da Provincia o acordo de aceptación desta encomenda de xestión para xeral coñecemento e, no seu caso, para que as persoas interesadas poidan presentar recurso potestativo de reposición ou ben directamente recurso contencioso administrativo ante a Sección do Contencioso-Administrativo do Tribunal de Instancia que corresponda.”

21.- Aprobación do proxecto modificado do investimento denominado "Abastecemento Area Recreativa O Castro", do Concello de Cerdido incluído no Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) POS+2024 co código 2024.2000.0144.0, levantamento das condicións ás que quedou sometido e aprobación definitiva deste investimento

VOTACIÓN

Votan a favor: 31 deputados/as (14 do PP, 10 do PSOE, 6 do BNG e 1 de Alternativa dos Veciños).

Votan en contra: ningún/ha deputado/a

Abstéñense: ningún/ha deputado/a

ACORDO

O Pleno, por unanimidade, acorda:

“Logo de ver o expediente relativo á aprobación do proxecto modificado do investimento denominado “Abastecemento Area Recreativa O Castro”, do Concello de Cerdido, incluído no Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) POS+2024 co código 2024.2000.0144.0, no que se acreditan os seguintes:

ANTECEDENTES

Logo de ver o acordo que adoptou o Pleno desta deputación na sesión ordinaria do 31 de maio do 2024, que aprobou o Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) POS+ 2024 e o seu Plan Complementario no que se inclúe o investimento que se indica.



Tendo en conta que entre os investimentos incluídos nesta fase do Plan atópase a seguinte obra do Concello de Cerdido cos datos que se indican na seguinte táboa:

CONCELLO	CÓDIGO	DENOMINACIÓN	ACHEGA DEPUTACIÓN	ACHEGA MUNICIPAL	IVE Deducible	TOTAL	CONDICIÓN PENDENTES
Cerdido	2024.2000.0144.0	Abastecemento Area Recreativa O Castro	23.641,97	7.970,51	3.976,23	35.588,71	Autorización Patrimonio Cultural-Xunta

Logo de aprobar o Concello de Cerdido un proxecto modificado deste investimento asinado dixitalmente o 31 de marzo de 2026 polo enxeñeiro de camiños, canais e portos Pablo Blanco Ferreiro, que xa redactara o proxecto inicial, cun orzamento de contrata de 35.588,71 €, idéntico ao do proxecto inicialmente aprobado, redactado para dar cumprimento aos condicionantes contidos na autorización da Dirección Xeral do Patrimonio Cultural, que implican un cambio de trazado

Logo de ver que este proxecto modificado implica internamente cambios nas unidades de obra correspondentes ao abastecemento de auga o que fai que diminúa en 189,63 € o importe do IVE deducible pasando de 3.976,23 € a 3.786,60 €, polo que a achega do concello con cargo aos seus propios recursos incrementase nesa mesma contía, pasando de 7.970,51 € a 8.160,14 €, permanecendo así invariable a achega da deputación; e que o concello achega documento contable RC por importe de 11.946,74 € correspondente á suma de ambos conceptos

Logo de ver que consta no expediente o informe de supervisión favorable emitido o 22 de abril de 2026 polo Servizo de Asistencia Técnica a Municipios desta deputación respecto deste proxecto modificado

Logo de presentar o concello a autorización da Dirección Xeral de Patrimonio Cultural así como os informes técnicos xustificativos do cumprimento das condicións contidas na autorización

FUNDAMENTOS DE DEREITO

Bases reguladoras do POS+2024, aprobadas mediante acordo plenario provincial adoptado na sesión realizada o día 24 de novembro de 2023 e publicadas no Boletín Oficial da Provincia (BOP) número 227, do 28 de novembro de 2023, que tiveron unha primeira modificación aprobada mediante acordo plenario do día 22 de decembro de 2023 e publicadas no Boletín Oficial da Provincia (BOP) número 245, do 27 de decembro de 2023 para rectificar a base 12.4 do POS+Adicional 1/2024 para gastos sociais extraordinarios; e unha segunda modificación, aprobada mediante acordo plenario do día 31 de maio de 2024 e publicadas no Boletín Oficial da Provincia (BOP) número 108, do 5 de xuño de 2024, para engadir as bases 13 e 14 para regular o POS+Adicional 2/2024 e 3/2024.

De acordo coa normativa vixente, o Pleno da Deputación Provincial da Coruña **ACORDA:**

1.- Aprobar o proxecto modificado do investimento denominado “Abastecemento Area Recreativa O Castro”, do Concello de Cerdido, incluído no Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) POS+2024, co código 2024.2000.0144.0, cun orzamento de contrata de 35.588,71 €, que foi aprobado polo órgano competente do concello e que conta co informe de supervisión favorable emitido o 22 de abril de 2026 polo Servizo de Asistencia Técnica a Municipios desta



deputación, sen variación do orzamento, redactado para dar cumprimento aos condicionantes contidos na autorización da Dirección Xeral do Patrimonio Cultural. Este proxecto modificado implica internamente cambios nas unidades de obra correspondentes ao abastecemento de auga o que fai que diminúa en 189,63 € o importe do IVE deducible pasando de 3.976,23 € a 3.786,60 €, polo que a achega do concello con cargo aos seus propios recursos incrementase nesa mesma contía, pasando de 7.970,51 € a 8.160,14 €, permanecendo así invariable a achega da deputación.

Proxecto modificado Concello de Cerdido “Abastecemento Area Recreativa O Castro” Código 2024.2000.0144.0	PROXECTO INICIAL	PROXECTO MODIFICADO	DIFERENZA
Deputación	23.641,97	23.641,97	0,00
Concello fondos propios	7.970,51	8.160,14	+189,63
Concello IVE deducible	3.976,23	3.786,60	- 189,63
Total	35.588,71	35.588,71	0,00

2.- Coa aprobación deste proxecto modificado, e coa presentación da autorización necesaria para a execución desta obra, considerar cumpridas as condicións que foi sometido este investimento, toda vez que o concello presentou a documentación xustificativa do seu cumprimento e, en consecuencia, aprobar definitivamente este investimento dentro do Plan.

CONCELLO	CÓDIGO	DENOMINACIÓN	ACHEGA DEPUTACIÓN	ACHEGA MUNICIPAL	IVE Deducible	TOTAL	CONDICIÓN CUMPRIDAS
Cerdido	2024.2000.0144.0	Abastecemento Area Recreativa O Castro	23.641,97	8.160,14	3.786,60	35.588,71	Autorización Patrimonio Cultural- Xunta

3.- Na partida 2026 / 0430 - 4592 - 76201 do vixente orzamento provincial existe crédito suficiente para o financiamento da achega provincial a esta obra.

4.- Notificarlle este acordo ao Concello de Cerdido para os efectos oportunos”

22.- Aprobación da toma de coñecemento da información do período medio de pago a provedores (PMP) e da relación detallada das facturas pagadas pola Deputación Provincial da Coruña e polo Consorcio Provincial Contra Incendios e Salvamento da Coruña, correspondente a maio de 2026.

VOTACIÓN

Votan a favor: 31 deputados/as (14 do PP, 10 do PSOE, 6 do BNG e 1 de Alternativa dos Veciños).

Votan en contra: ningún/ha deputado/a

Abstéñense: ningún/ha deputado/a



ACORDO

O Pleno, por unanimidade, acorda:

“PRIMEIRO: Dáse conta dos resultados do período medio de pago a provedores, calculado cos criterios do Real decreto 1040/2017, do 22 de decembro, polo que se modifica o Real decreto 635/2014, do 25 de xullo, da Deputación Provincial da Coruña e do seu ente dependente, Consorcio Provincial Contra Incendios e Salvamento da Coruña, do mes de maio de 2026.

SEGUNDO: Dáse conta, así mesmo, da relación detallada de todas as facturas pagadas pola Deputación Provincial da Coruña e polo Consorcio Provincial Contra Incendios e Salvamento da Coruña, no mes de maio de 2026.

TERCEIRO: Dispor que se proceda a publicación na páxina web da Deputación da documentación referida nos apartados anteriores, para xeral coñecemento.”

23.- Aprobación inicial do expediente de modificación de créditos 3/2026 de aprobación polo Pleno.

VOTACIÓN

Votan a favor: 31 deputados/as (14 do PP, 10 do PSOE, 6 do BNG e 1 de Alternativa dos Veciños).

Votan en contra: ningún/ha deputado/a

Abstéñense: ningún/ha deputado/a

ACORDO

O Pleno, por unanimidade, acorda:

“1.- Aprobar inicialmente o expediente de modificación de crédito núm. 3/2026 de competencia do Pleno que se tramita dentro do vixente orzamento xeral por un importe 1.097.877,60 € que ofrece o seguinte resumo:

A) NECESIDADES E FONTES DE FINANCIAMENTO

A.1) Aumentos (necesidades de financiamento):

A.2) Baixas (fontes de financiamento):

Créditos extraordinarios (CE):	0,00	Baixas por anulación (BA):	0,00
Suplementos de crédito (SC):	1.097.877,60	Remanente de Tesourería	1.097.877,60
Total aumentos:	1.097.877,60	Total financiamento:	1.097.877,60

B) RESUMO POR CAPÍTULO DE GASTOS E INGRESOS

B.1 Resumo por capítulos do Estado de Gastos

B.2 Resumo por capítulos do Estado de Ingresos



Capítulo	Altas	Baixas	Capítulo	Altas
1 Gastos de persoal	0,00	0,00	1 Impostos directos	0,00
2 Gastos correntes	0,00	0,00	2 Impostos indirectos	0,00
3 Gastos financeiros	0,00	0,00	3 Taxas e outros ingresos	0,00
4 Trans. Correntes	0,00	0,00	4 Transferencias correntes	0,00
5 Fondo continx. e o. i.	0,00	0,00	5 Ingresos patrimoniais	0,00
6 Investimentos reais	0,00	0,00	6 Alleamento investimentos reais	0,00
7 Trans. de capital	1.097.877,60	0,00	7 Transferencias de capital	0,00
8 Activos financeiros	0,00	0,00	8 Act. Finan. (Reman. Tesourería)	1.097.877,60
9 Pasivos financeiros	0,00	0,00	9 Pasivos financeiros	0,00
TOTAL:	1.097.877,60	0,00	TOTAL:	1.097.877,60

2.- Dispor a exposición ao público polo prazo de quince (15) días hábiles, mediante a publicación do oportuno anuncio no Boletín Oficial da Provincia para os efectos de reclamacións, segundo o establecido no artigo 38 en relación cos artigos 20 e 22 do citado RD 500/90.

Se transcorrido o dito prazo non se formularsen reclamacións, o expediente considerárase aprobado definitivamente sen necesidade de adoptar un novo acordo. No caso de que se presentaran reclamacións, o pleno disporá do prazo dun mes para resolvelas.

3.- O resumo por capítulos do devandito expediente publicárase no Boletín Oficial da Provincia como requisito previo para a súa entrada en vigor, segundo o establecido no artigo 20.5 do citado Real decreto 500/90, do 20 de abril, e os artigos 169 e 177 do Texto refundido da lei reguladora das facendas locais, aprobado polo Real decreto lexislativo 2/2004, do 5 de marzo.

Do expediente definitivamente aprobado remitírase copia á Consellería de Facenda e Administración Pública da Xunta de Galicia e á Delegación do Ministerio de Hacienda en cumprimento do disposto nos artigos 20.4 e 38.2 do Real decreto 500/1990, do 20 de abril, e os artigos 169.4 e 177.2 do Texto refundido da lei reguladora das facendas locais aprobado polo Real decreto lexislativo 2/2004, do 5 de marzo.

4.- Reiterar o compromiso provincial de orientar a xestión orzamentaria no marco das normas de estabilidade orzamentaria e sustentabilidade financeira.

5.- Se as obrigacións efectivamente recoñecidas ao finalizar o exercicio 2026 exceden do límite establecido na regra de gasto deberán levarse a cabo as actuacións descritas nos artigos 21 a 23 da Lei orgánica de estabilidade orzamentaria e sustentabilidade financeira, nos prazos, condicións e polo procedemento establecido neles.

6.- No que atinxe á dotación económica prevista neste expediente de modificación de créditos para subvencións de concesión directa, que non xera ningún dereito cara ós potenciais beneficiarios, resaltar que a xustificación da presenza de causas excepcionais e de interese público resulta extemporánea neste intre, segundo mostra a práctica



habitual desta institución nas últimas décadas; deixando tamén constancia de que en ningún caso se dará tramite a expediente algún que incumpra as prescricións legais, recordando neste senso ás unidades xestoras, e ós órganos de ditame e resolutorios do procedemento, que en ningún caso se asignará recurso algún a través de convenio administrativo que non incorpore a debida xustificación da excepcionalidade, interese público, que non permitan a aplicación dos principios de concorrencia, igualdade e non discriminación, tal e como informa a Intervención Xeral, que reitera a necesidade de facelo na tramitación administrativa posterior do expediente, e, en todo caso, previamente á firma do convenio de achega provincial á obra ou á actividade de que se trate.

A maior abundamento, é de salientar a posibilidade de asignación de fondos provinciais con carácter excepcional, tal e como sinala o Informe de Asesoría Xurídica desta institución (nº 45/2018, sobre "*Cuestións relativas ó procedemento de concesión de subvencións nominativas*", de 23 de marzo), cando se xustifique no expediente administrativo a tramitar; debendo resaltar neste senso a asignación a todos e cada un dos Concellos da provincia do maior Plan de Obras e Servizos de todo o estado.

7.- Informar periodicamente ao Pleno sobre a execución orzamentaria dos ingresos e gastos previstos e formular, cando proceda, as propostas correspondentes que aseguren en todo momento o cumprimento das normas de estabilidade orzamentaria e sustentabilidade financeira, á vista dos informes preceptivos previstos na normativa vixente."

24.- Dación de conta do informe de Intervención sobre a acción de fomento da Deputación Provincial da Coruña no período comprendido entre o 1 de xaneiro de 2012 e o 31 de decembro de 2025.

Dáse conta do informe de Intervención sobre a acción de fomento da Deputación Provincial da Coruña no período comprendido entre o 1 de xaneiro de 2012 e o 31 de decembro de 2025.

25.- Aprobación da aceptación da delegación de competencias do Concello de Betanzos sobre a inspección do Imposto sobre construcións, instalacións e obras e da Taxa por licenza de obras ou urbanística.

VOTACIÓN

Votan a favor: 31 deputados/as (14 do PP, 10 do PSOE, 6 do BNG e 1 de Alternativa dos Veciños).

Votan en contra: ningún/ha deputado/a

Abstéñense: ningún/ha deputado/a

ACORDO

O Pleno, por unanimidade dos trinta e un membros presentes, que representan a maioría absoluta da Corporación, acorda:

"1. Aceptar a delegación das competencias acordada polo Concello de Betanzos en relación coa seguinte materia:



Inspección do Imposto sobre construcións, instalacións e obras e da Taxa por licenza de obras ou urbanística e pola realización das actividades administrativas de control nos supostos nos que a esixencia de licenza fose substituída pola presentación de declaración responsable ou comunicación previa, e a recadación voluntaria e executiva das liquidacións derivadas das actuacións inspectoras.

2. A delegación entrará en vigor unha vez sexa publicado este acordo no Boletín Oficial da Provincia, e o seu exercicio levarase a cabo nos termos establecidos nas Bases para a prestación de servizos tributarios aos concellos da provincia, aprobadas ao efecto por esta Deputación Provincial.”

26.- Aprobación da aceptación da delegación de competencias do Concello de Dodro sobre a inspección do Imposto sobre construcións, instalacións e obras e da Taxa por licenza de obras ou urbanística.

VOTACIÓN

Votan a favor: 31 deputados/as (14 do PP, 10 do PSOE, 6 do BNG e 1 de Alternativa dos Veciños).

Votan en contra: ningún/ha deputado/a

Abstéñense: ningún/ha deputado/a

ACORDO

O Pleno, por unanimidade dos trinta e un membros presentes, que representan a maioría absoluta da Corporación, acorda:

“1. Aceptar a delegación das seguintes competencias acordada polo Concello de Dodro:

Inspección do Imposto sobre construcións, instalacións e obras e da Taxa por licenza de obras ou urbanística e pola realización das actividades administrativas de control nos supostos nos que a esixencia de licenza fose substituída pola presentación de declaración responsable ou comunicación previa, e a recadación voluntaria e executiva das liquidacións derivadas das actuacións inspectoras.

2. A delegación entrará en vigor unha vez sexa publicado este acordo no Boletín Oficial da Provincia, e o seu exercicio levarase a cabo nos termos establecidos nas Bases para a prestación de servizos tributarios aos concellos da provincia, aprobadas ao efecto por esta Deputación Provincial.”

27.- Dación de conta da liquidación provisional da recadación do 1º trimestre de 2026 dos conceptos entregables ás entidades públicas usuarias dos servizos tributarios.

Dáse conta da liquidación provisional da recadación do 1º trimestre de 2026 dos conceptos entregables ás entidades públicas usuarias dos servizos tributarios.

28.- Dación de conta da liquidación provisional da recadación do 1º trimestre de 2026 dos conceptos non entregables ás entidades públicas usuarias dos servizos

**RPT-6654235



tributarios.

Dáse conta da liquidación provisional da recadación do 1º trimestre de 2026 dos conceptos non entregables ás entidades públicas usuarias dos servizos tributarios.

29.- Aprobación dos estados demostrativos da xestión recadatoria dos recursos doutros entes públicos e dos recursos propios do exercicio 2025.

VOTACIÓN

Votan a favor: 31 deputados/as (14 do PP, 10 do PSOE, 6 do BNG e 1 de Alternativa dos Veciños).

Votan en contra: ningún/ha deputado/a

Abstéñense: ningún/ha deputado/a

ACORDO

O Pleno, por unanimidade, acorda:

“Aprobar os estados demostrativos relativos á xestión recadatoria dos recursos doutros entes públicos e dos recursos propios correspondentes o exercicio 2025.”

30.- Aprobación do convenio de cooperación entre a Deputación da Coruña e o Club de Leones La Coruña Torre de Hércules, polo que se instrumenta unha subvención nominativa para o cofinanciamiento do proxecto "O vello Camiño", no ano 2026

VOTACIÓN

Votan a favor: 31 deputados/as (14 do PP, 10 do PSOE, 6 do BNG e 1 de Alternativa dos Veciños).

Votan en contra: ningún/ha deputado/a

Abstéñense: ningún/ha deputado/a

ACORDO

O Pleno, por unanimidade, acorda:

“1.º Levantar os reparos sinalados no informe da Intervención Provincial.

2.º Exceptuar para o presente convenio os principios de concorrencia, publicidade, e non discriminación na tramitación do presente expediente, dada a existencia de causas excepcionais que xustifican a concesión da subvención nominativa, por entender que se dan razóns de interese público no outorgamento da subvención.

3.º Aprobar o texto do convenio de colaboración a subscribir entre a Deputación Provincial da Coruña e o Club de Leones La Coruña Torre de Hércules con NIF G70035977 para o financiamento do proxecto: “O VELLO CAMIÑO”, no ano 2026



Convenio de colaboración entre a Excma. Deputación Provincial da Coruña e o CLUB DE LEONES LA CORUÑA TORRE DE HÉRCULES polo que se instrumenta unha subvención nominativa para o cofinanciamento do proxecto "O VELLO CAMIÑO "

En A Coruña a

Ante min, Miguel Iglesias Martínez Secretario Xeral da Excelentísima Deputación Provincial de A Coruña, como fedatario actuante

REUNIDOS

Dunha parte.....en representación da Deputación da Coruña

E doutra parte,, en representación do CLUB DE LEONES LA CORUÑA TORRE DE HÉRCULES

Ambos comparecentes recoñécense mutuamente capacidade, lexitimación e representación suficientes para formalizar o presente convenio de colaboración,

1. Que a Excma. Deputación provincial da Coruña e a CLUB DE LEONES LA CORUÑA TORRE DE HÉRCULES consideran de gran interese para a provincia financiar o proxecto o "O VELLO CAMIÑO"
2. Que dado o interese coincidente da Deputación da Coruña e da CLUB DE LEONES LA CORUÑA TORRE DE HÉRCULES, as dúas partes acordan subscribir un convenio conforme ás seguintes

CLÁUSULAS

I.- OBXECTO

O presente convenio ten por obxecto a fixación das bases de outorgamento dunha subvención nominativa por esta Deputación a prol da **CLUB DE LEONES LA CORUÑA TORRE DE HÉRCULES**, CIF G70035977, polo que se instrumenta unha subvención nominativa para o cofinanciamento do proxecto "O VELLO CAMIÑO" tal e como aparecen definidas na memoria de actividades

II.- ORZAMENTO DE GASTOS DA ACTIVIDADE A REALIZAR

CLUB DE LEONES LA CORUÑA TORRE DE HÉRCULES levará a cabo as actividades programadas, segundo se definen na cláusula anterior, consonte ao seguinte orzamento:



1.- Deseño da ruta teórica a partir de indicios materiais, topográficos e testemuñas orais	9.000,00 €
2.- Estudio histórico	5.800,00 €
3.- Recopilación de testemuñas orais, vestixios de cultura popular, etc. como mostra de evidencias do paso de peregrinos por esta ruta	
4.- Catalogación dos elementos patrimoniais susceptibles de ser visitados polos futuros camiñantes ou peregrinos: igrexas, cruceiros, lavadoiros, pontes, etc	
5.- Catalogación de monumentos megalíticos e xacementos arqueolóxicos localizados en torno a esta ruta	
7.- Recopilación e análise toponímica	
9.- Inclusión da ruta deseñada nunha aplicación de navegación híbrida xeorreferenciada	
	5.000,00 €
6.- Localización de antigas sendas e camiños	2.200,00 €
8.- Elaboración de planos	4.000,00 €
TOTAL	26.000,00 €

III.- FINANCIAMENTO PROVINCIAL E OUTROS INGRESOS QUE SE OBTENAN OU APORTEN PARA A MESMA FINALIDADE

1.A Deputación da Coruña contribuirá ao financiamento da actividade, tal como se define na cláusula primeira, cunha achega máxima de 20.800,00 €, o que representa unha porcentaxe de 80.0000 %. No caso de que o gasto xustificado non acadase o importe total previsto na cláusula segunda, a Deputación só achegará o importe que represente o 80.0000 % da cantidade efectivamente xustificada. A contía restante, ata acadar o importe total do orzamento da actividade, está financiado con cargo a recursos (proprios ou alleos) acreditando a entidade beneficiaria que ten consignado o crédito adecuado e suficiente para imputar a totalidade do gasto imputable á entidade.

2.Agora ben, se a cantidade xustificada resulta inferior ao 75 por cento do orzamento previsto na cláusula segunda, entenderase que a finalidade básica da subvención non foi cumprida e perderase o dereito ao seu cobro.

3.O importe do financiamento provincial farase efectivo con cargo á aplicación orzamentaria 0510/432.1/481.00, na que a Intervención provincial ten certificado que existe crédito dabondo sobre a que se ten contabilizado a correspondente retención de crédito.

4.A subvención da Deputación é compatible coa percepción doutras subvencións ou axudas, públicas ou privadas, que a CLUB DE LEONES LA CORUÑA TORRE DE HÉRCULES obteña para a mesma finalidade, sempre que o seu importe, xuntamente co da subvención provincial, non supere en ningún caso o importe total do gasto efectivamente xustificado.

5.No caso de que a concorrencia de axudas ou subvencións supere o importe do gasto efectivamente xustificado, minorarase a achega provincial no importe necesario para



darlle estrito cumprimento ao apartado anterior.

IV.- CONTRATACIÓN E EXECUCIÓN

1.O outorgamento dos contratos de servizos, asistencia ou subministracións necesarios para a execución da actividade corresponderalle á CLUB DE LEONES LA CORUÑA TORRE DE HÉRCULES. Non se poderá contratar a realización de prestacións con persoas o entidades vinculadas á CLUB DE LEONES LA CORUÑA TORRE DE HÉRCULES nin con calquera outra na que concorra algunha das circunstancias ás que se refire o artigo 29.7 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións.

2.Se o importe dalgunha das prestacións supera 15.000,00 euros, con carácter previo á contratación, a CLUB DE LEONES LA CORUÑA TORRE DE HÉRCULES deberá solicitar polo menos tres orzamentos a distintos provedores. Entre as ofertas recibidas, deberase elixir unha delas de acordo con criterios de eficiencia e economía, debendo xustificarse expresamente nunha memoria a elección cando non recaia sobre a oferta máis vantaxosa economicamente.

3.No caso de que a CLUB DE LEONES LA CORUÑA TORRE DE HÉRCULES

trámite e aprobe algunha modificación do proxecto inicialmente aprobado, así como do contrato adxudicado, deberá remitirle á Deputación un exemplar do proxecto modificado, achegando con el os informes emitidos e a certificación do correspondente acordo.

4.Admitirase a subcontratación para as prestacións de bens e servizos que non poida prover por si mesma a entidade solicitante, ao estaren fóra do seu obxecto social. Así mesmo, admitirase a subcontratación co límite máximo do 40 por cento do importe do orzamento subvencionado para xustificar sumando os importes de todos os subcontratos, segundo establece o artigo 19.1 da Ordenanza Xeral de Subvencións e Transferencias.

V.- PUBLICIDADE DO FINANCIAMENTO PROVINCIAL

1. Na publicidade pola que se dea a coñecer a realización das actividades, ben sexa por medios escritos, radiofónicos, audiovisuais ou internet, deberase facer constar sempre o financiamento da Deputación Provincial da Coruña.

2. Coa memoria e conta xustificativa achegaranse os documentos que acrediten o cumprimento desta obriga do CLUB DE LEONES LA CORUÑA TORRE DE HÉRCULES.

VI.- A XUSTIFICACIÓN NECESARIA PARA RECIBIR A ACHEGA PROVINCIAL

1.A achega da Deputación seralle aboada á CLUB DE LEONES LA CORUÑA TORRE DE HÉRCULES unha vez que se presente a seguinte documentación:

1.-Memoria de actuación, subscrita polo representante legal do CLUB DE LEONES LA CORUÑA TORRE DE HÉRCULES e polas persoas autoras do estudo, xustificativa do cumprimento das condicións impostas neste convenio, coa indicación das actividades realizadas e dos resultados obtidos.

2.-Certificación clasificada dos gastos realizados, no que se indiquen os acredores co seu NIF, os documentos xustificativos, os importes e, no seu



caso, datas de pagamento. Tamén se indicarán as desviacións con respecto ao orzamento detallado na cláusula SEGUNDA. Con esta relación achegaranse os orixinais ou copias debidamente compulsadas das facturas e demais xustificantes de gasto. No caso de que se presenten copias compulsadas, con carácter previo á compulsa deberá estenderse unha dilixencia sobre o orixinal na que se deixe constancia de que foi presentada como xustificante de gasto para o cobro dunha subvención outorgada pola Deputación da Coruña

3.- Copia dos traballos realizados incluídos no orzamento.

3.-Certificación da aprobación das facturas e demais documentos xustificativos polo órgano competente.

4.-Acreditación do cumprimento das obrigas tributarias e coa Seguridade Social, segundo o previsto na cláusula OITAVA.

5.-Declaración doutras axudas ou subvencións solicitadas ou concedidas para a mesma finalidade.

6.- Certificación da conta bancaria, segundo o modelo aprobado pola Deputación.

7.- Proba do cumprimento das obrigas asumidas na cláusula QUINTA, mediante a achega de documentos nos que conste a publicidade do financiamento provincial.

VII.- TERMO PARA A REALIZACIÓN DA ACTIVIDADE E PRAZO DE XUSTIFICACIÓN

1.As actividades que son obxecto de financiamento provincial, tal como están descritas na cláusula PRIMEIRA terán carácter retroactivo e deberán estar realizadas entre o 1 de xaneiro de 2026 e o 31 de xullo de 2027, sempre e cando exista crédito suficiente para tal fin.

2.Unha vez rematadas as actividades, a CLUB DE LEONES LA CORUÑA TORRE DE HÉRCULES deberá presentar a xustificación documental á que se refire a cláusula SEXTA no prazo máximo de DOUS MESES antes do vencemento do período de vixencia do convenio establecido na cláusula DÉCIMO TERCEIRA.

3.De conformidade co disposto no artigo 70.3 do Regulamento da Lei de subvencións (Real decreto 887/2006, do 21 de xullo), transcorrido este derradeiro prazo sen que se teña recibido xustificación ningunha, a unidade xestora remitiralle un requirimento ao CLUB DE LEONES LA CORUÑA TORRE DE HÉRCULES para que a presente no prazo improrrogable de QUINCE DÍAS. A falla de xustificación da subvención neste prazo excepcional dará lugar á perda da subvención e demais responsabilidades previstas neste convenio e na lexislación aplicable ao respecto. Aínda así, a presentación da xustificación neste prazo adicional non eximirá ao CLUB DE LEONES LA CORUÑA TORRE DE HÉRCULES da sanción que, de conformidade co disposto na Lei de subvencións e na ordenanza provincial de desenvolvemento que resulte aplicable lle poida corresponder.

4.O aboamento da subvención materializarase mediante ingreso na conta da entidade financeira indicada polo CLUB DE LEONES LA CORUÑA TORRE DE HÉRCULES na documentación achegada no prazo máximo de catro meses.



VIII.- CUMPRIMENTO DAS OBRIGAS TRIBUTARIAS E COA SEGURIDADE SOCIAL E A SÚA ACREDITACIÓN

1. A CLUB DE LEONES LA CORUÑA TORRE DE HÉRCULES deberá estar ao día, con carácter previo á sinatura deste convenio, e logo, con carácter previo ao pago da subvención, no cumprimento das obrigas tributarias coa Administración do Estado, coa comunidade autónoma, coa Deputación Provincial da Coruña, e coa Seguridade Social.
2. A acreditación do cumprimento de ditas obrigas poderá realizarse mediante declaración responsábel expedida autorizada polo órgano competente, mediante a presentación dos correspondentes certificados ou ben autorizando á Deputación a que obteña telematicamente os correspondentes certificados.
3. A acreditación do cumprimento das obrigas tributarias coa Deputación Provincial determinará esta de oficio.

IX.- DESTINO E MANEXO DOS FONDOS RECIBIDOS

1. A CLUB DE LEONES LA CORUÑA TORRE DE HÉRCULES destinará os fondos recibidos ao pagamento dos xustificantes de gasto presentados.
2. Co fin de garantir un axeitado control da aplicación dos fondos, o pagamento deberá quedar acreditado documentalmente mediante a utilización de transferencia bancaria, tarxeta de débito ou crédito, cheque nominativo ou calquera outro medio que deixe constancia da data de pago e da identidade do perceptor. Só excepcionalmente se poderá realizar o pago en metálico para gastos de ata 150,00 €, nos que non resulte posíbel a utilización dun dos medios anteriormente indicados.
3. Sen prexuízo dos libros e rexistros contábeis que as normas xerais ou sectoriais lle poidan impor, a CLUB DE LEONES LA CORUÑA TORRE DE HÉRCULES deberá contar polo menos cun rexistro cronolóxico de cobros e pagamentos nos que se inclúan, entre outros, os relativos aos gastos xustificadas e aos ingresos declarados con respecto a esta subvención.

X.- CONTROL FINANCEIRO DA DEPUTACIÓN E DOS ÓRGANOS DE CONTROL EXTERNO

1. Consonte ao disposto nos artigos 44 e seguintes da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións, e nos artigos 41 e seguintes da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de Subvencións de Galicia, a CLUB DE LEONES LA CORUÑA TORRE DE HÉRCULES poderá ser escollida pola Intervención provincial para a realización dun control financeiro sobre a subvención pagada, co fin de acreditar a efectiva aplicación dos fondos á finalidade para a que foron concedidos, o correcto financiamento da actividade e o cumprimento de tódalas demais obrigas formais e materiais que lle impón o presente convenio de colaboración.
2. Asemade, de acordo co previsto na lei 6/1985, de 24 de xuño, do Consello de Contas de Galicia, a CLUB DE LEONES LA CORUÑA TORRE DE HÉRCULES queda sometida aos procedementos de fiscalización que leven a cabo o Consello de Contas de Galicia ou, no seu caso, segundo o previsto na Lei orgánica 2/1982, de 12 de maio, aos procedementos de axuízamento contable que poida incoar o Tribunal de Contas, e a calquera outro órgano de control, nacional ou europeo.



XI.- REINTEGRO, INFRACCIÓNS E SANCIÓN.

1. O incumprimento dalgunha das cláusulas previstas no presente convenio de colaboración poderá dar lugar a obriga de reintegro parcial ou total dos fondos recibidos, así como ao pago dos xuros de demora que se devindiquen desde o día no que se realizou o pago ata o momento no que se acorde a procedencia do reintegro. O procedemento de reintegro iniciárase de oficio na súa tramitación seguirase o disposto nos artigos 41 e seguintes do seu Regulamento (R.D. 887/2006, do 21 de xullo), dándolle en todo caso audiencia ao interesado.
2. Sen prexuízo do anterior, dito incumprimento tamén poderá ser constitutivo dalgunha das infraccións tipificadas na Lei 38/2003, de 17 de novembro, ou na Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia, séndolle de aplicación o cadro de sancións previstos nas normas citadas e na Ordenanza provincial de desenvolvemento que resulte aplicable.
3. Para os supostos de atraso na realización das actividades ou atraso na presentación da xustificación se estará ao disposto na Ordenanza provincial de desenvolvemento que resulte aplicable.
4. Se o atraso se produce no pago ao adxudicatario ou terceiros que teñan realizado obxecto do convenio, se liquidará o xuro legal do diñeiro polo período que medie entre o prazo indicado na cláusula VII.3 e a data do pago efectivo ao terceiro.

XII.- INCORPORACIÓN AO REXISTRO PÚBLICO DE SUBVENCIONS E PUBLICACIÓN DA SUBVENCIÓN CONCEDIDA

1. No cumprimento do disposto no artigo 20.1 da Lei 38/2003, xeral de subvencións, e demais normativa de desenvolvemento, os datos da subvención concedida e a identificación da CLUB DE LEONES LA CORUÑA TORRE DE HÉRCULES serán remitidas á Intervención xeral do Estado, para que sexan incorporados á Base de Datos Nacional de Subvencións, coa exclusiva finalidade prevista en dito precepto e co debido respecto á protección dos datos de carácter persoal, segundo o previsto na Lei orgánica 3/2018 de 5 de decembro de Protección de Datos Persoais e garantía dos dereitos dixitais.
2. Asemade, no cumprimento do disposto no artigo 16.3 da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de Subvencións de Galicia, a Deputación remitiralle a mesma información á Consellería de Economía y Facenda, co fin de que a incorpore ao Rexistro público de axudas, subvencións e convenios da Comunidade autónoma de Galicia.
3. Segundo o previsto no artigo 18 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de subvencións, a concesión da subvención a CLUB DE LEONES LA CORUÑA TORRE DE HÉRCULES será publicada no Boletín Oficial da Provincia da Coruña e na páxina web dacoruna.gal
4. Un exemplar deste convenio, debidamente asinado, será incorporado ao Rexistro de convenios que depende do Servizo de Patrimonio e contratación da Deputación.

XIII.- VIXENCIA DO CONVENIO, PRÓRROGA OU MODIFICACIÓN

1. O presente convenio de colaboración terá carácter retroactivo para os efectos de imputación dos gastos e abranguerá os devindicados desde o día 1 de xaneiro de 2026 e o 31 de xullo de 2027, sen que en ningún caso sexan subvencionables os



gastos devindicados con anterioridade á dita data e conservará a súa vixencia ata o día 30 de outubro do 2027, sempre e cando exista crédito para tal fin.

2. Para o caso de que a CLUB DE LEONES LA CORUÑA TORRE DE HÉRCULES non poida ter presentada a xustificación **antes do día 31 de XULLO de 2027**, deberá solicitar antes desta data, a **prórroga** do prazo inicial, achegando unha solicitude motivada, co fin de que a Deputación poida acreditar a existencia de crédito adecuado e suficiente para o pago que proceda, do importe correctamente xustificado. Acreditada esta circunstancia, a Deputación poderá conceder a prórroga solicitada, que en ningún caso poderá exceder do 31 de outubro do 2028. Con esta data, o convenio quedará definitivamente extinguido, de xeito que a CLUB DE LEONES LA CORUÑA TORRE DE HÉRCULES perderá o dereito ao cobro do importe corresponde á contía non xustificada na dita data. A concesión da devandita prórroga, previos os informe preceptivos da Unidade Xestora, do servizo de contratación e da Intervención provincial será eventualmente realizada mediante Resolución da Presidencia da Deputación.

3. Tamén, por acordo expreso de ambas as dúas partes e despois dos informes da Unidade Xestora, do servizo de Contratación, da Secretaría e da Intervención da Deputación, o convenio poderá ser obxecto de modificación. En ningún caso, se poderá modificar o convenio variando substancialmente o obxecto da subvención concedida e prevista nominativamente por acordo plenario.

XIV.- NATUREZA, INTERPRETACIÓN, MODIFICACIÓN E XURISDICIÓN COMPETENTE

1. O presente convenio ten natureza administrativa e para resolver as dúbidas que xurdan na interpretación das súas cláusulas aplicaranse as disposicións contidas na Lei 38/2003, de 18 de novembro, xeral de Subvencións, e na Lei 9/2007, de 13 de xuño, de Subvencións de Galicia. Supletoriamente aplicárase a lexislación de contratos do sector público.

2. Para o seguimento coordinado da execución do presente convenio crearase unha comisión de seguimento formada por dous representantes de cada unha das institucións nomeados polo Presidente da Deputación e o da CLUB DE LEONES LA CORUÑA TORRE DE HÉRCULES, respectivamente.

3. Corresponderalle aos órganos da xurisdición contencioso-administrativa, segundo a distribución de competencias disposta na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora de dita xurisdición, o coñecemento das cuestións litixiosas que poidan xurdir como consecuencia do presente convenio.

Faise constar que o presente convenio foi aprobado por Acordo Plenario

Faise constar que o presente convenio foi aprobado por _____ do día ____ de ____ de ____
E, en proba de conformidade, as partes comparecentes asinan en exemplar cuaduplicado o presente convenio, no lugar e data indicados no encabezamento.



O representante da Deputación,

O Representante da **LEONES LA
CORUÑA TORRE DE HÉRCULES**

O Secretario Provincial

”

31.- Aprobación da formalización dun convenio administrativo de colaboración entre a Deputación Provincial da Coruña e a Agencia Estatal Consejo Superior Investigaciones Científicas (CSIC) para cofinanciar o proxecto "Conservación Ex Situ de Solos e Microbioma asociado a Especies incluídas no Catálogo Galego de Especies Ameazadas da provincia da Coruña".

VOTACIÓN

Votan a favor: 31 deputados/as (14 do PP, 10 do PSOE, 6 do BNG e 1 de Alternativa dos Veciños).

Votan en contra: ningún/ha deputado/a

Abstéñense: ningún/ha deputado/a

ACORDO

O Pleno, por unanimidade, acorda:

“

1. Levantar o reparo emitido pola Intervención da Deputación da Coruña no seu informe con data 05 de xuño de 2026 conforme o artigo 217 do texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais aprobado polo Real Decreto 2/2004, de 5 de marzo.
2. Exceptuar para o presente convenio os principios de concorrencia, publicidade, igualdade e non discriminación na tramitación do presente expediente, dada a existencia de causas excepcionais que xustifican a concesión dunha subvención nominativa, por existir razóns suficientes de interese público, social, económico ou humanitario. Estes principios atópanse recollido nos artigos 22.2 da Lei xeral de subvencións e 65 a 67 do seu regulamento.
3. Aprobar a concesión da subvención nominativa por importe de 20.000,00 € á Axencia Estatal Consejo Superior Investigaciones Científicas (CSIC) NIF Q2818002D para financiar o proxecto “Conservación ex situ de solos e microbioma asociado a especies incluídas no Catálogo Galego de Especies Ameazadas da provincia da Coruña”, cun orzamento subvencionado de 25.744,60 €, de acordo co texto do convenio que se achega.
4. Imputar o gasto con cargo á aplicación orzamentaria 0520/92052/42111 do vixente orzamento xeral.
5. Aprobar o texto do convenio que se recolle a continuación.
6. Publicar a concesión da subvención directa na BDNS e notificar ao interesado



Número /2026

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA E A AGENCIA ESTATAL CONSEJO SUPERIOR DE INVESTIGACIONES CIENTÍFICAS (CSIC) PARA A CONSERVACIÓN EX SITU DE SOLOS E MICROBIOMA ASOCIADO A ESPECIES INCLUIDAS NO CATÁLOGO GALEGO DE ESPECIES AMENAZADAS DA PROVINCIA DA CORUÑA.

Na Coruña, a de de na sede da Deputación Provincial da Coruña

Ante min, Miguel Iglesias Martínez, Secretario Xeral da Deputación Provincial da Coruña, como fedatario actuante

REUNIDOS

D., en representación da Deputación Provincial da Coruña

D., en representación da Agencia Estatal Consejo Superior de Investigaciones Científicas (CSIC)

Actuando no exercicio dos seus respectivos cargos e na representación que ostentan, e recoñecéndose reciprocamente capacidade para obrigarse nos termos deste documento.

MANIFESTAN

PRIMEIRO. Que a Deputación Provincial da Coruña é un actor esencial en materia de protección do medio ambiente de acordo co seu papel de asistencia e cooperación local, materializados a través da súa cooperación na prevención e defensa contra incendios forestais, así como na participación en proxectos de conservación de hábitats naturais e restauración de zonas degradadas, en programas de educación, sensibilización e participación cidadá sobre medio ambiente, sustentabilidade e transición ecolóxica, entre outras.

SEGUNDO. A conservación de compoñentes da diversidade e biolóxica fóra dos seus hábitats naturais -conservación ex situ- é un mecanismo de utilidade para a salvagarda do patrimonio xenético da flora silvestre, ademais dun complemento importante para as accións de conservación in situ. Así o recoñece como obxectivo a Estratexia Global de Conservación de Plantas, adoptada en 2002 na 6ª Conferencia das Partes do Convenio de Nacións Unidas sobre Diversidade Biolóxica. Á súa vez a Estratexia Europea para a Conservación de Plantas supón unha contribución rexional á implantación da Estratexia Global. Pola súa banda, a Estratexia Española de Conservación Vexetal 2014-2020, elaborada para dar resposta ao compromiso con este Convenio, establece que para protexer unha especie é necesario “dispoñer de ferramentas de conservación ex situ que aseguren a súa conservación a longo prazo e en situacións de ameaza”. Así mesmo, faise necesario non só a preservación das sementes, senón tamén a caracterización e a



conservación dos chans e das comunidades microbianas asociadas a estas especies vexetais, un enfoque pioneiro no ámbito da conservación vexetal. A perda dunha especie vexetal non só compromete a biodiversidade visible, senón tamén a diversidade microbiana que coexiste con ela, a cal é esencial para o mantemento da fertilidade do chan e dos servizos ecosistémicos. A desaparición dunha planta ameazada podería levar á extinción de comunidades microbianas especializadas, reducindo o capital xenético do ecosistema e a capacidade dos chans para soste vida e xerar resiliencia fronte ao cambio global. Por outra banda, contar cunha información exhaustiva sobre as características ambientais e edáficas nas que as diferentes especies prosperan é de crucial importancia, non só para maximizar as posibilidades de éxito de futuras actuacións de reintrodución de especies extintas a partir dun banco de sementes, senón tamén para asegurar unha adecuada selección de hábitats nos programas de conservación e restauración.

TERCEIRO. A Lei 42/2007, do 13 de decembro, de patrimonio natural e da biodiversidade establece que se adoptarán as medidas necesarias para garantir a conservación da biodiversidade que vive en estado silvestre, atendendo preferentemente á preservación dos seus hábitats e establecendo réximes específicos de protección para aquelas especies silvestres cuxa situación así o requira, incluíndoas nalgunha das categorías mencionadas nos artigos 56 e 58 da lei. Ao mesmo tempo, da citada lei determina que con obxecto de preservar a diversidade xenética das especies silvestres e de complementar as actuacións de conservación in situ, as administracións públicas promoverán a existencia de bancos de material xenético e biolóxico de especies silvestres.

Neste sentido, as entidades locais, no ámbito das súas competencias e no marco do establecido na lexislación estatal e autonómica, poderán establecer medidas normativas ou administrativas adicionais de conservación do patrimonio natural e a biodiversidade.

CUARTO. En cumprimento do disposto no artigo 63 da Lei 42/2007, do 13 de decembro, a Conferencia Sectorial de Medio Ambiente aprobou o 24 de xullo de 2024, as Directrices para a conservación ex situ da flora silvestre en España. Este documento foi elaborado coa participación das comunidades autónomas no seo do Grupo de Traballo de Conservación Vexetal do Comité de Flora e Fauna Silvestre, adscrito á Comisión Estatal para o Patrimonio Natural e a Biodiversidade.

Estas Directrices recollen pautas, orientacións e recomendacións técnicas que buscan facilitar e homoxeneizar o traballo coordinado entre os bancos de material xenético e biolóxico e as administracións públicas.

Os obxectivos destas Directrices son: 1) Identificar prioridades para a conservación ex situ da flora silvestre, en materia de taxones a conservar e as súas poboacións, de condicións mínimas para a conservación ex situ dos taxones, así como dos falezas e utilización do material conservado; 2) Favorecer o impulso do traballo en rede dos bancos de material xenético e biolóxico, e os mecanismos de intercambio de información e de coordinación entre os actores implicados e; 3) Proporcionar recomendacións técnicas básicas para asegurar un correcto desenvolvemento das accións de conservación ex situ.

Así mesmo, para avanzar na conservación da biodiversidade en todas as provincias galegas faise necesario protexer non só as especies máis vulnerables, senón tamén os ecosistemas dos que dependen. Deste xeito incídese directamente no cumprimento dos Obxectivos de Desenvolvemento Sostible (ODS) da ONU, especialmente co ODS 15 (Vida de Ecosistemas Terrestres), que fai referencia á necesidade de garantir a protección, restauración e uso sostible dos ecosistemas terrestres, así como a loita contra a perda de biodiversidade. Ao conservar tanto as plantas como os chans asociados e os



seus microbiomas, estamos a contribuír a frear a perda de biodiversidade, á vez que favorecemos a xestión sostible dos recursos naturais. Por último, o estudo integral destas especies e a súa contorna permitirá avanzar cara a priorización dos ecosistemas para conservar, avanzando no cumprimento da recentemente aprobada “Estratexia da UE sobre a biodiversidade” que establece o compromiso de conferir protección xurídica ao 30% da superficie terrestre no ano 2030.

Na actualidade, o catálogo galego de especies ameazadas (CGEA) abarca un total 65 especies (35 en perigo crítico de extinción e 30 vulnerables), das cales 42 (24 en perigo crítico de extinción e 18 vulnerables) atópanse na provincia da Coruña. Este dato pon de manifesto a necesidade de tomar medidas que garantan a supervivencia destas especies, cuxa perda supoñería un dano irreparable para a biodiversidade galega.

QUINTO. Dunha parte, a Deputación Provincial da Coruña, cuxa misión inclúe promover a sustentabilidade territorial nos ámbitos social, económico e ambiental, contribuíndo ao cumprimento dos ODS a través da cooperación cos concellos e con outras administracións.

SEXTO. A Agencia Estatal Consejo Superior de Investigaciones Científicas, en diante CSIC, é un organismo público de investigación (OPI) da Administración Xeral do Estado, actualmente adscrito ao Ministerio de Ciencia, Innovación e Universidades a través da Secretaría Xeral de Investigación, que ten por obxecto o fomento, a coordinación, o desenvolvemento e a difusión da investigación científica e tecnolóxica, de carácter multidisciplinar, co fin de contribuír ao avance do coñecemento e ao desenvolvemento económico, social e cultural, así como á formación de persoal e ao asesoramento a entidades públicas e privadas nestas materias, consonte o establecido no artigo 4 do Estatuto do CSIC, aprobado por Real Decreto 1730/2007, do 21 de decembro (BOE/BOE do 14 de xaneiro de 2008).

O CSIC está constituído como Axencia Estatal e, na devandita condición, réxese polo establecido nos artigos 108 bis a 108 sexies (introducidos pola Lei de Orzamentos Xerais para 2021) da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público, e polas disposicións do seu xa citado estatuto.

En febreiro de 2021 o CSIC obtivo o recoñecemento da Comisión Europea «HR Excellence in Research» (HRS4R) como integrante da Estratexia de Recursos Humanos para Investigadores. Este selo recoñece o compromiso do CSIC co desenvolvemento dunha estratexia de recursos humanos para o persoal investigador aplicando os principios da Carta Europea do Investigador e o Código de Conduta na contratación de investigadores.

Pola súa banda, a Misión Biolóxica de Galicia (en diante, MBG) é un instituto propio do CSIC, sen personalidade xurídica diferenciada, enmarcado nas áreas científicas de Recursos Naturais, Ciencias Agrarias e Ciencia e Tecnoloxía de Alimentos. A MBG dedícase á investigación nas ciencias agrarias, forestais e ambientais xerando coñecemento que permita avanzar cara a contornas agrarias e forestais máis resilientes e sostibles, así como máis respectuosos co medio ambiente.

A MBG conta con persoal investigador cunha ampla experiencia na conservación e caracterización dos recursos fitogenéticos e no estudo dos chans e o seu microbioma, así como cun banco de germoplasma que permitirá a conservación da diversidade xenética das especies de flora ameazada galega co obxectivo de preservar a súa viabilidade a longo prazo. Ademais, a MBG dispón de infraestruturas para a conservación e o estudo dos chans e o microbioma asociado ás especies vexetais.

SÉTIMO. A vaga de lumes forestais que arrasou á comunidade autónoma de Galicia



durante o ano 2025, especialmente á provincia da Coruña, fixo aínda máis patente a necesidade de dispoñer de ferramentas de conservación ex situ que aseguren conservación a longo prazo das especies e, en particular, das especies ameazadas, así como dos chans e as comunidades microbianas asociadas a estas especies vexetais, ecosistemas dos que depende.

OITAVO. A firma deste convenio supón un reforzamento da colaboración entre a Deputación Provincial da Coruña e o CSIC co fin de promover a conservación do patrimonio natural e a biodiversidade da provincia da Coruña, así como unha mostra do apoio da administración provincial ás entidades de investigación para seguir avanzando na conservación das especies vexetais ameazadas en Galicia e dos chans e o microbioma asociados ás mesmas, promovendo a recuperación das comunidades vexetais e a restauración dos ecosistemas.

CLÁUSULAS

I. OBXECTO

O presente convenio ten por obxecto establecer as bases de colaboración entre a Deputación Provincial da Coruña e o CSIC para o desenvolvemento de actuacións de conservación ex situ de chans e microbioma daquelas especies ameazadas da provincia da Coruña incluídas no Catálogo galego de especies ameazadas, de acordo coas prioridades e obxectivos de conservación establecidos pola Consellería de Medio Ambiente e Cambio Climático (CMACC) e a MBG-CSIC:

Fase 1. Elaboración dunha base de datos

Fase 2. Recolección e caracterización do solo e das comunidades microbianas do solo

Fase 3. Caracterización do microbioma da planta

Fase 4. Conservación do solo e do material xenético.

Fase 5. Análise de datos e redacción do informe de resultados

Fase 6. Divulgación dos resultados

II. ORZAMENTO DE GASTOS DA ACTIVIDADE A REALIZAR

O CSIC desenvolverá as actividades programadas para o desenvolvemento das actuacións descritas na cláusula anterior, consonte ao seguinte orzamento:

GASTOS	TOTAL
Gastos de persoal	16.775,31 €
Gastos derivados da adquisición de material de campo e de laboratorio	445,00 €
Gastos derivados da realización de análises (solo, planta)	3.969,50 €
Gastos derivados de desprazamentos e dietas	1.196,80 €
Costes indirectos (asociados ao uso de instalacións e infraestructuras e administración e servizos) segundo norma COIN	3.357,99 €
TOTAL PROXECTO	25.744,60 €

*Gastos de carácter xeral da entidade (gastos de subministracións, auga, luz, etc.) que se adscriban directamente á realización da actividade subvencionada, co límite máximo do 15% dos gastos directos da actividade.

**RPT-6654235



III. FINANCIAMENTO PROVINCIAL E OUTROS INGRESOS PARA A MESMA FINALIDADE

1. A Deputación Provincial da Coruña contribuirá ao financiamento da actividade, tal como se define na cláusula primeira, cunha achega máxima de **20.000,00 €**, o que representa unha porcentaxe do **77,68619%**. A cantidade restante, ata alcanzar o importe total do orzamento da actividade, está financiada con cargo a recursos propios ou alleos, acreditando a entidade beneficiaria que ten consignado o crédito axeitado e suficiente para imputar a totalidade do gasto correspondente á entidade.

2. No caso de que o gasto xustificado non acadase o importe total previsto na cláusula segunda, a Deputación só achegará o importe que represente o 77,68619% % da cantidade efectivamente xustificada. Agora ben, se a cantidade xustificada resulta inferior ao 75 % do orzamento previsto na cláusula segunda, entenderase que a finalidade básica da subvención non foi cumprida e perderase o dereito ao seu cobro.

3. O importe do financiamento provincial farase efectivo con cargo á aplicación orzamentaria 0520/92052/42111, na que a Intervención provincial ten certificado que existe crédito dabondo sobre a que se ten contabilizado a correspondente retención de crédito.

4. A subvención da Deputación é compatible coa percepción doutras subvencións ou axudas, públicas ou privadas, que o CSIC obteña para a mesma finalidade, sempre que o seu importe, xuntamente co da subvención provincial, non supere en ningún caso o importe total do gasto efectivamente xustificado.

5. No caso de que a concorrencia de axudas ou subvencións supere o importe do gasto efectivamente xustificado, minorarase a aportación provincial no importe necesario para darlle estrito cumprimento ao apartado anterior.

IV. CONTRATACIÓN E EXECUCIÓN

1. O outorgamento dos contratos de servizos, asistencia ou subministros necesarios para a execución do obxecto do convenio corresponderalle á entidade beneficiaria.

Non se poderá contratar a realización de prestacións con persoas ou entidades vinculadas á entidade beneficiaria, nin con calquera outra na que concorra algunha das circunstancias ás que se refire o artigo 29.7 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de subvencións.

2. No procedemento de contratación, a entidade beneficiaria axustarase toda a súa actuación ao disposto na lexislación de contratos do sector público.

3. No caso de que a entidade beneficiaria tramite e aprobe algunha modificación do proxecto inicialmente aprobado, así como do contrato adxudicado, deberá remitir á Deputación un exemplar do Proxecto modificado, achegando co mesmo os informes emitidos e a certificación do correspondente acordo.

V. PUBLICIDADE DO FINANCIAMENTO PROVINCIAL

1. Na publicidade pola que se dea a coñecer a realización das actividades, por medios escritos, radiofónicos, audiovisuais ou internet, deberase facer constar sempre o financiamento da Deputación Provincial da Coruña.

2. Coa memoria e conta xustificativa achegaranse documentos que acrediten o cumprimento desta obriga da entidade beneficiaria.

VI. XUSTIFICACIÓN NECESARIA PARA RECIBIR A ACHEGA PROVINCIAL

A achega da Deputación seralle abonada á entidade beneficiaria unha vez que se



presente a seguinte documentación:

a. Memoria de actuación, subscrita polo representante da entidade, xustificativa do cumprimento das condicións impostas neste convenio, coa indicación das actividades realizadas e dos resultados obtidos.

b. Certificación clasificada dos gastos realizados, na que se indiquen os acredores co seu NIF, os documentos xustificativos, os importes e, se fora o caso, datas de pago; tamén se indicarán as desviacións con respecto ao orzamento detallado na cláusula segunda.

Con esta relación achegaranse os orixinais ou copias debidamente compulsadas das facturas e demais xustificantes de gasto; no caso de que se presenten copias compulsadas, con carácter previo á compulsas deberá estenderse unha dilixencia sobre o orixinal na que se deixe constancia de que foi presentada como xustificante de gasto para o cobro dunha subvención outorgada pola Deputación da Coruña.

Os gastos e as correspondentes facturas referiranse exclusivamente ás actividades realizadas durante o presente ano.

c. Certificación da aprobación das facturas e demais documentos xustificativos polo órgano competente.

d. Acreditación do cumprimento das obrigas tributarias e coa Seguridade Social, segundo o previsto na cláusula oitava.

e. Declaración de todos os ingresos de natureza pública ou privada obtidos para a mesma finalidade, con indicación do seu importe e procedencia, así como dos propios ingresos que xere a actividade subvencionada ou, pola contra, manifestación de que non se obtiveron outros ingresos para mesma finalidade, asinada polas persoas que exerzan a responsabilidade de tesouraría e a representación legal da entidade.

f. Acreditación do cumprimento da obriga de facer constar a colaboración da Deputación da Coruña en toda a información (impresa, informática ou audiovisual) que fixera das actividades subvencionadas.

VII. TERMO PARA A REALIZACIÓN DA ACTIVIDADE E PRAZO DE XUSTIFICACIÓN

1. As actividades que son obxecto de financiamento provincial, tal como están descritas na cláusula primeira, deberán estar realizadas entre o 01 de xaneiro de 2026 e o 31 de decembro de 2026.

2. Unha vez rematadas as actividades, o CSIC deberá presentar a xustificación documental á que se refire a cláusula sexta antes do vencemento do período de vixencia do convenio establecido na cláusula XIII.

3. De conformidade co disposto no artigo 70.3 do Regulamento da Lei de subvencións (Real decreto 887/2006, do 21 de xullo), transcorrido este derradeiro prazo sen que se teña recibido xustificación ningunha, a Unidade xestora remitiralle un requirimento ao CSIC para que a presente no prazo improrrogable de quince días.

A falta de xustificación da subvención neste prazo excepcional conlevará a perda da subvención e demais responsabilidades previstas neste convenio e na lexislación aplicable ao respecto. Aínda así, a presentación da xustificación neste prazo adicional non eximirá ao CSIC da sanción que, de conformidade co disposto na Lei de subvencións e na Ordenanza Xeral de Subvencións e Transferencias da Deputación, lle poida corresponder.

4. O aboamento da subvención materializarase mediante ingreso na conta da entidade financeira indicada polo CSIC na documentación presentada.



VIII. ACREDITACIÓN DO CUMPRIMENTO DAS OBRIGAS TRIBUTARIAS E COA SEGURIDADE SOCIAL

1. O CSIC deberá estar ao día, con carácter previo á sinatura deste convenio, e logo, con carácter previo ao pagamento da subvención, no cumprimento das obrigas tributarias coa Administración do Estado, coa Comunidade autónoma, coa Deputación Provincial da Coruña, e coa Seguridade Social.
2. A acreditación do cumprimento de ditas obrigas poderá realizarse mediante declaración responsábel expedida autorizada polo órgano competente, mediante a presentación dos correspondentes certificado ou ben autorizando á Deputación a que obteña telemáticamente os correspondentes certificados.
3. A acreditación do cumprimento das obrigas tributarias coa Deputación Provincial determinarase de oficio por ésta.

IX.- DESTINO E MANEXO DOS FONDOS RECIBIDOS

1. O CSIC destinará os fondos recibidos ao pagamento dos xustificantes de gasto presentados.
2. Co fin de garantir un axeitado control da aplicación dos fondos, o pagamento deberá quedar acreditado documentalmente mediante a utilización de transferencia bancaria, tarxeta de débito ou crédito, cheque nominativo ou calquera outro medio que deixe constancia da data de pago e da identidade do perceptor; só excepcionalmente se poderá realizar o pago en metálico para gastos de ata 150,00 €, nos que non resulte posible a utilización dun dos medios anteriormente indicados.

X. CONTROL FINANCEIRO DA DEPUTACIÓN E DOS ÓRGANOS DE CONTROL EXTERNO

1. Consonte ao disposto nos artigos 44 e seguintes da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións, e nos artigos 41 e seguintes da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia, o CSIC poderá ser escolleito pola Intervención provincial para a realización dun control financeiro sobre a subvención pagada, co fin de acreditar a efectiva aplicación dos fondos á finalidade para a que foron concedidos, o correcto financiamento da actividade e o cumprimento de tódalas demais obrigas formais e materiais que lle impón o presente convenio de colaboración.
2. Asemade, de acordo co previsto na lei 6/1985, de 24 de xuño, do Consello de Contas de Galicia, o CSIC queda sometido aos procedementos de fiscalización que leven a cabo o Consello de Contas de Galicia ou, no seu caso, segundo o previsto na Lei orgánica 2/1982, de 12 de maio, aos procedementos de enxuiamento contable que poida incoar o Tribunal de Contas, e a calquera outro órgano de control, nacional ou europeo.

XI. REINTEGRO, INFRACCIÓNS E SANCIÓNS

1. O incumprimento dalgunha das cláusulas previstas no presente convenio de colaboración poderá conlevar a obriga de reintegro parcial ou total dos fondos recibidos, así como ao pago dos xuros de demora que se devenguen desde o día no que se realizou o pago ata o momento no que se acorde a procedencia do reintegro. O procedemento de reintegro iniciárase de oficio na súa tramitación seguirase o disposto nos artigos 41 e seguintes da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de subvencións e nos artigos 91 e seguintes do seu Regulamento (R.D. 887/2006, do 21 de xullo), dándolle en todo caso audiencia ao interesado.
- 2.- Sen prexuízo do anterior, o incumplimento tamén poderá ser constitutivo dalgunha das infraccións tipificadas na Lei 38/2003, de 17 de novembro, ou na Lei 9/2007, de 13 de



xuño, de subvencións de Galicia, sendo de aplicación o cadro de sancións previsto nas normas citadas e na Ordenanza provincial xeral de subvencións e transferencias (BOP nº 185, do 29 de setembro de 2025).

3.- Para os supostos de retraso na realización das actividades ou na presentación da xustificación estarase ao disposto na Ordenanza provincial xeral de subvencións e transferencias (BOP nº 185, do 29 de setembro de 2025).

XII. INCORPORACIÓN AO REXISTRO PÚBLICO DE SUBVENCÍONS E PUBLICIDADE DA SUBVENCIÓN CONCEDIDA

1. No cumprimento do disposto no artigo 20.1 da Lei 38/2003, xeral de subvencións, e demais normativa de desenvolvemento, os datos da subvención concedida e a identificación da entidade beneficiaria serán remitidas á Intervención Xeral do Estado, para que sexan incorporados á Base de Datos Nacional de Subvencións, coa exclusiva finalidade prevista en dito precepto.

2. Asemade, no cumprimento do disposto no artigo 16.3 da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia, a Deputación remitiralle a mesma información á Consellería de Economía y Facenda, co fin de que a incorpore ao rexistro público de axudas, subvencións e convenios da Comunidade Autónoma de Galicia.

3. Un exemplar deste convenio, debidamente asinado, será incorporado ao rexistro de convenios que depende do Servizo de Contratación da Deputación.

XIII. VIXENCIA DO CONVENIO, PRÓRROGA OU MODIFICACIÓN

1. O prazo de vixencia do presente convenio finalizará o 31 de outubro de 2027 e terá efectos retroactivos, polo que as actividades contempladas nel poderán terse realizado dende o 01 de xaneiro de 2026.

2. Para o caso de que o CSIC non poda executar as actividades e/ou presentar a xustificación antes do 31 de outubro de 2027, deberá solicitar antes desta data, a prórroga do prazo inicial, achegando unha solicitude motivada, co fin de que a Deputación poida acreditar a existencia de crédito adecuado e suficiente para o pago que proceda, do importe correctamente xustificado. Acreditada esta circunstancia, a Deputación poderá conceder a prórroga solicitada, que en ningún caso poderá exceder do 31 de decembro de 2027. A esta data, o convenio quedará definitivamente extinguido, de xeito que a entidade beneficiaria perderá o dereito ao cobro do importe correspondente á contía non xustificada a dita data.

3. Tamén, por acordo expreso de ambas as dúas partes e previos os informes da Unidade Xestora, do Servizo de Contratación, da Secretaría Xeral e da Intervención Provincial da Deputación, o convenio poderá ser obxecto de modificación. En ningún caso, se poderá modificar o convenio variando substancialmente o obxecto da subvención concedida e prevista nominativamente por acordo plenario.

XIV. NATUREZA, INTERPRETACIÓN, MODIFICACIÓN E XURISDICIÓN COMPETENTE

1. O presente convenio ten natureza administrativa e para resolver as dúbidas que xurdan na interpretación das súas cláusulas aplicaranse as disposicións contidas na Lei 38/2003, de 18 de novembro, xeral de subvencións, e na Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia; supletoriamente aplicarase a lexislación de contratos do sector público.

2. A interpretación das dúbidas e lagoas que poidan xurdir na aplicación do presente convenio corresponderalle ao Presidente da Deputación, previos os informes preceptivos da Unidade xestora, da Secretaría e da Intervención provincial.



3. Corresponderalle aos órganos da xurisdición contencioso-administrativa, segundo a distribución de competencias prevista na Lei 29/1998, de 13 de xullo, reguladora de dita xurisdición, o coñecemento das cuestións litixiosas que poidan xurdir como consecuencia do presente convenio.

Faise constar que o presente convenio foi aprobado por acordo do Pleno Corporativo de data _____ de _____

E en proba de conformidade asinan por duplicado exemplar o presente convenio no lugar e data indicados no encabezamento.

Pola Deputación provincial da Coruña

Polo CSIC

Asdo:

Asdo:

O Secretario Xeral da Deputación Provincial A Coruña

Asdo.

”

32.- Aprobación da formalización dun convenio administrativo de colaboración entre a Deputación Provincial da Coruña e a Asociación de empresarios, comerciantes e traballadores autónomos da Pobra do Caramiñal, para financiar o proxecto de "Recuperación e Equipamento do Local da Asociación de Empresarios, Comerciantes e Autónomos da Pobra do Caramiñal".

VOTACIÓN

Votan a favor: 31 deputados/as (14 do PP, 10 do PSOE, 6 do BNG e 1 de Alternativa dos Veciños).

Votan en contra: ningún/ha deputado/a

Abstéñense: ningún/ha deputado/a

ACORDO

O Pleno, por unanimidade, acorda:

“1. Levantar o reparo emitido pola Intervención da Deputación da Coruña no seu informe con data 05 de xuño de 2026 conforme o artigo 217 do texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais aprobado polo Real Decreto 2/2004, de 5 de marzo.

2. Exceptuar para o presente convenio os principios de concorrencia, publicidade, igualdade e non discriminación na tramitación do presente expediente, dada a existencia

**RPT-6654235



de causas excepcionais que xustifican a concesión dunha subvención nominativa, por existir razóns suficientes de interese público, social, económico ou humanitario. Estes principios atópanse recollido nos artigos 22.2 da Lei xeral de subvencións e 65 a 67 do seu regulamento.

3. Aprobar a concesión da subvención nominativa por importe de 24.000,00€ á Asociación de Empresarios, Comerciantes e Traballadores Autónomos da Pobra do Caramiñal, NIF G15158199 para financiar o proxecto “RECUPERACIÓN E EQUIPAMENTO DO LOCAL DA ASOCIACIÓN DE EMPRESARIOS, COMERCIANTES E AUTÓNOMOS DA POBRA DO CARAMIÑAL”, no marco do PLAN DE EMPREGO LOCAL, PEL, anualidade 2026.

4. Imputar o gasto con cargo á aplicación orzamentaria 0520/24100/781 do vixente orzamento xeral.

5. Aprobar o texto do convenio que se recolle a continuación.

6. Publicar a concesión da subvención directa na BDNS e notificar ao interesado

./2026

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A EXCMA. DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA E A ASOCIACION DE EMPRESARIOS, COMERCIANTES E TRABALLADORES AUTONOMOS POBRA DO CARAMIÑAL PARA FINANCIAR A “RECUPERACIÓN E EQUIPAMENTO DO LOCAL DA ASOCIACIÓN DE EMPRESARIOS, COMERCIANTES Y TRABAJADORES AUTÓNOMOS DA POBRA DO CARAMIÑAL”, NO MARCO DO PLAN DE EMPREGO LOCAL (PEL), ANUALIDADE 2026

Na Coruña, a de de na sede da Deputación Provincial da Coruña

Ante min, Miguel Iglesias Martínez, Secretario Xeral da Deputación Provincial da Coruña, como fedatario actuante

REUNIDOS

D., en representación da Deputación Provincial da Coruña
D., en representación da Asociación de empresarios, comerciantes e traballadores autónomos da Pobra do Caramiñal

Actuando no exercicio dos seus respectivos cargos e na representación que ostentan, e recoñecéndose reciprocamente capacidade para obrigarse nos termos deste documento

MANIFESTAN

Que a Excma. Deputación Provincial da Coruña e a Asociación de empresarios, comerciantes e traballadores autónomos da Pobra do Caramiñal consideran de grande interese para a provincia dinamizar o sector empresarial e económico e apoiar aos



comerciantes e autónomos, con actividades múltiples de asesoramento, formación e apoio nos diferentes ámbitos aos que están vinculados.

Que ambas as dúas entidades apostan polo desenvolvemento económico e a cohesión empresarial local, impulsando un desenvolvemento territorial sostible e responsable.

Que dado o interese coincidente da Deputación da Coruña e da Asociación de empresarios, comerciantes e traballadores autónomos da Pobra do Caramiñal, no marco dos seus fins e competencias, ambas as dúas partes

ACORDAN

Formalizar o presente CONVENIO DE COLABORACIÓN conforme ás seguintes cláusulas:

CLÁUSULAS

I.- OBXECTO

O presente convenio ten por obxecto establecer as bases de colaboración entre a Deputación da Coruña e Asociación de empresarios, comerciantes e traballadores autónomos da Pobra do Caramiñal, CIF G15158199, para o financiamento do proxecto de “Recuperación e Equipamento do Local da Asociación de Empresarios, Comerciantes e Autónomos da Pobra do Caramiñal”.

O proxecto consiste na recuperación e adquisición de equipamento do local da Asociación de empresarios, comerciantes e traballadores autónomos da Pobra do Caramiñal, co fin de dispoñer dun espazo funcional, que permita o desenvolvemento das actividades da entidade.

II.- ORZAMENTO

Segundo a memoria achegada pola Asociación de empresarios, comerciantes e traballadores autónomos da Pobra do Caramiñal, o orzamento máximo ascende a 30.000,00€ conforme ao seguinte detalle:

Partida	Concepto	Cantidade	Custe unitario estimado	Total	Xustificación
Equipamento informático	Ordenadores de sobremesa completos (monitor, teclado, software básico)	3	900,00€	2.700,00€	Modernización xestión, cursos e dixitalización asociados
Equipamento audiovisual	Proxector Full HD+ pantalla retráctil	1	1.200,00€	1.200,00€	Formación e relatorios colectivos
Mobiliario sala cursos	Substitución butacas ancladas	40	75,00€	3.000,00€	Flexibilidade e accesibilidade



	por sillas m3viles con pala				en actividades formativas
Obra civil sala grande	Retirada de butacas, adecuaci3n do espazo, pintura, instalaci3n el3ctrica adaptada	Lote	-	15.000,00€	Adecuar espazos a usos m3ltiples, mellorar condici3ns
Mobiliario oficina	Postos de traballo mesas, arquivadores, etc	3	-	2.500,00€	Xesti3n documental segura
Reprografia	Fotocopiadora multifunci3n rede	1	2.000,00€	2.000,00€	Ferramenta para documentaci3n e servizos asociados
Pintura e melloras xerais	Pintado completo zonas com3ns e sala grande	-	m/2	3.600,00€	Imaxe coidada e funcionalidade
TOTAL	30.000,00€				

III.- FINANCIAMENTO PROVINCIAL E OUTROS INGRESOS QUE SE OBTENAN OU ACHEGUEN PARA A MESMA FINALIDADE

1. A Deputaci3n da Coru3a financiar3 o orzamento para a recuperaci3n do local e a adquisici3n do equipamento, tal e como se define na cl3usula anterior, cunha achega m3xima de **24.000,00 euros**, o que representa unha porcentaxe do 80,00%.

2. No caso de que o gasto xustificado non acadase o importe total previsto na cl3usula segunda, a Deputaci3n s3 achegar3 o importe que represente o 80,00%, da cantidade efectivamente xustificada. Agora ben, se a cantidade xustificada resulta inferior ao 75 por cento do orzamento previsto na cl3usula segunda, entenderase que a finalidade b3sica da subvenci3n non foi cumprida e perderase o dereito ao cobro da mesma.

3. A Deputaci3n provincial financiar3 exclusivamente os gastos derivados da recuperaci3n do local e a subministraci3n e instalaci3n dos bens m3bles.

4. O importe do financiamento provincial farase efectivo con cargo 3 aplicaci3n orzamentaria 0520/24100/781, na que a Intervenci3n provincial ten certificado que existe cr3dito dabondo sobre a que se ten contabilizado a correspondente retenci3n de cr3dito.

5. A subvenci3n da Deputaci3n 3 compatible coa percepci3n doutras subvenci3ns ou axudas, p3blicas ou privadas, que a entidade beneficiaria obte3a para a mesma finalidade, sempre que o seu importe, xuntamente co da subvenci3n provincial, non supere en ning3n caso o importe total do gasto efectivamente xustificado.

6. No caso de que a concorrancia de axudas ou subvenci3ns supere o importe do gasto efectivamente xustificado, minorarase a achega provincial no importe necesario para darlle estricto cumprimento ao apartado anterior.



IV.- CONTRATACIÓN E EXECUCIÓN

1. Na condición de adquirente, corresponderalle á Asociación de empresarios, comerciantes e traballadores autónomos da Pobra do Caramiñal o outorgamento do contrato de subministracións e das accións de recuperación do local descrita no proxecto ao que fai referencia a cláusula primeira.
2. No procedemento de contratación, a Asociación de empresarios, comerciantes e traballadores autónomos da Pobra do Caramiñal axustará toda a súa actuación ao disposto na lexislación de contratos do sector público.
3. Se o importe dalgunha das subministracións ou obras supera os 15.000,00€, con carácter previo á contratación, a Asociación de empresarios, comerciantes e autónomos da Pobra do Caramiñal deberá solicitar alomenos tres orzamentos a distintos provedores. Entre as ofertas recibidas, deberase elixir unha delas de acordo con criterios de eficiencia e economía, debendo xustificarse expresamente nunha memoria a elección cando non recaia sobre a oferta máis vantaxosa economicamente”.

V.- DIFUSIÓN DO FINANCIAMENTO PROVINCIAL

1. No contrato e nos anuncios de licitación para a recuperación do local e a adquisición do equipamento, farase constar o importe do financiamento provincial.
2. Adquirido o ben ou equipamento e realizadas as obras, a Asociación de empresarios, comerciantes e autónomos da Pobra do Caramiñal, deberá colocar un cartel no taboleiro de anuncios do local da asociación ou en calquera outro lugar visible no que figure o anagrama provincial e no que se deixe constancia da data de adquisición e do financiamento provincial. O texto estará redactado en galego.

VI.- XUSTIFICACIÓN NECESARIA PARA RECIBIR A ACHEGA PROVINCIAL

1. Coa posibilidade prevista no artigo 31 da Ordenanza Xeral de Subvencións e Transferencias da Deputación, ata o 50 por cento da achega da Deputación ten carácter prepagable, de xeito que se procederá a expedir un primeiro pagamento a prol da Asociación de empresarios, comerciantes e autónomos da Pobra do Caramiñal pola contía resultante de aplicar a dita porcentaxe sobre o importe de adxudicación do contrato de subministracións, unha vez que presente ou conste na Deputación provincial a seguinte documentación:

- Certificación do acordo de adxudicación definitiva do contrato subministracións, na que se fagan constar alomenos os seguintes datos: persoa adxudicataria, imprte do contrato e prazo de execución.
- Acreditación do cumprimento das obrigas tributarias e coa Seguridade social, segundo o disposto na cláusula OITAVA.
- Declaración doutras axudas ou subvencións solicitadas ou concedidas para a mesma finalidade.

A Asociación estará obrigada a colocar un cartel que sexa visible no que, sen prexuízo doutras indicacións, figure o disposto na cláusula V.-2 de publicidade.

2. Formalizado en documento público o contrato, procederase ao abono do 50 por cento

**RPT-6654235



restante, unha vez que se presente ou conste na Deputación provincial a seguinte documentación (en orixinal ou compulsada):

- Certificación acreditativa do pago do ben.
- Certificación do acordo da incorporación do ben ao inventario de bens da Asociación, facendo constar nos correspondentes asentos que o ben queda afectado á finalidade pública para a que foi concedida a subvención alomenos durante un prazo de CINCO anos **no caso dos bens subministrados, e de DEZ anos en relación co local e aula obxecto das obras.**

VII.- TERMO PARA O REMATE DAS OBRAS, ADQUISICIÓN DO EQUIPAMENTO E PRAZO DE XUSTIFICACIÓN

1. As obras e a adquisición dos bens que son obxecto de financiamento provincial, tal e como se describe na cláusula PRIMEIRA, realizaranse entre o **1 de xullo de 2026 e o 1 de xullo de 2027**, e en todo caso, antes do vencemento do período de vixencia do convenio establecido na cláusula DECIMOTERCEIRA.

2 Unha vez realizada a adquisición, a Asociación de empresarios, comerciantes a traballadores autónomos da Pobra do Caramiñal deberá presentar a xustificación documental á que se refire a cláusula SEXTA antes do vencemento do período de vixencia do convenio establecido na cláusula DECIMOTERCEIRA.

3. De conformidade co disposto no artigo 70.3 do Regulamento da Lei de subvencións (Real decreto 887/2006, do 21 de xullo), transcorrido este derradeiro prazo sen que se teña recibido xustificación ningunha, a unidade xestora remitiralle un requirimento á Asociación de empresarios, comerciantes e traballadores autónomos da Pobra do Caramiñal para que a presente no prazo improrrogable de QUINCE DÍAS. A falla de xustificación da subvención neste prazo excepcional dará lugar á perda da subvención e demais responsabilidades previstas neste convenio e na lexislación aplicable ao respecto. Aínda así, a presentación da xustificación neste prazo adicional non eximirá á entidade da sanción que, de conformidade co disposto na Lei de subvencións e na Lei de subvencións e na ordenanza provincial de desenvolvemento que resulte aplicable, lle poida corresponder.

4. O aboamento da subvención materializarase mediante ingreso na conta da entidade financeira indicada pola Asociación de empresarios, comerciantes e traballadores autónomos da Pobra do Caramiñal na documentación achegada.

VIII.- CUMPRIMENTO DAS OBRIGAS TRIBUTARIAS E COA SEGURIDADE SOCIAL

1. A Asociación de empresarios, comerciantes e traballadores autónomos da Pobra do Caramiñal deberá estar ao día, con carácter previo á sinatura deste convenio, e logo, con carácter previo ao pago da subvención, no cumprimento das obrigas tributarias coa Administración do Estado, coa Comunidade autónoma, coa Deputación Provincial da Coruña, e coa Seguridade Social.

2. A acreditación do cumprimento das ditas obrigas poderá realizarse mediante a presentación dos correspondentes certificados ou ben autorizando á Deputación a que obteña telemáticamente os correspondentes certificados. A acreditación do cumprimento das obrigas tributarias coa Deputación Provincial determinarase de oficio por ésta.



IX.- DESTINO E MANEXO DOS FONDOS RECIBIDOS

1. A Asociación de empresarios, comerciantes e traballadores autónomos da Pobra do Caramiñal destinará os fondos recibidos ao pagamento dos xustificantes de gasto presentados.
2. Co fin de garantir un axeitado control da aplicación dos fondos, o pagamento deberá quedar acreditado documentalmente mediante a utilización de transferencia bancaria, tarxeta de débito ou crédito, cheque nominativo ou calquera outro medio que deixe constancia da data de pago e da identidade do perceptor. Só excepcionalmente se poderá realizar o pago en metálico para gastos de ata 150,00€, nos que non resulte posible a utilización dun dos medios anteriormente indicados.

X.- CONTROL FINANCEIRO DA DEPUTACIÓN E DOS ÓRGANOS DE CONTROL EXTERNO.

1. Consonte ao disposto nos artigos 44 e seguintes da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións, e nos artigos 41 e seguintes da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de Subvencións de Galicia, a Asociación de empresarios, comerciantes e traballadores autónomos da Pobra do Caramiñal poderá ser escollida pola Intervención provincial para a realización dun control financeiro sobre a subvención pagada, co fin de acreditar a efectiva aplicación dos fondos á finalidade para a que foron concedidos, o correcto financiamento da actividade e o cumprimento de tódalas demais obrigas formais e materiais que lle impón o presente convenio de colaboración.
2. Asemade, de acordo co previsto na lei 6/1985, de 24 de xuño, do Consello de Contas de Galicia, a Asociación de empresarios, comerciantes e traballadores autónomos da Pobra do Caramiñal queda sometida aos procedementos de fiscalización que leven a cabo o Consello de Contas de Galicia ou, no seu caso, segundo o previsto na Lei orgánica 2/1982, de 12 de maio, aos procedementos de enxuiamento contable que poida incoar o Tribunal de Contas, e a calquera outro órgano de control, nacional ou europeo.

XI.- REINTEGRO, INFRACCIÓNS E SANCIÓN.

1. O incumprimento dalgunha das cláusulas previstas no presente convenio de colaboración poderá dar lugar a obriga de reintegro parcial ou total dos fondos recibidos, así como ao pago dos xuros de demora que se devenguen desde o día no que se realizou o pago ata o momento no que se acorde a procedencia do reintegro. O procedemento de reintegro iniciárase de oficio na súa tramitación seguirase o disposto nos artigos 41 e seguintes do seu Regulamento (R.D. 887/2006, do 21 de xullo), dándolle en todo caso audiencia ao interesado.
2. Sen prexuízo do anterior, o dito incumprimento tamén poderá ser constitutivo dalgunha das infraccións tipificadas na Lei 38/2003, de 17 de novembro, ou na Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia, séndolle de aplicación o cadro de sancións previstos nas normas citadas e na ordenanza provincial de desenvolvemento que resulte aplicable.
3. Para os supostos de retraso na realización das actividades ou retraso na presentación da xustificación se estará ao disposto na ordenanza provincial de desenvolvemento que resulte aplicable.



XII.- INCORPORACIÓN AO REXISTRO PÚBLICO DE SUBVENCÍONS E PUBLICACIÓN DA SUBVENCIÓN CONCEDIDA.

1. No cumprimento do disposto no artigo 20.1 da Lei 38/2003, xeral de subvencións, e demais normativa de desenvolvemento, os datos da subvención concedida e a identificación da Asociación de empresarios, comerciantes e traballadores autónomos da Pobra do Caramiñal serán remitidas á Intervención xeral do Estado, para que sexan incorporados á Base de Datos Nacional de Subvencións, coa exclusiva finalidade prevista en dito precepto e co debido respecto á protección dos datos de carácter persoal, segundo o previsto na Lei orgánica 3/2018, de 5 de decembro, de Protección de Datos Persoais e garantía dos dereitos dixitais.
2. Asemade, no cumprimento do disposto no artigo 16.3 da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de Subvencións de Galicia, a Deputación remitiralle a mesma información á Consellería de Economía e Facenda, co fin de que a incorpore ao Rexistro público de axudas, subvencións e convenios da Comunidade autónoma de Galicia.
3. Segundo o previsto no artigo 18 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de subvencións, a concesión da subvención á Asociación de empresarios, comerciantes e traballadores autónomos da Pobra do Caramiñal será publicada no Boletín Oficial da Provincia da Coruña e na páxina web www.dacoruna.gal
4. Un exemplar deste convenio, debidamente asinado, será incorporado ao Rexistro de convenios que depende do Servizo de Contratación da Deputación.

XIII.- VIXENCIA DO CONVENIO, PRÓRROGA OU MODIFICACIÓN

1. O presente convenio de colaboración producirá efectos desde a súa sinatura e conservará a súa vixencia ata o **31 de decembro de 2027**.
2. Previa solicitude da Asociación de empresarios, comerciantes e traballadores autónomos da Pobra do Caramiñal, realizada alomenos dous meses antes da data indicada anteriormente, o convenio poderá ser prorrogado por acordo expreso de ambas as dúas partes tomado antes de que expire a súa vixencia inicial e previos os informes preceptivos da Unidade xestora, do Servizo de Patrimonio e Contratación, da Secretaría e da Intervención da Deputación.
3. Tamén por acordo expreso de ambas as dúas partes e por causa debidamente xustificada, e previos os mesmos informes indicados no apartado anterior, o convenio poderá ser obxecto de modificación.

XIV.- NATUREZA, INTERPRETACIÓN, MODIFICACIÓN E XURISDICCIÓN COMPETENTE

1. O presente convenio ten natureza administrativa e para resolver as dúbidas que xurdan na interpretación das súas cláusulas aplicaranse as disposicións contidas na Lei 38/2003, de 18 de novembro, xeral de Subvencións, e na Lei 9/2007, de 13 de xuño, de Subvencións de Galicia. Supletoriamente aplicarase a lexislación de contratos do sector público.
2. Para o seguimento coordinado da execución do presente convenio crearase unha comisión de seguimento formada por dous representantes de cada unha das partes nomeados polo presidente da Deputación e o da Asociación de empresarios,



comerciantes e traballadores autónomos da Pobra do Caramiñal, respectivamente.

3. Corresponderalle aos órganos da xurisdición contencioso-administrativa, segundo a distribución de competencias disposta na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora de dita xurisdición, o coñecemento das cuestións litixiosas que poidan xurdir como consecuencia do presente convenio.

Faise constar que o presente convenio foi aprobado por _____ do día ____ de ____ de ____

E, en proba de conformidade, as partes comparecentes asinan en exemplar cuaduplicado o presente convenio, no lugar e data indicados no encabezamento.

Pola Deputación da Coruña

Pola Asociación de
empresarios, comerciantes e
traballadores autónomos da Pobra do
Caramiñal

Asdo:

Asdo:

O Secretario Xeral da Deputación Provincial A Coruña

Asdo. ”

33.- Aprobación da formalización dun convenio administrativo de colaboración entre a Deputación Provincial da Coruña e o Concello de Boiro para financiar o proxecto "Encontros no Viveiro-Experiencias BoViño", no marco da Rede Provincial de Coworking do Plan de Emprego Local (PEL), anualidade 2026.

VOTACIÓN

Votan a favor: 31 deputados/as (14 do PP, 10 do PSOE, 6 do BNG e 1 de Alternativa dos Veciños).

Votan en contra: ningún/ha deputado/a

Abstéñense: ningún/ha deputado/a

ACORDO

O Pleno, por unanimidade, acorda:

“1. Levantar o reparo emitido pola Intervención da Deputación da Coruña no seu informe con data 17 de xuño de 2026 conforme o artigo 217 do texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais aprobado polo Real Decreto 2/2004, de 5 de marzo.



2. Exceptuar para o presente convenio os principios de concorrência, publicidade, igualdade e non discriminación na tramitación do presente expediente, dada a existencia de causas excepcionais que xustifican a concesión dunha subvención nominativa, por existir razóns suficientes de interese público, social, económico ou humanitario. Estes principios atópanse recollido nos artigos 22.2 da Lei xeral de subvencións e 65 a 67 do seu regulamento.

3. Aprobar a concesión da subvención nominativa por importe de 8.000,00€ ao CONCELLO DE BOIRO NIF P1501100J para financiar o proxecto "ENCONTROS NO VIVEIRO- EXPERIENCIAS BOVIÑO", no marco do PLAN DE EMPREGO LOCAL, PEL, anualidade 2026.

4. Imputar o gasto con cargo á aplicación orzamentaria 0520/24100/781 do vixente orzamento xeral.

5. Aprobar o texto do convenio que se recolle a continuación.

6. Publicar a concesión da subvención directa na BDNS e notificar ao interesado.

/2026

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A EXCMA. DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA E O CONCELLO DE BOIRO PARA FINANCIAR O PROXECTO "ENCONTROS NO VIVEIRO-EXPERIENCIAS BOVIÑO", NO MARCO DO PLAN DE EMPREGO LOCAL (PEL), ANUALIDADE 2026

Na Coruña, a de de na sede da Deputación Provincial da Coruña

Ante min, Miguel Iglesias Martínez, Secretario Xeral da Deputación Provincial da Coruña, como fedatario actuante

REUNIDOS

Don/a, en representación da Excma. Deputación Provincial da Coruña,

Don/a, en representación do Concello de Boiro

Actuando no exercicio dos seus respectivos cargos e na representación que ostentan, e recoñecéndose reciprocamente capacidade para obrigarse nos termos deste documento

MANIFESTAN

Que a Excma. Deputación provincial da Coruña e o Concello de Boiro consideran de grande interese para a provincia o fomento do emprendemento, a posta en valor do sector primario, especialmente vitivinícola, así como o relevo xeracional neste sector.



Que ambas as dúas entidades apostan por iniciativas de promoción económica no territorio provincial, vinculadas á creación de novos postos de traballo e á busca de novas oportunidades de negocio no ámbito rural da provincia, impulsando un desenvolvemento territorial sostible e responsable.

Que dado o interese coincidente da Deputación da Coruña e do Concello de Boiro, no marco dos seus fins e competencias, ambas as dúas partes acordan subscribir un convenio conforme ás seguintes

CLÁUSULAS

I.- OBXECTO

O presente convenio ten por obxecto establecer as bases de colaboración entre a Deputación da Coruña e o Concello de Boiro, con CIF P1501100J, para o financiamento do proxecto "ENCONTROS NO VIVEIRO-EXPERIENCIAS BOVIÑO", no marco do Plan de Emprego Local (PEL), anualidade 2026.

O obxectivo principal de "Encontros no Viveiro-Experiencias BoViño" é o fomento do emprendemento, a posta en valor do sector primario, especialmente vitivinícola e a dinamización da comarca do Barbanza.

II.- ORZAMENTO

O Concello de Boiro levará a cabo as actividades programadas, segundo se definen na cláusula anterior, consonte ao seguinte orzamento:

Concepto	Orzamento	IVE (21%)	TOTAL
Contratacións externas: contratación de 12 relatores especializados e dietas	2.000€	420€	2.420€
Contratacións externas: Transporte	1.000€	210€	1.210€
Contratacións externas: Acto de recepción	2.500€	525€	3.025€
Contratacións externas: Loxística para cambio de esceario segundo o relator (12 relatores)	250€	52,50€	302,50€
Contratacións externas: Sonido + adecuación de espazos + mobiliario	3.000€	630€	3.630€



Contratacións externas: Fotografía + vídeo	600€	126€	726€
Contratacións externas: Marketing, publicidade, RRSS e prensa	1.500€	315€	1.815€
Contratacións externas: Idea + produción	3.000€	630€	3.630€
Contratacións externas: Auxiliar de cata para servir as 2400 catas previstas	700€	147€	847€
TOTAL	14.550€	3.055,50€	17.605,50 €

III.- FINANCIAMENTO PROVINCIAL E OUTROS INGRESOS QUE SE OBTENAN OU ACHEGUEN PARA A MESMA FINALIDADE

1. A Deputación Provincial da Coruña contribuirá ao financiamento da actividade, tal como se define na cláusula primeira, cunha achega máxima de 8.000,00 euros o que representa unha porcentaxe do 45,44035%.

A cantidade restante, ata alcanzar o importe total do orzamento da actividade, está financiada con cargo a recursos propios ou alleos, acreditando a entidade beneficiaria que ten consignado o crédito axeitado e suficiente para imputar a totalidade do gasto correspondente á entidade.

No caso de que o gasto xustificado non acadase o importe total previsto na cláusula segunda, a Deputación só alcanzará o importe que presente o 45,44035%, da cantidade efectivamente xustificada.

2. Agora ben, se a cantidade xustificada, resulta inferior ao 75% do orzamento previsto na cláusula segunda, entenderase que a finalidade básica da subvención non foi cumprida e perderase o dereito ao seu cobro.

3. O importe do financiamento provincial farase efectivo con cargo á aplicación orzamentaria 0520/24100/46201, na que a Intervención provincial ten certificado que existe crédito dabondo sobre a que se ten contabilizado a correspondente retención de crédito.

4. A subvención da Deputación é compatible coa percepción doutras subvencións ou axudas, públicas ou privadas, que a entidade beneficiaria obteña para a mesma finalidade, sempre que o seu importe, xuntamente co da subvención provincial, non supere en ningún caso o importe total do gasto efectivamente xustificado.

5. No caso de que a concorrencia de axudas ou subvencións supere o importe do gasto efectivamente xustificado, minorarase a achega provincial no importe necesario para darlle estrito cumprimento ao apartado anterior.



IV.- CONTRATACIÓN DA EXECUCIÓN

1.- O outorgamento dos contratos de servizos, asistencia ou subministros necesarios para a execución da actividade corresponderalle ao Concello de Boiro. Non se poderá contratar a realización de prestacións con persoas ou entidades vinculadas ao Concello de Boiro, nin con calquera outra na que concorran algunha das circunstancias ás que se refire o artigo 29.7 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións.

2.- A contratación cos terceiros para a execución dos servizos, asistencias ou subministracións necesarios realizarase con suxeición ás normas de contratación do sector público, utilizando para tal fin os pregos de condicións tipo da Deputación Provincial para os procedementos abertos e garantindo, en todo caso, os principios de publicidade, concorrência, igualdade e non discriminación. Procederá a utilización dos criterios e do prego provincial do procedemento negociado cando razóns de carácter científico, literario ou artístico dificulten ou impidan promover a concorrência

V.- PUBLICIDADE DO FINANCIAMENTO PROVINCIAL

1. Na publicidade pola que se de a coñecer a realización das actividades, ben sexa por medios escritos, radiofónicos, audiovisuais ou internet, deberase facer constar sempre o financiamento da Deputación Provincial da Coruña e se utilizará o logo oficial do Plan de Emprego Local (PEL), dispoñible na web: <https://www.dacoruna.gal/documentacion/logos/logotipos-pel/>

2. Coa memoria e conta xustificativa achegaranse os documentos que acrediten o cumprimento destas obrigas do Concello de Boiro.

VI.- A XUSTIFICACIÓN NECESARIA PARA RECIBIR A ACHEGA PROVINCIAL

A achega da Deputación seralle abonada ao Concello de Boiro unha vez que se presente de xeito telemático (a través da plataforma Subtel) a seguinte documentación:

1. Memoria xustificativa do cumprimento das condicións impostas na concesión da subvención con indicación das actividades realizadas, dos beneficiarios e dos resultados obtidos, debidamente asinada.

2. Certificación expedida polo Interventor ou polo secretario do concello, da relación clasificada dos gastos realizados con identificación dos acredores (nome de empresa e NIF ou, no seu caso, nome e apelidos completos e sen abreviaturas e NIF), dos conceptos de gasto e dos tipos de documentos (nº de factura ou documento equivalente, importe, data completa de emisión) e, no seu caso, datas de pago.

3. Certificación da aprobación das facturas e demais documentos xustificativos polo órgano competente.

Os gastos xustificados referiranse exclusivamente ás actividades realizadas durante o período de vixencia do convenio.

4. Relación detallada das subvencións ou axudas obtidas doutras administracións públicas ou entidades privadas para o mesmo obxecto ou, pola contra, declaración de non ter outras subvencións públicas ou privadas para o mesmo obxecto.



5. Acreditación do cumprimento das obrigas tributarias e coa Seguridade Social, segundo o previsto na cláusula oitava.

6. Acreditación do cumprimento da obriga de facer constar a colaboración da Deputación en toda a información (impresa, informática ou audiovisual) que se teña feito das actividades subvencionadas, establecida na cláusula quinta.

VII.- TERMO PARA A REALIZACIÓN DA ACTIVIDADE E PRAZO DE XUSTIFICACIÓN

1. As actividades que son obxecto de financiamento provincial, comprenden **dende o 1 de marzo de 2026 e ata o 31 de xullo de 2026**.

2. Unha vez rematadas as actividades, o Concello de Boiro deberá presentar a xustificación documental á que se refire a cláusula SEXTA no prazo máximo DUN MES contado a partir da finalización daquelas e, en calquera caso, DOUS MESES antes do vencemento do período de vixencia do convenio establecido na cláusula DECIMOTERCEIRA.

3. De conformidade co disposto no artigo 70.3 do Regulamento da Lei de subvencións (Real decreto 887/2006, do 21 de xullo), transcorrido este prazo sen que se teña recibido xustificación ningunha, a Unidade Xestora remitiralle un requirimento ao Concello de Boiro para que a presente no prazo improrrogable de QUINCE DÍAS.

A falla de xustificación da subvención neste prazo excepcional implicará a perda da subvención e demais responsabilidades previstas neste convenio e na lexislación aplicáble ao respecto, tal e como se indica na cláusula DÉCIMO TERCEIRA. Aínda así, a presentación da xustificación neste prazo adicional non eximirá ao Concello de Boiro da sanción que, de conformidade co disposto na Lei de subvencións e nas Bases de Execución do Orzamento da Deputación, poida corresponderlle.

VIII.- CUMPRIMENTO DAS OBRIGAS TRIBUTARIAS E COA SEGURIDADE SOCIAL E A SÚA ACREDITACIÓN

1. O Concello de Boiro deberá estar ao día, con carácter previo á sinatura deste convenio, e logo, con carácter previo ao pago da subvención, no cumprimento das obrigas tributarias coa Administración do Estado, coa Comunidade autónoma, coa Deputación Provincial da Coruña, e coa Seguridade Social.

2. A acreditación do cumprimento das ditas obrigas poderá realizarse mediante a declaración responsable expedida autorizada polo órgano competente, mediante a presentación dos correspondentes certificados ou ben autorizando á Deputación a que obteña telematicamente os correspondentes certificados.

3. A acreditación do cumprimento das obrigas tributarias coa Deputación Provincial determinarase de oficio por esta.

IX.- DESTINO E MANEXO DOS FONDOS RECIBIDOS

1. O Concello de Boiro destinará os fondos recibidos ao pagamento dos xustificantes de gasto presentados.

2. Co fin de garantir un axeitado control da aplicación dos fondos, o pagamento deberá

**RPT-6654235



quedar acreditado documentalmente mediante a utilización de transferencia bancaria, tarxeta de débito ou crédito, cheque nominativo ou calquera outro medio que deixe constancia da data de pago e da identidade do perceptor. Só excepcionalmente se poderá realizar o pago en metálico para gastos de ata 150,00€, nos que non resulte imposible a utilización dun dos medios anteriormente indicados.

3.- Sen prexuízo dos libros e rexistros contables que as normas xerais ou sectoriais lle poidan impor, o Concello de Boiro deberá contar polo menos cun rexistro cronolóxico de cobros e pagamentos no que se inclúan, entre outros, os relativos aos gastos xustificandos e aos ingresos declarados con respecto a esta subvención.

X.- CONTROL FINANCEIRO DA DEPUTACIÓN E DOS ÓRGANOS DE CONTROL EXTERNO

1. Consonte ao disposto nos artigos 44 e seguintes da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, e nos artigos 41 e seguintes da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia, o Concello de Boiro poderá ser escollido pola Intervención Provincial para a realización dun control financeiro sobre a subvención pagada, co fin de acreditar a efectiva aplicación dos fondos á finalidade para a que foron concedidos, o correcto financiamento da actividade e o cumprimento de todas as demais obrigas formais e materiais que lle impón o presente convenio de colaboración.

2. Asemade, de acordo co disposto na Lei 6/1985, do 24 de xuño, do Consello de Contas de Galicia, o Concello de Boiro, queda sometido aos procedementos de fiscalización que leven a cabo o Consello de Contas de Galicia ou, no seu caso, segundo o disposto na Lei orgánica 2/1982, do 12 de maio, aos procedementos de axuízamento contábel que poida incoar o Tribunal de Contas, e a calquera outro órgano de control, nacional ou europeo.

XI.- REINTEGRO, INFRACCIÓNS E SANCIÓNS

1. O incumprimento dalgunha das cláusulas previstas no presente convenio de colaboración poderá dar lugar a obriga de reintegro parcial ou total dos fondos recibidos, así como ao pago dos xuros de demora que se devenguen desde o día no que se realizou o pago ata o momento no que se acorde a procedencia do reintegro. O procedemento de reintegro iniciárase de oficio na súa tramitación seguirase o disposto nos artigos 41 e seguintes do seu Regulamento (R.D. 887/2006, do 21 de xullo), dándolle en todo caso audiencia ao interesado.

2. Sen prexuízo do anterior, o dito incumprimento tamén poderá ser constitutivo dalgunha das infraccións tipificadas na Lei 38/2003, de 17 de novembro, ou na Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia, séndolle de aplicación o cadro de sancións previstos nas normas citadas e na ordenanza provincial de desenvolvemento que resulte aplicable.

3. Para os supostos de retraso na realización das actividades ou retraso na presentación da xustificación se estará ao disposto na ordenanza provincial de desenvolvemento que resulte aplicable.

XII.- INCORPORACIÓN AO REXISTRO PÚBLICO DE SUBVENCIONS E PUBLICACIÓN DA SUBVENCIÓN CONCEDIDA



1. No cumprimento do disposto no artigo 20.1 da Lei 38/2003, xeral de subvencións, e demais normativa de desenvolvemento, os datos da subvención concedida e a identificación do Concello de Boiro serán remitidas á Intervención xeral do Estado, para que sexan incorporados á Base de Datos Nacional de Subvencións, coa exclusiva finalidade prevista en dito precepto e co debido respecto á protección dos datos de carácter persoal, segundo o previsto na Lei orgánica 3/2018, de 5 de decembro, de protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais.
2. Asemade, no cumprimento do disposto no artigo 16.3 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de Subvencións de Galicia, a Deputación remitiralle a mesma información á Consellería de Economía y Facenda, co fin de que a incorpore ao Rexistro público de axudas, subvencións e convenios da Comunidade Autónoma de Galicia.
3. Segundo o previsto no artigo 18 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de subvencións, a concesión da subvención ao Concello de Boiro será publicada no Boletín Oficial da Provincia da Coruña e na páxina web www.dacoruna.gal
4. Un exemplar deste convenio, debidamente asinado, será incorporado ao Rexistro de convenios que depende do Servizo de Contratación da Deputación.

XIII.- VIXENCIA DO CONVENIO, PRÓRROGA OU MODIFICACIÓN

1. O presente convenio de colaboración terá carácter retroactivo para os efectos de imputación dos gastos e abranguerá os devengados desde o inicio das actividades, sen que en ningún caso sexan subvencionables os gastos devengados con anterioridade á esa data e conservará a súa vixencia ata o día **31 de decembro de 2026**. Esta vixencia queda subordinada á existencia do crédito adecuado e suficiente que para o exercicio de 2026, autorice o correspondente Orzamento.
2. Previa solicitude do Concello de Boiro, realizada polo menos un mes antes da fin da vixencia do convenio, o convenio poderá ser prorrogado por acordo expreso de ambas as dúas partes tomado antes de que expire a súa vixencia inicial e previos os informes preceptivos da Unidade xestora, do Servizo de Patrimonio e contratación, da Secretaría e da Intervención da Deputación.
3. Tamén, por acordo expreso de ambas as dúas partes e por causa debidamente xustificada, e previos os mesmos informes indicados no apartado anterior, o convenio poderá ser obxecto de modificación.

XIV.- NATURALEZA, INTERPRETACIÓN, MODIFICACIÓN E XURISDICIÓN COMPETENTE

1. O presente convenio ten natureza administrativa e para resolver as dúbidas que xurdan na interpretación das súas cláusulas aplicaranse as disposicións contidas na Lei 38/2003, de 18 de novembro, xeral de Subvencións, e na Lei 9/2007, de 13 de xuño, de Subvencións de Galicia. Supletoriamente aplicárase a lexislación de contratos do sector público.
2. Para o seguimento coordinado da execución do presente convenio poderase crear unha comisión de seguimento formada por dúas persoas representantes de cada unha das institucións.



3. Corresponderalle aos órganos da xurisdición contencioso-administrativa, segundo a distribución de competencias disposta na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora de dita xurisdición, o coñecemento das cuestións litixiosas que poidan xurdir como consecuencia do presente convenio.

Faise constar que o presente convenio foi aprobado por --

E en proba de conformidade asinan por cuaduplicado exemplar o presente convenio no lugar e data indicados no encabezamento.

Pola Deputación da Coruña

Boiro

Polo Concello de

Asdo.

Asdo.

O Secretario Xeral da Deputación Provincial A Coruña

Asdo.

”

34.- Aprobación do proxecto de obra Reforzo de firme na DP 6121 Mera a Cariño, pq 5+370 a 8+400 (Cariño)

VOTACIÓN

Votan a favor: 31 deputados/as (14 do PP, 10 do PSOE, 6 do BNG e 1 de Alternativa dos Veciños).

Votan en contra: ningún/ha deputado/a

Abstéñense: ningún/ha deputado/a

ACORDO

O Pleno, por unanimidade, acorda:

“Aprobar o proxecto reforzo do firme na DP 6121 Mera a Cariño, Punto quilométrico 5+370 ao 8+400 (Cariño), que se integra no VIPC/2026 cun orzamento total de 445.966,52 €, con cargo á aplicación orzamentaria 0410/4531/61900 que se detalla:

Código: 2026.1100.0042.0

Denominación: Reforzo do firme na DP 6121 Mera a Cariño, Punto quilométrico 5+370 ao 8+400 (Cariño)

Orzamento: 445.966,52 €

Prazo de execución: 3 meses”



35.- Aprobación do proxecto da obra Mellora de firme con mestura bituminosa en quente na DP 6202 Outes por Valadares á AC-400 pq 5+000 a 10+375 (OUTES)

VOTACIÓN

Votan a favor: 31 deputados/as (14 do PP, 10 do PSOE, 6 do BNG e 1 de Alternativa dos Veciños).

Votan en contra: ningún/ha deputado/a

Abstéñense: ningún/ha deputado/a

ACORDO

O Pleno, por unanimidade, acorda:

“APROBAR o proxecto Mellora de firme con mestura bituminosa en quente na DP 6202 Outes por Valadares á AC-400 pq 5+000 a 10+375 (OUTES), que se integra no VIPC/2026 cun orzamento total de 672.298,42 €, con cargo á aplicación orzamentaria 2026/0410/4531/61900 que se detalla:

Código: 2026.1100.0043.0

Denominación: Mellora de firme con mestura bituminosa en quente na DP 6202 Outes por Valadares á AC-400 pq 5+000 a 10+375 (Outes)

Orzamento: 672.298,42 €

Prazo de execucion: 5 meses”

36.- Aprobación do proxecto da obra Modificado nº 1 Actualización DP 3612 Aneiros a Cabana. 3ª Fase (Ferrol). Actualización do proxecto de construción de travesía

VOTACIÓN

Votan a favor: 31 deputados/as (14 do PP, 10 do PSOE, 6 do BNG e 1 de Alternativa dos Veciños).

Votan en contra: ningún/ha deputado/a

Abstéñense: ningún/ha deputado/a

ACORDO

O Pleno, por unanimidade, acorda:

“APROBAR o Proxecto Modificado nº 1 Actualización DP 3612 Aneiros a Cabana. 3ª Fase (Ferrol). Actualización do proxecto de construción de travesía, incluído no Plan de Travesías e consideralo incluído no orzamento provincial de 2026 con cargo á aplicación orzamentaria 2026/0410/4533/60900 que se detalla:

Denominación: Modificado nº 1 Actualización DP 3612 Aneiros a Cabana. 3ª Fase (Ferrol). Actualización do proxecto de construción de travesía



Concello: Ferrol

Código: 2019.1130.0001.1

Orzamento: 60.975,47 € (do Modificado nº 1) o que supón un incremento do 8,87%. O importe total da obra, logo do incremento, ascende a 748.055,84€

Prazo de execución: 5 meses”

ACTUACIÓN DE CONTROL:

MOCIÓNS

Sr. Presidente

Pasamos ás actuacións de control. Mocións. Hai dúas do Grupo Provincial Popular; a primeira, sobre Anmupesca.

A segunda, única moción do Grupo Popular para instar o Goberno de España a convocar Eleccións Xerais.

Moción do Grupo Popular, para instar ao goberno de España a convocar Eleccións Xerais

A actual lexislatura atravesa unha situación de extraordinaria debilidade política e institucional. España conta cun Goberno que, desde o inicio da lexislatura, non foi capaz de aprobar uns Orzamentos Xerais do Estado nin de someterse aos principais mecanismos de control político que permiten verificar o respaldo parlamentario á súa acción de goberno.

A esta situación de bloqueo súmanse as novas revelacións -produto das investigacións policiais e xudiciais en curso- sobre os abundantes casos de corrupción que salpican ao Goberno e, en especial, ao seu presidente, non cesaron de acumularse e de provocar unha maior indignación social pola súa extensión e a súa gravidade.

En efecto, entre outras moitas cuestións, non pode senón cualificarse como de extremadamente grave e alarmante que, segundo as investigacións levadas a cabo pola UCO, puidésese establecer unha moi plausible conexión de causalidade entre os famosos cinco días de "reflexión" de Pedro Sánchez e a súa "carta á cidadanía", e o inmediato desencadeamento dunha operación de cloaca ou guerra sucia contra xuíces, fiscais e axentes da Garda Civil, presuntamente comandada por Santos Cerdán e Leire Díez, financiada polo PSOE e con, polo menos, o coñecemento do directora xeneral da Benemérita.

O Goberno non fixo máis que redobrar a súa estratexia de encastillamiento e de disparates e insultos cada vez máis groseiros contra a acción da Xustiza, seguramente porque, a pesar de todos os intentos, aínda non foi capaz de controlala no seu propio beneficio. Neste último apartado, xunto ás sincronizadas insinuacións de que os xuíces actúan contra o Goberno conforme un plan concertado, destacan especialmente as palabras do ministro López, quen fai poucas datas non vacilou en declarar que "hai xuíces que prevarican", un exabrupto, aínda por riba, remachado pouco despois mediante



a súa ratificación "da Á a Z" e o inapelable argumento de que el di o que "lle dá a gana sempre". O feito de que, ata o momento, o señor López aínda non fose destituído do seu cargo, permite concluír que o presidente do Gobierno comparte e avala esta liña de pensamento.

Atopámonos, en definitiva, ante un Gobierno que, de acordo coas regras máis elementais da democracia, atópase absolutamente descualificado para seguir exercendo o poder.

Por se isto aínda fose pouco para facer inviable a prolongación da lexislatura, é preciso lembrar unha vez máis o feito evidente de que o Gobierno carece dunha maioría parlamentaria de respaldo, tanto no Congreso como no Senado. A situación de bloqueo político provocada pola debilidade parlamentaria dun Executivo debería ser tamén, conforme a cultura democrática, causa automática de disolución das Cámaras e de convocatoria de eleccións. Con todo, o Gobierno de Pedro Sánchez optou por unha resistencia acovardada, posto que non remitiu ás Cortes un só proxecto de lei de Orzamentos en toda a lexislatura, ostenta a marca da iniciativa lexislativa máis pobre de toda a nosa historia democrática e escórrese de calquera ocasión que poña en evidencia a súa falta de apoios parlamentarios como, por exemplo, a celebración do Debate sobre o Estado da Nación no Congreso.

A gravidade destas circunstancias esixe unha resposta política acorde cos principios de transparencia, exemplaridade e responsabilidade que deben presidir calquera democracia avanzada.

Así mesmo, a ausencia de estabilidade institucional e dunha maioría parlamentaria suficiente está a ter consecuencias directas sobre os gobernos locais. Os concellos continúan afrontando importantes desafíos en materia de financiamento, vivenda, seguridade, servizos públicos e investimentos sen contar cun marco orzamentario estatal actualizado nin coa certeza que requiren as administracións máis próximas aos cidadáns.

Os municipios necesitan un Gobierno de España con capacidade para gobernar, aprobar orzamentos e ofrecer estabilidade institucional ao conxunto do país.

Por todo iso, o Grupo Provincial Popular propón ao Pleno a adopción dos seguintes

ACORDOS

1. O Grupo Popular da Deputación da Coruña, censura a anomalía que implica non realizar en toda a lexislatura ningún dos dous procedementos democráticos que permiten comprobar se o Gobierno conserva a confianza parlamentaria: a tramitación da Lei de Orzamentos Xerais do Estado e a celebración dun Debate do Estado da Nación no Congreso coa consecuente votación de resolucións sobre o programa do Gobierno.
2. Constata o bloqueo político no que se instalou a actual lexislatura, cun Gobierno que non logrou aprobar nin unha soa Lei de Orzamentos e cunhas Cortes Xerais que aprobaron o menor número de iniciativas lexislativas en 33 meses de todas as lexislaturas do actual período democrático.
3. Expresa a necesidade de que o Gobierno e o seu presidente asuman a responsabilidade política necesaria polos múltiples casos de presunta corrupción que se produciron en relación coas súas actividades e as do PSOE e que desembocaron na investigación por distintos delitos de corrupción dos dous secretarios de organización do PSOE designados por Pedro Sánchez e de numerosos altos cargos do Gobierno, incluíndo ao ex ministro de Transportes.



4. Insta ao Goberno de España a depurar responsabilidades en relación coa operación que presuntamente implica a altos cargos e ex altos cargos do Goberno en actuacións financiadas polo Partido Socialista Obreiro Español para entorpecer as investigacións xudiciais e policiais que afectan ao Goberno, ao PSOE e a contorna familiar do presidente Sánchez.

5. Urxe ao presidente do Goberno a propoñer a disolución das Cortes Xerais e convocar eleccións xerais, de conformidade coa prerrogativa que lle confire a lexislación vixente, atendendo o carácter político, sen vinculación xurídica, da presente iniciativa."

Sr. Ben Otero

Buenos días. Gracias, presidente. Buenos días, compañeras y compañeros de Corporación.

Bueno, voy a ser bastante breve porque lo expuesto en la moción es bastante claro y no tiene mucho más que dar a explicar, y a parte que cualquier esfuerzo que haga argumentativo no creo que sea útil a la hora de convencerles de que voten a favor de esta moción. Pero, en todo caso, con esta moción queremos expresar una necesidad, la de recuperar la calidad perdida de nuestra democracia.

También queremos que se transparente la idea que cada grupo político tiene de la democracia en sí misma. Sólo desde el cinismo se podría negar que la actual legislatura está lastrada por una debilidad política institucional sin parangón en nuestra historia constitucional desde 1978, lastrada por un Gobierno incapaz de aprobar unos presupuestos generales del Estado, o incapaz de someterse a los principales mecanismos de control político que permitan verificar el respaldo parlamentario de la acción de gobierno. Es decir, no ha habido ningún debate del Estado de la nación en este mandato, algo sin precedentes en la historia de España, y ello sin olvidar el bloqueo político y la incapacidad legislativa, que solo tramposa y precariamente son disimulados a través del abuso del decreto ley como forma de subsistencia política de este mandato.

No afirmaremos que el de Pedro Sánchez sea un Gobierno ilegítimo, que es un Gobierno legítimo, nadie dice lo contrario, pero sí advertimos que la legitimidad de su Gobierno es una legitimidad menguada, una legitimidad en mínimos históricos, legitimidad entendida en este caso solo con el justo título para gobernar no basta con obtenerla en la sesión de investidura; es decir, hay que tener la capacidad de tener apoyos para seguir adelante con las cuestiones fundamentales que afectan diariamente a los españoles, en lo ancho y largo de nuestro territorio.

Pero, primero, con el mantenimiento de la confianza parlamentaria y la rendición de cuentas, y en segundo, con los hechos, y especialmente con la salvaguarda de la ética pública. Y el Gobierno de la nación, su presidente, ha perdido la confianza parlamentaria y ha perdido la presunción de inocencia política. Igualmente, sólo desde cinismo se podría negar el irresponsable cuestionamiento del poder judicial como arco de bóveda del Estado democrático de derecho. Qué vergüenza escucharle decir a un ministro que algunos jueces prevarican, proyectando discriminada y cobardemente una sombra sobre todos los jueces llamados a evitar los abusos de poder y a garantizar los derechos de todos los ciudadanos.

Que el poder judicial pida explicaciones, conforme a la ley, a un poder ejecutivo, es un factor de civilización, pero que un poder ejecutivo ataque frontalmente a los jueces es toda una expresión de involución democrática.



Y, por último, solo desde el cinismo se puede negar que la más salvaje corrupción afecte a las entretelas del Gobierno de la nación, a la médula organizativa, afectiva e ideológica del presidente del Gobierno. En este punto nos volverá a decir el portavoz del Partido Socialista, entiendo yo, con razón, que la corrupción puede afectar a todos los partidos, es verdad, puede afectar a todos los partidos, pero sin razón no nos podrá decir “y tú más”, sin querer entender que en la democracia las responsabilidades son exigibles a un gobierno por hechos coetáneos y no a la oposición por hechos pasados, o sin querer entender que esta vez, como nunca en la historia democrática de España, la corrupción afecta al entorno más inmediato del mismísimo presidente del Gobierno, a sus hombres o mujeres de confianza y de conciencia.

Que el número dos del partido de Gobierno y el sucesor del número dos del partido de Gobierno estén en la cárcel es un punto y aparte en la historia de nuestra democracia. Y ya no hablamos solo de imputados, que amparados por la presunción de inocencia pueden diferir su responsabilidad mientras no avance el proceso. Hablamos de condenados, vinculadísimos políticamente al presidente actual del Gobierno.

La respuesta política que le demos al caso Ábalos será la piedra de toque de la democracia española, y en este caso lo de piedra de toque es meramente metafórico; la piedra de toque real la dejamos para los peritos que evalúen las suntuarias joyas del presidente Zapatero, su referente y guía moral. La respuesta política al caso Ábalos es paradigmática de cómo entendemos unos y otros la responsabilidad política en democracia. ¿Creen ustedes que un presidente no debe asumir ninguna responsabilidad política por los graves delitos cometidos por aquel a quien eligió como hombre de confianza? ¿Es acaso lo que ustedes creen? Para ustedes en democracia ¿no existe la culpa *in eligendo*? ¿Para ustedes en democracia no existe la culpa *in vigilando* de un colaborador inmediateísimo? Pero, como anuncié anteriormente, no solo la corrupción; es la corrupción, es el ataque a otro poder legítimo del Estado, es el ninguneo a las Cortes, es la degradación integral del Estado democrático de derecho. Reconocer los hechos, exigir responsabilidades o respuestas, y someterse al escrutinio y al juicio de la sociedad española es algo en lo que deberíamos coincidir todos. Allá ustedes. Es lo que nosotros proponemos, que conste en acta nuestra propuesta y que conste en acta el voto en cada uno de los grupos aquí presentes.

En estas semanas hemos asistido a cosas graves en España, ya no solo por las cuestiones judiciales que hemos visto todos en el día a día. En esta semanas se ha impedido, por supuesto, ya que voten los ciudadanos, que es lo que pedimos hoy, es lo que cualquier partido tiene que pedir, que los ciudadanos libremente ejerzan su derecho a voto. No, es que en estas semanas se ha impedido a los representantes de los ciudadanos votar en las Cortes Generales del Estado, con triquiñuelas a través de la mesa y la mayoría en la mesa del Congreso. Nosotros lo que pedimos es democracia por encima de todo y libertad para decidir y lo antes posible, no por el bien del Partido Popular, sino por el bien de España. Nada más y gracias.

Sr. Presidente

Grazas. Si, Gelo.

Sr. García Seoane

Teño (....) poder votar, pero é igual, de memoria o que vou dicir. Eu creo que os españois están cansados de acender a televisión. Agora xa todo o mundo di que lle dá asco escoitar os distintos Partes e as distintas informacións, porque hai unha degradación total por diversos medios de comunicación, escritos e tamén de radios, que están neste caso co



Partido Popular e tamén cun sector da xustiza intentando acabar cun Goberno lexítimo. Un Goberno e un presidente que creo que, a mellor situación en máis de 30 anos é a que ten este país neste momento, a mellor situación económica é a mellor que se recorda en 30 anos aquí neste país. Por tanto, a pesar de que está só, como din algúns; se chega a estar acompañado...! Pero ás veces as compañías, como a dese grupo de delincuentes que anda escapado por Europa, de Puigdemont, dun nacionalismo trasnoitado, dunha extrema dereita catalá noxenta. Persoas que, grazas a ese presidente que critican, resulta que están libres, andan libres polo Estado español, grazas a ese presidente que critican. Pois eses son os tipos... eu diría os malfeitores que están sempre a sacar tallada de calquera forma e aproveitando e vendendo a aquel que tanto te favoreceu.

É indignante ver a situación... Eu, que teño un respecto polo presidente Feijóo, paréceme que está actuando moi mal, non sei se influenciado pola xente dos Madriles, imaxino que si, pero desde logo se vai por aí, mal vai; mal vai porque esa non é a liña que eu supoñía ou que demostrou noutras épocas que tiña Feijóo. Estase pasando á extrema dereita. Vox está caladiño agora porque xa lle están facendo o traballo, para que se vai mover?, porque os votos despois van a Vox; cando chegan as eleccións, vímolos en distintas comunidades autónomas ultimamente. Pero é grave, é grave, que se persiga unha persoa da forma con tanta saña, e diso eu sei bastante, porque eu tiven 18 querelas criminais. Pasoume o mesmo noutra versión, noutros tempos, que lle está pasando neste momento ao presidente do Goberno de España.

A min denunciábanme por todo, denunciáronme por terrorista, denunciáronme por cobrar imposto revolucionario, denunciáronme por todo, non quedou nada por denunciarme. Ganeí todas as sentenzas, porque non había argumentos nin para as denuncias nin para a difamación que se fixo da miña vida, e tivéronme anos e anos machacado a través dos tribunais, e só unha sentenza miserable, só unha sentenza miserable sacoume da Alcaldía por limpar de pedras a praia de Santa Cristina, que manda carallo!, como di o outro, por limpar a praia de pedras, unha competencia que ten un alcalde. Pero tampouco puideron comigo, porque tamén subsistín.

Pero, volvendo ao tema que está aquí hoxe na moción, non comprendo, xa digo, actitudes, neste caso do Partido Popular, creo que vai moi mal por aí, e veremos, xa veremos as eleccións quen as gana, xa veremos quen gana as eleccións neste país no momento en que se fagan, porque, por esgotamento, a este señor que lle chaman Sánchez non vai ser, está demostrando que ten un aguante da hostia!, porque hai que ter moito aguante para tragar tanta merda, para tragar tanta merda como se está tragando, co irmán, coa muller, coa familia, co sogro, con todo. Paréceme indignante, porque o Partido Popular, cando fala de todas esas cousas, ten que facer un recordatorio, ía tralo aquí e quedoume na casa. Eu contaba hoxe pola mañá 74 membros do Partido Popular procesados desde os gobernos de Aznar para aquí, ministros: Rato, Zaplana, fálase aquí de ministros; Rato e Zaplana, que eran? Ministros. Ministros que foron ao cárcere e saíron rápido, porque, ben, as habilidades dos gobernantes de quenda, pero sempre estiveron á súa man para sacalos. Pero moitos, coma eles, Crespo, galego, o recadador de Galicia. É que teñen moi mala memoria vostedes, vostedes teñen moi mala memoria.

E eu non estou avalando que os de agora teñan dereito a facer o mesmo que fixeron vostedes antes. Tamén son delincuentes; os que acaban de vulgar estes días son delincuentes. Pero non hai delincuenta, desde o meu punto de vista, Zapatero, os americanos son os que lle deron unha cinta gravada, ilegal totalmente. Agora faltaba máis que un cando deixa o Goberno ou cando deixa de ser deputado ou presidente, non poida facer nada na súa vida. Van 11 anos que deixou de ser presidente; faltaba máis que non puidera traballar, faltaba máis que non puidera asesorar. E todos eses delincuentes que ás



veces sacou de Venezuela e os trouxo para España, eses tamén están agora contra Zapatero. Ese que supostamente ganou unhas eleccións, e esa outra señora que lle chaman Corina non sei que. Don “nadies”, don “nadies” que están, que querían mangonear Venezuela. E Zapatero sacounos tamén de alí para que non tiveran problemas, e agora lle están machacando a Zapatero, que se subía por aquí, o ía por alá, o asesoraba polo outro lado. Zapatero, o tempo o demostrará, non hai forma de enmerdalo. E o tempo o demostrará, faltaba máis que un non poida cobrar honorarios e taxas ou diñeiro por asesorar nestes casos tan importantes como os que estamos falando. Porque onte saía outra noticia que unha empresa que lle cobraban cento e pico millóns e grazas Zapatero non llos cobraron, faltaba máis que non cobrara 200.000 euros, faltaba máis, 120 millóns, 200.000 euros polo asesoramento. Faltaba máis que non os cobrara. Pero esta é a situación.

Pero a min o que me parece máis grave é o que está pasando con parte da xustiza. Un señor, non sei se Peinado ou despeinado, que se atribúe atribucións, valla a redundancia, que non lle dá a regulación española respecto ao seu traballo como xurista, non? E, ben, xa atreverse a degradar, da forma que o quixo facer e que o fixo, a dicirlle que ten que entregar o carné a esposa do presidente do Goberno de España por risco de fuga, iso había que xulgar ao que dixo iso. Espero que haxa un tribunal en España que vele por que aqueles xuíces que se saen de madre alguén os reconduza a onde teñen que ir, porque hai xuíces que prevarican. E eu sei dalgún. Eu tiven unha sentenza onde denunciaba unha xuíza por facer obras ilegais en Oleiros e resulta que ao final acabei pagándolle 5 millóns de pesetas por dereito ao honor, por dicir que era unha infractora. A min non se me aceptan as denuncias, aceptan a dela e teño que pagarlle 5 millóns de pesetas por dicir que era unha infractora. Isto é o que hai no país. E recorrín, e a Asociación Amigos de Vitoria, toda esa manchugada que hai por aí de clubs de xuíces, fixeron posible que a señora quedara tranquila, e o dereito ao honor tivenlle que pagar un diñeiro. Hai, lamentablemente, unha situación, xa digo, moi grave. E o tema que está ocorrendo coa esposa do presidente me parece un tema desprezable, e, se non saen os que teñen que saír desde os xulgados superiores a procesar a este des-Peinado, a verdade é que xa non se pode crer na xustiza en España.

Sr. Presidente

Grazas, Gelo. Si, Avia

Sra. Veira González

Moitas grazas. Ben, hoxe trae o Partido Popular unha moción a esta Deputación, que eu tamén lle agradezo a sinceridade cando presentou a moción, dicindo que non tiña moitas esperanzas de poder mudar o sentido do noso voto coa súa defensa, e é así: nós imos votar en contra e, desde logo, a súa defensa tampouco nos anima a facer outra cousa. Porque ademais trae unha moción evidentemente que pouco ou nada ten que ver coas competencias desta institución e que pretende que aquí, que no Pleno da Deputación, pois fagamos algo parecido ao que pasa en Madrid a nivel estatal. Aquí una confrontación partidista que vai ser absolutamente estéril. Ese é o obxectivo da moción.

Nós desde o BNG queremos deixar clara unha cuestión, e é que para nós a corrupción é intolerábel, veña de onde veña. Quen cometa irregularidades debe responder ante a xustiza e asumir as responsabilidades políticas que correspondan. Niso non hai matices. Diciámolo con vostedes no Goberno e dicímolo agora co Partido Socialista no Goberno, e dicímolo ademais con toda a lexitimidade ética que temos, porque o BNG non ten ningún cargo político ou condenado por corrupción, nin un só, e cando hai unha imputación se actúa con absoluta celeridade, cando o Partido Popular o que fai é sempre

**RPT-6654235



resgardarse na presunción de inocencia. Para nós o que hai que protexer, e sempre, as institucións e, desde logo, a democracia e o bo nome da democracia.

Tamén dicimos que esta Deputación non está para aprobarlles consignas de partido nin para converterse nunha sucursal da política madrileña; está para atender as necesidades dos concellos da provincia, para mellorar os servizos públicos, para apoiar o municipalismo e para resolver os problemas reais da cidadanía. Pero é que, claro, vostedes, vostede mesmo xa se anticipaba na súa defensa. A nós resúltanos curioso que sexa precisamente o Partido Popular quen pretenda dar leccións de exemplaridade institucional. Falan de responsabilidade política, pero esquecen, esquecen moi rápido e a súa propia traxectoria. Esquecen décadas de casos de corrupción, condenas xudiciais, unha sentenza que acreditou a existencia dunha trama de financiamento ilegal que acabou provocando unha moción de censura no Estado. Esquecen vostedes que teñen consellos de ministros completos, ao seu completo, imputados e condenados. Montoro facendo negocios para si mesmo desde unha cadeira de ministro. A Kitchen utilizando os medios do Estado para combater adversarios políticos, etc., etc., etc. E non o dicimos para establecer un ti máis. Dicímolo porque a credibilidade tamén conta. Cando un sinala, tamén ten que mirar como está un propio, porque non se pode reclamar unha cousa para os demais e actuar de maneira absolutamente distinta cando os problemas afectan ás propias filas. Isto dicímolo por todos. O BNG non está aquí para facer de árbitro entre as disputas do Partido Popular e do Partido Socialista, nin para salvar a un, nin para darlle munición ao outro. Estamos aquí e nacemos para defender os intereses de Galiza e das súas maiorías sociais. Os galegos e as galegas precisan unha política útil, que fale de financiamento local, do tren de proximidade, da AP-9, de mellorar a aplicación da Lei de dependencia, para beneficio das traballadoras, dos usuarios, e do financiamento, de garantir o dereito á vivenda, dos dereitos laborais, e derrogar a reforma laboral do Partido Popular ao seu completo, para derrogar a lei mordaza, etc., etc. Para iso está o BNG.

Evidentemente, claro que estamos preocupados pola situación que estamos a vivir, e estamos preocupadas tamén polo labor da xustiza, que actúa segundo quen sexa o implicado. Mentres as grandes empresas corruptoras fican sempre impunes; un exemplo claro é o que lle aconteceu xudicialmente a Aldama, con catro anos de condena que non vai cumprir, e que non vai ter que devolver os cartos roubados, que é moi grave, e é absolutamente indignante.

E, miren, evidentemente vemos con absoluta preocupación todo isto e a corrupción que se destapa, pero tamén vemos con moita preocupación como non hai avances, non hai avances nesta materia, e Pedro Sánchez retirouse cinco días a reflexionar e prometeu unha serie de reformas e unha serie de cambios que non se produciron. Polo tanto, non hai que lamentarse sobre as situacións que se están producindo, senón que hai que tomar accións. E nós evidentemente non imos poñer o foco en se hai que continuar ou non porque si. Nós cremos que, se se continúa, é para atallar ou para aplicar melloras, para aprobar melloras que redunden na mellora da vida da xente. E nós dende o BNG o que lle pedimos a Pedro Sánchez é que afonde no cumprimento do acordo de investidura, iso é o que lle pedimos, que cumpra coa súa palabra, que, cumprindo coa palabra e tamén solucionando os problemas da xente, é a mellor maneira de combater a dereita e a ultradereita. Mellorando as condicións de vida das traballadoras e dos traballadores, é como mellor se cumpre a palabra e como mellor se combate o que estamos vivindo hoxe en día, que non deixa de ser, de novo, unha sensación que ten a cidadanía de que a política non os representa e de que a política non serve aos seus intereses. Pedro Sánchez o que ten que facer é cumprir a súa palabra coa clase traballadora e cumprir a súa palabra con Galiza.



E para rematar xa, como dicía ao comezo, nós non imos votar a favor desta moción porque o que cremos é que o que hai que facer é atender as necesidades reais da xente e non o que pide o Partido Popular, que ao final é unicamente convocar eleccións, pero é que realmente non pide nin unha soa medida nesta moción e non está pedindo tampouco a nivel de Estado nin unha soa medida que avance na transparencia e no control público e, desde logo, en medidas que atallen a corrupción. Iso debe ser que non lles interesa, só lles interesa a vostedes convocar eleccións e rematar co Goberno actual, que por certo agora xa non din que é ilexítimo. Algo se avanzou neste mandato, nesta lexislatura, porque comezaron vostedes dicindo que era un Goberno ilexítimo, con todas as letras, e que se estaba acordando con nacionalistas e separatistas e que se estaba entregando o Estado aos separatistas, etc., etc. Agora xa debe de ser que non lles dan as contas para o que cren que vai pasar nas eleccións que queren que se convoquen, que xa non están a falar de Goberno ilexítimo. Será porque vostedes tamén teñen que tomar man de acordos políticos, como lles está pasando, por certo, en moitas comunidades autónomas.

Nós o que pedimos desde o BNG é que Pedro Sánchez cumpra con Galiza, cumpra coas clases traballadoras e, desde logo, que si que se aproben no Congreso dos Deputados e das Deputadas medidas que afonden na transparencia e no control para evitar a corrupción. Así tamén podemos combater a ultradereita e a falta de afección da cidadanía á política. Nada máis.

Sr. Presidente

Grazas. Bernardo?

Sr. Fernández Piñeiro

Moi ben, bo día a todos e a todas. A verdade é que por onde empezar?, porque a moción dá para moito, señor Ben. Case empezaría parafraseándoo a vostede mesmo. En moitos plenos cando nos di aos demais que a ver cando se presentan mocións nesta Deputación que teñan que ver con cuestións da provincia. Unha vez máis, vén vostede a este Pleno a emendarse a si mesmo, algo que é habitual, tamén, unha característica moi habitual do seu partido, máxime tendo en conta o tema do que imos falar hoxe. Polo tanto, non sei en que afecta a esta provincia esta cuestión que ten que ver que o Congreso dos Deputados, onde o seu partido xa presentou ademais unha iniciativa solicitando ao presidente do Goberno que convoque eleccións, foi aprobada onte e onde o seu partido segue sen utilizar un dos mecanismos que están constitucionalmente previstos para que isto suceda, que é presentar unha moción de censura. E é que a Constitución Española, vostedes que son uns constitucionalistas a tempo parcial, porque só falan da Constitución cando lles interesa e a incumpren de forma reiterada en moitas ocasións, tal como temos visto, ou incluso fan interpretacións da Constitución que no 90% dos casos o Tribunal Constitucional desmente con posterioridade. Pero, dito o cal, a Constitución contempla tres mecanismos parlamentarios para testar a confianza dun Goberno. Só hai tres. Dío a Constitución, non o di o portavoz do Partido Socialista: Un deles é a investidura dun Goberno onde o Congreso dos Deputados se ten que manifestar. O segundo deles é unha moción de confianza, que é unha prerrogativa do presidente, é o presidente quen decide se se quere someter a ela ou non. É o terceiro deles é unha moción de censura, que está á disposición de todos os grupos. Non sei por que non a presentan vostedes. Preséntena. Este Goberno foi froito no seu primeiro mandato dunha moción de censura presentada sen saber se contaba co apoio do resto dos grupos. Pero, loxicamente, por responsabilidade, decidiu presentala. Vostedes non o fan por un cálculo político, única e exclusivamente porque o señor líder do seu partido non se quere enfrontar a perder una votación, e iso non é o peor de todo, senón que nunha moción de censura –e iso é o máis importante– un



debera de expoñer minimamente cal é o seu proxecto para un país, que é algo do que vostedes carecen. Por iso, durante tanto tempo desde que se iniciou esta lexislatura e dende que este Goberno chegou á Moncloa hai agora algo máis de sete anos, vostedes céntranlo todo única e exclusivamente neste tema, cargado de hipérboles, de medias verdades, de mentiras e de bulos e de falsidades absolutas, e dunha cuestión que me parece que tamén é fundamental, que é o máis antidemocrático que pode facer unha formación política, que é primeiramente non respectar a presunción de inocencia.

Vostedes son, si, desa parte, vostedes nesta moción e nas declaracións que fan constantemente na prensa xa condenan a todo o mundo, falan de numerosos casos de corrupción. Pero dígame cantos hai exactamente, dígame o número exacto de casos de corrupción que afectan ao Goberno de España, porque eu os que coñezo son moi poucos casos de corrupción e que ademais están protagonizados polas mesmas tres persoas, practicamente todos eles. Estamos a falar de tres-catro, non hai máis. Despois está unha causa recoñecida incluso por moitos xuristas totalmente vergoñenta contra a muller do presidente do Goberno onde non hai absolutamente nada e onde ao final quedará constatado cal é o proceder dese xuíz, e outra do irmán do presidente, que calquera persoa que teña un mínimo coñecemento das administracións públicas sabe que é outra auténtica barbaridade.

Pois non hai máis. Claro como isto vostede xa o sabe, porque xa o sabe, non dubido en absoluto do seu coñecemento ao respecto, xa puxo na súa intervención á venda antes da ferida. Entón xa fai unha intervención preventiva na que nos di aos demais sobre que podemos falar e sobre o que non podemos falar, e sobre o que lle podemos contestar e en base a que llo contestamos. Por iso di vostede: non, e vostede seguramente me conteste con el “y tú más”. Non, non; eu non lle vou contestar con el “y tú más”. Eu lle fixen a vostede unha pregunta para que nos diga cantos casos de corrupción afectan ao Goberno de España ou ao meu partido, e eu, esperando pola súa resposta, vou ler os que afectan ao seu. E isto non é “y tú más”, é simplemente unha cuestión cuantitativa, que se pode comprobar. E, mire, empezamos co caso Kitchen, o caso Waiter Music Púnica, o caso Montoro, o caso da Dana, o caso de Alberto González Amador (delitos tributarios), o caso Alberto González Amador (Quirón), caso Deputación Provincial de Almería, caso residencias, policía patriótica (Audiencia Nacional), operación Borrasca (Audiencia Nacional), Elecnor (Audiencia Nacional), contratos covid-Junta de Andalucía, Estepona (o seu alcalde); acoso sexual alcalde de Móstoles, Formación Profesional de Madrid, Judith Piquet, Alcalá de Henares, Miguel Ángel Rodríguez en Madrid, causa gardería do expresidente de Murcia, financiamento ilícito do PP na Púnica, Urbanismo en Valdemoro, contratos menores en distintos concellos, tren de Móstoles a Navalcarnero, branqueo da operación Lezo, etapa de Granados na Comunidade de Madrid, Alfedel da Púnica, branqueo da Púnica, comisións OHL. Próximos xuízos orais que teñen vostedes en marcha: Innasa, que é do Lezo; o canal de Gauff, na operación tamén Lezo; Emissao, do Lezo, nunha peza principal da Audiencia Nacional; unha desaladora escombrera, Audiencia Provincial de Murcia; e sentenzas pendentes: Tribunal Supremo, a Gürtell; Tribunal Supremo, Púnica; Tribunal Supremo, o caso Zaplana; Tribunal Supremo, o caso Rato; Audiencia Provincial Gürtell, branqueo; Audiencia Provincial de Valladolid, caso eólicas; ademais do caso Montoro.

Estes son os que están no xulgado, non o estou inventando eu, en distintas fases. Polo tanto, home, non dá a impresión de que esa visión que teñen vostedes de ver a palla, a viga no ollo alleo e a palla no propio, pois sexa a máis acertada. Cal é a cuestión? A cuestión é que vostedes se centran única e exclusivamente nisto, e ademais o esaxeran, e condenan xa a todo o mundo antes de que haxa unha condena, porque a día de hoxe só hai unha, que coñecemos estes días, para non falar do importante. E aquí é a clave da



democracia: para que se elixe un goberno?, pois elíxese un goberno para que xestione a Administración central do Estado e se elixe un Goberno para que adopte medidas que en principio redunden na mellora da calidade de vida e dos cidadáns.

Fan vostedes referencia, moi interesada, a que este Goberno, para xustificar que ten que marchar non ten orzamentos xerais do Estado aprobados. Non os terá porque os distintos grupos do arco parlamentario non os quixeron aprobar, porque algúns se presentaron outros xa non, e agora van presentar algúns en breve, e terán vostedes a oportunidade de presentar emendas aos orzamentos xerais do Estado e decidir se os queren apoiar ou non. Entendo que dá igual, iso xa non ten ningunha dúbida –xogo unha comida con calquera dos que estamos aquí– independentemente do que digan eses orzamentos, xa sabemos que o Partido Popular vai votar en contra. Pero chama a atención que fagan vostedes fincapé no tema dos orzamentos cando entre o ano 2019 e o ano 2022 a súa lideresa, a señora Ayuso, na Comunidade de Madrid, só aprobou uns orzamentos. E eu non lles escoitei a vostedes dicir que a señora Ayuso tiña que dimitir ou tiña que marchar do Goberno, a ninguén do Partido Popular. Polo tanto, unha vez máis atopámonos ante a lei do embudo.

Pero retomo o que estaba dicindo antes: ao final, o fin último dun Goberno non é ter maioría nin deixar de tela, é ser útil á cidadanía. Os gobernos de Pedro Sánchez en sete anos aprobaron unha media de 23 leis, se quere velo así vostede, por ano. Esa é a media aproximada dun Goberno en minoría desde os seus inicios. No mesmo período do Goberno do Partido Popular de Mariano Rajoy, con maioría absoluta, polo tanto, non dependía doutras formacións políticas para aprobar leis, ten unha media de 15 ao ano. Polo tanto, se un Goberno en minoría que ten moitas máis dificultades é capaz de sacar unha media de aprobación de leis por ano maior que a dun Goberno con maioría absoluta, hai dúas opcións, ou quizais só hai unha, e é que o Goberno con maioría absoluta pois non é moi dado ao traballo, digamos que adoce de certa vagancia, se queremos velo así, porque tiña capacidade parlamentaria para aprobar cantas leis decidira aprobar.

Pero xa non é só unha cuestión numérica de cantas leis aproba un ou outro, senón de que tipo de leis aproban uns e aproban outros. Ben, pois vostedes, por exemplo, cando gobernaban aprobaban unha lei dunha reforma laboral que foi, digamos, prexudicial para a xeración de emprego neste país, que foi en contra dos dereitos dos traballadores e das traballadoras deste país. Ou aprobaron vostedes, por exemplo tamén o incremento do IVE, ou aprobaron vostedes a conxelación das pensións ou a conxelación do salario mínimo interprofesional. Bueno, pois iso é un exemplo dun Goberno con maioría absoluta que adopta decisións que van en contra dos intereses da maioría da cidadanía dese país. E, pola contra, temos un Goberno con moitas dificultades parlamentarias que en minoría aprobou a revalorización das pensións segundo o IPC, para que os pensionistas non perdan poder adquisitivo; que aprobou un incremento do salario mínimo interprofesional duns 61% con respecto aos gobernos do seu partido, que ten uns datos de emprego, da afiliación á Seguridade Social e económicos, polo menos de emprego e de afiliación á Seguridade Social, que son históricos neste país, que ten unha situación económica que o pon á cabeza das economías europeas, recoñecido nos recentemente, creo que foi a semana pasada, polo Premio Nobel de Economía Christopher Pissarides, que entendo que non será sospeitoso de ser socialista ou polo menos amigo de Pedro Sánchez. Ampliáronse os permisos de paternidade, a aprobación da ELA para mellorar a asistencia e a atención a eses pacientes. O maior investimento do Estado con contratos históricos da Armada Española, con estaleiros de construción militar. Neste caso, sabe vostede que afecta directamente a unha cidade galega como a de Ferrol, que está vendo unha explosión económica grazas aos investimentos directos dos contratos realizados polo Ministerio de Defensa da Armada Española. Un 84% de incremento da partida para bolsas fronte ao



Goberno de Mariano Rajoy. Un de cada dous contratos son indefinidos, fronte a un de cada 10 que eran indefinidos cando gobernaban vostedes. Temos os fondos Next Generation, que a Xunta de Galicia tanto presume dos investimentos que sufraga con eles despois de que vostedes traballaran en Europa para que non nolos concederán. Poño o exemplo da Xunta, porque estamos en Galicia. Galicia recibiu en sete anos de goberno un 40% máis de recursos que cando gobernaban vostedes durante o mesmo período de sete anos do señor Rajoy. Aumentaron en 120.000 millóns de euros os orzamentos para as políticas sociais. Aprobouse o ingreso mínimo vital. Reduciuse o IVE da electricidade e do gas. Aplicáronse bonificacións e gratuidade ao transporte público. Aplicáronse por primeira vez na historia das autoestradas galegas bonificacións nesas autoestradas. Baixouse o IRPF ás rendas máis baixas. Eliminouse o imposto ao sol. Ou a prohibición de amnistías fiscais a defraudadores confesos. Aprobáronse os ERTE e o escudo social durante a pandemia. Incrementáronse os fondos para a dependencia... Que quere que lle diga? Pois isto é o resumo dun Goberno en minoría, este é o resumo dese Goberno tan malo para España, que resulta que sendo tan malo para España e para Galicia foi moito mellor que o Goberno do seu partido que estivo antes, con maioría absoluta.

Por iso, que veñan vostedes a facer aquí de altavoces desa estratexia, ata certo punto triste, non?, do Partido Popular en Madrid, que ao final o que evidencia é a súa incapacidade para presentar un proxecto para este país, eu non coñezo cales son as propostas que ten o seu partido en moitas destas materias, pois paréceme bastante triste que o fagan nesta Deputación, que ademais pois pouco ten que dicir.

Fala vostede de transparencia do Goberno. Mire, o señor Sánchez compareceu en sete anos, 34 veces no Congreso dos Deputados; sabe cantos cantas veces compareceu o señor Feijóo no Parlamento de Galicia en 13 anos? 10 veces, 10 veces en 13 anos fronte ao 34 en sete. Un exemplo máis, que non é ser “y tú más”, é un feito que se pode constatar.

Polo tanto, dicía vostede antes que hai unha debilidade política e sen parangón neste Goberno e que hai que pedir responsabilidades por los hechos coetáneos, no por los hechos pasados. Non, perdoe. Nun sistema democrático, hai que pedir responsabilidades por los hechos probados, e iso é que vostedes non fan. Vostedes no momento en que salta un informe da UCO ou da UDEF ou unha imputación xa automaticamente condenan esa persoa, sempre e cando, por certo, non sexa do Partido Popular. Se é do Partido Popular, non hai condena posible. De feito, moitos deles, a pesar de estar inmersos en xuízos, seguen no seu posto. Entón, claro, iso de *consejos vendo que para mí no tengo*, que quere que lle diga? Xa estamos moi acostumados a velo nesta Deputación. Polo tanto, xa vostede dixo ao principio que non ía contar co apoio dos grupos, xa o sabía porque, lóxicamente, coñece da responsabilidade e da coherencia dos que estamos todos, o resto dos grupos que estamos deste lado da bancada fronte ao seu. Polo tanto, este tipo de espectáculos teatrais que montan vostedes, que están moi ben para Madrid, pois, home, rogariámoslle que, por respecto a esta institución, intentaran deixalas á marxe da Deputación da Coruña, onde afortunadamente nin temos ese ambiente, e habitualmente no 90% casos, como moitas veces o recorda o Presidente, pois temos un entendemento que xa nos gustaría ter noutros ámbitos da política do noso país. Polo tanto, repito, nós non imos apoiar esta moción de ningunha das maneiras, que é unha moción total e absolutamente partidista, pragada de falsidades, de medias verdades e, sobre todo, e é o que máis me preocupa, dun tinte antidemocrático que é bastante perigoso para calquera sociedade, e moito máis para a nosa. Nada máis e moitas grazas.



Sr. Ben Otero

Gracias. Vamos a ver, en primer lugar, yo no tengo ningún problema en que lleguemos a un acuerdo aquí que no traigamos nunca más una moción que no corresponde a las competencias de la Diputación y del ámbito de la provincia de La Coruña. No somos nosotros los que abusamos de estas cuestiones, todo lo contrario; ustedes utilizan esta institución para hacerle oposición a la Xunta de Galicia desde aquí. Oiga, ¿no hablamos de cuestiones que no sean competencia de la Diputación o de ámbito de la provincia de La Coruña? No hay ningún problema, lleguemos a ese acuerdo. Podemos hacerlo. Pero, claro, justamente lo decimos hoy.

Señora doña Avia, me dice usted que el señor Sánchez que cumpla investiduras, no sé cuáles son exactamente esos compromisos, pero, bueno, no sé, pero ¿saben lo primero que tiene que ser, lo primero que tiene que hacer el señor Sánchez es cumplir con la ley, como todos los españoles. Esa es la primera condición que le tenemos que poner al presidente del Gobierno, de todos los españoles, también es mi presidente del Gobierno, su presidente del Gobierno elegido legalmente, no cabe ninguna duda. Puede gustarnos más o pueden gustarnos menos los apoyos que ha tenido, pero es el presidente del Gobierno de todos los españoles, y lo primero que le tenemos que cumplir a él es que cumpla con la ley, como todos los españoles, una exigencia mínima que le hay que hacer a él, sí. Y lo único que le estamos pidiendo nosotros aquí es que hablen los ciudadanos españoles.

Y ahora ya salto directamente al señor Fernández, con semejante aval de Gobierno que usted ha expuesto hoy aquí, no sé, y viviendo las encuestas del CIS, lo que no entiendo es por qué el señor Sánchez no convoca elecciones para quitar una mayoría absoluta holgada. Es lo que dice el señor Tezanos, y lo dice usted, no creo que lo vea mucha más gente, pero usted y el señor Tezanos coinciden. Oiga, que el señor Sánchez que les dé la libertad a los españoles de elegir y que ratifiquen o que enmienden su gestión de Gobierno, ni más ni menos, es lo único que pedimos, venimos hoy aquí a pedir libertad y democracia para elegir libremente, un año antes de que toque convocar las elecciones, y, ante el clima actual, lo que hay que hacer es someter al dictamen de los ciudadanos la gestión del Gobierno y de la oposición, y al que Dios se la dé que San Pedro se la bendiga. Es así, que elijan los ciudadanos españoles. Mire usted, yo no quería hacer hablar del pasado, es que no quería hablar de casos del pasado. Yo también puedo hablar de Filesa, Malesa, Time-Export, suyo, eh, los GAL, caso GAL, suyo, suyo. Eso sí que es grave, lo que pasó ahí. Podemos hablar de Roldán, otro fenómeno precursor de Tito Berni y todos estos que han venido después ya. Y la punta del iceberg el señor Ábalos. Eso es todo la cuestión... pero yo no quería hablar de eso. Habla usted. O podemos hablar del caso de los ERE de Andalucía, y usted me habla a mí de corrupción, señor Fernández. Es que, bueno, podría decir aquello del señor Trillo: "manda...", pero voy a decir *manda narices* en vez de lo otro, porque realmente llama la atención. Pero casos en curso a día de hoy, mirando aquí por encima, actuales, sin hablar de las cuestiones familiares, Begoña, David Sánchez, de esto no voy a hablar. Voy a hablar caso Koldo, de las mascarillas, comisiones por venta de mascarillas en plena pandemia, otro caso Koldo en obra pública. Ahí va con su amigo, y sí, digo amigo, Santos Cerdán, porque ha hecho usted grandes alardes de amistad con él en sus responsabilidades políticas dentro del partido. Por cierto, gracias por el gran trabajo que hicieron en Santiago usted y el señor Cerdán destrozando el partido para toda la vida, su partido, lo cual yo aprovecho hoy para agradecerle.

Hay una cuestión de financiación ilegal del Partido Socialista, gravísima; caso hidrocarburos; caso Leire, que no la conoce ahora nadie, pero era la jefa de Ferraz; caso SEPI, caso Plus Ultra; caso Forestalia; caso Tito Berni, que ya no se acuerda nadie de Tito



Berni, otro fenómeno de la pradera; caso Air Europa; causa contra Alfonso Carlos Moscoso por revelación de secretos; etc., etc. Esto es una barbaridad. Pero yo no quiero hablar de esto. Hoy quiero hablar de que los ciudadanos elijan con libertad, que vayan a las urnas, y si realmente creen lo que usted cree, que este es el mejor Gobierno de la historia democrática, no solo de España, de todo el mundo mundial, pues que le voten masivamente al señor Sánchez, y yo respetaré, como no puede ser de otra manera, el dictamen de las urnas. Pero, mire usted, yo cuando se presenté esta moción fíjese usted, hasta la presenté pensando en el bien suyo, como candidato en Pontedeume, que imagino que repetirá; o el señor Formoso, candidato en As Pontes, que imagino que repetirá; o el señor Riobó, candidato en Culleredo; Mónica, candidata en Vimianzo. Pero lo hice pensando en ustedes, porque, como sigan amarrados al lastre político que tienen de P. S., van a ser ustedes los que van a pagar las consecuencias, y a mí, políticamente, como secretario general de mi partido en la provincia de La Coruña o como portavoz en la Diputación, hasta me puede interesar electoralmente, pero yo en este caso hablo por el bien de los ciudadanos de España, que los ciudadanos elijan con libertad, pero si ustedes prefieren agarrarse al muerto, al lastre que tienen, sigan ustedes abrazaditos, que nosotros estaremos aquí esperando y luego les aplaudiremos, como aplaudieron ayer al señor Sánchez en el Congreso de los Diputados. Nada más y muchas gracias.

Sr. Presidente

Brevemente.

Sr. Fernández Piñeiro

Todo empezou co seu partido definindo o Goberno actual como un Goberno ilexítimo, e a partir de aí pois vén todo o que estamos a ver. Di vostede que todo o que acabo de dicir, que las encuestas, mire, pero é que non estou falando de enquisas; é dicir, o que acabo de ler son medidas aprobadas por este Goberno que ninguén discute. Outra cousa é a valoración que faga a cidadanía delas. Pero precisamente di vostede: *que le dé la oportunidade a los ciudadanos de votar, que es lo democrático*. Efectivamente, e o democrático é que voten cando lles toca e cando teñen que votar dentro dun ano. En principio, a decisión de se quere ou non adiantar as eleccións é do presidente do Goberno. Estamos nun sistema democrático, nunha lexislatura totalmente legal e democrática e cun Goberno elixido total e absolutamente de forma democrática. Polo tanto, a lexislatura acaba o ano que vén.

Por que teñen vostedes tanta présa? Cando... non hai presupostos?, tampouco os hai no Concello de Cabanas ou nalgún concello dalgún señor que está aquí sentado, ten que marchar tamén?, aquí ten vostede compañeiros sentados que non teñen orzamento no seu Concello. Imos aplicarlle o mesmo criterio? Quere que o fagamos? Home, entendo que non. E, se quere, doulle o listado de concellos do Partido Popular nesta provincia que están sen orzamentos; digo eu: terán que marchar? Non funcionan os concellos?, non están a pagar facturas?, non están a facer investimentos?, non están a pagar os salarios do seu persoal? Ah, claro, é que son los presupuestos generales del Estado, porque o Estado o goberna o Partido Socialista. Se gobernara o Partido Popular dirían que son os da Unión Europea, porque xa estamos acostumbrados a esa *lei del embudo* na que solo se aplica cando vostedes non gobernan.

E, se me di vostede se este Goberno é o mellor da historia, home, non sei se o mellor da historia. Dende logo que é moito mellor que o seu Goberno anterior non teño ningunha dúbida. E puxen, para o meu parecer, exemplos sobre a mesa de como un traballador neste país gobernando vostedes cobraba un salario mínimo interprofesional que era unha miseria e agora ten un salario minimamente digno, de como os pensionistas

**RPT-6654235



deste país agora teñen unhas pensións que se revalorizan co IPC, e non con aquela revalorización que facían vostedes, que valía máis a carta e o sobre do que custaba a pensión, ou como os traballadores do naval de Ferrol, onde o seu alcalde se fachendea de *cómo lo bien que va la ciudad*, e grazas aos investimentos do Goberno do Estado, mil millónarios nesa cidade, e podería continuar, podería continuar con eses fondos Next Generation do que falaba antes e que o seu Goberno na autonomía fai investimentos de todo tipo con eles despois de intentar, o seu partido, que non chegasen a bo porto. E, home, xa o que máis me gustou de todo, honestamente, é que vostede presente esta moción porque se preocupa por nós. Mire, eu no meu Concello teño 9 concelleiros de 13 e vostedes teñen 2. Vostedes en dúas lexislaturas pasaron de ter 8 a ter 2. Sinceramente, recoméndolle que preste máis atención á situación do seu partido no meu Concello que á miña, que do meu xa me ocupo eu, non se preocupe, pero teno bastante máis cru con Pedro Sánchez, sen Pedro Sánchez, con Feijóo e sen Feijóo de que o teño eu; polo tanto, sería bo que adique as súas enerxías a atender o seu, que é o que fago eu co meu. Eu non me preocupo dos demais, preocúpome do meu, e ata o de agora foime bastante ben. Polo tanto, recoméndolle que non dedique tempo ou polo menos enerxía ou, cando menos, unha parte das súas inxerencias ao meu Concello ou ao concello doutros compañeiros, porque iso depende dos cidadáns e dos veciños deses concellos. E dentro de menos dun ano verémonos outra vez e explicareille isto que lle estou dicindo con máis detalle.

Pero, ben, dicía vostede que nosoutros utilizamos esta institución para confrontar coa Xunta de Galicia; non, nós utilizamos esta institución para mellorar a vida e para defender os concellos desta provincia, por iso nós repartimos case 100 millóns ou incluso máis de 100 millóns de euros entre os concellos desta provincia con criterios obxectivos, fronte aos 20 que repartían vostedes. Nós o que facemos cando traemos aquí cuestións que teñen que ver coa Xunta de Galicia é porque teñen que ver cos concellos. Non nos metemos en temas da Xunta de Galicia que son competencia deles e que non afectan ao municipalismo. Todas as propostas que trouxo este Goberno ou algún outro grupo que teñen que ver coa Xunta de Galicia están relacionadas cos concellos, xa sexa a da dependencia, xa sexa a do financiamento dos concellos ou ás infraestruturas, nada máis. Nós non traemos cousas deste tipo que traen vostedes aquí.

E, home, pois repito, que diga vostede que hai que darlles a liberdade aos cidadáns de votar, é que parece que novamente, con esas hipérboles das que fan referencia, que alguén furtou a liberdade da cidadanía para votar neste país, que hai unha especie de ditadura que non permite que a xente vote. A xente votará cando toque, como vai votar coas eleccións municipais dentro dun ano, non se preocupe. E, se a cousa é tan mala e vostedes son tan bos, pois o que vai pasar nas seguintes eleccións xerais é que vostedes terán o Goberno de España seguramente en coalición coa extrema dereita deste país e os demais estaremos na oposición, e non pasa nada, iso é o bo da democracia, que non se mantén un toda a vida aí, e que pode haber cambios de goberno e non hai ningún problema. E nós, a diferenza de vostedes, non imos dicir que o seu Goberno é lexítimo por quen pactan. Por certo, aqueles que utilizaban para dicir que este Goberno era ilexítimo agora son os que votan con eles. Cando Junts, o independentismo ese que quería acabar con España, que tiñan que estar no cárcere, pactaba ou votaba cuestións co Goberno do Estado, resulta que eran os socios de Pedro Sánchez, pero agora que votan con vostedes non son os socios do Partido Popular nin do señor Feijóo, e pasamos de querer metelos no cárcere a, para una moción de censura si quieren votar ya nos valen, por que? Porque é o criterio de sempre, é dicir, se iso beneficia o Partido Popular, válleslle pactar con calquera, con calquera, non van ter miramentos, porque xa vimos o que fixeron co nacionalismo catalán durante moitos anos, como lle cederon vostedes competencia, as transferencias dos portos, dos aeroportos, a recadación do IRPF, a desaparición da Garda



Civil en Cataluña, que dirían ustedes se iso o fixese un Goberno socialista?. Pois todo iso fíxoo o Partido Popular para poder chegar á Moncloa na época do señor Aznar, e volverano facer tantas veces como sexa necesario, con Junts ou con quen consideren oportuno. E esta é unha boa mostra do que acabo de dicir, de como *la ley del embudo* vuelve a aplicarse incluso para aqueles posibles socios y cómo son socios de uno cuando a mí me interesa, pero míos nunca son aunque voten conmigo.

Polo tanto, un pouquiño máis de coherencia porque dende logo aos que estamos aquí non nola van vostedes colar, e moito me temo que seguramente a unha parte importante da cidadanía deste país tampouco. Nada máis, moitas grazas.

Sr. Presidente

Listo. Procedemos á votación.

VOTACIÓN

Votan a favor: 14 deputados/as (PP)

Votan en contra: 17 deputados/as (10 do PSOE, 6 do BNG e 1 de Alternativa dos Veciños).

Abstéñense: ningún/ha deputado/a

Decae a moción.

ROGOS E PREGUNTAS

Sr. Presidente

Algún rogo ou pregunta?

Sr. Ben Otero

Presidente, tengo cuestiones referidas a dos ayuntamientos: una es al Ayuntamiento de Betanzos, en la parroquia de Piadela. La DP-0810, hay una inversión anunciada desde la Diputación, que es darle, para dotar de mayor seguridad vial, un margen de esta carretera. Pero nosotros, visitando la zona, hablando con los vecinos, realmente, hay una serie de problemáticas allí bastante importante; es decir, no queda ningún margen desde donde acaba lo que es la vía hasta lo que es, no hay ningún tipo de arcén, es caída ya hacia..., no hay por dónde pasear y, aunque que se haga por un lado la senda anunciada, mucho tememos que hay una serie de dificultades, porque hay gente mayor y niños que para cruzar, es una especie de vaguada, con un cambio de rasante, la parada del autobús para cruzar la gente mayor y niños es un sitio que nos preocupa bastante. Yo pediría, doña Mónica, que visite la zona, repito, DP-0810, en Piadela, en Betanzos, y analicemos bien qué hacer allí, porque, o bien moverla para tal, bien hacer un paso de peatones, que no existe ninguno, hacer algún tipo de calmado de tráfico, creo que es digno de verlo y analizarlo con calma, para que no vaya a pasar nada. Los coches pasan mucha velocidad. Y, repito, es bastante, a mi juicio, bastante preocupante la situación en la que está esta zona allí en Betanzos.



Y luego, respecto a Outes, le traigo aquí varias cuestiones que me ha hecho llegar el alcalde. La primera de ellas es repetida del año pasado, porque la DP-5602 que va de Pontenafonso a Negreira, están el resto de las carreteras, están desbrozados, las carreteras provinciales, pero esta no, y ya el año pasado quedó para el final de todo, casi en agosto. Entonces, lo que piden es que, se ha quedado este tema desconectado, que le echen un vistazo y que lo pasan a desbrozar, que es de interés.

Y luego hay una serie de cuestiones que han mandado aquí por registro, desde abril hasta el 3 de junio, y no ha recibido ningún tipo respuesta o contestación de las mismas. La primera es, con fecha 20 de abril, ha remitido aquí un problema en la DP-5604, entre el punto quilométrico 1 y el 1+750, y piden que lo más rápidamente posible se proceda a limpiar y acondicionamiento de los tramos de DP-5604, actuación necesaria de desbroce y limpieza de cunetas y retirada de residuos. Esto es lo primero que han mandado. Hay aquí una serie de fotos. Bueno, ya lo tiene usted en el servicio, espero que lo revisen, es un recordatorio de estas peticiones que ha hecho.

La segunda es el 14 de mayo, referida a la DP-5604, y dice que acaba la acera de forma abrupta y hay un tramo de 150 metros que debería continuar esta acera, asimismo como tratar 100 metros que están en una situación bastante lamentable en esta zona. Es una carretera suya. También ha pasado los puntos kilométricos y aportación fotográfica.

La tercera es del 15 de mayo, referido a unas marquesinas de la carretera 5604, en concreto estamos hablando de cuatro marquesinas que están en una situación muy muy muy deteriorada. Entonces que, por favor, que echen un vistazo los vigilantes de aquella zona, que se proceda a cambiar los cristales que están rotos o ver si tienen solución o habría que cambiarlas. Son titularidad de la casa.

La última es del 3 de junio, referido a una solicitud de una beirarrúa en la DP-3404. Yo, bueno, ya no voy a hacer lectura todo lo que dicen. Doña Mónica, esto está en su departamento, son estas fechas. Yo, si quiere, le paso ahora, al finalizar el Pleno, la copia para que la tenga, igual no se la han pasado en el servicio, igual no ha tenido usted tiempo de atenderlo, pero rogaría que le eche un vistazo, y por lo menos que se le conteste a un alcalde, sea el de Outes o de cualquier partido, si hay una demanda, o bien una petición de información, o bien una actuación que se solicita, sea de mayor o menor entidad, que nos pongamos en contacto con ellos y que le digamos: oye, esto puede ser ahora o no puede ser, será más tarde o no lo hemos hecho por esto. Pero yo creo que la respuesta desde esta casa, que es la casa de todos los concellos, independientemente del color político que tengan, tiene que ser, digamos, una cuestión de causalidad, causa-efecto, acción-reacción, pregunta-respuesta, y aunque no haya las respuestas que esperan los alcaldes, que sí por lo menos tenga algún tipo de respuestas desde la institución.

Nada más y muchas gracias.

Sr. Presidente

Moitas grazas a todos e a todas.



Non tendo máis asuntos que tratar, a presidencia dá por rematada a sesión ás 13:25 horas.